



## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 61

IX lexislatura

Serie Pleno

### Sesión plenaria 8 de abril de 2014

Presidencia da Excm. Sra. D<sup>a</sup> Pilar Rojo Noguera

## ORDE DO DÍA

### Punto 1. Textos lexislativos

1.1 Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 1<sup>a</sup>, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre a Proposición de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, pola visibilidade e non discriminación de lesbianas, gays, transexuais e bisexuais en Galicia (doc. núm. 9416, 09/PPL-000010)

Publicación do acordo, BOPG n<sup>o</sup> 136, do 09.07.2013

Publicación da iniciativa, BOPG n<sup>o</sup> 162, do 18.09.2013

Publicación da asignación a Comisión e apertura de emendas, BOPG n<sup>o</sup> 162, do 18.09.2013

Publicación de emendas ao articulado, BOPG n<sup>o</sup> 188, do 31.10.2013

Publicación da toma en consideración, BOPG n<sup>o</sup> 190, do 06.11.2013

Publicación da designación da Ponencia, BOPG n<sup>o</sup> 191, do 07.11.2013

Publicación do informe da Ponencia, BOPG n<sup>o</sup> 254, do 14.03.2014

Publicación do ditame da Comisión, BOPG n<sup>o</sup> 258, do 21.03.2014

Publicación das emendas e dos votos particulares, BOPG n<sup>o</sup> 258, do 21.03.2014

1.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, de consultas populares en Galicia (doc. núm. 586, corrección de erros 216, 09/PPL-000002)

Publicación da iniciativa, BOPG n<sup>o</sup> 5, do 28.11.2012

### Punto 2. Comparecencias en pleno

20944 (09/PPP-000160)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
Do Sr. conselleiro de Economía e Industria, por petición propia, para informar da internacionalización da economía galega

Publicación da iniciativa, BOPG n<sup>o</sup> 257, do 20.03.2014

### Punto 3. Mocións

#### 3.1 21515 (09/MOC-000065)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Val Alonso, José Ramón, e Méndez Romeu, José Luis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acordo para a repartición da cota da xarda e xurelo no sector do cerco para o ano 2014. (Moción a consecuencia da Interpelación núm. 16970, publicada no BOPG núm. 224, do 17.01.2014, e debatida na sesión plenaria do 25.03.2014)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 266, do 03.04.2014

#### 3.2 21521 (09/MOC-000066)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Solla Fernández, Eva, e Beiras Torrado, Xosé Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa privatización de servizos realizada polo Sergas. (Moción a consecuencia da Interpelación núm. 17972, publicada no BOPG núm. 230, do 04.02.2014, e debatida na sesión plenaria do 25.03.2014)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 266, do 03.04.2014

#### 3.3 21544 (09/MOC-000067)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co anuncio de contratación do servizo de xestión integral do proceso de esterilización do material necesario para o desenvolvemento da actividade asistencial nos centros sanitarios do Sergas. (Moción a consecuencia da Interpelación núm. 17278, publicada no BOPG núm. 230, do 04.02.2014, e debatida na sesión plenaria do 25.03.2014)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 266, do 03.04.2014

### Punto 4. Proposicións non de lei en Pleno

#### 4.1 8523 (09/PNP-000646)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

González Santín, Juan Carlos, e dous deputados/as máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto de calquera tipo de privatización do servizo do Rexistro Civil, e a demanda do Goberno galego ao Goberno central para que se manteña coas características e custo que se viñan ofrecendo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 119, do 12.06.2013

#### 4.2 16587 (09/PNP-001179)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez González, Román, e seis deputados/as máis

Sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia de xeito conxunto coas universidades dun novo mapa de titulacións acorde coas demandas da sociedade galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 226, do 21.01.2014

#### 4.3 17374 (09/PNP-001253)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas peaxes das autoestradas de Galicia, singularmente coa da AP-9, e a recuperación da titularidade pública desta vía

Publicación da iniciativa, BOPG nº 230, do 04.02.2014

#### 4.4 18201 (09/PNP-001314)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Arias, Marta, e seis deputados/as máis

Sobre a estratexia de apoio á poboación xitana

Publicación da iniciativa, BOPG nº 232, do 06.02.2014

#### 4.5 18346 (09/PNP-001325)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre a transposición da Directiva da Unión Europea sobre contratos de crédito para bens inmoables de uso residencial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 232, do 06.02.2014

#### 4.6 20770 (09/PNP-001424)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a devolución do imposto sobre os hidrocarburos ao sector do transporte, o establecemento dun novo Plan Renove para os vehículos destinados a ese fin e o control do cumprimento do acordo entre España e Turquía do 3 de marzo de 1998

Publicación da iniciativa, BOPG nº 257, do 20.03.2014

#### 4.7 20883 (09/PNP-001431)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Martínez García, María Consuelo

Sobre a concesión da Medalla de Ouro de Galicia a título póstumo aos dous obreiros da empresa Bazán de Ferrol falecidos durante unha manifestación o 10 de marzo de 1972

Publicación da iniciativa, BOPG nº 257, do 20.03.2014

---

4.8 21255 (09/PNP-001455)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rodas Chapela, Daniel, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús  
Sobre a presentación polo Goberno galego diante do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas dun recurso para a anulación do principio de estabilidade relativa na repartición das cotas pesqueiras

Publicación da iniciativa, BOPG nº 261, do 26.03.2014

Punto 5. Interpelacións

5.1 12585 (09/INT-000469)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda  
Martínez García, María Consuelo  
Sobre o sector da construción naval

Publicación da iniciativa, BOPG nº 166, do 25.09.2013

5.2 15514 (09/INT-000530)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Gallego Calvar, María Carmen, e dous deputados/as máis  
Sobre a nova carteira de servizos en materia de inclusión social

Publicación da iniciativa, BOPG nº 204, do 28.11.2013

5.3 19518 (09/INT-000692)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Pombo Rodríguez, Cosme Eladio  
Sobre o sistema de préstamo universal dos libros de texto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 245, do 26.02.2014

Punto 6. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

6.1 21555 (09/POPX-000068)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Méndez Romeu, José Luis  
Sobre o nivel de execución dos compromisos do Goberno galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 266, do 03.04.2014

6.2 21583 (09/POPX-000069)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Jorquera Caselas, Francisco Xesús  
Sobre as medidas que vai a adoptar o Goberno galego para loitar contra a crecente pobreza enerxética en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 266, do 03.04.2014

6.3 21601 (09/POPX-000070)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda  
Díaz Pérez, Yolanda  
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para reverter a situación de crecente desprotección social

Publicación da iniciativa, BOPG nº 266, do 03.04.2014

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 21600 (09/PUP-000104)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda  
Beiras Torrado, Xosé Manuel, e sete deputados/as máis  
Sobre a actuación prevista polo Goberno galego en relación coa vaga de corrupción político-empresarial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 266, do 03.04.2014

7.2 20352 (09/POP-001799)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda  
Díaz Pérez, Yolanda, e Ron Fernández, José Javier  
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da modificación da xustiza universal no ordenamento xurídico estatal

Publicación da iniciativa, BOPG nº 252, do 12.03.2014

7.3 17330 (09/POP-001512)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Freire Abeijón, José Santiago, e seis deputados/as máis  
Sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para a conservación ou recuperación das especies da fauna ou flora en perigo de extinción en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 230, do 04.02.2014

7.4 21030 (09/POP-001847)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Adán Villamarín, María do Carme, e dous deputados/as máis  
Sobre as actuacións desenvolvidas polo Goberno galego para evitar a desaparición da empresa Pescanova

Publicación da iniciativa, BOPG nº 261, do 26.03.2014

7.5 21595 (09/PUP-000103)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Pontón Mondelo, Ana Belén  
Sobre a situación do profesorado que impartía cursos Celga de galego para adultos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 266, do 03.04.2014

7.6 21577 (09/PUP-000102)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia, e dous deputados/as máis

Sobre o prazo previsto pola Xunta de Galicia para o libramen-  
to das cantidades debidas na actualidade aos ex traballadores  
da empresa Sintel polas cotizacións á Seguridade Social

Publicación da iniciativa, BOPG nº 266, do 03.04.2014

7.7 20672 (09/POP-001816)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Soneira Tajés, María Soledad, e tres deputados/as máis

Sobre as razóns do traslado a outro lugar do helicóptero de  
salvamento marítimo que prestaba servizo desde o heliporto  
de Ruibo, en Cee

Publicación da iniciativa, BOPG nº 257, do 20.03.2014

7.8 20859 (09/POP-001825)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Blanco Paradelo, Moisés e 8 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación coa incor-  
poración de persoas mozas á actividade agraria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 257, do 20.03.2014

---

*Ábrese a sesión ás dez da mañá.*

**Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre a Proposición de lei, do G.P. dos Socialistas de Galicia, pola visibilidade e non discriminación de lesbianas, gays, transexuais e bisexuais en Galicia.** (Punto primeiro da orde do día.)

*A señora presidenta comunica as emendas presentadas a este ditame que se manteñen para o seu debate en pleno e indica que a disposición derradeira segunda deste texto modifica unha lei de desenvolvemento básico do Estatuto de autonomía, a Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, polo que a devandita disposición requirirá unha votación por separado.* (Páx. 10.)

Presentación do ditame: *Sr. presidente da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior (Baamonde Díaz).* (Páx. 10.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: *Sra. Iglesias Sueiro (M)* (Páx. 11.), *Sra. Adán Villamarín (BNG)* (Páx. 12.), *Sra. Solla Fernández (AGE)* (Páx. 15.), *Sra. Gallego Calvar (S)* (Páx. 17.) e *Sra. Rodríguez-Vispo Rodríguez (P).* (Páx. 20.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións sobre as emendas mantidas polos demais grupos: *Sra. Adán Villamarín (BNG)* (Páx. 23.), *Sra. Solla Fernández (AGE)* (Páx. 24.), *Sra. Gallego Calvar (S)* (Páx. 25.) e *Sra. Rodríguez-Vispo Rodríguez (P).* (Páx.25 .)

**Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, de consultas populares de Galicia.** (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: *Sr. Jorquera Caselas (BNG).* (Páx. 27.)

---

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sra. Iglesias Sueiro (M)* (Páx. 29.), *Sr. Beiras Torrado (AGE)* (Páx. 30.), *Sr. Caamaño Domínguez (S)* (Páx. 32.) e *Sr. Puy Fraga (P)*. (Páx. 34.)

Rolda de réplica: *Sr. Jorquera Caselas (BNG)*. (Páx. 38.)

### **Votación dos textos lexislativos**

Votación do texto transaccionado sobre a emenda 22 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre a Proposición de lei pola visibilidade e non discriminación dos LGTBI: *aprobado por 72 votos a favor, ningún voto en contra e 1 abstención*. (Páx. 38.)

Votación da emenda número 11 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre a Proposición de lei pola visibilidade e non discriminación dos LGTBI: *rexeitada por 31 votos a favor, 40 en contra e 1 abstención*. (Páx. 38.)

Votación das emendas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre a Proposición de lei pola visibilidade e non discriminación dos LGTBI, agás o texto transaccionado da emenda número 22 e a número 11: *rexeitadas por 31 votos a favor, 40 en contra e 1 abstención*. (Páx. 39.)

Votación das emendas número 1 e número 2 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda ao Ditame elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre a Proposición de lei pola visibilidade e non discriminación dos LGTBI: *aprobadas por 72 votos a favor, ningún voto en contra e 1 abstención*. (Páx. 39.)

Votación das emendas do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda ao Ditame elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre a Proposición de lei pola visibilidade e non discriminación dos LGTBI, agás as emendas número 1 e número 2: *rexeitadas por 32 votos a favor, 40 en contra e 1 abstención*. (Páx. 39.)

Votación do Ditame elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre a Proposición de lei, do G.P. dos Socialistas de Galicia, pola visibilidade e non discriminación de lesbianas, gays, transexuais e bisexuais en Galicia, coas emendas que foron incorporadas: *aprobado por 64 votos a favor, ningún voto en contra e 9 abstencións*. (Páx. 39.)

Votación da disposición derradeira segunda do Ditame elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre a Proposición de lei pola visibilidade e non discriminación dos LGTBI, que modifica a Lei do Valedor do Pobo: *aprobada por 73 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención*. (Páx. 39.)

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, de consultas populares en Galicia: *rexeitada por 16 votos a favor, 57 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 40.)

---

---

**Comparecencia do Sr. conselleiro de Economía e Industria, por petición propia, para informar da internacionalización da economía galega.** (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sr. conselleiro de Economía e Industria (Conde López)*. (Páx. 40.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Adán Villamarín (BNG)* (Páx. 45.), *Sra. Martínez García (AGE)* (Páx. 47.), *Sr. Losada Álvarez (S)*. (Páx. 49.), e *Sr. Arias Veira (P)* (Páx. 51.)

Réplica do Goberno: *Sr. conselleiro de Economía e Industria (Conde López)*. (Páx. 53.)

*A señora presidenta abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno.* (Páx. 57.) *Nesta rolda interveñen a Sra. Adán Villamarín (BNG)* (Páx. 57.), *a Sra. Martínez García (AGE)* (Páx. 58.), *o Sr. Losada Álvarez (S)*. (Páx. 59.), *o Sr. Arias Veira (P)* (Páx. 60.) e *o Sr. conselleiro de Economía e Industria (Conde López)*. (Páx. 61.)

### **Alteración da orde do día**

*A señora presidenta anuncia a acumulación para o seu debate das mocións números 21521 e 21544.* (Páx. 65.)

*Suspéndese a sesión ás dúas e cincuenta minutos da tarde e retómase ás catro e media da tarde.*

**Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Ramón Val Alonso e D. José Luis Méndez Romeu, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acordo para a repartición da cota da xarda e xurelo no sector do cerco para o ano 2014.** (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Val Alonso (S)*. (Páx. 65.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Rodas Chapela (BNG)* (Páx. 67.), *Sr. Fajardo Recouso (AGE)* (Páx. 68.) e *Sr. Balseiro Orol (P)*. (Páx. 70.)

*Nova intervención do señor Val Alonso (S)*. (Páx. 71.)

**Moción do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández e D. Xosé Manuel Beiras Torrado, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa privatización de servizos realizada polo Sergas.** (Punto terceiro da orde do día.)

**Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Carmen Acuña do Campo, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co anuncio de contratación do servizo de xestión integral do proceso de esterilización do material necesario para o desenvolvemento da actividade asistencial nos centros sanitarios do Sergas.** (Punto terceiro da orde do día.)

*A señora presidenta comunica as emendas presentadas ás mocións.* (Páx. 72.)

Intervención dos grupos autores das mocións: *Sra. Solla Fernández (AGE)* (Páx. 72.) e *Sra. Acuña do Campo (S)* (Páx. 76.)

---

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 77.) e *Sr. Santalices Vieira (P)* (Páx. 78.)

*Nova intervención da señora Solla Fernández (AGE)* (Páx. 80.) e *da señora Acuña do Campo (S)* (Páx. 81.)

### **Votación das mocións**

Votación da moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Ramón Val Alonso e D. José Luis Méndez Romeu, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acordo para a repartición da cota da xarda e xurelo no sector do cerco para o ano 2014: *rexeitada por 31 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención* . (Páx. 82.)

Votación da moción do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández e D. Xosé Manuel Beiras Torrado, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa privatización de servizos realizada polo Sergas: *rexeitada por 31 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención* . (Páx. 82.)

Votación da moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Carmen Acuña do Campo, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co anuncio de contratación do servizo de xestión integral do proceso de esterilización do material necesario para o desenvolvemento da actividade asistencial nos centros sanitarios do Sergas: *rexeitada por 31 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 82.)

### **Alteración da orde do día**

*A señora presidenta comunica que, por petición do grupo propoñente, por unha causa sobrevida, a proposición non de lei 4.3 da orde do día, número de rexistro 17374, se substanciará mañá no último lugar do punto, é dicir, o punto 4.8.* (Páx. 82.)

**Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Carlos González Santín e dous deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto de calquera tipo de privatización do servizo do Rexistro Civil, e a demanda do Goberno galego ao Goberno central para que se manteña coas características e custo que se viñan ofrecendo.** (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Sestayo Doce (S)*. (Páx. 84.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Iglesias Sueiro (M)* (Páx. .), *Sra. Paz Franco (BNG)* (Páx. 85.), *Sra. Díaz Pérez (AGE)* (Páx. 86.) e *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 87.)

*Nova intervención da señora Sestayo Doce (S)*. (Páx. 89.)

**Proposición non de lei do G.P. Popular, por iniciativa de D. Román Rodríguez González, sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia de xeito conxunto coas universidades dun novo mapa de titulacións acorde coas demandas da sociedade galega.** (Punto cuarto da orde do día.)

*A señora presidenta comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 89.)

---



Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Rodríguez González (P)*. (Páx. 90.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Vázquez Díaz (AGE)* (Páx. 92.) e *Sra. Burgo López (S)* (Páx. 93.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Iglesias Sueiro (M)* (Páx. 94.), e *Sr. Pombo Rodríguez (BNG)*. (Páx. 95.)

*O señor Rodríguez González (P) intervén para posicionarse respecto das emendas.* (Páx. 96)

**Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Marta Rodríguez Arias e seis deputados/as máis, sobre a estratexia de apoio á poboación xitana**

*O señor presidente (Santalices Vieira) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 97.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Rodríguez Arias (P)*. (Páx. 97.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Adán Villamarín (BNG)* (Páx. 99.) e *Sra. Gallego Calvar (S)* (Páx. 99.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Iglesias Sueiro (M)* (Páx. 101.) e *Sr. Ron Fernández (AGE)*. (Páx. 101.)

*A señora Rodríguez Arias (P) intervén para posicionarse respecto das emendas.* (Páx. 102.)

**Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre a transposición da Directiva da Unión Europea sobre contratos de crédito para bens inmobles de uso residencial.** (Punto cuarto da orde do día.)

*O señor presidente (Santalices Vieira) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 103.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Sánchez García (AGE)*. (Páx. 104.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Pombo Rodríguez (BNG)* (Páx. 105.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Sánchez Bugallo (S)* (Páx. 106.) e *Sr. Castiñeira Broz (P)*. (Páx. 107.)

*O señor Sánchez García (AGE) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 109.)

*Suspéndese a sesión ás oito e dez minutos do serán.*

---

*Ábrese a sesión ás dez da mañá.*

**A señora PRESIDENTA:** Bos días de novo. Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non se procede á súa lectura. Non se xustificaron inasistencias. Polo tanto, señorías, entramos na orde do día.

Comezamos polo punto 1, que é o de textos lexislativos.

**Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre a Proposición de lei, do G.P. dos Socialistas de Galicia, pola visibilidade e non discriminación de lesbianas, gays, transexuais e bisexuais en Galicia**

**A señora PRESIDENTA:** Mantéñense para o Pleno emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

O texto lexislativo obxecto do debate modifica, na súa disposición derradeira segunda, a Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, xa que engade novas facultades á figura do Valedor. Polo tanto, ao ser esta Lei do Valedor do Pobo unha lei de desenvolvemento básico do Estatuto de autonomía, a súa aprobación, segundo o disposto no artigo 127.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia, require maioría absoluta nunha votación final de totalidade, que terá lugar tras as votacións ordinarias das emendas e do restante texto articulado do ditame, ao remate deste punto. Mantense, nembargantes, o debate semellante ao dos ditames dos textos lexislativos, coa salvidade indicada.

Polo tanto, comezamos coa presentación do ditame da comisión polo presidente da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, don Agustín Baamonde Díaz.

**O señor PRESIDENTE DA COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR (Baamonde Díaz):** Grazas, señora presidenta.

Moi bo día, señorías.

A Proposición de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia tivo entrada no Rexistro do Parlamento o día 27 de xuño de 2013, co número de asentamento 9416. A Mesa do Parlamento, na reunión do día 9 de xullo de 2013, dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. A proposición de lei tomouse en consideración na sesión plenaria do día 10 de setembro de 2013. Así mesmo, na reunión do día 17 de setembro de 2013, oída a Xunta de Portavoces, acordouse a súa tramitación pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, e a apertura do prazo de presentación de emendas ao articulado.

As emendas ao articulado presentadas, cualificadas pola Mesa da Comisión 1ª na sesión do día 30 de outubro de 2013 e publicadas no *Boletín Oficial do Parlamento* do día 31 de outubro de 2013, foron 97 emendas ao articulado: 23 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, 29 do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda e 45 do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

A Comisión 1ª, na sesión do día 6 de novembro de 2013, designou os seguintes ponentes: polo Grupo Parlamentario Popular, dona Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez como titular e don Gonzalo Trenor López como suplente; polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, dona Carmen Gallego Calvar como titular e dona María Carmen Acuña do Campo como suplente; polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, dona Eva Solla Fernández como titular e dona Yolanda Díaz Pérez como suplente; e polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, dona María do Carme Adán Villamarín como titular e dona Ana Belén Pontón Mondelo como suplente.

A sesión constitutiva da Ponencia tivo lugar o 16 de decembro de 2013. Despois de sucesivas sesións, na reunión do día 6 de marzo de 2014, as ponentes concluíron o informe, coas recomendacións definitivas desta Ponencia á Comisión; Comisión que na súa reunión do día 18 de marzo do presente ano aprobou as propostas feitas pola dita Ponencia.

O texto articulado da lei está estruturado en dous títulos, con tres disposicións derradeiras, relativas ao desenvolvemento normativo e á súa entrada en vigor. A disposición derradeira segunda faculta o Valedor para se constituír na autoridade independente que vele pola defensa dos dereitos que esta lei establece.

Ata aquí o percorrido da proposición de lei. Rematado con esta intervención o labor da Comisión 1ª, que eu presido, cómpre agora someter o seu ditame e consideración a esta Cámara.

Dicía Solón que as leis son como a tea de araña: as pequenas quedan atrapadas nela, as grandes rómpena. Esperemos que aquí non haxa pezas grandes nin pequenas e que todos quedemos atrapados polo espírito de respecto, tolerancia, convivencia e visibilidade respecto dos colectivos aos que esta lei fai referencia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas.

Polo Grupo Mixto ten a palabra a señora Iglesias Sueiro.

**A señora IGLESIAS SUEIRO:** Bos días.

Moitas grazas, señora presidenta.

Cando lin a lei, o primeiro proxecto, porque eu en decembro non estaba aquí, tiven a impresión de que non era unha iniciativa do PSOE, tiven a impresión de que era unha iniciativa do PP, porque de todas as emendas presentadas polo PP –que, como ben acaban de dicir, son bastantes– estaban todas aceptadas, e as emendas presentadas polos grupos da oposición, é dicir por AGE e polo Bloque Nacionalista Galego, estaban case todas rexeitadas. Así que o texto orixinal quedaba completamente modificado; un texto moi politicamente correcto, pero baleiro de contidos. Onte á noite comunicáronme que, efectivamente, algunha das emendas da oposición estaban aceptadas.

Nas emendas que estaban rexeitadas, a min chamábame moitísimo a atención que non se atendera a incluír na lei as persoas intersexuais, cando a realidade é que o 2 % da humanidade presenta características dos dous sexos. A bióloga Anne Fausto-Sterling, no ano 1998, establece cinco áreas fisiolóxicas: xenes, hormonas, gónadas, órganos reprodutivos externos e órganos reprodutivos internos. Así, segundo a devandita científica, ábrese un grande abano de posibilida-

des combinatorias, o que nos leva a recoñecer, polo menos, cinco sexos biolóxicos: homes, mulleres, hermafroditas –persoas que teñen un testículo e un ovario–, hermafroditas masculinos –denominados “merms”, que teñen testículos, pero caracteres sexuais femininos– e hermafroditas femininos “ferms” –persoas con ovarios e caracteres sexuais masculinos–. Era un misterio para min que non quixeran incluír a estas persoas nunha lei que se supón que defende a diversidade e a liberdade sexual.

Por outra banda –e isto si que me parece un pouquiño máis grave–, hai parágrafos nos que asoma a patoloxización da condición humana, como se as persoas tivesen que visibilizar –tampouco me gusta a palabra “visibilizar”– algo tan persoal, natural e íntimo como é a súa sexualidade; penso que no DNI non tería que aparecer este dato.

Pero onde queda máis evidente a patoloxización é no capítulo IV, concretamente no artigo 23, na liña 2, que propón: “promover campañas e cursos de formación sobre os aspectos, problemas e necesidades específicas das persoas LGTBI no ámbito sanitario”. ¿Queren vostedes explicarme a que se refiren con problemas e necesidades específicas sanitarias? ¿Non estarán vinculando estes colectivos coas enfermidades de transmisión sexual, das cales podemos ser vítimas calquera persoa que practique sexo inseguro? Por iso, chama moito a atención tamén que rexeitaran a emenda número 20 de AGE, que si que especifica cales son esas necesidades. E dirá: “Queda garantido o acceso a tratamentos médicos cirúrxicos ou/e psicolóxicos para as persoas transexuais e intersexuais na sanidade pública galega”. Non sei que outros problemas diferentes sanitarios poden ter estas persoas que non teñamos todos os demais sexos do planeta.

Entón, o Grupo Mixto vai esperar ao debate porque non ten claro o seu posicionamento con respecto a isto. Vou escoitar os demais intervenientes, e, unha vez que os escoite, decidiré.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Adán Villamarín.

*(A señora Adán Villamarín coloca a bandeira Arco Iris sobre a tribuna de oradores.)*

Señora Adán, pode mostrar vostede a bandeira, pero sabe que non pode quedar... *(A señora Adán Villamarín pronuncia palabras que non se perciben.)* Xa mostrou a bandeira, quítea da tribuna de oradores, por favor. Prégolle que a quítea *(A señora Adán Villamarín pronuncia palabras que non se perciben.)* Póña dentro mellor. A min non me molesta, pero á tribuna si. Por favor, señora Adán, faga o favor. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* Señora Adán, prégolle que quítea a bandeira, por favor. Pode poñela... *(A señora Adán Villamarín ata a bandeira Arco Iris ao seu pescozo.)* Efectivamente, así me parece moi ben. *(Aplausos.)* Estamos de acordo. Polo tanto, pode a señora Adán empezar a súa intervención.

**A señora ADÁN VILLAMARÍN:** Grazas, presidenta.

Bo día, señoras e señores deputados.

A verdade é que eu non quero facer miña esta bandeira, e non porque a defenda, senón porque esta bandeira é de todas as persoas que loitaron durante anos e que traballaron durante moitos anos pola súa liberdade e pola súa igualdade. Eu soamente a traio aquí facéndoa miña, prestada. Sei que rulou por moitas rúas de Galiza e, polo tanto, dado que a señora presidenta non deixa que estea no estrado da Tribuna, como creo que é digna suficientemente para estar nesta tribuna, vou defender as emendas do Bloque Nacionalista Galego con ela.

Señoras deputadas, señores deputados, chegamos ao último trámite deste texto presentado polo Partido Socialista xa hai uns meses. A verdade é que a historia dá moitas voltas, porque fai exactamente 953 anos, nun mes tamén de abril, na Galiza, exactamente en Rairiz de Veiga, dous homes casaban, e queda escrito e queda documentado, como xa expliquei hai uns meses na toma en consideración, ese casamento. Pero a historia si ten curvas; hai momentos de imposicións, de limitacións, pero hai momentos nos que tamén agroman as liberdades. Os historiadores escribirán, a nós tócanos vivir con todas as contradicións que están na natureza humana.

Por iso hoxe debatemos un texto que eu teño que dicir que é un texto imperfecto, si que o é. É difícil que igual un texto

lexislativo sexa absolutamente perfecto, moi difícil. Dende o Bloque Nacionalista Galego tentamos melloralo coas nosas emendas, melloralo dende a óptica que defendemos, dende unha óptica galega de defensa da igualdade e de defensa da liberdade, señores deputados e deputadas.

Presentamos cinco emendas, das cales foron aceptadas para o ditame tres, mais eu quero reflexionar sobre algunhas que quedaron fóra e sobre a súa importancia: sobre a emenda, por exemplo, número 7, sobre a importancia de que, aínda non tendo competencias –pero que poñamos unha pedriña para telas–, aínda que sei que sopran ventos recentralizadores desde esta bancada, esta lei recolla que nos centros penitenciarios se teña unha atención especial ao colectivo LGTBI, porque é o seu dereito.

Tamén mantemos a emenda número 8, para que se elaboren protocolos –os protocolos son moi importantes, sabémolo xa dende as leis de violencia– para poder vixiar esa violencia homofóbica que hoxe aínda está moi presente. Tristes noticias podíamos ler onte sobre palizas, sobre violencia homofóbica, se cadra noutros países, pero podía ser aquí ao lado.

Mantemos a emenda número 11, e fago especial fincapé nela, porque lle pido a esta Presidencia tamén que se poida separar para a súa votación, porque as persoas LGTBI non sempre son novas. A imaxe que se proxecta nos medios de comunicación é sempre a dos corpos da xuventude. Non, as persoas imos envellecendo e, polo tanto, hai que recoñecer a identidade sexual e a sexualidade das persoas maiores, que é o que recolle esta emenda número 11, porque as persoas maiores teñen unha dobre invisibilidade, e moito máis se pertencen ao colectivo LGTBI.

Tamén mantemos a emenda número 12. Cremos que é importante detallar polo miúdo cales son os dereitos á saúde das persoas LGTBI. É certo que quedan recollidas cuestións no texto importantes a respecto da saúde, mais nós cremos que hai que ir ao detalle, que hai que ir ás necesidades que poida ter calquera das persoas que fai parte deste colectivo, tanto sexan tratamentos hormonais ou sexan operacións cirúrxicas e, dende logo, que iso estea recollido na sanidade pública galega.

Tamén queremos destacar a importancia da emenda número 13 a respecto da transexualidade. Aínda que o artigo 24 a

recolle, cremos que hai que darlle un pouco máis de contido, que se debe explicar e que se debe afondar nesa definición de qué é a transexualidade e de cales son as necesidades que poidan ter esas persoas.

Tamén mantemos a emenda número 18, que é unha emenda, que é un novo capítulo, o capítulo VII bis, sobre as medidas de acción positiva. Todos e todas temos debatido da importancia das medidas de acción positiva, de estipular no ámbito laboral, no ámbito sanitario, no ámbito da incorporación a todos os ámbitos de traballo, de que estean estipuladas cales son esas medidas de acción positiva. Con ese ánimo redactamos esta emenda, que ademais foi traballada por moitas das persoas que hoxe nos acompañan dende a tribuna.

E tamén a emenda número 22. Creo que aquí igual podemos chegar a un consenso. Para nós é das emendas –e así o defendín na comisión– máis importantes, porque unha lei destas características ten que ser avaliada necesariamente. Non pode ser simplemente un papel que se aprobe hoxe neste Parlamento. Debemos saber que programas se poñen en marcha, cal é o seu funcionamento, cal é o seu resultado e, efectivamente, como podemos medir e valorar esa conquista dos dereitos a través dunha lei. Por iso a emenda 22 o que di é que o Goberno da Xunta de Galicia, a través dunha disposición adicional, lle remitirá ao Parlamento informes sobre a aplicación desta lei. Despois podemos negociar que temporalidade se considera por parte dos señores deputados e das señoras deputadas que é a mellor.

¡Mágoa que cheguemos a debater esta lei coa supresión do título III, sobre as sancións! Aínda poden darlle unha volta, aínda poden pensar que as sancións eran importantes para esta lei, aínda que existan outros marcos dende os que se poida sancionar, porque mostran a vontade de non discriminar. Aí o Bloque Nacionalista Galego é moi crítico coa eliminación deste título. Igual que somos críticos coa modificación da propia exposición de motivos, que, para o noso entender, perde rigorosidade nalgúns dos aspectos que presentaba o texto orixinal.

Mais quero subliñar algo importante. Hoxe está presente neste debate un membro do Goberno. Agardo que sexa quen de transmitirlo ao Consello da Xunta, porque esta lei marca obrigas moi claras, e dende o Bloque Nacionalista Galego vixiaremos, como é a nosa obriga como grupo par-

lamentar, o cumprimento de todas as obrigas que se estipulan nesta lei. Para nós non pode ser un papel máis nas estanterías lexislativas deste Parlamento, para nós esta lei ten que empezar a efectivizarse dende o primeiro día que sexa aprobada no DOG. E iso significa, señor conselleiro –e falo para vostede, pero fágoo extensivo a toda a Cámara–, que se cumpran as medidas de acción positiva que o artigo 7 deste texto recolla, que se comecen a cumprir xa; que se cumpran os compromisos que recolle esta lei co fomento da participación e o asociacionismo vinculado aos orzamentos e ás subvencións dos colectivos LGTBI; e que se cree e que se poña en funcionamento o artigo 10, un servizo de apoio á mediación LGTBI. Dános igual dende que departamento. Nós consideramos no seu momento que o departamento competente é o de materia de igualdade, pero podemos entender que calquera departamento da Xunta ten que ter a vontade de crear este servizo e poñelo en funcionamento, porque todos vostedes van votar que ese servizo de medicación estea á disposición de todas as persoas que o necesiten.

Tamén esta norma recolle medidas en asistencia ás vítimas da violencia homofóbica; medidas de asistencia social, psicolóxica, médica ou xurídica. Queda simplemente indeterminado quen será o departamento, mais dende o Bloque Nacionalista Galego estaremos aí, nas comisións parlamentarias que nos corresponde, facendo o seguimento de que departamento pon en funcionamento a asistencia social, psicolóxica, médica ou xurídica que recolle este texto. Estaremos aí porque queremos, efectivamente, que antes do final desta lexislatura estea en funcionamento toda a atención ás persoas vítimas de violencia homofóbica.

Tamén seguiremos dende o ámbito laboral as medidas que recolle esta lei, tanto no artigo 16, fundamentalmente no aspecto sétimo e oitavo, como no seu artigo 17, de negociación colectiva. Sabemos que este é un aspecto fundamental, que en todas as guías para a non discriminación do colectivo –e durante estes meses tiven a oportunidade de comprobar algunhas– destaca o aspecto laboral. É fundamental o compromiso da Administración, dos sindicatos e das empresas para que ninguén sexa discriminado pola súa orientación sexual, pola súa identidade de xénero. Créame, señor conselleiro, créanme, señores deputados e deputadas do Partido Popular, que para nós é unha cuestión fulcral, da cal faremos un seguimento exhaustivo.

Como faremos tamén da súa coherencia co artigo 19. Aceptaron unha emenda do Bloque Nacionalista Galego onde se recolle tamén que as unidades monoparentais formadas por mulleres ou homes con fillos e fillas ao seu cargo son outros modelos de familia, porque as familias son múltiples, como múltiples somos os individuos, como múltiple é a nosa identidade sexual e a nosa orientación sexual.

Parabenizamos esta inclusión da emenda do Bloque Nacionalista Galego, pero pedímoslles que sexan coherentes con ese modelo de familia cando falamos dos dereitos das mulleres e das políticas de igualdade. E non pretendan aquí abrir unha porta para despois pechar outras nos departamentos de políticas de igualdade.

O mesmo que sobre a adopción, aspecto fundamental e que traeremos a esta Cámara para o seu seguimento: que se cumpra o artigo 20, de que ningunha persoa (home ou muller) será discriminada para poder adoptar pola súa orientación sexual.

Así, e xa para ir rematando, deixo as emendas que teñan que ver con educación. Foinos aceptada a emenda número 15, converténdose no artigo 26 bis, de xeito que queda recollido neste texto o artigo 26, 26 bis, que posteriormente serán numerados 27, 28 e 29. Todos estes artigos pretenden ir a algo fulcral, que é modificar a educación, porque unha lei non é nada se non modificamos os seus estereotipos que nos encorsetan e nos impiden ver con liberdade as outras persoas.

Permítame unha anécdota persoal e un texto, porque vostede ten a responsabilidade de levar adiante este texto lexislativo en materia de igualdade, en materia de igualdade na educación. E é unha responsabilidade coa que agardamos que vostede estea á altura das circunstancias.

Mire, señor conselleiro, señoras deputadas e deputados, no meu último ano no instituto, antes de formar parte daqueles que se adican todos os días á política, daba seis segundos de bacharelato; seis, son moitos alumnos e alumnas. A verdade é que foi un curso moi bonito. Había un rapaz que ía ben na primeira avaliación; na segunda, empezou a faltar a clase, non viña, e non sabíamos que pasaba. Eu non era titora dese grupo. Un día simplemente lle preguntei: ¡Home!, ¿pero que pasa? Falamos moito, deixou segundo de bacharelato, non o

aprobou. Falamos moito, aprendín moitas cousas. Un día estaba na estación de autobuses de Vigo agardando para coller o billete para vir ao Parlamento e, de repente, un home camiñaba cara a min, xa non era un mozo que estaba sentado. Deume unha aperta, e pregunteille soamente: ¿Que tal estás? Díxome: Ben, estou moi ben. Grazas. E dixen: A verdade é que non fixen nada. Dixo: Soubeches escoitar nun momento difícil.

Para moitos mozos e para moitas mozas que hoxe teñen as portas pechadas –como relata Agustín Fernández Paz no relato co que vou rematar– se cadra esta lei pouco lles pode quitar da súa dor, do seu medo, da súa soidade, da súa dificultade para dicirlles aos compañeiros de fútbol o que senten, para dicírllelo ás súas compañeirás de clase. É verdade, porque as leis non cambian as condutas, non cambian os pensamentos da xente; non cambia ese sitio onde aniñan os estereotipos, que é, dende logo, a hipocrísia social coa que moitas veces temos que convivir. Pero para todos eles hoxe, dende o Bloque Nacionalista Galego, queremos pedir a esta Cámara que se comprometa de verdade coas políticas de igualdade, que asuma que a liberdade e a igualdade é o que, efectivamente, o que nos fai ser galegos e galegas como cidadáns no mundo.

E, por último, por todos eses mozos e mozas que hoxe están sentados nalgunha aula de Galiza, o texto dun mestre, dun verdadeiro mestre, dun defensor da nosa lingua e da nosa cultura. Agustín Fernández Paz recibía un premio por un relato que leva por título *Abrir as portas*:

“Do que si estou seguro é de que foi no instituto, quizais nos meses finais de primeiro, hai xa máis de dous anos. Foi naqueles días cando me decatei de que algo novo agromaba no meu interior, de que comezaba a experimentar sensacións que nunca vivira ata daquela, de que non podía manifestalas e de cumpría gardalas como un segredo inconfesable. ¡Que ben aprendín a disimular!, aínda hoxe me abraio de como participaba nas conversas con outros rapaces, de como trataba de imitar os comportamentos, as voces, os xestos. Comecei a falar das rapazas como obxectos de desexo, cando a persoa que de verdade desexaba estaba tan preto que nada tiña que ver coas mozas. Foi daquela cando comprendín de vez o que me ocorría, aínda que se cadra xa todo comezara moito antes, e, sen ser eu consciente, ese saber permanecera larvado durante anos no meu interior. Tamén foi daquela



cando comezou o medo, a mentira e o disimulo, esta dobre vida, este teatro insoportable”.

Para todas as persoas –que hoxe moitas delas nos acompañan– que defenden a liberdade e a igualdade por riba...

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas.

**A señora ADÁN VILLAMARÍN:** ...do medo, por riba da mentira, por riba do disimulo, o recoñecemento polo seu traballo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señora Adán.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señora Solla.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Grazas.

Primeiro, como fixemos na comisión, quero agradecer o ton da ponencia, que se fixera correctamente, cun debate adecuado, aínda que non chegásemos a acordos, porque, desgraciadamente, isto non sucede en todas as ponencias, e tamén hai que poñelo en valor.

Con todo, o meu grupo séntese decepcionado coa oportunidade perdida de desenrolar unha lexislación avanzada en protección dos dereitos das lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais e da súa visibilización social.

A proposta do PSdeG era unha proposta bastante completa, aínda que, obviamente, nós pensabamos que podía ser mellorada nalgúns aspectos, ao que modestamente intentamos contribuír coas nosas emendas. Pero a ilóxica da lóxica parlamentaria fai que, unha vez aprobada a toma en consideración, esta pase a mans do partido do Goberno, do Partido Popular. O resultado non é só que a maioría das nosas emendas, sobre todo as que teñen máis peso, non fosen aceptadas, senón que, aceptando as do propio Partido Popular, a lei quedou totalmente desvirtuada. E se ben, obviamente, é certo que partimos dunha base na que non temos ningunha lexislación nesta materia e calquera mellora podería ser vista de maneira positiva, o resultado, desgraciadamente, é un texto legal moi baleiro onde a Xunta de Galicia non contrae

demasiadas obrigas; case un brinde ao sol, porque realmente non compromete a nada.

O Partido Popular mudou ata o nome da lei, eliminando a visibilidade, paso fundamental para a normalización posterior. Cambian ata a exposición de motivos, e eliminan a maioría das definicións, evitando dicir que é ser homosexual, bisexual, heterosexual ou transexual, semellando que, falando dunha lei do colectivo LGTBI, se lles fixese incómodo ata nomealos na propia lei.

Eliminan varias definicións de discriminación, eliminan tamén a carga de proba; é dicir, as vítimas de agresións e discriminacións continuarán a ter que ser as que demostren ser vítimas e ser acosadas. Eliminan do texto o que se refire a que os colectivos LGTBI participen e sexan consultados para o deseño das políticas públicas; polo tanto, danlle as costas ao pobo, porque non van ter en conta estas persoas na elaboración de políticas públicas, nin sequera naquelas que lles atinxen e lles concirnen directamente.

Eliminan a mención expresa ás persoas LGTBI tamén dentro do corpos de seguridade do Estado. E, aínda peor, néganse a probar que existan protocolos ante as agresións, algo básico e esencial tanto para o persoal sanitario como para a propia Policía e para o persoal de xustiza; protocolos como hai no caso da violencia de xénero. Non é nada extraterrestre, é algo necesario. É o mínimo para actuar correctamente e garantirlles ás vítimas, ademais, unha correcta atención, pero négaselles.

Eliminan tamén da proposta inicial o que fala da recuperación da memoria histórica das persoas LGTBI, porque ao Partido Popular todo o que sexa memoria histórica lle sobra, e parécelle pouco importante honrar aquelas persoas masacradas pola súa condición sexual durante o réxime fascista de Franco.

Eliminan tamén a realización dun informe sobre os colectivos en materia de diversidade afectivo-sexual, de como son tratados na Televisión de Galicia –recordamos que é a televisión pública–. E, o peor de todo, eliminan o réxime sancionar desta lei. Iso tradúcese na práctica en que calquera conculcación dos dereitos das persoas LGTBI contidos nesta norma non vai ter ningunha sanción nin repercusión para a persoa agresora ou discriminadora. Non só evitan facer os

protocolos ante as agresións, senón que non pensan nin en castigar a discriminación LGTBI. Polo tanto, unha lei que non obriga e que non sanciona a quen a incumpre e, polo tanto, unha lei que na práctica queda inutilizada.

Non aceptaron tampouco as emendas de Alternativa Galega de Esquerda, que eran, baixo o noso xuízo, bastante importantes nalgunhas materias. Como xa comentei na comisión, non ten sentido que as persoas intersexuais non estean contidas neste texto legal. Nese senso, presentamos emendas, pero tampouco foron aceptadas, alomenos ata o de agora.

Para as señorías que descoñezan a intersexualidade —xa se comentou aquí—, comprende varias síndromes xenéticas onde hai variabilidade nos caracteres secundarios e nos xenitais da persoa, con incongruencia entre o seu sexo xenético, cromosómico, e a expresión que se manifesta na súa persoa.

Hai uns meses aprobouse unha iniciativa a favor de tratar a Charlotte, que é unha muller cunha síndrome intersexual, e aprobouse unha iniciativa de tratala a cargo da nosa sanidade, tal e como xa sentenciou o propio Tribunal Supremo, a pesar de que a Consellería de Sanidade se nega a acatar esa sentenza e recorreuna en múltiples ocasións. Por iso nos parece unha incongruencia que agora non se acepten estas persoas e se exclúan desta lei. Por certo, que a situación desta persoa non só non mellorou, senón que non parou de empeorar, porque, obviamente, segue na mesma situación e a súa depresión se agrava cada vez máis.

Non se aceptaron as emendas tampouco en relación coas penitenciarías, para que non se lles obrigue ás persoas trans e intersexuais a ingresar en módulos de presión alleos á súa identidade de xénero. Como tampouco se aceptou a emenda que propuña a creación dun plan de emprego para estas persoas. As persoas transexuais e intersexuais saberán vostedes que teñen moi difícil a súa inserción laboral, e vostedes negáronlles esa axuda. Foméntase, polo tanto, a súa exclusión social, á que xa se ven abocadas e abocados na actualidade.

Rexeitaron tamén vostedes que nos estudos conducentes aos títulos de profesión sanitarios se regulase e se estudase a realidade LGTBI para dar unha mellor atención sanitaria. Polo tanto, estas persoas quedan excluídas unha vez máis do dereito pleno á saúde en igualdade de condicións, que o

temos o resto de galegas e galegos. Porque, señorías, eu son sanitaria, diplomeime hai menos dunha década, e non hai formación sobre as medidas particulares de prevención e promoción da saúde no colectivo, e non só iso, senón que a transexualidade aínda se está a explicar como unha parafilia, algo totalmente incrible no século XXI. A maioría do persoal sanitario, se non é por interese ou vontade propia, non ten formación específica, por exemplo, de como se poden contactar enfermidades dúas mulleres que manteñen sexo entre elas, ou de como son, por exemplo, as intervencións cirúrxicas de reasignación de sexo. Non hai nas carreiras nin nos ciclos de formación profesional ningunha formación específica sobre este tema, pero vostedes tamén negaron introducirlo no texto legal.

Igualmente, vostedes aceptaron crear unha unidade de referencia en saúde para as persoas transexuais, que non para as intersexuais, pero non aceptaron garantirlles a estas persoas o acceso a tratamentos médicos, psicolóxicos e cirúrxicos de reasignación de sexo. Polo tanto, non sabemos se vai quedar nunha declaración de intencións, porque vai ser unha unidade de referencia, se é que se chega a constituír, pero sen tratamentos garantidos. Polo tanto, ¿para que ter unha unidade se non lle imos poder ofertar ningún dereito sanitario?

Tampouco aceptaron garantir por lei o acceso ás consultas e tratamentos de reprodución asistida das mulleres lesbianas e bisexuais. Non entendo o motivo, xa que o propio Partido Popular aducía algunha vez que xa estaba garantido por lei; polo tanto, non debían ter ningún problema en plasmalo nun texto legal. O problema é que non queren plasmalo nun texto legal por se nalgún momento poden retiralo. A algunhas mulleres non lles deixan abortar e a outras mulleres vostedes non lles deixan parir.

En resumo, xa para ir concluindo, por todos estes motivos mantivemos vivas as nosas emendas, por se aínda vostedes queren tentar mellorar algo o texto. Aínda así, con todo, as amputacións de artigos tan importantes como mencionei, como son a creación de protocolos de atención, a participación dos colectivos de LGTBI nas políticas públicas e sobre todo a eliminación da visibilización e do réxime sancionador, fan, xunto coa modificación de múltiples expresións no texto, que mude o sentido da obrigatoriedade das medidas contidas a un sentido que é simplemente de fomento de medidas; é dicir, practicamente o Goberno non queda atado



a nada, non ten obrigatoriedade de nada; fan que o resultado desta lei sexa só de utilidade practicamente para os titulares de prensa, que serán esquecidos se non é, supoño, polo traballo da oposición dentro de medio ano, un ano, dous anos, cando estas políticas sigan sen desenrolarse e non existan medidas ningunhas contidas nesta lei que os obrigue a vostedes a facelas; cando volte haber discriminación, agresións e a lei quede só en boas intencións que non van protexer as vítimas porque non se vai sancionar nin sequera a quen discrimine.

Señorías, os dereitos son ou non son.

Máis nada. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Gallego.

**A señora GALLEGO CALVAR:** Moitas grazas, señor presidente.

Bos días, señoras e señores deputados.

Eu tamén quero poñer hoxe esta bandeira que me prestou amablemente Carme Adán, porque non é a miña bandeira, pero é a bandeira que representa as persoas que eu hoxe vou defender aquí. O meu grupo parlamentario deume a honra de podela representar aquí hoxe, por iso tamén quero poñer esta bandeira; iso sen que me rife o señor presidente.

Señoras e señores deputados, bos días.

“Se dicimos que a igualdade ou é real ou non é igualdade, co punto de partida que representa esta proposición de lei, avanzamos un treito de camiño importante para que este principio de igualdade de trato e de oportunidades empece a ser unha realidade en Galicia. Agardo o seu apoio para romper todos os armarios de Galicia”. Estou citando as miñas propias verbas, coas que iniciabamos a intervención no pleno no que se presentou por vez primeira esta Proposición de lei pola visibilidade e non discriminación de lesbianas, gays, transexuais e bisexuais en Galicia.

E quero comezar así, animando a todos e a todas as deputadas e deputados deste Parlamento a darlle hoxe o si a esta

proposición de lei, que na súa orixe foi presentada polo Grupo Parlamentario Socialista, pero que hoxe, afortunadamente, xa é ou será, cando remate a votación, de todos e todas nós, e sobre todo será unha lei de garantías, unha lei da cidadanía, pensada para que milleiros de persoas en Galicia, milleiros de historias persoais, non teñan que vivir máis no sufrimento, no medo e na vergoña.

Esta lei é para mellorar a vida de 300.000 galegos e galegas, para que poidan vivir a súa vida sen problemas e en liberdade. Unha lei pensada para que o principio de igualdade de trato non estea só nos textos legais, senón tamén na realidade cotiá que viven as cidadás e os cidadáns, moitos dos cales continúan hoxe enfrontándose, ben de xeito puntual ou nalgúns casos de xeito permanente, a situacións de exclusión e de discriminación.

Quixemos que fose unha lei de consenso, e así convidamos a todos os grupos políticos a enriquecer o texto orixinal para que fose un proxecto de todos e todas. E con este ánimo encetamos a ponencia. Quero agradecer as aportacións feitas e o agradable clima de traballo, que non estivo falto de debate; todo o contrario, mantivemos intensas discusións sobre moitas das cuestións que contempla o proxecto final e tamén sobre outras que quedaron polo camiño. Agradezo as ganas de levar un pouco máis alá a proposición de lei, tanto ao Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego como ao grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, e a capacidade de traballo e de negociación da portavoz do Grupo Parlamentario Popular, de Marta Rodríguez-Vispo, aínda que ás veces non puidese satisfacer as nosas demandas.

A proposición que hoxe imos aprobar non responde na súa totalidade ás demandas dos e das socialistas. Mellorouse nalgúns apartados coas emendas doutros grupos parlamentarios, ao incorporar máis ámbitos de actuación dos que xa falaban as demais ponentes, e, ao noso xuízo, empeorouse ou rebaixou a súa pretensión noutros por algunha das emendas presentadas polo grupo que sustenta o Goberno, e aínda a día hoxe esperamos muden algunhas eivas neste último trámite parlamentario.

Non nos gusta, e así o expresamos xa no debate en comisión, que se mudase totalmente o preámbulo da lei e que no obxecto da mesma se elimine a palabra “visibilización”,

aínda que logo se manteña noutras partes do articulado, porque consideramos que o que non se visibiliza non se normaliza, e dá a sensación de que o grupo que apoia o Goberno está incómodo ante a consciencia da existencia de persoas con atracción emocional, afectiva e/ou física por persoas do mesmo xénero ou máis dun xénero e de persoas con identidade de xénero que poden non corresponder co xénero asignado por nacemento.

Tampouco que desaparecese da lei o intento de crear un espazo no Museo do Pobo Galego para apoiar a recuperación da memoria histórica das persoas LGTB represaliadas polo franquismo. Parécenos que se impuxo a ideoloxía máis conservadora na decisión que, ao noso xuízo, incorpora inseguridade xurídica, na non inclusión das definicións e no réxime sancionar. E o que era o artigo 3 do texto orixinal, que sinalaba as definicións contidas na lei, tales como orientación sexual, identidade de xénero, acrónimo LGBT, sexo, xénero, homosexual, bisexual, heterosexual, expresión de xénero, tranxénero e transexual. E o capítulo I, artigos 34 a 38, que establecían as sancións, criterios de graduación das sancións e competencia sancionadora, aínda que se manteñen todas as facultades do Valedor do Pobo para instar as actuacións das administracións públicas para sancionar as infraccións en materia de igualdade de trato e non discriminación.

A inversión da carga da proba, contemplada como unha potente ferramenta para amparar e protexer as vítimas de discriminación, tamén desapareceu do texto final por unha emenda do Grupo Popular que non acertamos a comprender, sobre todo cando coñecemos que no ámbito da discriminación é frecuente que as vítimas se sintan desmotivadas para acudir aos tribunais ou a outras instancias ante a dificultade de probar que se sufriu unha discriminación. Xusto por este motivo a propia lexislación comunitaria en materia antidiscriminatoria introduciu un sistema probatorio máis favorable cara ás persoas que denuncian ter sido vítimas dunha discriminación.

E, por último, entendemos que a negativa a poñer en marcha protocolos sobre agresións homofóbicas, bifóbicas e transfóbicas e informes periódicos e estatísticas sobre as devanditas agresións non facilita para nada o traballo das persoas que teñen que loitar acotío con esta realidade na sanidade pública, nos corpos e forzas de seguridade do Estado, nos centros penitenciarios e nos concellos. Aínda así, esta pro-

posición de lei vai dar resposta a múltiples situacións de discriminación, algunhas sutís, outras máis evidentes, coas que tropezan día a día moitas persoas. Con ela avanzaremos cara a unha sociedade máis digna e máis libre, onde ninguén se sinta discriminado nin excluído, nin tampouco indefenso ante a discriminación.

A lei aportará confianza e seguridade a todas aquelas persoas vítimas de discriminación que ata agora –ben por desconfianza ou ben descoñecemento– non sabían como actuar nin a onde acudir para reclamar os seus dereitos. Será unha lei que situará a Galicia na vangarda de España e da Unión Europea. En canto a instrumentos para asegurar a igualdade de trato, somos a primeira comunidade autónoma que legisla sobre a visibilización e non discriminación das persoas LGTB.

Articula unha serie de políticas públicas e medidas para a prevención, corrección e eliminación da discriminación e a promoción da igualdade de trato nas diferentes esferas da vida, e promove as medidas de acción positiva para previr as desvantaxes a favor das lesbianas, gays, transexuais e bisexuais.

Fomenta a colaboración entre as administracións públicas e as asociacións, organizacións e colectivos LGTB; colectivos LGTB que son os que máis levan loitado pola visibilización, pola normalización e pola non discriminación. E hoxe aquí quero facer un recoñecemento especial –e ademais acompañannos entre o público– ao grupo *Sete cores*, ao colectivo LGTB do Partido Socialista de Galicia, na persoa do seu coordinador, Fito Ferreiro, que está hoxe aquí con nós, e a todos os compañeiros e compañeiras que nos acompañan, porque foron eles os que impulsaron esta lei, foron eles os que nos alentaron no camiño e son eles os que van seguir defendendo nas rúas e na sociedade que esta lei se leve a cabo e que esta lei se cumpra, e serán eles os que viaxarán –xunto con nós– que o grupo do Goberno, o Grupo Popular que apoia o Goberno de Galicia, poña esta lei en marcha.

Promove esta lei medidas de acceso e promoción nos corpos e forzas de seguridade e formación específica para todos os colectivos relacionados coa seguridade pública.

No ámbito laboral, impulsa, no marco do diálogo social e da negociación colectiva, a inclusión de medidas para previr e

corrixir a discriminación, e impide as limitacións e exclusións no acceso ao emprego e nas condicións de traballo a levar a cabo polo Servizo Público de Emprego e pola Inspección de Traballo.

Inclúe tamén un artigo para o traballo por conta propia, e crea un protocolo de igualdade e boas prácticas no ámbito empresarial e de relacións laborais, que deberá ser acometido polas empresas que contraten ou reciban axudas das administracións públicas. Encárgaselle especificamente á consellería competente en materia de traballo a elaboración dun estudo sobre a situación das persoas LGTB nos lugares de traballo da Comunidade Autónoma.

No ámbito da familia, garántese a non discriminación nos procesos de adopción, ábrese a porta a establecer programas de divulgación en colaboración cos concellos das distintas realidades afectivo-sexuais e de xénero, dos distintos modelos familiares, e préstaselles especial atención aos casos de discriminación no ámbito familiar e aos colectivos máis vulnerables por razón de idade, mozos e mozas e terceira idade, e por razón de xénero –as mulleres–.

Na saúde, garántese o coñecemento da información sobre a homosexualidade, bixesualidade e transexualidade que recolle a Organización Mundial da Saúde a todas as persoas que traballan no ámbito da saúde pública, privada ou concertada. E inclúese na formación continua do persoal sanitario e de forma transversal a diversidade afectivo-sexual. Tamén a atención sanitaria para as terapias relacionadas coa transexualidade.

Elabóranse campañas de educación sexual e prevención de enfermidades de transmisión sexual específica para LGTB, garantindo o acceso na sanidade pública a campañas de visibilización e información do tratamento de profilaxes postexposición, como última oportunidade para evitar a aparición do VIH. E elabóranse campañas destinadas ás mulleres que teñan relacións con outras mulleres, recomendándolles acudir ao persoal médico con regularidade.

Na educación –e agradezo especialmente a presenza do conselleiro de Educación neste debate, como estivo tamén no debate inicial da toma en consideración desta proposición de lei– inclúese a realidade LGTB nos contidos transversais de formación de todo o alumando de Galicia, e aquí si, visibili-

zanse os distintos modelos de familias establecidos na lei, actuando para combater o acoso escolar e informando sobre os mecanismos de denuncia do acoso.

Formarase o persoal docente, e divulgarase a realidade LGTB entre as ANPA e as escolas de pais e nais, e incorporaranse os diferentes modelos de familia e da realidade LGTB a cursos e másters de formacións e aos plans de estudos das titulacións de Educación Social, Maxisterio, Pedagogía, Psicoloxía e Dereito.

No ámbito da cultura e do ocio, créase unha sección específica na Biblioteca de Galicia sobre o feito LGTB, e, en materia de orientación sexual, a identidade de xénero, en vez do que nós propuxeramos como centro de documentación de referencia.

Apóianse as producións culturais que potencien os referentes positivos da homosexualidade, bixesualidade e transexualidade, e promóvense actividades culturais para a concienciación e normalización do feito LGTB, sobre todo nos concellos do rural galego.

Na comunicación, garántese que a través dos medios de comunicación de titularidade autonómica, e aos que se subvencione, se transmita unha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de todas as persoas con campañas, códigos de boas prácticas e a utilización non sexista da linguaxe das imaxes.

E, finalmente, como dicíamos, facúltase a institución do Valedor do Pobo como autoridade independente para velar polas causas previstas nesta lei, prestando apoio ás persoas que poidan sufrir discriminación, tramitando as súas queixas e reclamacións, constituíndose en órgano de mediación ou conciliación, interesando as actuacións das administracións públicas, colaborando con outras institucións e organismos e iniciando de oficio ou a instancias de terceiros investigacións sobre situacións de discriminación, salvo, evidentemente as que revistan carácter penal.

En definitiva, e a pesar do que quedou polo camiño, está claro o avance en materia de igualdade, é o obxectivo. A lei foi feita para mellorar a vida de 300.000 galegos e galegas, para que poidan vivir a súa vida sen problemas en liberdade e para que deixen de sufrir, de ter medo e vergoña. Con-

sideramos no Grupo Parlamentario Socialista que este obxectivo se pode cumprir con este texto legal que hoxe aprobaremos.

Pero non queda aí o noso traballo, aínda que hoxe é un día de alegría, de celebrar, de romper os armarios que tanto sufrimento causan aínda na cidadanía por causa da discriminación.

Agora hai que poñer en práctica esta lei, hai que controlar o Goberno para que o que se anuncie se cumpra, para que os casos que vimos denunciando en Galicia de discriminación nas adopcións de parellas homosexuais, de dificultades para inscribir nos rexistros civís un cambio de sexo, de imposibilidades de reasignación de sexo, evitando financiar tratamentos clínicos necesarios –aínda con sentenzas xudiciais–, non se volvan dar e para frear a involución nas medidas homóforas que están adoptando os gobernos do Partido Popular.

Queda un longo camiño, pero o inicio é esperanzador. E podo comprometer o empeño do Grupo Parlamentario Socialista nel, porque, como dixo José Luis Rodríguez Zapatero cando se aprobou o matrimonio entre persoas do mesmo sexo: “Nada importa máis que a liberdade, nada ofende máis que a discriminación e nada compromete máis que a loita pola non dominación.”

Grazas de novo, como xa dixemos, a todas as persoas e colectivos LGTB que no seu día colaboraron na redacción desta proposición de lei, por iso e polo seu compromiso e militancia a favor da visibilización e da normalización. Agora toca empurrar para que o que se escribe nesta proposición de lei se faga realidade acotío.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra dona Marta Rodríguez-Vispo.

**A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ:** Grazas, señora presidenta.

Bos días a todas e a todos, e tamén saúdo os invitados que nos seguen desde a tribuna.

Estamos hoxe, como xa dixeron as miñas compañeiras, na fase final do proxecto de lei pola igualdade de trato e non discriminación de lesbianas, gays, transexuais e bisexuais en Galicia, que, a partir de hoxe –se esta Cámara así o estima oportuno–, se converterá en lei.

Antes de entrar no contido desta proposición de lei, quixera agradecer o traballo que fixeron as ponentes dos grupos políticos presentes nesta Cámara, o clima de disposición, como xa se dixo, que se viviu e o diálogo, tendo en conta os diferentes puntos de vista. E tampouco quero esquecerme de agradecer o traballo feito polos servizos xurídicos e administrativos desta Cámara, que facilitan tanto o noso labor.

O Grupo Parlamentario Popular votou a favor da toma en consideración desta proposición de lei, presentada polo Grupo do Partido Socialista, por moitas razóns. Estamos nunha sociedade que cada vez percibe máis e comprende con normalidade as distintas orientacións sexuais dos individuos que a conforman; de feito, a sociedade española é a que máis acepta a homosexualidade de todo o mundo. Segundo un estudo feito polo Pew Research Center, o informe titulado *The global divide on homosexuality* sinala que ata o 88 % dos españois resposta afirmativamente cando é preguntado sobre se os homosexuais deben estar integrados na sociedade. España sitúase na clasificación por diante de Alemaña, República Checa, Canadá Australia e Francia, e estes datos contrastan cos de Rusia, onde só un 16 % dos habitantes aproban as relacións homosexuais.

Nembargantes, e aínda que este nivel de aceptación se incrementou de forma apreciable nos últimos anos, aínda podemos, por desgraza, atopar actitudes discriminatorias que nos obrigan a seguir traballando na busca dunha sociedade cada vez máis igualitaria, e este, precisamente, é un dos propósitos desta lei.

A sociedade galega –a nosa sociedade– ten un alto grao de aceptación das distintas formas de orientación sexual e de identidade sexual, e tamén é unha sociedade maioritariamente consciente da necesidade de erradicar calquera forma de discriminación por esta causa. A rápida evolución da nosa sociedade exige unha resposta máis ampla para abordar os retos que temos por diante en materia de integración e non discriminación do colectivo LGTB. Por tanto, as administracións públicas e, no seu caso, o Parlamento, teñen que facer

un esforzo por situarse á vangarda da protección da igualdade efectiva dos dereitos; dereitos que xa se recollen na Constitución española, no artigo 14, que se refiren ao dereito á igualdade e á non discriminación, citando como motivos especialmente rexeitables o nacemento, a raza, o sexo, e prohibindo a discriminación por calquera outra circunstancia persoal ou social.

Tamén vén recollido no Estatuto de autonomía de Galicia, no artigo 4.2, da mesma forma que na Constitución española, no artigo 9.2, que sentan as bases para promover unha igualdade efectiva entre os individuos ao recoller a obriga que corresponde aos poderes públicos de “promover as condicións para que a liberdade e igualdade do individuo e dos grupos nos que se integran sexan reais e efectivas, remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social”.

Esta premisa fundamental lévanos a que, máis aló de paternalismos absurdos, polo feito de que a iniciativa parta dun grupo da oposición, decidimos tomala en consideración. Esta lei quere situar a Galicia como a primeira comunidade autónoma que conta coa primeira lei de igualdade de trato e non discriminación dos colectivos LGTB. É certo que todos os grupos parlamentarios eramos conscientes da necesidade dunha regulación sobre este tema, e, partindo dese acordo básico e nesa liña, o Grupo do Partido Popular púxose a traballar con dous obxectivos: primeiro, mellorar o texto coa premisa da igualdade de trato efectiva; e, segundo, e moi importante, con vontade de consenso e tratando de acadar os maiores acordos posibles.

Nós estamos plenamente convencidos de que nun tema desta transcendencia social os grupos políticos teñen a obriga de poñerse de acordo, e que, máis aló de partidismos, o que nos interesa a todos como cidadáns e como políticos que somos neste momento é lograr esa igualdade efectiva.

O Goberno da Xunta de Galicia presidido por Núñez Feijóo foi consciente da necesidade de evitar todo tipo de discriminación na nosa comunidade autónoma, e, de feito, xa vén traballando desde hai tempo nos distintos departamentos da Xunta, e ese compromiso vese tamén hoxe reforzado coa nova regulación. Por poñer un exemplo do que xa se estaba a facer, os centros Quérote máis, como lugares para a reali-

zación da proba rápida VIH, como servizos para o deseño de campañas efectivas, respectuosas e inclusivas, tendo en conta destinatarios específicos como os e as adolescentes e mozas e mozos LGTB. E o labor formativo que fan nos centros do ensino, en colaboración coa Consellería de Educación, a través do Plan proxecta; labor formativo no que se traballan aspectos relacionados coa sexualidade e no que se recolle a realidade LGTB e todo o labor de forma transversal en todas as sesións.

Poténcianse accións realizadas en contextos formais, centros de ensino e non formais, asociacións, espazos de xoves, por estes centros Quérote máis, nos que se traballa o valor da diversidade e o respecto cara á mesma. Nestas accións visibilízase a realidade LGTB e trabállanse aspectos relacionados coa convivencia e, polo tanto, coa non discriminación en función da identidade ou orientación sexual.

Quero subliñar tamén que a lei que imos aprobar hoxe é unha lei de garantías. Pretende garantir o principio de igualdade de trato e non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero. É unha lei integral respecto dos ámbitos, que inclúe medidas con carácter transversal que abranguen todos os ámbitos: educativo, da saúde, da xuventude, da comunicación.

Respecto dos obxectivos que pretende acadar esta lei, son, dunha forma xeral, consolidar o principio da igualdade, impulsar a aplicación transversal da igualdade de trato e a non discriminación do colectivo LGTB nas políticas públicas e, dunha forma específica, prever e erradicar calquera forma de discriminación por razón de orientación sexual. Traballamos na ponencia para conseguir estes obxectivos e na tramitación da lei estivemos en contacto co Goberno galego e contamos coas distintas achegas dos departamentos que compoñen a Xunta de Galicia. Este feito convértea nunha lei posible, nunha lei de eficacia e nunha lei –que isto si consideramos que é moi importante– con aplicación real.

A lei que hoxe é obxecto de debate estrutúrase en dous títulos, nove capítulos e tres disposicións derradeiras. O título I establece as disposicións xerais para a actuación dos poderes públicos na defensa do dereito do colectivo LGTB e na promoción da súa visibilidade. Respecto do ámbito subxectivo de aplicación, a lei inclúe todas as persoas, físicas ou xurídicas, tanto no sector público como no privado, e inclúe



entidades e organismos autónomos públicos, autonómicos e locais que se encontren, actúen ou residan no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, con independencia da súa nacionalidade, residencia, domicilio ou veciñanza civil, en consonancia co conxunto do ordenamento xurídico. Respecto do ámbito obxectivo de aplicación, dentro das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia, comprenderá todos os ámbitos da vida política, social, económica, cultural e familiar.

O título II recolle as medidas que se deben adoptar nos ámbitos policiais e da xustiza: laboral, familiar, da saúde, da educación, da cultura, do ocio e da comunicación para a promoción da igualdade, visibilidade e non discriminación do colectivo LGTB.

Finalmente, tres disposicións derradeiras. A primeira, faculta a Xunta para o desenvolvemento regulamentario desta lei. A segunda, faculta o Valedor do Pobo para se constituír na autoridade independente que vele pola defensa dos dereitos establecidos na lei. E, a terceira, establece o seu prazo para a entrada en vigor.

Respecto das emendas presentadas polo meu grupo, quero dicir que na emenda que presentamos, por exemplo, á exposición de motivos quixemos facer unha descrición do marco xurídico que hai cun texto lóxico e coherente, pero tamén cun texto de todos, incluíndo, por exemplo, no que atinxe á protección e ao recoñecemento das persoas LGTB, o dereito a contraer matrimonio entre persoas do mesmo sexo. Pareceunos tamén imprescindible mencionar a lei máis importante a ter en conta en materia de non discriminación, a Lei 62/2003, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que adecua a lexislación española ás directivas 2043 e 2078 europeas, e procede a súa transposición ao noso dereito. Esta lei persegue a aplicación real e efectiva do principio de igualdade de trato e non discriminación, facendo mención expresa á realizada por razón de orientación sexual. Mediante as medidas incluídas nela establécese un marco legal xeral para combater a discriminación das persoas en todos os ámbitos, abórdase a definición legal da discriminación directa e indirecta e modernízase a regularización da igualdade de trato e a non discriminación no traballo.

Iníciase con esta lei a regulación para combater a discriminación por unha causa específica, neste caso por motivos raciais.

Pero, sen embargo, esta lei serviu de base á frutífera actividade normativa desenvolvida en anos posteriores sobre a igualdade de mulleres e homes, aínda que non se fixo un desenvolvemento normativo similar para combater outras clases de discriminación, como a iniciativa que traemos hoxe a esta Cámara.

Respecto das emendas presentadas polo noso grupo ao texto inicial, englobariámolas dentro de dous paquetes: un primeiro paquete que o que pretende é contribuír a enriquecer e mellorar o texto inicial. Estou referíndome –por poñer un exemplo– á emenda que se presenta relativa á introdución no ámbito de aplicación da xuventude; un ámbito de futuro para a aplicación efectiva desta lei, facendo programas destinados á información e asesoramento da mocidade en materia de orientación sexual e identidade de xénero e visibilizando a realidade LGTB na mocidade, aspecto que consideramos moi importante na súa aplicación práctica. Tamén nos parece importante sinalar que, aínda que no texto inicial xa se falaba do deporte, a emenda que se presenta de nova redacción vai na liña das previsións da Lei do deporte de Galicia, a Lei 3/2012, que no seu artigo 3.b) fala do dereito de todos os cidadáns a coñecer e practicar de forma libre, voluntaria e democrática o deporte en termos de igualdade e sen discriminación ningunha.

Un segundo paquete de emendas o que pretenden é pulir aqueles aspectos que podían evitar a aplicación efectiva desta lei, por exemplo, aquelas presentadas a artigos que pretenden regular medidas que son de competencia estatal e nos que, polo tanto, a Comunidade Autónoma non ten competencias para facelo. Por iso tivemos que rexeitar estas emendas, por exemplo, no que atinxe á materia de xustiza. É o caso do artigo 11 –do que se falou por algunha das intervinientes–, por unha banda, toda aquela regulación que afecte a xestión de centros penitenciarios ou comisarías que pertencen á Administración do Estado, e, pola outra, respecto da materia da existencia xurídica gratuíta –materia á que parece aludir o artigo 15–. Hai que sinalar que nese ámbito corresponde tamén ao Estado a aprobación da súa lexislación básica; lexislación que establece os supostos e requisitos de concesión do dereito; non tendo, por tanto, competencia esta Comunidade Autónoma. E por iso se presentou unha emenda de adición a este artigo.

Isto ocorre tamén con algunhas das emendas presentadas ao capítulo II relativas ás medidas no ámbito laboral. A

Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o marco constitucional vixente e o establecido no Estatuto de autonomía, non ten competencia lexislativa en materia laboral, senón de execución. No artigo 149 da Constitución española establécese que o Estado ten competencia exclusiva sobre a lexislación laboral. Así pois, dende a Comunidade Autónoma galega non pode exercerse ningunha competencia lexislativa no ámbito das relacións laborais, dado que tal competencia corresponde exclusivamente ao Estado. Esa é outra das razóns polas que o meu grupo presentou emendas a este capítulo e tivo que rexeitar outras.

Respecto das emendas ás medidas no ámbito familiar, no que se refire ao concepto de familia, a Lei 3/2011, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, ditouse co ánimo de recoñecer calquera forma de convivencia como familia. Por iso establece no artigo 2 un concepto de familia moito máis amplo...

**A señora PRESIDENTA:** Remate, por favor, señora Rodríguez-Vispo.

**A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ:** ...que o previsto no artigo 19 do texto proposto.

Non obstante –remato con isto, señora presidenta–, como o texto do artigo 19 non fai referencia expresa ás familias monoparentais, transacciónase coa emenda número 9 do Bloque Nacionalista Galego.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

**A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ:** Termino na miña primeira intervención.

O importante é avanzar, señorías; avanzar é o importante, e nós traballamos para iso...

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señora Rodríguez-Vispo.

**A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ:** ...e traballamos para conseguir a unanimidade.

Nada máis na miña primeira intervención. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Rolda dos grupos parlamentarios para que se definan sobre as emendas mantidas polos demais.

Grupo mixto, ¿vai vostede intervir? *(Negación.)*

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Adán.

**A señora ADÁN VILLAMARÍN:** Grazas, presidenta.

Benvidas as persoas, os mozos e as mozas que hoxe están tamén nesta tribuna –seguramente serán dun centro de estudos–, seguindo este importante debate a respecto dos dereitos das persoas LGTBI.

Esta lei non é perfecta, non, desde logo que non. Non é o texto do Bloque Nacionalista Galego, algo evidente. Foi un texto presentado polo Partido Socialista e no que traballamos en conxunto dende ópticas diferenciadas; ben diferenciadas, desde posicionamentos eu creo que distintos.

E tamén quero sumarme aos parabéns polo traballo que se fixo dende a ponencia –porque foron moitas horas, moitos debates de todos os artigos e de todas as emendas– e ao traballo importante nun parlamento, e por que as cousas se acepten ou se rexeiten con argumentos. E, polo tanto, tamén quero, dende logo, parabenizar as mulleres que formaron parte desa ponencia xunto comigo.

Sendo unha lei imperfecta, ¿abre camiños? Dende o Bloque Nacionalista Galego consideramos que abre camiños para o ordenamento cívico en Galiza. Ábreos porque incorpora conceptos novos que non existían en ningunha norma. Quedan recollidos nesta norma, aínda que a consideremos imperfecta, incompleta e nalgúns casos, pois, efectivamente, imos dicir que podada por algunhas emendas do Partido Popular, mais moitas das eivas que ten son eivas de competencias que non están transferidas e que, dende logo, dende o BNG no Congreso estableceremos e reclamaremos medidas deste tipo na xustiza, no sistema penitenciario, nos protocolos policiais... Porque si que é unha mágoa que moitas das cuestións fundamentais para os dereitos das persoas LGTBI non sexan de competencias que xa estean transferidas.

Por iso, despois de moito debater os artigos, de moito pensar a respecto desta norma, nós consideramos que debemos dar o noso voto afirmativo, claramente crítico con partes que faltan nesta norma e que deberían estar, pero un si a aqueles dereitos que se amplían, porque cada un dos artigos desta norma amplía un dereito. E nós cremos que temos que traballar para a ampliación de dereitos de todas as persoas, independentemente da súa orientación sexual, da súa identidade sexual.

Traballaremos, dende logo, sen descanso para que os compromisos que aparecen na norma sexan desenvolvidos. Acábame de dicir a portavoz do Partido Popular, a señora deputada Marta Rodríguez-Vispo, que acepta a emenda 22, que para nós é moi relevante, porque unha norma que non incorpore un informe ao Parlamento para a análise do seu desenvolvemento e posta en funcionamento para nós sería unha norma enormemente eivada, porque é obriga deste Parlamento poder facer seguimento da incorporación a todo o ámbito da xestión política dos programas que aquí se comprometen e dos futuros que nós, dende logo, traeremos tamén para que se voten e sexan incorporados a través de proposicións non de lei ou, de ser o caso, de novos textos lexislativos.

Eu quero rematar a miña intervención facendo unha reflexión e unha exhortación. Vostedes, señoras e señores deputados, hoxe van votar aquí a favor do matrimonio homosexual, a favor da igualdade na adopción; iso está recollido no artigo 19 e no artigo 20 deste texto. E eu quero apelar á súa conciencia a respecto da súa capacidade ou non como mulleres, fundamentalmente como mulleres, pero tamén como homes do Partido Popular –sobre todo aqueles que sintan máis cerca esta lei–, para parar a lei de Gallardón que lles retira ás mulleres o dereito a decidir. (*Aplausos.*) E apelo á súa conciencia porque nós reflexionamos moito e en conciencia sobre o sentido de voto para esta lei, e a responsabilidade polos dereitos das persoas e por Galiza levounos a apoiala. Por iso lles pido que, dado que o Concilio de Letrán e o de Trento, que inspiran a prohibición do matrimonio homosexual e tamén posteriormente dos termos da adopción, inspira a eliminación das mulleres como submisas, dado que vostedes poden hoxe votar isto, teñan a capacidade, a valentía, e actúen en conciencia, e non lles pechen ás mulleres unha porta. Se hoxe entreabrimos unha con esta lei, non pechen outra, non valen hipocrísias. Nós, dende logo,

defendemos a liberdade e a igualdade, sempre, para todas as persoas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señora Solla.

**A señora Solla FERNÁNDEZ:** Grazas.

Señora Vispo, non se trata de partidismos, pero este texto para nós queda descafeinado, queda eivado. E nós, señorías, non somos crédulas e crédulos, porque, como dixen, non só a lei queda coxa en moitos aspectos, non só se eliminaron puntos e artigos moi importantes do texto inicial, non só non aceptaron a maioría das emendas con máis peso que presentou o noso grupo, senón que se pretende que cun texto que non obriga, porque ademais tampouco sanciona, que é titubeante nalgúns dereitos, creamos que isto é todo o que se pode facer, e ademais que van poñelo en práctica e que se vai facer todo como di a lei.

¿Temos que crer que os mesmos empresarios que explotan e non respectan os dereitos de todas as obreiras e obreiros van respectar, van ser boísimos, co colectivo LGTBI e van fomentar os seus dereitos e os van contratar? ¿Temos que ser crédulos e crédulas? Non hai ningún réxime sancionador nesta lei que os vaia obrigar. ¿Temos que agardar que este goberno que pecha os centros de orientación familiar, que loita contra os dereitos das mulleres, vai respectar e fomentar os dereitos LGTBI? ¿Temos que agardar que quen desafiúza, quen recorta en sanidade, quen recorta en educación e en xustiza públicas, vai respectar outros dereitos sociais?

Señorías, credibilidade a xusta. Credibilidade ante a dereita, a xusta. É evidente –xa dixen– que non había ata o de agora ningunha lexislación nesta materia, pero repito que os dereitos son ou non son. Nós, dende logo, seguiremos loitando polos plenos dereitos de todo o colectivo LGTBI. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Grupo Socialista, señora Gallego.



**A señora GALLEGO CALVAR:** Moitas grazas, señora presidenta.

Para empezar, o Grupo Parlamentario Socialista vai apoiar as emendas que están vivas neste trámite parlamentario, como fixemos tamén na comisión, porque consideramos que, se se pode aínda intentar chegar a algún tipo de acordo, esas emendas enriquecen o texto.

Alégrome de que se incorpore ese informe e que o Parlamento de Galiza coñeza cunha periodicidade plurianual cal é o cumprimento desta lei, porque iso tamén nos axudará aos grupos políticos que a promovemos, e aos que non a promoven, a verificar que efectivamente se cumpre este proxecto de lei.

Así que, desde o Grupo Socialista, o apoio tanto para as emendas que están vivas do Bloque Nacionalista Galego como para as emendas da Alternativa Galega de Esquerda. E á portavoz do Partido Popular dicirlle que temos que seguir aínda empurrando un pouquiño máis, e de aquí á votación aínda temos a oportunidade –eu estou segura– de acadar algún outro acordo para que a unanimidade sexa completa e que non só non haxa ningún voto en contra desta proposición de lei, senón que, se pode ser, sexan todos a favor.

Efectivamente, esta proposición de lei chega a este trámite final non como lle gustaría ao Grupo Parlamentario Socialista, como xa dixen na miña primeira exposición, pois, cando se pretende acadar un consenso, sempre hai que ceder unha parte. O texto que chega ten algunhas eivas das que xa fixemos mención, pero supón un avance, un avance importantísimo. Tendo en conta isto, e tendo en conta que ningunha lei por si soa cambia a sociedade, porque hoxe temos leis que garanten igualdade e que garanten dereitos ás persoas que sistematicamente acotío son incumpridas e hai que estar pelexando para que se cumpran, creo que é un bo paso, e un paso na boa dirección, que todos e todas neste Parlamento de Galicia nos comprometamos coa igualdade, que nos comprometamos coa non discriminación e a visibilidade das persoas LGTB. Eu creo que o merecen, méreceno as persoas LGTB. Polo menos coas que eu estiven traballando todo este tempo –estou segura de que todos e todas traballamos con eles– merecen que fagamos un esforzo e que apoiemos esta proposición de lei. Ademais teñen o noso compromiso de que imos facer un seguimento do seu cumprimento, e, polo tanto, imos ser esixentes co Goberno, con este Goberno, que

ten que levala a cabo. Cando haxa outro Goberno –eu estou segura de que os socialistas imos volver gobernar en Galicia máis pronto que tarde– mellorarémola e volveremos á nosa lei, e se podemos daquela acadar o consenso de todos e do Grupo Popular, que estará daquela na oposición, pois tamén o intentaremos. Buscaremos entre todos que cada vez avancemos máis cara á igualdade.

É certo que pode resultar chocante que neste momento, coa involución de dereitos que se están producindo cos gobernos do Partido Popular, o Partido Popular en Galicia sexa capaz de darlle un si a esta proposición de lei. Pero eu quero recoñecer o traballo das persoas do Grupo Popular que fixeron posible que chegáramos aquí. Eu estou segura de que, como nos demais grupos, houbo moito debate ao respecto, e estou segura de que houbo moitas persoas empurrando e outras persoas tirando cara atrás. Alégrome de que fosen as que empurraban as que gañaran o debate e que hoxe esteamos nesta situación. E pídolles aos que empurraron e gañaron o debate que sigan empurrando para que o seu partido se converta nun partido defensor da igualdade plena e radical de todas as cidadáns e de todos os cidadáns, independentemente de como queiran vivir a súa vida e de a quen queiran e como queiran amar ás persoas que teñen no seu entorno. Porque eu creo que así, entre todos, seremos capaces de facer unha sociedade máis inclusiva e máis cohesionada, que é ao final do que trata esta proposición de lei.

Agardo –insisto– que neste trámite final a señora Rodríguez-Vispo aínda nos poida sorprender con algún acordo máis para que todos e todas sexamos capaces de darlle un si moi alto e moi claro a esta proposición de lei.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Grupo Popular, señora Rodríguez-Vispo.

**A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ:** Grazas de novo, señora presidenta.

Pois ben, é certo que acabamos de escoitar, nesta intervención e na anterior, algunhas obxeccións á lei, pero nós, dende logo, cremos, estamos convencidos, que é un avance

importantísimo. É un primeiro paso, e, como todo na vida, é mellorable.

Voume centrar, xa que me quedei falando nas emendas á familia e a señora Adán mencionou o tema da adopción. Dicirlle que pode estar tranquila absolutamente en relación coa emenda ao artigo 20 sobre a adopción que nós presentamos. A adopción en Galicia recoñécelle a calquera persoa, con independencia da súa condición sexual ou identidade de xénero, o dereito a formular unha solicitude de adopción, e establece como requisito para ser adoptante ter máis de 25 anos, e no caso das parellas, que polo menos un dos membros da parella teña alcanzado a dita idade. Polo tanto, permítese a adopción individual ou conxunta, con independencia da orientación sexual da persoa. De feito, en Galicia xa existen parellas homosexuais que teñen fillos adoptados.

En relación coas emendas que me quedaron pendentes do capítulo 5 sobre o ámbito educativo, dicir brevemente que consideramos que un dos elementos máis importantes para fomentar a igualdade e a non discriminación son a familia e a escola, e dentro do ámbito da inclusión da realidade LGTB, nos plans de estudos incorpóranse emendas, tanto do Grupo da Alternativa Galega de Esquerda como do Bloque Nacionalista Galego, para visibilizar na educación os diferentes modelos de familia, dirixir a comunidade escolar e previr comportamentos e actitudes discriminatorias pola orientación sexual. Así mesmo, establécense actuacións tamén para combater o acoso escolar por razóns de orientación sexual ou identidade de xénero.

Nesta lei recóllense medidas moi importantes, tanto de cara aos docentes como de cara ao alumnado. Respecto da eliminación dalgúns artigos, como xa falamos na ponencia, señorías, algúns son emendas que exclúen as emendas que presentamos nós, por iso non se poden incluír na lei. Como xa dixen na miña primeira intervención, España converteuse nun país como exemplo a seguir, pero nós non debemos baixar a garda, por isto é importante que os partidos políticos, aínda coas súas discrepancias, poidamos valorar a importancia das medidas que se poñen en marcha con esta lei e que converten a Galicia na primeira comunidade autónoma que legisla sobre o colectivo LGTB.

Quixemos facer, dende o Grupo do Partido Popular, unha lei de todos. De feito collemos o texto do Partido Socialista

como punto de partida, e o que fixemos foi emendalo. O certo é que tanto do Bloque Nacionalista Galego como da Alternativa Galega de Esquerda admitimos moitas emendas, e moitas non se puideron admitir por ser excluíntes.

En definitiva, o texto que temos, señoría, que se somete hoxe a votación nesta Cámara, é un texto que marca un fito histórico na nosa comunidade, un texto que introduce novos conceptos, como é o da discriminación múltiple, un texto que fai fincapé na importante labor da educación deste eido, un texto que non pertence a ningún grupo político, senón un texto que é de todos. É unha lei que non é limitante, está pensada para impulsar políticas de acción positiva e para combater a discriminación, e posibilita que ámbitos que non están incluídos hoxe na mesma poidan ser incluídos a posteriori.

Dende o Grupo do Partido Popular traballamos para buscar a unanimidade ata o día de hoxe con algunhas das emendas que continúan vivas. Por suposto, señora Adán, aceptamos a emenda 22 transaccionando cun informe plurianual. Tamén queremos comunicar que aceptamos a introdución do termo intersexual proposto por Alternativa Galega de Esquerda nas emendas 1 e 2, polo que se chamará ao colectivo LGTBI.

Congratulámonos, señorías, do texto que temos alcanzado...

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando, por favor.

**A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ:** ...entre todos –remato, señora presidenta–, entre todos os grupos. Esperamos, de verdade, que conte co apoio maioritario desta Cámara, o que lanzaría unha mensaxe moi clara á cidadanía de que dende o Parlamento traballamos e seguiremos traballando a prol da igualdade e a non discriminación de ningunha persoa que viva no territorio de Galicia.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Continuamos cos textos legislativos.

**Debate de toma en consideración da Proposición de lei, formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, de consultas populares de Galicia**

**A señora PRESIDENTA:** Ten a palabra, para a presentación desta proposición de lei, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, don Francisco Jorquera Caselas.

**O señor JORQUERA CASELAS:** Grazas, señora presidenta. Deputados e deputadas, o obxecto da presente proposición de lei é establecer o réxime xurídico, o procedemento e a convocatoria pola Xunta de Galicia, ou polos concellos no ámbito das súas competencias, das consultas populares por vía de referendo, por tanto, é unha iniciativa que pretende radicalizar a democracia. E pídolles aos señores do Partido Popular que non se alarmen, dado que ultimamente están obsesionados en buscar radicais por todas partes. (*Aplausos.*) Pretende radicalizar a democracia no sentido etimolóxico do termo, que a democracia bote raíces, que sexa de verdade o poder do pobo. Ten, por tanto, o mesmo obxectivo que outras propostas que o noso grupo parlamentario xa presentou e defendeu nesta Cámara, como a reforma da Lei de iniciativa lexislativa popular, que pretende dar impulso real a esta forma de participación e que foi tomada en consideración polo Parlamento galego; ou a proposición de reforma da Lei de eleccións ao Parlamento de Galiza, que presentamos como alternativa á proposta do Partido Popular, unha proposición –a do BNG– que pretende que este Parlamento sexa o fiel reflexo da vontade expresada polos cidadáns nas urnas, que nesta Cámara estea representada a pluralidade existente na sociedade galega e que agora está plasmada en forma de emenda global á proposta de “incrível Parlamento minguante” do Partido Popular.

Para radicalizar a democracia, a presente proposición propón afondar na democracia participativa e directa, regulando as consultas populares baixo a modalidade de referendo, onde é convocado a participar todo o corpo electoral.

O dereito de participación nos asuntos públicos está recoñecido como un dereito fundamental, pero a súa formulación no vixente modelo constitucional non pode ser máis deficiente. Tan só se regula o referendo para tres supostos moi concretos: o referendo constitucional, o referendo para ratificar os estatutos de autonomía e o referendo para decisións políticas de especial transcendencia.

Ademais, o artigo 92 da Constitución española establece que esta modalidade de referendo será consultiva; é dicir, a vontade popular expresada en referendo non poderá ser vincu-

lante. O artigo 92 establece tamén que o referendo só poderá ser convocado por El-Rei mediante proposta do presidente do Goberno español, previamente autorizada polo Congreso dos Deputados. E o artigo 149 establece que a autorización para a convocatoria de consultas populares por vía de referendo é competencia exclusiva do Estado; non se prevé, por tanto, que a consulta sexa convocada por outras institucións ou que a iniciativa parta directamente da base da sociedade.

¿Cal é a consecuencia, señoras deputadas e señores deputados? Pois a consecuencia é que, desde a morte do Ditador, no conxunto do Estado español tan só se celebraron catro referendos e tan só dous desde a entrada en vigor da sacrosanta Constitución. Incluso esa sacrosanta Constitución, esa especie de texto bíblico que durante máis de trinta anos se nos presentou como inmutábel, foi reformada vía exprés ao ditado dos mercaderes sen sometelo sequer a consulta popular.

Esta formulación tan deficiente da participación nos asuntos públicos é o que pretende modificar esta proposición de lei. E facémolo, ademais, señores do Partido Popular, desde o respecto ao marco competencial definido pola Constitución española. E quero resaltar este aspecto, señores e señoras do Partido Popular. Quero resaltar este aspecto –facémolo desde o respecto ao marco constitucional– por dous motivos. Primeiro motivo, porque é evidente que o BNG iría moito máis aló. Non estamos de acordo en que a convocatoria de referendos sexa competencia exclusiva do Estado; non estamos de acordo en que referendos sobre decisións políticas de especial transcendencia só poidan ter carácter consultivo; e defendemos, señoras e señores, o dereito de Galiza a decidir, o dereito á autodeterminación (*Aplausos.*), se queren que o diga sen eufemismos.

E por moito que como nacionalistas consideremos que a autodeterminación non se pode reducir a un feito puntual, como nacionalistas non entendemos a autodeterminación como algúns entenden o matrimonio: decidir unha vez e para sempre; por moito que entendamos a autodeterminación como un proceso no que un pobo adquire conciencia de seu, se autoorganiza para defender os seus dereitos e vai gañando cotas de soberanía até completar a súa construción política como nación, ata ser, en definitiva, plenamente soberano; un proceso, por tanto, que exige non só o recoñecemento

formal dun dereito, senón a implicación activa para conseguir que ese dereito poida facerse efectivo; por moito que entendamos a autodeterminación así, un chanzo do proceso de autodeterminación é tamén a celebración dun referendo.

Pero non se alarmen, señorías. Non é iso o que hoxe está en discusión. Nesta proposta –insisto– adaptámonos ao marco constitucional vixente, e facémolo tamén –e esta é a segunda razón pola que o resalto– pese a que vostedes, señores e señoras do Partido Popular, non fan o propio. O Goberno central está invadindo sistematicamente as competencias de Galiza, até o punto de anular totalmente o noso autogoberno. E por se fose pouco, até falta ao mínimo respecto institucional exixíbel ás institucións representativas do noso autogoberno como este Parlamento. Na negativa do señor Juárez a que os responsábeis de Tráfico de Galiza comparezan ante a Comisión de Seguridade Viaria constituída nesta Cámara temos o último e claro exemplo.

O Parlamento de Galiza, a proposta do Partido Popular, decide crear unha comisión de estudo sobre a seguridade viaria, e os responsábeis na materia, a instancias do señor Juárez, néganse a comparecer, deixándoos a vostedes en ridículo, señores e señoras do Partido Popular, pero tamén –e iso é o reprobábel, iso é o censurábel– desairando este Parlamento.

Pero este Parlamento, en cambio, non pode debater a súa reprobación. O delegado do Goberno pode desairar o Parlamento galego, pero o Parlamento galego non pode solicitar ao Goberno central que o cese; como tampouco pode investigar, por poñer un exemplo, o accidente de Angrois.

Por iso falaba antes, señoras do Partido Popular e señores do Partido Popular, parafraseando o título dunha coñecida película de ciencia ficción, do “incríbel Parlamento minguante”. Non me refería só ao recorte de escanos. Referíame a que o seu sometemento a Madrid está facendo que este Parlamento, para efectos prácticos, cada vez estea máis empequencido.

En cambio, pese a iso, o Grupo Parlamentario do BNG nesta proposición respecta o marco constitucional, pese a que discrepamos profundamente dese marco. Respecta o marco constitucional, primeiro, porque as modalidades de consulta que se contemplan nesta proposición deberán ser autorizadas polo Estado, por moito que como Bloque Nacionalista Galego sexamos partidarios de que haxa unha delegación desta

competencia en Galiza, como hoxe mesmo, por certo, vai reclamar para o seu país no Congreso dos Deputados o Parlamento de Cataluña. E, segundo, porque as previsións contidas na Constitución e na Lei orgánica sobre regulación das distintas modalidades de referendo non poden ser interpretadas con carácter excluínte, como se esgotasen outras posibilidades de regulación, neste caso por parte do Parlamento galego, por parte do poder legislativo galego.

E é necesario lembrar neste sentido que o propio Tribunal Constitucional levantou a suspensión sobre a Lei de consultas populares de Cataluña aprobada polo Parlamento nacional deste país, polo Parlamento catalán.

E paso xa a comentar os contidos concretos desta iniciativa. Na mesma defínense dous ámbitos de celebración de consultas populares en Galiza. Por unha banda, as consultas populares que se promovan no ámbito de todo o país, no ámbito galego, que terán por obxecto as cuestións políticas de especial transcendencia para a cidadanía galega no ámbito das competencias das institucións galegas. E, por outra banda, as que promovan os concellos no ámbito municipal.

Polo que se refire ás consultas populares no ámbito de Galiza, segundo quen exerza a iniciativa, segundo esta proposición, as consultas poderán ter dúas modalidades: de iniciativa institucional, a iniciativa do Goberno galego, a proposta do seu presidente ou da súa presidenta; do Parlamento de Galiza, a proposta dunha décima parte dos deputados da Cámara ou de dous grupos parlamentarios; ou a iniciativa do 10 % dos concellos, que deben representar ademais, como mínimo, 250.000 habitantes. E de iniciativa popular, aquelas que sexan promovidas directamente polos cidadáns, para o cal propomos que o requisito sexa que estea avalada polo número mínimo que se exige para promover unha iniciativa legislativa popular.

E polo que se refire ás consultas populares de ámbito municipal, poderán ser obxecto de consulta os asuntos de competencia propia do concello ou de carácter local que sexan de especial transcendencia para os intereses da veciñanza. E segundo quen exerza a iniciativa, poderán ter tamén dúas modalidades: de iniciativa institucional, a iniciativa do alcalde ou alcaldesa, ou dunha cuarta parte dos membros da corporación local; ou de iniciativa popular, a iniciativa da veciñanza do concello, para o que será preciso reunir os seguintes requisitos: ter o aval do 10 % dos habitantes nos

concellos cunha poboación inferior a 10.000 habitantes, do 8 % nos concellos cunha poboación entre 10.000 e 30.000 habitantes ou do 5 % nos concellos cunha poboación superior a 30.000 habitantes.

E, ademais, deputados e deputadas, para todas as consultas, sexan de iniciativa popular, sexan de iniciativa institucional, sexan de ámbito galego, sexan de ámbito local, contéplase tamén a posibilidade de que se poida establecer un sistema de votación electrónica; un sistema de votación electrónica que poderá ter carácter facultativo, de xeito que calquera persoa poida escoller entre votar cunha papeleta ou facelo electronicamente, ou que poderá ter carácter obrigatorio, de xeito que sexa a única forma de votación.

Moitos cidadáns, señorías, non se explican —a non ser que non exista realmente vontade de impulsar unha democracia participativa— como a inmediatez e a interconectividade que proporcionan as novas tecnoloxías non é utilizada para incentivar unha participación máis activa, máis directa, nos asuntos públicos.

Señoras e señores deputados, en definitiva, con esta proposición pretendemos dar impulso real e efectivo á participación popular reforzando a democracia directa. Desde esta mesma tribuna, cando defendín en nome do Grupo Parlamentario do BNG a reforma da Lei de iniciativa legislativa popular, falaba da crise das institucións representativas, falaba da fenda cada vez maior que existe entre os representantes e os representados. Permítanme que conclúa, como concluí aquela intervención. Podemos seguir agrandando esa fenda, deputados e deputadas, ou podemos traballar para eliminala, facendo que os cidadáns se sintan realmente partícipes, impulsando por tanto a participación popular. Ese é o camiño que propón esta proposición de lei.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Intervención dos grupos parlamentarios.

Grupo Mixto. Señora Iglesias Sueiro.

**A señora IGLESIAS SUEIRO:** Moitas grazas, señora presidenta.

A Constitución española, no seu preámbulo, proclama o sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto. Pero a actual Lei electoral incumpre o principio de igualdade e representatividade. Aínda que a Constitución fala de representación proporcional, o certo é que os votos non teñen o mesmo valor, e a desproporción nos resultados é das maiores na escena internacional.

¿Como explicar que Izquierda Unida nas lexislativas do 2008, case cun 4% dos votos dos sufraxios, ou sexa, un millón de votos, obtívase 2 deputados, mentres que Convergencia i Unió e PNV, entre os dous, sumasen 17 escanos, co mesmo número de votos? Por non falar das cidadás que escollen un pensamento minoritario e que moi probablemente, case con seguridade, o seu voto vaia directamente ao lixo. O sistema electoral é, por tanto, inxusto, anacrónico e non axuda a máis democracia; ao contrario, é retardatorio, pois co límite do 3 ou do 5 %, a Lei d'Hont é unha proporcionalidade mal entendida, e limita e cercea a representatividade.

A situación real é esta. Unha vez cada catro anos, tras unha campaña de simpatías e sensibilidades máis que de programas, as cidadás achéganse a un colexio electoral a escoller entre candidaturas recheas de nomes que maioritariamente non coñecen. Suponse que entre a elección e a conclusión do mandato dos representantes do pobo hai un só acto directo, pero a medida que pasa o tempo, compróbase que, tras a elección de poucos por parte de moitos, hai un segundo acto onde os poucos traizoan os moitos defendendo intereses alleos, e, como non existen leis de responsabilidade política, vulnéranse unha e outra vez as promesas electorais. Xa ese mal se incuba nos partidos políticos, hoxe reducidos a cúpulas separadas das necesidades da xente. Un indicador do desencanto do electorado é que nas municipais de 2011 o voto en branco acadou os 600.000 sufraxios. Vivimos, por tanto, nunha pseudodemocracia, porque non é representativa nin participativa.

Os mecanismos de referendo e as iniciativas lexislativas populares que contempla a Constitución corrixen, se se aplican, algúns eidos ou defectos dos antes mencionados. Os gobernantes non deben tomar decisións que non estean nos programas e que son de vital importancia para o conxunto dos cidadáns, como por exemplo a participación nunha guerra, a privatización de empresas, patrimonio ou servizos



públicos ou a modificación da Constitución, como fixeron en segredo Zapatero e Rajoy para poder garantir o cobro da débeda do Estado polos bancos alemáns e que deron lugar á situación económica, laboral, social e civil que hoxe padecemos.

Pero un referendo ten que ser, na miña opinión, e ten que ter, na miña opinión, carácter vinculante ou non é. Se se fai unha consulta ao pobo, hai que respectar e asumir a resposta. Por certo, xa o dixo antes o compañeiro, por certo, ¿cantos referendos se levan convocados? Son doados de contar; dous leváronse a cabo na ditadura franquista do xeneral Franco, dous efectuáronse antes da entrada en vigor da actual Constitución, e tiveron o propósito de iniciar a transición á democracia e aprobar a Constitución; e dous na democracia actual: un pola entrada de España na OTAN –que aí nola cravaron ben cravada tamén– e o referendo sobre a Constitución europea en España; tantos como con Franco.

O Grupo Mixto, polo dito, non só toma en consideración e apoia esta iniciativa, senón que a considera imprescindible para corrixir a falta de democracia, e digo ben o de falta de democracia, mal que lles pese.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda. Ten a palabra, señor Beiras.

**O señor BEIRAS TORRADO:** Grazas.

Señora presidenta, señorías.

Primeiro de nada quero dicir que imos apoiar, o Grupo da AGE, cos nosos votos a toma en consideración desta iniciativa lexislativa do Bloque Nacionalista Galego, e non só iso, senón que, ademais, quero deixar constancia aquí de que tanto o noso grupo coma min mesmo persoalmente subscribimos literalmente todo o exposto, afirmado, defendido, todo o contido da intervención do portavoz do Grupo Parlamentario do BNG, do compañeiro nesta Cámara Francisco Jorquera Caselas.

É sabido que nós tiñamos rexistrado un documento análogo que logo retiramos, por razóns que foron explicadas no seu día, tanto de cortesía como de congruencia con determina-

das cuestións que no plano da ética do comportamento político parlamentario defendemos. E só quero mencionar isto para efectos de que no texto noso si que había un título, cuns contidos, un título que non figura en troques nesta iniciativa do BNG, no texto do BNG, que era un título V, que regulaba unha consulta popular obrigatoria a iniciativa das institucións a metade de lexislatura, que tamén é algo que está introducido nalgunhas constitucións máis avanzadas no planeta.

Trátase, polo tanto, dalgunha maneira, de que o poder investido –xa non constituído, senón investido– en cada lexislatura, sobre todo nas democracias, nos réximes parlamentaristas, pois que se someta a exame, a metade de lexislatura, sobre cuestións de especial transcendencia, primordialmente a xestión realizada. Por exemplo, pois agora estaríamos a piques de que o Goberno da Xunta de Galiza tivese que someterse a unha consulta popular que avaliase afirmativa ou negativamente a xestión realizada, co cal pois despexaríamos a incógnita que sempre se nos abre cando a maioría absoluta nesta Cámara di: á fin e ao cabo, a nós votounos a maioría absoluta dos cidadáns, temos 41 escanos, sobradamente a maioría absoluta, e nós preguntamos: ¿e hoxe sería o mesmo? Bueno, pois iso sería unha maneira de comprobar se, efectivamente, a credibilidade que tiñan cando recibiron eses votos se segue mantendo con base na xestión realizada; sería unha medida moi sa, ¿non?

Ou tamén que nesa mesma consulta popular outro tema considerado de especial transcendencia sería, por exemplo, someter a consulta a opinión cidadá sobre as iniciativas lexislativas aprobadas, por exemplo a que parece que se vai aprobar hoxe. O Grupo de AGE vaise abster, simplemente por congruencia, porque sería absurdo que votásemos en contra dunha iniciativa que prospera, que aproba un texto lexislativo, pero tamén sería, como xa explicou a nosa compañeira Eva Solla, incongruente que votásemos a favor polas carencias que foron aquí explicadas suficientemente e que non vou reiterar, ¿verdade?

Bueno, pois entón as iniciativas lexislativas aprobadas poderíase consultar á cidadanía en referendo que opina ou incluso as iniciativas lexislativas en trámite noutra administración. Isto é o que quería dicir fundamentalmente a respecto do contido da proposición de lei que se está a debater e que imos –repite– apoiar cos nosos votos. O que pasa é que me

gustaría contextualizar un pouco isto, ¿non?, dado que xa o demais foi perfectamente dito polo representante do BNG.

Hai dous libros, dúas obras, o ensaio do profesor de dereito político constitucional da Universidade de Barcelona, de orixe arxentina pero integrado na universidade catalá, Xerardo Pisarello, que son unhas edicións consecutivas, en dous anos consecutivos, que a min páreceme moi interesante lelos para entender o que está pasando. Un deles é *Un largo Termidor*, que é un libro onde, ademais facendo un percorrido histórico, se establece algo que na doutrina, no pensamento dos xuristas, nos constitucionalistas de gran alento, ¿non? –non os chupatintas, que tamén os hai, como Blanco Valdés–, pois está xa establecido, porque sempre se fai referencia á Constitución, ao patriotismo constitucional.

E hai que distinguir entre o constitucionalismo democrático e o constitucionalismo oligárquico. Entón, nós estamos ante unha situación en que neste réxime político a evolución é que dun constitucionalismo de carácter democrático, que está na fase final de toda a vaga aberta despois do ano 45, o constitucionalismo fundamentalmente garantista de dereitos sociais –de aí vén o *Welfare State*, etc., etc.–, aínda que non propiamente democrático no sentido en que o eran as constitucións de entreguerras, entre a primeira e a segunda guerra mundial, a Constitución de Weimar, que era moito máis democrática do que democratista.

Pero estamos nunha fase en que a esa Constitución nacida así empezouse a dar un cambio polo forro e hoxe estamos en presenza dunha Constitución oligárquica, interpretada e modificada subrepticia ou abertamente con criterios oligárquicos e que dá lugar a un proceso de constituínte. Precisamente, no outro libro, “*Procesos constituyentes: caminos para la ruptura democrática*”, que acaba de saír hai dous meses –non veño aquí con pretensións de dar leccións, ¡eh!, simplemente porque me gusta compartir o que ando a remoer, será un defecto da miña actividade docente, que era realmente a miña vocación-profesión, e non isto que estou a facer aquí nesta... (Por orde do señor presidente, Sr. Santalices Vieira, e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, retírase esta expresión do Diario de Sesións.)–, procesos constituíntes e procesos deconstituíntes, estamos nun proceso absolutamente deconstituínte.

E entón, ¿que ocorre? Que se nós vemos, por exemplo, Estados e constitucións tan deostadas, réximes políticos tan deostados aquí, por unha parte do Parlamento, por exemplo, pois léolles textualmente: “*Con respecto a la Constitución venezolana*” –Constitución bolivariana de 1999, e leo en español xa para non ter que facer a tradución simultánea– “*introdujo innovaciones en muchos ámbitos. El rechazo a los regímenes elitistas y excluyentes del pasado se tradujo en un notable florecimiento de la democracia participativa o protagónica*” –como din os latinoamericanos–. “*Esta apuesta, que convivía en las intenciones con el innegable refuerzo del presidencialismo, permite incorporar numerosos mecanismos correctivos de la democracia representativa, como la revocatoria de mandatos, las iniciativas legislativas populares o los referendos*”. É do que vai a iniciativa lexislativa aquí.

Pero é que na mesma liña seguen, por exemplo, igual que a Constitución venezolana, “*la ecuatoriana y la boliviana reflejaron la voluntad de primar el principio democrático, y la participación popular suponía otorgar un mayor peso a los controles sociales o a los poderes constituidos y complementar las tradicionales formas de democracia representativa en formas participativas paritarias, comunitarias. Y esa ampliación del principio democrático, además, no resulta incompatible con una marcada vocación garantista comprometida con la tutela de los derechos de las minorías vulnerables*”.

¿Por que digo isto? Porque os paradoxos da dialéctica ou dos procesos dialécticos na sociedade ás veces xogan malas pasadas. Hoxe acabamos de aprobar unha lei dos dereitos de LGTBI e non sei que pasará pero estase a defender unha lei de consultas populares que vai na dirección do que acabo de dicir. Mentres tanto, fóra, estase a deter mozos acusados de terrorismo, por un Estado que exerce o terrorismo vía violencia institucional, fronte aos máis esmagados.

Cando os mariñeiros no cerco, desesperados, exercen os dereitos constitucionais de manifestación, e o delegado do Goberno, *mamporrero*, utiliza as forzas de orde pública para dar estopa, como se fosen as seccións de asalto dos nazis nos anos trinta, contra esa xente, os que se solidaricen con eles logo son reprimidos e detidos. E este é o Estado de dereito.

Señorías, xa saben que me indigno, non con demasiada facilidade, porque eu teño moita paciencia, ¡eh!

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Remate, por favor.

**O señor BEIRAS TORRADO:** Coa miña traxectoria e o que levo vivido –acabo de cumprir os 78 *tacos*, levo máis de cincuenta militando antifascistamente, e militancia organizada e disciplinada–, tería que estarme indignando cada cuarto de hora.

Pero o que lles quero dicir é que reflexionamos sobre o feito de que podemos converter en parodia o que facemos aquí se non tomamos en serio que estamos a sufrir a implosión do fascismo rampante, encarnado no ministro de *Inxustiza*, Ruiz Gallardón, no ministro de *Desorde Pública e Violencia Institucional*, e en conxunto en todo un aparello de poder represor que practica a violencia excedente, perfectamente analizada polo profesor de filosofía galego Francisco Sampedro, nun libro exemplar que supoño que tamén poderán ler.

E, finalmente...

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Remate, señor Beiras.

**O señor BEIRAS TORRADO:** ...se leu algún de vostedes a colección de *sketchs* de Bertolt Brecht, que na tradución francesa leva o título de “*Grand-peur et misère du IIIe Reich*” –*grand-peur* xoga coa semellanza fonética con *grandeur*, ‘gran medo- grandeza’, pois gran medo e miseria do Terceiro Reich–, verían perfectamente retratado o que está ocorrendo no Estado democrático e social de dereito, segundo o artigo 1 da Constitución, neste Reino de España da segunda restauración borbónica, que está a podreecer ao ventimperio, como o cadáver de Polinices na antiga Grecia. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señor Beiras.

Señor Beiras, pregaríalle que fora retirada a expresión [...].

(*O señor Beiras Torrado pronuncia palabras que non se perciben.*)

Non, non, imos retirar a expresión [...], porque en todo caso esta é unha Cámara de ingreso voluntario, non é unha [...]. Queda, polo tanto, retirada a expresión [...].

Grupo Parlamentario Socialista. Señor Caamaño.

**O señor CAAMAÑO DOMÍNGUEZ:** Bos días, señorías, presidente.

En democracia, cando non se escoita, os cidadáns buscan un xeito de facerse oír, de influír na política, de influír na capacidade de adoptar decisións de goberno. Esa é unha lección que todos deberíamos saber e aprender.

Abofé que dende finais probablemente do século XX existen distintos movementos sociais, distintas percepcións intelectuais e políticas, a prol de que o sistema representativo e o sistema de partidos ten que ser mellorado para transmitir mellor os impulsos da cidadanía sobre o que realmente desexe en cada momento acerca de determinadas decisións estratéxicas para a súa forma de vida e mesmo para a súa convivencia.

Todo isto é ben certo, e as democracias actuais terán que camiñar inevitablemente nesa dirección, pero hai que facelo sen olvidar tamén algunhas cousas.

Primeiro, que o pobo, como titular da soberanía e do poder, o dá, dá o poder, pero non sempre dá a razón. Iso é algo que o Goberno do señor Rajoy e o Goberno de Feijóo, mesmo agora, non entende. Pensan que por ter maioría absoluta teñen a razón. E equivócanse; teñen o poder, pero darán conta dese poder ante a cidadanía. A razón nunha democracia é unha razón dialogada, e os socialistas cremos nas democracias dialogadas, cremos na razón pública, cremos nos espazos de convivencia, cremos nos foros de debate.

A apertura á sociedade, si, pero é inevitable que existan institucións se non queremos caer en dous vellos recordatorios que xa son clásicos na literatura e no pensamento político. Un, o de Benjamin Constant, cando nos falaba nese marabilloso libro da diferenza que había da liberdade dos antigos en comparación coa liberdade dos modernos, e a liberdade dos modernos para el era a democracia representativa, porque é certo que non todos poden estar votando todo o día sobre todo e é moi importante ter presente a dimensión institucional das cousas.

E a segunda gran lección, por ir a clásicos do pensamento dunha e doutra cor, é aquela que facía con toda a crueza do



fascismo, pero facíaa tamén coa súa intelixencia persoal, Carl Schmitt, cando nos dicía que non podería existir unha democracia de todos os días, porque para iso xa estaba ben a ditadura, que era o que el realmente defendía.

Os socialistas cremos indubidablemente na decisión e no valor da decisión dos cidadáns, gobernamos para eles, non ten outro sentido o noso xeito de facer política. Pero sabemos que unha sociedade democrática non é só e exclusivamente unha sociedade que se rexe pola regra absoluta da maioría, que ten que haber lugares e espazos de decisión, de confrontación, de contraste e de debate público, e que iso permite construír unha democracia, na que rexe a regra da maioría, pero que ao final se respecten tamén os dereitos, os valores que son comúns a todos, incluíndo a propia minoría.

Por iso non estamos a favor do decisionismo schmittiano, nin tampouco daqueles que gobernan pensando que porque teñen maioría absoluta teñen a razón; nin o un nin o outro.

E cremos que, en efecto, hai razóns dabondo, en pleno século XXI, para establecer mecanismos de modernización e de participación na sociedade, nos sistemas de adopcións políticas e de goberno de decisións claves para a cidadanía.

Hoxe mesmo, no Congreso dos Deputados, nesta mañá, estase a debater unha iniciativa promovida polo Parlamento de Cataluña, no sentido de reivindicar para a Comunidade Autónoma a competencia para autorizar referendos. Trátase dunha iniciativa que casa perfectamente dentro da Constitución. En principio, é perfectamente posible, co artigo 152 da Constitución –que é o 150.2, para ser exacto–, que se pida a transferencia dunha competencia, e ese debate celebrarse, haberá un diálogo democrático, e haberá unha solución, a que determinen os lexítimos representantes dos cidadáns, no Congreso dos Deputados.

Pero tanto a iniciativa como o seu debate forman parte das regras do xogo da nosa orde constitucional. Nós queremos que aquí tamén iso se produza deste xeito, que as iniciativas que entren nesta casa formen parte das regras do xogo do noso sistema, e por iso estudamos, dende os que están convencidos de que é bo ter máis democracia participativa e máis democracia directa, esta iniciativa que nos ten presentado hoxe o Bloque Nacionalista Galego. E estudámola dende esa lóxica, dende os que estamos convencidos de que

hai que incrementar as fórmulas de participación, pero tamén dos que estamos convencidos de que se non hai unha regra mínima do xogo, neste caso a Constitución, que é a que temos que respectar, é imposible avanzar neses territorios de maior participación.

E ante esa situación hai dúas opcións posibles: ou presentar iniciativas que casen plenamente coa Constitución, polo menos no conxunto –digamos– fundamental dos seus artigos, ou, en segundo lugar, presentar –que tamén é lexítimo– unha iniciativa de reforma da Constitución para que se cambie o artigo 92, ou que se cambie o artigo relativo ás competencias exclusivas do Estado, onde figura como competencia exclusiva a autorización do presidente do Goberno para as consultas que se fagan por vía de referendo.

Esta é a situación na que nos atopamos ao examinar con detemento este texto lexislativo, esta iniciativa lexislativa que nos presenta o Bloque Nacionalista Galego.

Pois ben, respecto duns puntos desta constitucionalidade exixida, inevitablemente a iniciativa, a través de permitir que sempre se remite á autorización do Goberno a solicitude final deste referendo, parece salvar as exixencias do artigo 149.

Quixera recordar literalmente que ese artigo di: “autorizar consultas por vía de referendo”, literalmente. Polo tanto, ese artigo constitucional está admitindo que existen consultas populares que non son por vía de referendo; pode haber outras. As únicas consultas populares que ten que autorizar o Consello de Ministros, de acordo co artigo 149, son as que se fan por vía de referendo; pode haber outras modalidades de consultas populares.

Ata aquí coincidimos en parte co razoamento. O problema vén porque o artigo 92 da Constitución di literalmente: “*Una ley orgánica regulará las condiciones y el procedimiento de las diversas modalidades de referéndum previstas en esta Constitución.*”

Polo tanto, cando un pretenda facer unha consulta popular pola modalidade referendo, só pode regular, non é que só a autorización a teña o presidente do Goberno, e na miña opinión só el, nin sequera o Goberno, só o presidente, órgano unipersoal, como só el pode disolver as Cortes Xerais, só el, nin sequera o

Goberno, senón que cando se trata de consultas populares por vía de referendo, a Constitución establece outro elemento, non para todas, para as que se dan por vía de referendo, e ese elemento é que as ten que regular unha lei orgánica, a lei orgánica que regula as diversas modalidades de referendo.

O texto que temos hoxe aquí non deixa dúbida á iniciativa que temos de que se trata de consultas populares por vía de referendo. Subliña ao longo de todo o seu articulado, non son outro tipo de consultas populares; ao longo de todo o texto, de principio a fin, subliña esa idea de que son consultas por vía de referendo. E o problema –como ben saben, señorías, todos vostedes– é que o artigo 81 da Constitución reserva as leis orgánicas ás Cortes Xerais. O Parlamento de Galicia non pode legislar sobre leis orgánicas. Polo tanto, o Parlamento de Galicia si pode facer unha lei de consultas populares, sempre que non sexan, na miña opinión, por vía de referendo, porque iso está reservado, polo artigo 92.3, ao lexislador do Estado.

Pódese pensar que non hai máis formas de facer consultas –o cal non é certo– que a través de referendo. E este é o gran debate no que estamos.

Polo tanto, o Grupo Parlamentario Socialista non entende, estando a favor de que se poida e se deba facer máis democracia e incrementar a participación, como salvar este obstáculo, que establece directamente a Constitución. Primeiro problema co que nos atopamos.

Pero é que, ademais, ao longo do texto hai outras modificacións que afectan, por exemplo, a lexislación electoral: quen pode participar, quen non pode participar, o voto dos galegos no exterior. Todo iso –páreceme moi ben– é Lei electoral, pero aquí novamente –gústenos ou non– pesa unha reserva de lei orgánica no artigo 81 da Constitución.

En definitiva –porque se nos vai esgotando o tempo–, o Grupo Parlamentario Socialista apoiará calquera fórmula de participación democrática. Cremos que é imprescindible e necesario –máis nos tempos que corren– formas que faciliten a participación. Cremos que é moi complexo xuntar nunha soa opción iniciativa popular con consulta popular e ademais mesturar un elemento vinculante.

Todo isto ten que dar que pensar a todos cando dende a nosa posición defendemos unha democracia deliberativa de

razóns públicas, e polo tanto a modalidade de consulta, iniciativa popular e referendo vinculante necesita un pensamento profundo e deliberalo dende a perspectiva que un teña do propio entendemento dunha sociedade democrática. É o segundo dos elementos que a nós, especialmente, tamén nos poderían preocupar.

En definitiva, estamos a favor de fórmulas de consulta e de máis democracia participativa. Cremos que a nosa Constitución ten que cambiar profundamente nesa utilización e nos redactados dos seus artigos actuais, pero cremos tamén –porque somos demócratas– que mentres a Constitución diga o que di e non haxa unha iniciativa de reforma, debemos manternos dentro dos marcos que ela establece. E non por unha fe cega nun texto constitucional do ano 78, nin por unha reverencia inamovible no tempo, non...

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Remate, por favor.

**O señor CAAMAÑO DOMÍNGUEZ:** ...porque precisamente a mellor forma de defender a democracia de todos é defendendo, mentres estea en vigor e non a cambiamos, a Constitución que todos nos demos.

Moitas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señor Caamaño.

Grupo Parlamentario Popular. Señor Puy.

**O señor PUY FRAGA:** Señor presidente, señorías, o Grupo Popular, ao que represento neste debate, vai votar en contra da admisión a trámite desta proposición de lei, e ímoloo facer por catro motivos. En primeiro lugar, polas características intrínsecas da proposición que se nos somete a votación; en segundo lugar, por razóns políticas de carácter sistémico, en relación co noso sistema democrático; en terceiro lugar, por razóns de legalidade e constitucionalidade; e, en cuarto e último lugar, por razóns tamén de oportunidade.

A proposición de lei que hoxe nos trae aquí o Bloque Nacionalista Galego é literalmente unha copia e unha copia á súa vez –o señor Beiras tivo a ben desculpase por traer copias– da Lei 4/2010, de consultas populares por vía do referendo, de Cataluña, ata o punto de que dos artigos que ten –44– a

proposición de lei, 40 reproducen mimeticamente, practicamente de forma literal na maioría e tamén nas cinco disposicións adicionais, o texto da lei catalá. Podo enumerar os artigos: o 1 ao 1, o 2 ao 2, o 3.1 ao 3, o 3.2 ao 4..., e así sucesivamente.

Pero sendo isto significativo, aínda o é máis cando non se producen esas imitacións ou copias ou transcripcións literais. Hai algúns detalles que non son menores, como o que se mencionou hai un momento sobre a limitación do voto dos residentes ausentes nos referendos; ou, por exemplo, outro, que nós entendemos que se pode falar en relación cos procedementos electorais en xeral, que é a cuestión dos debates televisivos.

Pero hai catro importantes diferenzas entre a proposición de lei que trae hoxe o Bloque e o que di a lei catalá. En primeiro lugar, o artigo 7 da proposición de lei en relación co artigo 12 de Cataluña, que trata só das consultas vía referendo de carácter consultivo, introduce tamén as consultas vencelladas. Polo tanto, introduce un matiz relevante, dado que o réxime xeral do referendo en España, que é –salvo os casos que prevé a Constitución– con carácter consultivo, esténdese a todo tipo de consulta con carácter vencellante. E o mesmo ocorre cos referendos de carácter local.

En segundo lugar, no artigo 12 do proxecto do Bloque, en relación co 17 da catalá, non hai ningún tipo de control de legalidade. Alí mándase polo menos a iniciativa popular a un control de legalidade, do constitucional, o do Consello de Garantías Estatutarias, cousa que aquí non se fai; en relación cos concellos, o informe preceptivo da Xunta, que alí se mantén para a Generalitat, tamén cae.

En terceiro lugar, o artigo 20 da proposición, en relación co 29, atribúe a capacidade de convocatoria ao Pleno do Parlamento –no caso do Bloque, cando a iniciativa é popular–, sen entrar no fondo do asunto. O Parlamento catalán resérvase a posibilidade de convocar ou non un referendo en función de conveniencias políticas ou de oportunidade política. Aquí o Parlamento –que vostedes din que nós queremos minguar, e pouca mingua máis grande pode haber do Parlamento que precisamente quitarlle a capacidade de decidir se se convoca en base a unha iniciativa popular un referendo– vostedes fano un criterio automático. E, por certo, tamén cando a iniciativa é do Parlamento hai unha lixeira modificación da lei catalá;

alí exíxese un quinto do Parlamento catalá e aquí báixase a un dez; tamén comprendo –falando de minguar– por que se rebaixa o número de deputados exixidos.

E o cuarto motivo, o cuarto argumento que non se introduce na proposición de lei por parte do Bloque, é que Cataluña recoñece expresamente a competencia do Estado na convocatoria. Eu discrepo lixeiramente da intervención anterior, porque o que di a proposición de lei do Bloque é literalmente que “será efectuada formalmente”, e despois di: “convocar” –imperativo– “a consulta”, facendo diso un mero trámite que pretende respectar a competencia do Estado para a convocatoria de referendos e que nós entendemos que non abonda.

Pero non só é que non copiaran estas partes da lei catalá, é que ademais lle engaden dúas diferenzas que son interesantes. A catalá inclúe un límite ás materias que se poden introducir nun referendo; por exemplo, non pode ir nin contra as facultades nin potestades da Generalitat –é dicir, da Comunidade Autónoma– nin contra as potestades do poder local; vostedes iso evítano. Tampouco pode ser un referendo –límitao a lei catalá– en materia financeira e orzamentaria; vostedes non o limitan. E o mesmo ocorre en relación cos referendos de ámbito municipal, no que a estas limitacións ademais a lei catalá exclúe os asuntos de interese supramunicipal, que vostedes tampouco reproduciron da lei catalá.

E, en segundo lugar, o número de firmas necesarias para promover un referendo; en Cataluña é o 3 % do total do censo; en Galicia son actualmente 15.000, ímolo baixar a 10.000 coa reforma da iniciativa lexislativa popular, que é á que se equipara o número de firmas exixidas. Estamos a falar, polo tanto, polo 0,36 % do censo dun referendo, que unha vez que cumpra as formalidades esta Cámara non podería entrar na oportunidade da súa celebración e tería que ser convocado automaticamente –e tamén de forma automática– polo Estado, de acordo co que prevé a proposición de lei.

Non estamos, polo tanto, nunha iniciativa de consultas, estamos ante un cambio do sistema. A proposición de lei do Bloque o que fai é que os referendos sexan vencellantes. Non hai ningún tipo de limitación ou restrición sobre as materias que poden ser sometidas a referendo. Nin sequera hai restricións como noutros países –por exemplo, en Suíza, onde se

practica a democracia directa— nos que unha vez aprobada unha cousa polo corpo electoral en referendo pase un prazo de tempo ata que se poida volver votar, co cal poderíamos estar votando cada mes unha cousa e a súa contraria a través dun referendo.

En cuarto lugar, o Parlamento e os concellos son meros mandantes ou controladores de que se cumpren uns requisitos sen ter ningunha capacidade de participación na convocatoria do referendo. O Estado vén forzado —porque así o di a lei— imperativamente a convocar o referendo, que, ademais, pode ser convocado por obter o 36 por 10.000 do total de máis de dous millóns e medio de galegos que forman o censo. Comprenderán que isto non é unha lei de consultas, non é pedir consello ou opinión, é simplemente un cambio do sistema político español.

E, evidentemente, podemos discutir se é mellor un sistema de democracia representativa ou un sistema de democracia directa. No debate constituínte ese debate tivo lugar, non houbo medo ao exercicio da participación democrática directa. Naquel momento —basta ollar os debates constitucionais— o que había era o medo ao uso perverso do referendo convertido en plebiscito, que era o que os constituíntes recordaban e lembraban da época inmediatamente anterior. É máis, ata hai un artigo do señor Rodríguez Zapatero, da súa época de profesor universitario, do ano 86, no que prevén precisamente contra o abuso do referendo, porque rememora o carácter plebiscitario desta institución no réxime franquista.

Hoxe non é día, evidentemente, para debater sobre a democracia directa ou representativa. Si que é certo que é indubidable que podemos afirmar —eu polo menos afirmoo— que non se pode falar de que unha democracia que teña máis participación directa sexa mellor que unha que ten máis democracia representativa. Nin o caso dos países nórdicos e a súa democracia, nin o do Reino Unido —a democracia por excelencia—, podemos estimar que porque non contemplan o referendo é unha democracia de calidade inferior, por exemplo, á italiana, que é unha das que máis utiliza o referendo. E por iso tamén podemos dicir que a democracia española é moi superior á propia democracia italiana da *Tangentópolis*, na que proliferaban os referendos. E, por suposto, podemos dicir que a nosa democracia é moi superior en calidade á democracia que supostamente se practica en Venezuela.

En todo caso, no fondo, tan democrático é o sistema de democracia directa como a democracia representativa. E nós —como dicía tamén quen me precedeu no uso da palabra— estamos dispostos a perfeccionar a democracia representativa facéndoa máis participativa. Aprobamos hai tres semanas a admisión a trámite da iniciativa lexislativa popular, que apoiámos precisamente porque reforza a participación na democracia representativa. Animamos a xente a que participe no procedemento “Lexisla con nós”; calquera cidadán que nos poida estar escoitando pode participar con suxestións a través do que é a propia páxina web do Parlamento no procedemento lexislativo. E, por suposto, estaríamos dispostos a falar tamén do referendo no ámbito local, que está previsto na normativa, tanto na lei orgánica como na Lei de bases de réxime local, como na lei autonómica, na Lei de Administración local de Galicia. Por certo, nun ámbito no que se poden realizar referendos e que nunca se pediu unha solicitude formal de referendo a nivel local, aínda que se practicaron algúns por motivos menores —como o día festivo, por exemplo, no concello de Monforte—, que demostran que no ámbito local tamén se pode facer iso.

Señorías, nós cremos, en función de todo o dito, que *“nuestra Constitución garantiza, a través de los procedimientos previstos en ella, en los estatutos de autonomía y en las demás leyes, uno de los sistemas democráticos más plenos que cabe encontrar en el derecho constitucional comparado”*. Isto díxoo o Tribunal Constitucional español por unanimidade na sentenza que impedía que se sometese a referendo no País Vasco o Plan Ibarretxe. O que me leva ao terceiro motivo, ao de inconstitucionalidade.

A sentenza do Plan Ibarretxe e despois a sentenza sobre o Estatuto de Cataluña deixan claramente establecido que para que haxa autorización do Estado —e, polo tanto, se considere un referendo— o que hai é que atender ao suxeito convocado ás urnas —que é o corpo electoral— e ás formas e os procedementos que son propios dos procesos electorais. Cando se inclúe o censo, cando hai urnas, cando funciona a autoridade electoral e cando é chamado todo o pobo, estamos falando dun referendo dos que precisa autorización —como dixo o señor Caamaño— e claro que estamos ante unha proposta de lei claramente inconstitucional, que o propio Tribunal aclara que non se pode escudar en supostas potestades implícitas no principio democrático, porque, efectivamente, iso está contemplado pola Constitución e vulneraría o ámbito competencial.

E o cuarto motivo é o da oportunidade. O Bloque Nacionalista Galego decidiu traer hoxe –precisamente hoxe, que dentro de escasas horas vaise debater no Pleno do Congreso a autorización á celebración dun referendo soberanista na Comunidade Autónoma de Cataluña–, trouxo hoxe esta proposición de lei. E mesmo –aínda que dixo que non era a súa pretensión facer hoxe proclamas soberanistas– reafirmou o seu carácter soberanista reivindicando o dereito á autodeterminación. Entendeu que hoxe era un día oportuno para facer isto, e nós entendemos –e por iso imos votar que non– que é un día moi oportuno para votar que non a esta proposición de lei, como unha forma de reafirmar a nosa confianza e apoio aos que hoxe no Congreso dos Deputados van defender a Constitución, que consagra os principios de unidade, de autonomía, a democracia representativa e unha repartición competencial constitucionalmente controlada, e que ten tamén, por suposto, os seus mecanismos de reforma, porque –como o propio Tribunal Constitucional vén de lembrar– se un quere modificar o sistema político español, mesmo a través dos parlamentos autonómicos pode facelo exercitando a iniciativa de reforma constitucional correspondente.

E así nós congratulámonos, por outra banda, de que ao igual que no Congreso será rexeitada esa proposición, tamén hoxe aquí, reflectindo o sentir maioritario do pobo de Galicia, se reproduza unha maioría importante, que deixa claro que se se queren reformar as institucións...

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas.

**O señor PUY FRAGA:** ...hai que facelo conforme a propia Constitución indica.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señor Puy.

Grupo autor da proposición de lei. Señor Jorquera.

**O señor JORQUERA CASELAS:** Ben, moitas grazas, señor presidente.

Dado que nada máis que dispoño de cinco minutos, vou procurar ser moi telegráfico. En primeiro lugar, agradecer o apoio do Grupo Mixto e do Grupo da Alternativa Galega de Esquerda.

A respecto do manifestado polo señor Francisco Caamaño, en nome do Grupo Parlamentario Socialista, simplemente catro apuntamentos. En primeiro lugar, a democracia representativa é total e absolutamente compatíbel con formas de democracia directa e participativa. En segundo lugar, a democracia española –porque estamos falando diso, en rigor, da democracia española– creo que non se caracterizou precisamente ao longo da súa historia por un exceso de consultas; xa aportamos os datos: menos referendos que no franquismo. En terceiro lugar, precisamente fomentar instrumentos de democracia participativa e directa no contexto que estamos vivindo é o mellor antídoto para evitar que tres chamadas a Zapatero fagan que se cambie a Constitución, ¡eh!; precisamente nun contexto como ese é cando hai que reforzar a democracia participativa e directa. E tendo en conta que, ademais, verbalizou a posición do Grupo Socialista unha persoa que sempre fixo gala do seu galeguismo, simplemente lamento que o Grupo Socialista aquí vote o contrario do que votou no Parlament de Cataluña; o PSC en Cataluña votou a favor da Lei de consultas populares de Cataluña.

Polo que respecta ao Partido Popular, mire, en primeiro lugar, gustaría do Partido Popular que tivese o mesmo vigor defendendo a Constitución á hora de denunciar a anulación do noso autogoberno e todas as invasións competenciais. Podo poñer exemplos recentes: a LOMCE, a contrarreforma da Administración local, a Lei do sector eléctrico, leis que invaden o marco competencial definido pola Constitución, e o Goberno galego iníbese de exercer a súa responsabilidade e presentar recurso de inconstitucionalidade. Ou gustaría tamén que tivesen o mesmo vigor á hora de defender a Constitución para que teñan unha plasmación real dereitos sociais que a Constitución consagra, como o dereito ao traballo, como o dereito á vivenda –podería poñer moitos máis–, tamén como a participación pública na economía. A Constitución española –non sei se o saben, señores do Partido Popular– define un modelo económico de economía mixta, e fala da posibilidade da participación pública en sectores estratéxicos da economía. ¿Cal é o problema, señores do Partido Popular? Que vostedes se acordan diso para defender a españolidade dunha embotelladora de aceite pero dinnos que iso é pecado cando se trata de defender unha banca pública galega (*Aplausos.*), cando se trata de defender un grupo leiteiro galego. Ese é o problema.



En definitiva, pódese facer unha lectura aberta, flexible, da Constitución española ou pódese facer unha lectura total e absolutamente restritiva, e vostedes aplican a lectura restritiva para anular o autogoberno, para anular os dereitos sociais consagrados na Constitución, e utilizan a Constitución en contra de Galiza. E ese é o problema, señores do Partido Popular. *(Aplausos.)*

Mire, señor Pedro Puy, incorreu vostede nunha grave contradición. O primeiro que dixó foi que a nosa proposición de lei era unha copia da Lei de consultas populares de Cataluña, e logo adicou boa parte da súa intervención a xustificar a posición contraria do Partido Popular polas diferenzas que existen entre a nosa proposición de lei e a lei catalá. Eu fágolle un convite, eu fágolle un convite, señor Pedro Puy: voten a favor da toma en consideración, presenten logo emendas para igualala á Lei de consultas populares de Cataluña, que terán o voto favorable do BNG. *(Aplausos.)* Fágolle ese convite.

Pero ¿sabe cal é o problema? ¿Saben cal é o problema de fondo, señores do Partido Popular? Que, á parte desa interpretación restritiva da Constitución, mire, se a interpretación da Constitución que vostede fixo desde esta tribuna fose a real, fose a verídica, a única conclusión posible sería, nestes días pasados de glorificación da transición, a única conclusión posible sería afirmar desde esta tribuna: ¡pois vaia caca de Constitución pactaron vostedes co ruído de sables, co ruído dos militares tutelando o proceso! E vostedes, en vez de concibir iso *(Aplausos.)* como un punto de partida, queren establecelo como unha estación termo aplicando sempre o lado estreito do embudo para negar o avance do autogoberno, para negar o avance da democracia na participación popular...

**A señora PRESIDENTA:** Remate, por favor.

**O señor JORQUERA CASELAS:** ...e para anular os dereitos sociais. Ese é o problema de fondo, señores. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Procedemos á votación dos textos lexislativos.

Comezamos pola votación do Ditame elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre a proposición de lei pola visibilidade e non discriminación dos LGTBI.

Comezamos coa votación das emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señora Adán, coido que vostede pediu que se votara a número 11 por separado, e a 22, que está transaccionada. *(A señora Adán Villamarín pronuncia palabras que non se perciben.)* Ben, entón, ¿hai un texto que me poidan facer chegar aos Servizos Xurídicos da transacción da 22?

**A señora ADÁN VILLAMARÍN:** “Disposición adicional terceira. Información ao Parlamento de Galicia. O Goberno da Xunta de Galicia remitiralle ao Parlamento de Galicia, con carácter trianual, un informe sobre a aplicación desta lei”.

**A señora PRESIDENTA:** Ben, moitas grazas.

Comezamos, se lles parece entón, pola votación desta emenda transaccionada, tal como a ten lido a señora Adán.

*Votación do texto transaccionado sobre a emenda 22 do GP. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre a Proposición de lei pola visibilidade e non discriminación dos LGTBI.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72; abstencións, 1.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta emenda transaccionada sobre a emenda 22.*

**A señora PRESIDENTA:** Votamos a continuación a emenda número 11 do BNG.

*Votación da emenda número 11 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre a Proposición de lei pola visibilidade e non discriminación dos LGTBI.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 40; abstencións, 1.*

*O resultado da votación é negativo.*



*En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.*

**A señora PRESIDENTA:** Votamos a continuación o resto das emendas do Bloque Nacionalista Galego.

*Votación das emendas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior; sobre a Proposición de lei pola visibilidade e non discriminación dos LGTBI, agás o texto transaccionado da emenda número 22 e a número 11.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 40, abstencións, 1.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.*

**A señora PRESIDENTA:** Votamos a continuación as emendas do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, que coído que se votan primeiro as emendas número 1 e número 2 de xeito conxunto.

*Votación das emendas número 1 e número 2 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda ao Ditame elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior; sobre a Proposición de lei pola visibilidade e non discriminación dos LGTBI.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72; abstencións, 1.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, quedan aprobadas estas emendas.*

**A señora PRESIDENTA:** Votamos a continuación o resto das emendas do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

*Votación das emendas do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda ao Ditame elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior; sobre a Proposición de lei pola visibilidade e non discriminación dos LGTBI, agás as emendas número 1 e número 2.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40; abstencións, 1.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.*

**A señora PRESIDENTA:** Votamos o ditame da comisión, coas emendas incorporadas, se é o caso.

*Votación do Ditame elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior; sobre a Proposición de lei, do G.P. dos Socialistas de Galicia, pola visibilidade e non discriminación de lesbianas, gays, transexuais e bisexuais en Galicia, coas emendas que foron incorporadas.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 64; abstencións, 9.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobado o ditame da comisión.*

**A señora PRESIDENTA:** E tal como sinaléi ao principio da sesión plenaria, votamos a disposición derradeira segunda, que modifica a Lei do Valedor do Pobo.

*Votación da disposición derradeira segunda do Ditame elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior; sobre a Proposición de lei pola visibilidade e non discriminación dos LGTBI, que modifica a Lei do Valedor do Pobo.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta disposición por unanimidade.*

**A señora PRESIDENTA:** Polo tanto, queda aprobada a Lei sobre a visibilidade e non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia. *(Aplausos.)*

Votamos a continuación a toma en consideración da Proposición de lei, formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, de consultas populares en Galicia.

*Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, de consultas populares en Galicia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 16; votos en contra, 57.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada a toma en consideración desta proposición de lei.*

**A señora PRESIDENTA:** Continuamos co punto 2, de competencias.

### **Comparecencia do Sr. conselleiro de Economía e Industria, por petición propia, para informar da internacionalización da economía galega**

**A señora PRESIDENTA:** Ten a palabra, para a súa primeira intervención, o conselleiro de Economía e Industria, don Francisco Conde López.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López):** Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías.

Emprendemento, innovación e internacionalización. Probablemente sexan as tres verbas que máis leva repetido este Goberno no ano e medio escaso que levamos de lexislatura. E, dende logo, non é unha mera coincidencia, é a consecuencia inmediata da reflexionada planificación económica deste Goberno e da súa decidida aposta por poñela en práctica, consecuencia, en definitiva, da política económica que estamos a desenvolver.

Os dous primeiros puntos xa foron traídos a debate a esta Cámara. O emprendemento, durante o trámite parlamentario da lei coa que fomentamos o nacemento de novas empresas que poñan en valor o talento galego. E tamén falamos de innovación, a través a súa propia lei, así como durante a pre-

sentación da Estratexia de especialización intelixente RIS3. Hoxe toca falar do terceiro eixo desta política: a internacionalización.

Fomentar a internacionalización supón mellorar a competitividade do noso tecido empresarial, xerar, en definitiva, e completar cadeas de valor en Galicia. Sendo competitivos, señorías, podemos saír fóra, podemos robustecer a nosa economía e, sobre todo, podemos crear emprego.

Estes son principios claros que están sendo comprendidos polas nosas empresas e que nos levou a acadar récords históricos no ano pasado, 2013. Acadamos un récord histórico de exportacións de bens, que sumaron máis de 18.000 millóns de euros o ano pasado, e tamén tivemos un récord histórico na balanza comercial, que pechou 2013 co maior superávit rexistrado, máis de 4.000 millóns de euros, o que supuxo máis que duplicar o do ano anterior. E temos acadado tamén a mellor taxa de cobertura dende que hai rexistros, chegando a un 128 %, cando en España esta taxa está no 94 %.

Estes éxitos, dende logo, non son casuais, non son un feito accidental, senón que son a consecuencia directa dunha nova cultura exportadora das nosas empresas e dos nosos emprendedores. Só en catro anos, señorías, incrementamos un 29 % o número de empresas exportadoras, ata roldar as 6.400. A porcentaxe das exportacións de bens sobre o produto interior bruto galego incrementouse nun 27,2 % en 2008, ata o 33 % na actualidade. E os investimentos internacionais que ven Galicia como un territorio competitivo e seguro para os seus investimentos multiplicaron por oito o capital foráneo no noso país, e pasamos de 27 millóns de euros no ano 2008 a preto de 219 millóns de euros no ano 2013.

Porque internacionalizar, señorías, unha economía é algo máis que exportar, é estratexia e é compromiso, é unha nova e imprescindible cultura para toda a economía dun país que debe estar presente en todas as fases da xestión empresarial. Por iso, aínda que os indicadores cuantitativos que acabamos de reflectir son sumamente importantes e claramente obxectivos, tamén debemos fixarnos noutros índices, neste caso máis cualitativos.

Por poñer algún exemplo, os indicadores mostran como as nosas exportacións están crescendo en Europa, pero están crescendo nunha medida moito maior en mercados fóra da

Unión Europea. En concreto, no ano 2009 as exportacións galegas que tiñan como destino países da Unión Europea dos 28 supoñían o 77 % do total das exportacións galegas. No ano 2013, rebaixamos en 10 puntos esa dependencia dos mercados europeos, ata situar a dependencia do mercado da Unión Europea dos 28 no 67 %, unha diminución de 10 puntos no peso das exportacións galegas á Unión Europea.

Por outra banda, tamén é destacable que os mercados exteriores están sendo accesibles a máis empresas. Porque, señorías, as empresas exportadoras cada vez teñen un menor tamaño. Só entre 2010 e 2011 o volume medio de facturación das empresas exportadoras descendeu nun 14 %. A conclusión é clara: non só estamos exportando máis, senón que dende Galicia estamos exportando mellor.

Galicia ten, dende logo, superado a etapa de aprendizaxe dos procesos de internacionalización, para estar nestes momentos nun momento de plena consolidación do seu proceso exportador; un éxito derivado en primeiro termo, e como grandes protagonistas, dos nosos empresarios, a súa visión, a súa competitividade, que está permitindo gañar mercados internacionais, e, dende logo tamén, a convicción plena deste Goberno, que está volcando a súa política de internacionalización no apoio e soporte dos nosos emprendedores.

E, dende logo, señorías, non hai volta atrás. As economías illadas, as economías independentes e as economías autárquicas están superadas por unha globalización de mercados que é imparabile e que, se sabemos xestionar, será unha oportunidade de crecemento para os galegos e as galegas. Dende logo, a internacionalización, señorías, xa non é unha opción, é unha necesidade e ten que ser vista –dende logo dende Galicia e dende este Goberno así o vemos– como unha oportunidade.

Pero, ademais, seguindo coa análise dos datos, a internacionalización está sendo tamén un elemento clave na saída da crise. Non en van os territorios europeos cunha economía máis internacionalizada son os que mellor se están comportando ante a crise financeira que asola a economía internacional. Aí está o caso coñecido de Alemaña, que presenta un comportamento do produto interior bruto practicamente paralelo ao das súas exportacións. E tamén o caso de Francia, cuxo Goberno está implementando medidas de urxencia

para paliar en gran medida ese descenso do 77 % rexistrado en 2013 no seu investimento estranxeiro directo.

Pero temos incluso exemplos moito máis cercanos. Se analizamos o comportamento dende 2009 das exportacións e dos investimentos estranxeiros nas 17 comunidades autónomas de España respecto do seu produto interior bruto, as relacións tamén son claras. En 2 de cada 3 casos, exportacións e produto interior bruto mostraron comportamentos parellos. Se as exportacións medran, señorías, o produto interior bruto medra, e, se as exportacións se reducen, o produto interior bruto tamén diminúe. Esta correlación incrementase case ata o 70 % se temos en conta o investimento estranxeiro directo.

En definitiva, señorías, a incidencia da internacionalización nas economías desenvolvidas non só é evidente, senón que é constatable e é medible. Dende logo, é unha responsabilidade de goberno seguir apostando pola internacionalización e pola presenza das nosas empresas no estranxeiro, e iso é precisamente o que estamos a facer da man dos nosos empresarios e dos nosos emprendedores. Por iso, señorías, dende a chegada deste goberno, a Xunta de Galiza puxo en marcha múltiples iniciativas de apoio ás empresas na súa saída ao exterior. Estes apoios foron realizados fundamentalmente en dúas direccións: en primeiro lugar, facilitando e apoiando a exportación e a implantación en destino; e tamén atraendo capital estranxeiro a Galicia, fomentando a relocalización e novos investimentos.

Vexamos polo miúdo estas accións levadas a cabo pola Xunta de Galicia e tamén as iniciativas que no eido da diplomacia internacional e empresarial levamos adiante para apoiar as actuacións dos nosos empresarios. Comecemos polo fomento das exportacións.

Acceder a mercados exteriores supón unha extraordinaria oportunidade dende o punto de vista económico, pero tamén é certo que é unha nova dimensión de negocio e unha nova forma de entender a actividade empresarial. Internacionalizar as vendas diversifica o risco e abre posibilidades de maiores mercados. E neste aspecto cremos que é moi importante tamén distinguir as dúas vías diferenciadas para fomentar a actividade exportadora, que son vías diferenciadas pero, ao mesmo tempo, complementarias. Estamos a falar, por unha banda, do acceso aos mercados estranxeiros, e, por outra, da implantación das nosas empresas en destino.

Dende logo, non todas as empresas están preparadas nin teñen capacidade para saír ao estranxeiro, iso é unha realidade, ou cando menos non o están moitas delas sen a debida colaboración. E, por suposto, estas estratexias de exportación tamén son diferentes, por iso os apoios que se prestan dende o Goberno teñen que responder a esta realidade. Por todo iso, dende a Xunta de Galicia apoiamos as empresas en todo o ciclo de comercialización exterior, isto é o verdadeiramente importante, actuar e acompañar ás empresas en todo o ciclo da súa actividade comercial no exterior. E estámolo a facer elaborando diagnósticos gratuítos sobre o potencial internacional das empresas; estamos titorizando máis de 300 proxectos de internacionalización a través dos programas en colaboración coas escolas de negocios; estamos prestando servizos de información e asesoramento en destino a máis de 500 empresas a través das plataformas Pesga; estamos facilitando tamén que as nosas empresas poidan contratar –e contrataron– máis de 200 millóns de euros a través do Servizo de Licitacións Internacionais; e tamén estamos a colaborar coas empresas facéndolles accesible tanto a contratación de persoal especializado como a formación dos seus traballadores.

En conxunto, señorías, estamos falando de que a Xunta de Galicia ten atendido e apoiado procesos de internacionalización de máis de 2.000 empresas galegas: un terzo das empresas exportadoras. De xeito paralelo, tamén estamos promovendo a internacionalización das nosas empresas a través do fomento da cooperación e da súa implantación en destino. Unha nova forma de internacionalizar unha economía e de que as nosas empresas teñan unha maior presenza no estranxeiro. Porque a colaboración, señorías, é unha ferramenta indispensable na economía global actual, clave na xeración de economías de escala e na diversificación de riscos, sobre todo naquelas empresas que atopan unha barreira de entrada no seu reducido tamaño, e en Galicia, cun tecido empresarial fundamentado nas pequenas e medianas empresas, este aspecto é especialmente importante.

Por iso estamos a prover ás empresas do instrumento preciso para que, a través da colaboración, poidan ter unha maior oportunidade de presenza no exterior, e nese aspecto o programa Primex é o máximo expoñente da actuación deste goberno; un programa no que máis de 350 empresas galegas están cooperando nos seus procesos de primeira implantación nun total de 25 mercados exteriores ao amparo de 80 proxectos. Señorías, 350 empresas galegas, 350, traballando

en 25 países, colaborando conxuntamente en 80 proxectos. Nestes momentos, mentres estamos a falar, grazas a este programa 34 empresas galegas están crescendo en México, 38 en Brasil, 21 en Panamá ou 18 en Marrocos, e estano a facer colaborando e cooperando entre elas. Son meros exemplos que ilustran a convicción dun país, a convicción dun tecido empresarial, nas oportunidades que ofrece a internacionalización.

Por último, falando do apoio deste goberno na saída ao exterior das nosas empresas, temos que lembrar tamén os esforzos feitos no ámbito da diplomacia institucional e empresarial; unha diplomacia que se concreta en alianzas como a que desembocou no contrato para a construción de dous froteis en estaleiros galegos. México, Perú, Panamá, China e Emiratos Árabes son exemplos de países nos que recentemente temos acompañado aos nosos empresarios en busca de novos acordos comerciais. Estamos a falar, en definitiva, de que, sen perder de vista a importancia doutros actores relevantes que axudan a difundir a marca Galicia, a presenza do noso Goberno, a presenza das diferentes axencias, tanto o Igape como a Axencia Galega de Innovación, acompañando as nosas empresas no exterior, é un aspecto absolutamente determinante.

Apoio en definitiva, señorías, á exportación, fomento da cooperación e implantación en destino e diplomacia institucional e empresarial son os tres eixes de acción cuxos resultados son evidentes á luz dos indicadores de exportación que lles reflectín na primeira parte desta comparecencia e que contan cun compromiso decidido do Goberno, como o demostran os 20 millóns de euros de orzamento autonómico que levamos destinados cada ano a estes fins.

Pero, señorías, en calquera caso, e tal e como dicíamos, a internacionalización debe ir nos dous sentidos. Os nosos produtos deben traspasar as nosas fronteiras, é certo, pero tamén é certo que os investimentos estranxeiros en Galicia teñen un efecto inmediato na creación de riqueza e de emprego e son, dende logo, a maior proba de que o noso país gaña en competitividade.

Neste sentido, buscamos dende Galicia capital con vocación de permanencia. Buscamos capital paciente, capital que invista en Galicia a longo prazo e que invista polas garantías –non teñan ningunha dúbida– que está a ofrecer o noso

país dende o punto de vista de recursos humanos, dende o punto de vista de recursos económicos, dende o punto de vista de infraestruturas, convertendo a súa nunha inversión mutuamente beneficiosa. Un capital estranxeiro que cree emprego estable e de calidade e que nos faga máis competitivos. Por iso somos proactivos e seguiremos séndoo, coñecendo e ofrecendo as vías de captación destes fondos para enfocalos, señorías, a sectores que, independentemente do seu grado de desenvolvemento actual, presenten tamén grandes capacidades de desenvolvemento no futuro.

En Galicia xa temos exemplos de grandes investimentos. Non vou recordar aquí a presenza histórica de PSA Citroën ou o coñecido investimento de Pemex no noso sector naval. Pero recentemente a Xunta de Galicia tamén ten apoiado outros e novos investimentos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Diciálles... Vexo que... Para que non perdan ningún dos investimentos que se están a producir en Galicia, diciálles que, ademais destes investimentos, paralelamente a Xunta de Galicia tamén ten apoiado novos investimentos de empresas como SNOP Estampación, de capital francés e pertencente ao sector da automoción, que vén de realizar un investimento de 20 millóns de euros nas súas instalacións de Vigo. Ou a chinesa Citic-Censa, que vén de ampliar novas instalacións no Porriño con investimentos de preto de 40 millóns de euros. Ou os 19 millóns de euros que está a investir Pacific Strategic Minerals en Viana do Bolo. E temos exemplos, incluso de menor contía económica, pero que cualitativamente realmente están aportando valor engadido a Galicia, como pode ser esa compañía holandesa MobGen, dedicada ao desenvolvemento de aplicacións móbiles, que coa orientación do Igape vén de montar un centro de traballo na Coruña. Por certo, un centro no que traballan 7 traballadores dos que 5 son galegos, que estiveron meses formándose en Holanda e que agora volven a Galicia a desenvolver o seu traballo.

E poderíamos seguir con exemplos ata os máis de 50 proxectos de investimento de capital foráneo apoiados dende o 2009 polo Goberno galego a través de programas como Galicia Investe. Son 50 proxectos, señorías, que supuxeron investimentos reais por máis de 360 millóns de euros e que permitiron a creación e mantemento de máis de 6.500 postos de traballo directos en Galicia.

Estamos a falar de datos, estamos a falar de realidades, estamos a falar da riqueza e do emprego que xera este capital estranxeiro. E por todo iso vemos con optimismo, dende logo, ese incremento do 18 % que temos rexistrado no investimento estranxeiro directo durante o 2013, unha proba máis de que Galicia cada vez é máis coñecida e valorada no escenario internacional.

En calquera caso, señorías, o Goberno non se conforma con estes datos. Temos que seguir a traballar, temos que seguir tendo visión de futuro, e, dende logo, temos que seguir traballando pola presenza da economía galega na economía internacional e na economía global. Galicia e as súas empresas son competitivas, e estano a demostrar as propias empresas. Temos capacidade, temos potencial e temos talento para selo aínda máis, e por iso temos que seguir traballando, incrementando o noso nivel de internacionalización que axude á creación de emprego e que axude a xerar riqueza no noso país.

A cultura empresarial galega xa leva implícito o concepto de internacionalización, e a curva de aprendizaxe nese eido, dende logo, está moi avanzada. Por iso, señorías, agora é preciso priorizar esforzos e canalizar actuacións cara a fortalecer esa posición competitiva das nosas empresas no seu obxectivo de internacionalizarse. E temos que definir cales son os ámbitos, cales son os sectores e cales son os países que máis lle conveñen a este país e ás nosas empresas.

Dende logo, as recentes experiencias, as positivas e as que non o foron tanto, teñen que servirnos para identificar os nosos erros e, sobre todo, señorías, para identificar cales son as nosas fortalezas e cales son as nosas oportunidades. E por todo isto estamos elaborando o Plan estratéxico de internacionalización da economía galega; un plan que pretende ser unha folla de ruta clara, con obxectivos medibles e avaliábeles. O obxectivo deste goberno é incrementar as nosas exportacións por riba do 40 % do produto interior bruto, fronte ao 33 % que ten na actualidade. Un plan que pretende, en definitiva, facer de Galicia un país, unha economía, netamente exportadora, e ímolo facer mantendo principios claros de racionalización, de eficiencia e, sobre todo, de coordinación e de implicación de todos os axentes involucrados.

Trátase de colaborar, en definitiva, co sector privado para encauzar a saída cara a fóra, pero tamén a implantación e



captación de investimento en Galicia. Estamos falando de incrementar o noso peso exportador, por suposto incrementar as nosas exportacións. Trátase, en segundo lugar, de atraer capital estranxeiro e tamén de relocalizar o noso investimento fronte á deslocalización. Un plan que ten que converter o Igape na xanela única onde o noso tecido empresarial atope toda a información, todo o apoio necesario na súa saída ao exterior, e por iso, señoría, o Plan galego de internacionalización apoiárase en catro eixes principais, en catro liñas de actuación, que intentarei desbrozar nesta comparecencia. A priorización de mercados e sectores, a colaboración cos interlocutores institucionais, o apoio ao financiamento e a atracción do investimento estranxeiro, estes son os catro eixes que recollerá este plan e que pasarei a analizar polo miúdo.

En primeiro lugar, trátase de priorizar mercados e priorizar sectores. Tomaremos como prioritarios aqueles países, señorías, que veñen crescendo sostidamente nos últimos anos; moitos deles, por certo, crecemento de dous díxitos. Países que ofrecen seguridade, tanto xurídica como económica e política, e que experimentaron un desenvolvemento e conciencia clara de modernización e crecemento dos seus sectores económicos produtivos.

De entre os países que cumpren estes requisitos, dende logo debemos focalizalo naqueles que ofrecen maiores oportunidades ao noso tecido empresarial e onde o apoio da Administración sexa determinante para axudar e acompañar os nosos emprendedores.

Baixo estes criterios, nestes momentos a Xunta de Galicia está a centrar os seus esforzos en países como México, Brasil, Colombia ou Perú. Iberoamérica, como ben coñecen vostedes, é o mercado natural por expansión internacional de Galicia e a ponte entre Europea e o resto do continente americano. Temos unha vantaxe competitiva clara fronte a outros países, especialmente países europeos, que temos que ser quen de aproveitar. E ademais de Iberoamérica, outros destinos interesantes, tanto cualitativa como cuantitativamente, tamén están dentro das prioridades deste Goberno. Así China, Estados Unidos, Reino Unido ou Marrocos son exemplos claros nos que centraremos as actuacións de internacionalización da nosa economía.

En segundo lugar, e de xeito paralelo á priorización de mercados, faremos especial fincapé no fortalecemento dunha

rede de promoción no exterior. Contamos aquí con medidas en desenvolvemento como a reorientación dada á Pesga en colaboración coa Confederación de Empresarios de Galicia; a intensificación e focalización do Foesga en colaboración coas cámaras de Comercio, e o apoio das asociacións de empresarios galegos no exterior como punto de conexión cos mercados, pero seguiremos profundando na colaboración cos diferentes interlocutores, e nese sentido colaboraremos tamén coa zona franca de Vigo, coa que proximamente asinaremos un acordo de colaboración co resto de asociacións provinciais e sectoriais, coas que desenvolveremos actuacións específicas, e por suposto a colaboración cos portos galegos, que son elementos determinantes na posición de Galicia como plataforma loxística.

En terceiro lugar, tamén sabemos que o financiamento, señoría, continúa a ser un elemento fundamental. Un elemento fundamental non só no desenvolvemento interno da economía galega, senón tamén un aspecto fundamental cara á posición que as nosas empresas poden adquirir nos mercados internacionais. E por iso, a través deste plan estratéxico, intentaremos profundar nas diferentes liñas de financiación que xa están á disposición dos empresarios a través de créditos, de préstamos participativos, de garantías e avais, e profundaremos e desenvolveremos novas ferramentas.

Trátase, en definitiva, de facilitar apoios financeiros á inversión produtiva e que fortaleza as nosas empresas nos seus plans de expansión. E para iso estamos traballando da man de organismos nacionais e internacionais como CESDE, como CODIDES, como ICO, como CAF, na articulación de instrumentos útiles para garantir a internacionalización das nosas empresas e que complementen os apoios que xa lle están a reportar ás nosas empresas.

E por outra banda, en cuarto lugar, o cuarto eixe de actuación da política de internacionalización estará centrado na atracción de investimento exterior a Galicia; unha atracción que se verá potenciada, sen lugar a dúbidas, polo incremento da competitividade, que lograremos a través dos esforzos que en innovación estamos a desenvolver nesa política de innovación a través da estratexia de especialización intelixente. E todo articulado a través dunha acción decidida tamén na posta en valor da marca Galicia Calidade, un selo que experimentará un novo pulo e que explicará as nosas



capacidades e o obxectivo que temos de facer as cousas en Galicia tamén desde o punto de vista industrial.

E tamén contaremos con medidas concretas como o reforzo da imaxe de Galicia como plataforma loxística do sur de Europa. Galicia ten unha oportunidade como plataforma loxística e temos que traballar para ser o punto de conexión natural entre Europa e o resto do mundo. Dende logo, contamos con todo o necesario: contamos co solo industrial, con servizos cualificados, con centros tecnolóxicos, con infraestruturas modernas, e temos que ser quen de reforzar a posición de Galicia como plataforma loxística. Dende logo, esta e outras posibilidades que nos ofrece a atracción de investimentos serán estudadas polo miúdo, serán planificadas e serán articuladas a través das diferentes medidas e programas que permitirán neste ano 2013 unha mobilización de 150 millóns de euros a través do investimento de máis de 30 millóns de euros previsto polo Goberno.

En definitiva, señorías, a internacionalización da nosa economía é un proceso moi avanzado e –como lles dicía– non ten volta atrás. As empresas estano demandando, e a nosa economía, a economía galega, precisa que sexa así. Os resultados acadados indican que imos polo bo camiño. Temos que seguir traballando, temos que seguir esforzándonos, pero cremos firmemente na capacidade para chegar moito máis alá, e estamos convencidos de que pode ser así porque temos plena confianza nos nosos empresarios e na nosa economía.

A internacionalización adecuadamente articulada coa innovación e o emprendemento supón unha oportunidade única para Galicia, e dende logo a Xunta de Galicia vai apoiar o noso tecido empresarial neste camiño.

Agora, señorías, quedo á súa disposición agardando todas aquelas suxestións realistas que nos axuden a elaborar este plan de internacionalización que Galicia precisa e, dende logo, a mellorar o noso proceso de internacionalización e a mellorar e traballar cóbado con cóbado co noso tecido empresarial.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Rolda dos grupos parlamentarios. Polo Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Adán Villamarín.

**A señora ADÁN VILLAMARÍN:** Grazas, presidenta.

Bo día, señor conselleiro.

Esqueceu vostede unha empresa, aínda que pertence á Administración pública, que neste momento é quen debe dar uns datos mellores en externalización: chámase Consellería de Educación e Universidade galega, porque dende o ano 2010 80.000 mozos e mozas marcharon. Máis ou menos é unha ratio dunha aula dun instituto galego diario; iso é unha boa forma, dende logo, de formar xente para que despois emigren. Polo tanto, cando vostede vén falarnos aquí de internacionalización cun concepto tan grande, e ademais atormentarnos con que posiblemente nos traia un plan proximamente, señor conselleiro, vostede non está na súa consellería nin na economía galega, nin na industria galega para vir aquí a gabarse de nada. Posiblemente esta primeira acción do novo plan de promoción e propaganda da economía galega, 1.400.000 euros, poden vostedes comprobala na plataforma de contratación da Xunta de Galicia, onde hai uns días coñeciamos que a Consellería de Economía e Industria vai gastar 1.400.000 euros con IVE, máis ou menos, nunha campaña publicitaria. ¿Para que? Para publicitar a economía de Galicia, como principal impulsora de desenvolvemento e emprego dunha terra, recoñecida como Galicia calidade, en tres eixes: internacionalización, investimentos e emprendemento. Lémbrese que de emprendemento xa fíxo dúas campañas, ou sexa que esta podía quitala de aquí porque xa leva gastado bastantes euros públicos en publicitar o emprendemento, co cal, céntrese en investimento e en internacionalización. Francamente, seguramente a súa comparecencia é o primeiro acto de propaganda destes publipreportaxes que van pagarse con cartos públicos para que se fale do magnificamente que está a economía de Galicia como impulsora do desenvolvemento e o emprego.

Francamente, señor conselleiro, unha vergoña. Comezo por pedirlle, xa que nos pide cuestións realistas, que retire esta campaña, que dedique este 1.400.000 euros ao programa que vostede considere prioritario. Por exemplo, que non se vaian de Galicia da orde de máis de 1.000 investigadores dende que Feijóo é presidente. E se quere traballar polo país, deixe de facer propaganda porque non lle cremos, señor conselleiro.

Segundo aspecto. Vostede hoxe podía falarnos aquí, por exemplo, de que ocorre coas grandes empresas galegas.

Porque nos falou moito de internacionalización, pero eu lle traio unha noticia que saíu onte en *el Economista* dixital pero que saíu tamén en moitos medios, e que creo que é boa para que a compare vostede e o que vostede valora este país e que compare o que valora Madrid e que valoración ten a industria.

Día 7 do 4 do 2014: o Goberno rescatará a primeira produtora de aceite de oliva do mundo, o ministro de Alimentación asegura que Deóleo, que se encontra nun proceso de venda, é estratéxica para a economía nacional. O Goberno prepara o rescate da primeira aceiteira do mundo. O Goberno e Mariano Rajoy está preocupado porque se enfronta a que unha inversión financeira crítica termine en mans estranxeiras, ou o que é peor, en fondos voitre. A sociedade estatal de participacións industriais, dependente do ministerio, notificoulle ao Ministerio de Agricultura a súa intención en participar no rescate da empresa. Unha inversión de 100 millóns de euros sería suficiente para que a SEPI lograra, xunto con outros grupos españois, o control da empresa. O ministro de Alimentación –que non sabemos se é candidato en ciernes–, Miguel Arias Cañete, asegurou que o Goberno é partidario de manter a “españolidade” da empresa “estratéxica” para a economía andaluza. ¿Que hai das empresas galegas? ¿Que hai de Pescanova? Porque non era verdade, non era unha empresa que importara que fora galega.

Señor conselleiro, ¿que hai, por exemplo, da compra de R, de San Luís, do Banco Pastor, de Gándara Censa, do Banco Etchevarría, de Barreras, do Banco Gallego, de Novagalicia Banco? Poderíamos seguir enumerando a perda de galegitude de moitas das empresas que foron punteiras e que deberían selo no noso país, e vostede di que iso é porque é o cuarto do plan –se non anotei mal– porque iso vai traer investimentos ao noso país. Señor conselleiro, iso chámase vender a prezo de saldo este país, que é o que están facendo vostedes. E eu non teño nada en contra do aceite e da aceituna nin moito menos, respecto profundamente que sexa un sector estratéxico para a economía andaluza e que, polo tanto, o ministro diga para manter a españolidade, pero é que para a economía galega e para manter a galegitude nós consideramos que hai sectores absolutamente estratéxicos que vostede ten abandonados, por exemplo, o que fixo por non querer intervir para nada en casos como Pescanova, T-Solar, Freiremar, e poderíamos seguir enumerando.

Polo tanto, nós comezamos rebaténdolle que vostedes o que fan é deixar que entre capital para comprar as empresas máis punteiras do país a prezo de saldo, tal e como fixeron con Barreras a través de Pemex.

Segundo, vén aquí tamén a gabarse, no segundo momento da presentación, da súa nova campaña de publicidade do 1.400.000 euros da balanza comercial de Galiza, cando está claro que dende o ano 2008 o que existe é unha caída clarísima do consumo interno, que debería preocuparlle a vostede que non exista ese consumo, que no 2008 importamos por un valor de 15.000 millóns de euros e neste momento estea en caída libre esa variable. Fálenos un pouco, vostede que ten a responsabilidade de Economía, de que está ocorrendo co consumo en Galicia, consumo que ademais, nos propios orzamentos da Xunta para o 2014, estima que haberá un descenso no consumo final dos fogares, incluso con ese descenso que vostede dá, pasaríamos de 2006 en 2012 a 2005, e rebáixao para o 2014.

Mire, señor conselleiro, teño relatado moitas veces cal é a situación da industria en Galiza. Vostede sabe perfectamente que, se imos aos datos, aos datos reais de en qué situación estamos, se perderon neste país un 21 % de persoas afiliadas á Seguridade Social no sector industrial, esa é a realidade. Pero non soamente esa. É que, segundo os propios datos da ocupación e ingresos de explotación a través da Enquisa Industrial de Empresas, podemos ver o que supón un descenso do 25 % das persoas ocupadas en todo o ámbito empresarial, unha caída no número de industrias abertas, de empresas abertas. Exactamente podemos falar en termos de que se pecharon 10.376 empresas. E vostede vénnos falar de internacionalización, o cal –e escóitame ben– non entendemos que vostede fale de globalización como o mellor dos bens posibles. Nós dicímoslle que vostede vén hoxe a botar fume e non a falar da realidade dramática na que estamos.

E como me queda pouco tempo e quero que nos explique eses datos que mostran o colapso absoluto da economía e da industria galega, señor conselleiro, mire, sobre a rede Pexga aínda estamos agardando que nos explique todo o “expediente X”, todo; é dicir os 18 millóns, a utilización dos 18 millóns por parte da Confederación de Empresarios, por onde se abriron esas 13 oficinas, que despois se pecharon a través dun convenio co ministerio. E vostedes agora ¿acep-

tan ou non aceptan a nova Lei de acción exterior? Porque esa nova Lei de acción e do servizo exterior do Estado, aprobada hai quince días, o que fai é recentralizar completamente a través do ministerio as competencias que polo Estatuto ten Galiza. E vostede terá agora que dar contas con carácter previo da apertura de oficinas, da promoción exterior, terá que dar, con carácter previo, contas de se hai viaxes e cales son os motivos das viaxes.

Señor conselleiro, a estratexia do Partido Popular é limitar ou eliminar nas comunidades autónomas a existencia desa acción no exterior. E si que queremos que nos explique a rede Pexga, queremos que nos diga para que serviu, cales están abertas e cal é o traballo que se está facendo. Porque temos reclamado en numerosas ocasións esa documentación e seguimos agardando a día de hoxe. Fixémolo a través de preguntas na Comisión 6ª, a través do artigo 9. E para nós é un tema importante, porque 18 millóns de euros son moitos cartos, tendo en conta que vostede falou de que o plan contemplaría da orde de 30 millóns de euros. Estamos falando de máis da metade do volume do cal falaba vostede que se fará neste plan.

Señor conselleiro, vostede fala, na liña tres do plan que hoxe nos presentaba, do crédito e do financiamento. Nin sequera vostede estivo presente no pleno anterior cando defendemos unha iniciativa, unha proposta de lei, para a creación dun instituto de crédito e investimento para Galiza. O seu departamento non ten orzamento crediticio, o Igape neste momento non ten orzamento para ser un motor da economía de Galiza, e neste momento, grazas ao Partido Popular, Galiza non ten sistema financeiro propio e ten unha gran restrición de crédito. As empresas sábeno, as industrias sábeno.

**A señora PRESIDENTA:** Remate, por favor.

**A señora ADÁN VILLAMARÍN:** Se vostede hoxe vén aquí a facer propaganda do seu plan, nós temos que dicirle sinceramente que se preocupe da economía e da industria. E sexa vostede o que traia a esta Cámara iniciativas realistas e rigorosas. Non nos veña falar, nunha situación de caída da industria galega, de peche de boa parte das nosas empresas, que vender o país a cachos a fondos estranxeiros ou a buitres é a solución.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señora Adán.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

Ten a palabra dona Consuelo Martínez.

**A señora MARTÍNEZ GARCÍA:** Bo día a todas e a todos.

Bo día, señor conselleiro.

Vostede non ve brotes verdes, vostede ve un bosque atlántico onde non hai nada. É que dá vostede uns datos que son alucinantes.

A min gustaríame coñecer realmente o programa Primex ¿non? ¿Para que se dedica? Porque aquí estanos vendendo, primeiro, a implantación en terceiros países. Realmente do que nos está falando é de que a Xunta vai poñer diñeiro dos fondos europeos para a translocación de empresas, para destruír emprego en Galiza e que se cree emprego en países moito máis baratos a nivel salarial.

Así podemos ver, por exemplo, que o señor Feijóo, xunto co ministro de relacións exteriores de Panamá, estaban estudando a posibilidade de que empresas galegas, pemes galegas, se instalen en Panamá para incrementar a súa capacidade exportadora no continente americano. ¿Diso se trata? ¿Son eses os grandes acordos con terceiros países, esas exportacións, e que se implanten as empresas en terceiros países, que dean alí traballo a xente deses países para exportar desde alí produtos que levan a marca Galiza pero que non se van fabricar en Galiza nin van dar traballo ás traballadoras e traballadores galegos? ¿Ese é o plan da Xunta de Galiza nun país que morre de fame e de desemprego? Eu a verdade é que necesito que mo explique.

Segundo datos de Icx, o Instituto de Comercio Exterior, as multinacionais galegas multiplicaron por 12 os seus investimentos no estranxeiro, multiplicaron por 12 os investimentos no estranxeiro, e multiplican por -1 ou por -3 os investimentos en Galicia. ¡Que gran plan ten a Xunta de Galiza! ¡Que ben o está facendo e que ben nos vai ir aos galegos e ás galegas con estas políticas!

Eu pregunto cal é o beneficio para a clase traballadora galega. ¿Cal é o beneficio para a nosa economía real? Pode que

teñan beneficio estas empresas: Inditex, Pili Carrera, Pescanova –17 filiais fóra–, Jealsa-Rianxeira –filiais en Italia e en países latinoamericanos–, Copo –en Brasil e en Detroit–. Pero é que, ademais, xa sae Citroën recomendando a todas as auxiliares que traballan para Citroën que vaian traballar a terceiros países cos salarios máis baratos.

Porque ese é o plan da Xunta, o que nos está vendendo hoxe aquí. De verdade que hai que ter capacidade de engano para virnos vender aquí que a translocación beneficia os traballadores e as traballadoras galegas e a poboación de Galicia.

As multinacionais galegas teñen investido 2.000 millóns en máis de trinta países. Ben, está claro para onde vai o diñeiro, principalmente para Marrocos, que Marrocos di que hai 800 empresas españolas instaladas no seu país. Viza, a Tánger, que marchou de Vigo, destruíu emprego en Vigo, para ir colocarse en Marrocos, porque o presidente de Viza di que a man de obra é traballadora e hábil, e aprenden rápido. Pero tamén está Hispamoldes, que traballa para PSA-Citroën, que di tamén que o custo da man de obra é moi barato. Entón hai que ir para Marrocos.

Iso é o que vostedes están alimentando co seu Plan Primex, para iso nos vale aos galegos e ás galegas. ¿Canto diñeiro van dedicarlle vostede a que Marrocos, os marroquís, teñan traballo, teñan empresas nas que traballar, mentres as empresas que se instalan alí vaian pechando en Galiza? *“Ocho pymes de automoción, aeronáutica e textil se implantarán también en Marruecos mediante el plan de internacionalización Primex promovido por la Xunta de Galicia”*. E alá marchan Neuwalme, Francisco Fernández Lijó, Orval, GIPAT, Delta Montajes, Aquapunto, Indupor e Aega. Sigán mandando empresas galegas para fóra, sigán pechando aquí as empresas. Non entendo qué é o que nos están vendendo.

Pero é que, ademais, a min gustaríame que nos dixera, que nos aclarara isto. O catedrático de dereito financeiro e tributario Miguel Caamaño di que o 70 % das empresas españolas fracasan no seu intento de internacionalización en Asia, e un 50 % non o consegue en América Latina. Gustaríame saber cales son as dificultades se isto é certo, e qué políticas están xerando.

Tamén temos que as exportacións téxtiles de Galiza tiveron unhas ganancias no ano 2013 de 3.443 millóns de euros, un

8 % máis que no ano 2012. E eu preguntome qué beneficio ten isto para os galegos e as galegas. ¿A quen benefician eses grandes beneficios das empresas do téxtil, fundamentalmente Inditex e Pili Carrera, outra das grandes exportadoras –e explotadora tamén, a verdade é que me equivoquei, pero as dúas cousas lle van ben a Pili Carrera–? Porque, por exemplo, aplícaselles aos traballadores de Pili Carrera e aos de Inditex, con tanta marabilla de beneficios e tanta deslocalización das súas empresas para abaratar custos, uns salarios que son unha vergoña para este país. Un especialista de Pili Carrera ou de Inditex cobra 800,21 euros; un oficial, 840; un condutor 942; e un vendedor 963 euros. Eses son os salarios, menos de 1.000 euros ao mes, destas maravillosas empresas que teñen todo o apoio da Xunta para que sigan tendo beneficios, os invistan fóra de Galicia, non creen traballo aquí e sigan explotando a clase traballadora galega sen ningún tipo de control.

Pero falaba vostede tamén do imporante que é o investimento de capital foráneo en Galiza. Xa que o capital galego marcha para fóra, vostedes preocúpanse agora de que o capital de fóra veña para Galiza. Pásanos como cos universitarios, cos titulados e os investigadores. Vostedes permiten que os investigadores galegos teñan que emigrar a traballar do que sexa polo mundo adiante, incluso favorecen que vaian traballar sen soldo a Europa, unha gran marabilla de iniciativa por parte do Goberno galego. E preguntome: ese capital foráneo que vai vir desde fóra a investir en Galicia, ¿vai ser como o de Pemex, que vén comprar empresas galegas? ¿Vai ser como esa gran iniciativa de Porto Cabral, un gran macrocentro que non quere ninguén na cidade de Vigo? ¿Ou van ser esas empresas maravillosas que veñen explotar a nosa terra, como son as empresas da megaminería?

¿Cal é o proxecto que ten a Consellería de Industria con este investimento? ¿Que investimentos son os que están atraendo a Galicia máis que queimar todo o potencial deste país e regalalo a capital foráneo mentres se permite que as nosas empresas pechen?

Gustaríame tamén que nos comentara, porque parece que tamén hai, dentro destas maravillosas liñas que teñen, 62 millóns para proxectos de competitividade ou internacionalización. ¿Que hai realmente da competitividade? ¿Como considera a Consellería que se pode ser competitivo? Porque o único que vemos, a pesar de todo o que din de investir en

innovación, de investir en investigación, é que realmente no único no que se está investindo aquí é en favorecer que as empresas se vaian instalar en lugares onde os salarios son máis baixos, permitindo a destrución de emprego sen ningún compromiso.

E tamén hai... –téño por aquí, quería buscar o nome da persoa que o dixo, do profesor que o dixo, pero bueno–. Parece ser que as únicas empresas que realmente xeran beneficio para Galiza son aquelas que teñen a súa sede en Galiza. E, sen embargo, a Xunta non reclama que empresas como, por exemplo, Navantia ou Fenosa teñan a súa sede en Galiza.

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando.

**A señora MARTÍNEZ GARCÍA:** Vou rematando xa.

E despois, bueno, xa o remate, o marabilloso e o ben de todo ese discurso. ¿Como podemos crer o seu discurso cando fala de reforzar o papel dos portos galegos? Importantísimo o porto de Vigo, importantísimo, pero van a Europa a votar en contra de que Vigo sexa un porto nodal. ¡Por favor!

Non poden seguir políticas distintas nun lado que noutro. Si señor, si, o porto de Vigo sempre foi abandonado, igual que a cidade de Vigo, igual que seguen abandonando a economía galega para favorecer a economía das multinacionais galegas que non van repercutir de ningunha maneira nin no beneficio de Galiza, nin da clase traballadora galega, nin vai mellorar o desemprego do noso país.

Nada máis. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Polo Grupo Socialista, ten a palabra o señor Losada Álvarez.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Grazas, señora presidenta.

Señorías.

Señor conselleiro, a verdade é que a súa intervención me recordou as últimas imaxes da película *Blade Runner*, cando o replicante di aquilo de: “Vin cousas que vostedes non creían, vin raios C brillando na porta de Tannhäuser, pero todos eses momentos vanse perder como bágoas na chuvia”.

Porque a realidade da economía e da industria –podo recitar o replicante de *Blade Runner*, pero bueno... (*O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.*)

**A señora PRESIDENTA:** Silencio, señor Puy, por favor. Silencio.

Señor Losada, ten vostede a palabra. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Bueno, a verdade é que certamente...

**A señora PRESIDENTA:** Perdoe un momento, señor Losada, que parece que o problema é que non se escoita. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Bueno, en todo caso, seguro que todos ou case todos e todas vimos –¿non se escoita?– *Blade Runner* e, polo tanto, sabemos que todos eses datos que vostede conta –lamentablemente unha parte importante– se dilúen como bagoas na choiva porque a realidade da economía galega e da industria galega é outra.

Eu cualificaría a súa intervención, señor conselleiro, de autocompracencia e propaganda. Por certo, en toda a intervención non falou nin unha soa vez de traballadores, falou de empresarios. Está moi ben, indubidablemente os empresarios arriscan, invisten o seu capital, pero eu creo que conviría tamén falar de traballadores e, sobre todo, falar das condicións salariais deses traballadores.

Eu creo que ten que evitar o triunfalismo, señor conselleiro. É certo que as exportacións ao exterior no ano 2013 melloraron, e melloraron máis que no conxunto de España. Pero tamén é certo –vostedes que teñen tanta tendencia ao medio e longo prazo e que acoden con tanta frecuencia á era Zapatero e á era do bipartito– que entre o ano –falo en xeral, metodoloxicamente, señor conselleiro, enténdeme seguro– 2008 e o 2013 o aumento das exportacións en Galicia foi quince puntos inferior á media de España; en Galicia medraron un 32% e en España un 46,5%.

E, por certo, eu, que non son nacionalista, creo que hai que falar tamén das relacións comerciais co resto de España. Porque, indubidablemente, se falamos da balanza de expor-



tacións de bens e servizos fóra de Galicia, temos que falar dos países estranxeiros, indubidablemente, pero temos que falar tamén do resto de España. E como sabe, señor conselleiro, aí a situación é un pouco diferente –e digo un pouco por isto de ser elegante–, é moi diferente. É tan diferente –fixese vostede– que o déficit duplicouse do ano 2012 ao ano 2013. No ano 2012 eran 1.500 millóns de euros e no ano 2013 eran 3.000 millóns de euros. E iso a pesar de que, lamentablemente, as importacións seguen diminuindo.

E, por certo, señor conselleiro, eu estou acostumado a escoitar aquí as clases maxistras do voceiro de Industria do Partido Popular sobre a virtualidade e a importancia estratéxica dos saldos comerciais. Pero, como todos sabemos, os saldos comerciais, as caídas das importacións, señor conselleiro, teñen unha dobre motivación. As caídas das importacións de bens de consumo significan menos capacidade de compra, menos renda, que, efectivamente, é o que está, lamentablemente, acontecendo na comunidade autónoma que vostede goberna.

E a caída de bens de consumo significa o que todos sabemos, que o financiamento está literalmente paralizado, o financiamento da iniciativa privada, e no caso da inversión pública todos sabemos que, con ese mantra do déficit cero, a temos tamén baixo mínimos. Entón é neste contexto, permítame, señor conselleiro, que lle diga, onde se moven as relacións da economía galega co resto de España. E recoñezo o dato de mellora obxectiva das exportacións no ano 2013.

Pero, en todo caso, desde logo, hai que ver tamén que significa este saldo exportador para o conxunto do crecemento do país. E tamén sabe que aquí temos claroscuros; é dicir, o saldo exterior supuxo 2,3 puntos de crecemento no ano 2012 e soamente 1 punto no ano 2013. Polo tanto, imos aquilatar os datos dos que falamos aquí porque, se non, seguimos nesa porta de [...] de publicidade e propaganda, pero a realidade social, laboral e económica deste país é outra.

E, mire, a diferenza estase acurtando de tal maneira, señor conselleiro, que, en relación co PIB, a diferenza entre importacións e exportacións no ano 2011 era de 9,1 puntos a taxa de crecemento; e no ano 2013 foi soamente de 2 puntos. Porque é verdade que as exportacións creceron un 11,5%, pero tamén é verdade que as importacións co resto do mundo creceron un 9,5 %. Polo tanto, a min non me vale falar en ter-

mos macroeconómicos exclusivamente de exportacións, quero oír falar de saldo comercial; por certo, insisto, do que levo oíndo falar ao Partido Popular durante o que vai de lexislatura.

E logo hai cuestións importantes en termos da caracterización, señor conselleiro, dese tecido exportador. Eu creo que hai catro características fundamentais das que vostede falou dunha maneira –digamos– etérea por non baixar aos problemas que de verdade existen, sen ningunha dúbida, nese tecido exportador galego. O primeiro é a concentración sectorial, que o lamento moito, señor conselleiro, pero non melloira; dous sectores, o sector téxtil e o sector da automoción, manteñen o 50% das exportacións desta comunidade autónoma. E seguro que vostede lle explicaba aos seus alumnos que unha das características fundamentais do subdesenvolvemento económico era a elevada concentración das exportacións, iso que se chama monocultivo e que significa unha extrema debilidade dos tecidos produtivos, porque ante alteracións importantes nos mercados de consumo, fundamentalmente dos países europeos, eu sei que convén a veces ir a México dicir que se vai exportar leite. A min sooume moi raro, de feito pregunteille ao meu compañeiro Pablo García, voceiro de Medio Rural, e díxome que a el lle estrañaba un pouco. Bueno, efectivamente, estrañábanos a todos –aos que estabamos aquí, aos que producían o leite e supoño que aos mexicanos moito máis–, entre outras cousas porque México é absolutamente autosuficiente en produción láctea, como seguro que... (*Murmurios.*) Si, si, en produción láctea, si, outra cousa son produtos elaborados, salvo que mandemos o leite para que alí fagan queixo e manteiga, que é outra posibilidade, señor conselleiro. Molesteime en miralo, polo tanto, revise os datos, por favor.

Polo tanto, por un lado, unha elevada concentración sectorial. Outra característica, un moderado compoñente tecnolóxico; é dicir, aproximadamente un 55% dos bens exportados son de contido tecnolóxico medio ou medio baixo. Por exemplo, en Alemaña –foi vostede o que falou de Alemaña, non eu– é menos do 30%, por tanto, aí tamén debería haber algo que facer.

Por outro lado, un número reducido de empresas. É verdade que vostede segue falando de 2.000 novas, 3.000 novas... Bueno, en fin, unhas cifras que son practicamente como as do número de residencias de día que conta a conselleira do



ramo. É dicir, unhas cifras progresivamente crecentes que calquera parecido coa realidade –na opinión, desde logo, deste voceiro– é mera coincidencia. E, por último, desde logo, un tamaño medio das empresas moito máis reducido do que é a media mesmo de España; xa non digamos dalgunhas comunidades españolas como pode ser o caso de Euskadi, de Navarra ou de Cataluña.

E neste contexto, ¿que fai a Xunta de Galicia? Bueno, pois fai fundamentalmente unha utilización propagandística. E eu volvo a Pemex, e volvo a Pemex porque digo o que dixen sempre nesta tribuna, que me alegro de que se fagan os flo-teis de Pemex en Vigo e en Ferrol. A verdade é que tamén é verdade que quero velo. Tamén digo que –como dixen aquí moitas veces– cando pasaba ás sete e media da mañá diante de Barreras aquilo estaba pechado, agora polo menos están os coches dos traballadores, polo tanto, estase traballando. Dito iso, a utilización propagandística que se fixo deste feito por parte do Goberno foi intolerable, foi unha utilización puramente electoral do que eran necesidades laborais dramáticas dos traballadores do naval en Vigo e en Ferrol. Dixémolo e, desde logo, mantémolo, porque é exactamente así.

E, por certo, sigo esperando que alguén se desculpe porque a televisión pública de Galicia, pagada con fondos de todos os galegos, interrompera a súa programación habitual para contarnos a firma de non sabemos moi ben que, porque non nos proporcionaron o que firmaron –ao mellor era unha fotografía dedicada–, en hora de *prime time* no pazo de Raxoi. Isto é o que vostedes facían en relación coa expansión exterior.

Logo falou vostede tamén, dentro dese novo plan de internacionalización da economía galega –que eu lle pido, por favor, que non ocorra como co Ris3, se o podemos ter un tempo antes agradézollo porque, bueno, a capacidade intelectual, desde logo, deste voceiro é limitada; e, polo tanto, é incapaz de, en quince minutos ou en vinte e catro horas –necesita durmir un número razoable delas– velo cunha certa profundidade. Entón, se o van facer e vai ser tan completo, eu agradecería telo cun pouco de tempo.

Falou vostede aí do Igape. Falaremos do Igape, teremos ocasión de falar do Igape. Falou, por certo, de priorización de mercados e sectores. Mire, ¿quere que lle conte como foi a

cousa? O Igape, durante case vinte anos de vida como institución, con máis ou menos acerto, promoveu unha rede exterior en Galicia. Chegou o señor Feijóo e o seu conselleiro naquel momento e deulle non sabemos a cambio de que –e, digo, non sabemos a cambio de que porque pedimos a información e non nos foi proporcionada– 3.000 millóns das antigas pesetas, 18 millóns de euros, á Confederación de Empresarios de Galicia para, en teoría, expandir a rede comercial de Galicia no exterior –remato, señora presidenta–, e agora volven de novo a unha fase de recentralización coas institucións estatais –españolas–; e, por outra parte, o propio Igape parece que vai estender esa rede Pesga, e no queda claro –polo menos na nota de prensa que vostedes fixeron– se vai ser responsabilidade súa ou da Confederación de Empresarios de Galicia. Polo tanto, aí tamén nos gustaría que nos dixerá algo.

E logo o punto 3 dese plan de investigación, apoio e financiamento.

**A señora PRESIDENTA:** Remate, por favor.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Mire, estivo aquí –como sabe– o comisario de Política Rexional, o señor Ram, e falou da necesidade de artellar o financiamento rexional e o Banco Europeo de Inversións. ¿Por que non seguen adiante? ¿Terá algo que ver coa operación Campeón, co señor Dorribo e coa utilización fraudulenta de fondos do BEI por parte da Xunta de Galicia, recordando a entrevista con luz e taquígrafos –os taquígrafos debían de ser mancos e a luz estaba apagada– do señor Feijóo en San Caetano?

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señor Losada.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Grupo Popular. Ten a palabra, señor Arias.

**O señor ARIAS VEIRA:** Señora presidenta. Señorías. Señor Conde.

Bueno, a min pareceume claro, coherente e serio este grupo parlamentario para a comparecencia e un plan de internacionalización. É dicir, a concepción de Galicia no ámbito internacional que lle escoitei ao señor conselleiro de Economía e

Industria que, por unha banda, o conciben dun xeito polivalente; é dicir, por outra banda, concíbeno dun xeito integrado, é dicir, todo o circuíto nun enteiro. Por outra banda, concibe tanto exportación como inversión de capital posible en Galicia. Por outra banda, que vai formalizar máis no novo plan estratéxico, vai facer unha formalización explícita con obxectivos concretos de futuros e ponderados.

Ao meu xuízo, os datos que utilizou son datos para este tema específico, son datos reais, pertinentes e significativos. Son os volumes efectivos de inversión estranxeira, os volumes efectivos de comercio exterior de Galicia co estranxeiro nunha balanza comercial interior. Mencionou todos os países obxectivo, mencionou todas as realizacións deica a data actual. Ao meu xuízo foi un tipo de comparecencia canónica, seria e integrada, e incluso sucinta, dentro de todo o conxunto dos contidos.

Este Grupo Parlamentario Popular subscríbea, como xa vimos subscribindo dende o ano 2009 unha política de concepción de Galicia aberta, de Galicia sen complexos, fronte a internacionalización. É dicir, incluso o que está ocorrendo agora é que progresivamente se están sumando cada vez máis industrias que non soamente exportan, non soamente trasladan, non soamente van máis alá de Galicia as grandes empresas; senón tamén as pequenas e as medianas. Que hai procesos de colaboración e proxectos conxuntos entre empresas, iso está aí, é verdade, sabémolo todos. Todos sabemos que o Igape ten prestixio, todos sabemos que existe un eco positivo da política de internacionalización económica da Xunta de Galicia, sabémolo. Estamos na sociedade, no mundo, no tecido económico empresarial. Sabemos tamén que hai problemas, sabemos que segue habendo problemas.

Lía as críticas que formula a oposición e diríalle á portavoz do Bloque Nacionalista Galego, dona Carmen Adán, que estabamos discutindo –bueno, non está aquí, pero o digo para os compañeiros do BNG; non importa, que eu tamén me ausentei un segundo por unha cousa e desculpen... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) pero un segundo... máis dun segundo... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Préstame moita atención, agradézollo, por sistemática, non me sinto insignificante grazas a vostede.

Entón, dinos unha serie de críticas a persoas, dinos unha serie de críticas. ¿Que pasa con Pescanova, Censa, etc.? É dicir,

son temas pertinentes, non imos dicir que... (*Murmurios.*) Perdoe, tamén falou vostede do consumo interno, dos problemas das persoas, ¿vale?, dos afiliados á seguridade social, das caídas na industria, etc.; é dicir, problemas sociais pertinentes, eu non digo que non falara de nada que non fose pertinente, nin sequera a problemática discusión que fixo sobre as partidas para unha posible que pode ser ou propaganda ou publicidade de difusión, o que vostede ve como... Nós pensamos que o problema da difusión da información estratéxicamente nestes campos é importante. Sabemos que se facía noutros gobernos, que se fai sempre noutros gobernos. ¿Desmesurado ou pertinente? Non nos parece, pero o que ocorre é que non podemos discutir polo miúdo especificamente todos eses temas que non son obxecto desta comparecencia. Sabemos como é unha dinámica parlamentaria, que ten o seu espazo en cada punto, comisións, etc., etc., temática.

Dona Consuelo Martínez fai xa unha crítica –por dicilo así– máis de concepción económica alternativa, que respectamos, pero non compartimos. É dicir, onde dalgún xeito nós vemos inversión exterior, vostede ve colonización económica. É dicir, cando vostedes din que os que están invertindo aquí veñen sacar determinado tipo de oportunidades, etc., eu enténdoo, é a concepción estratéxica e ideolóxica da teoría da colonización e da colonización interior, que realmente o portavoz do seu partido ten escrito, que vostedes están dicindo moitos tempos, que discuten a problemática dos salarios neste caso concreto tamén e que hai un neocolonialismo de explotación.

Nós consideramos, cando xa o portavoz do Partido Socialista... Bueno, a min o máis interesante que me pareceu da súa amena –si, interesante e amena– intervención era a concepción de máis apertura de comercio exterior, non soamente estranxeiro, senón tamén Galicia e España, que tamén podíamos pensar que adaptando ese enfoque temos unha concepción nacionalista, ¿non? España tamén e o estranxeiro. Aínda que é verdade que dende unha perspectiva de multiplicador de comercios exteriores hai que ver todo o que sae do autonómico. É dicir, moitas das cousas que son complexas de discutir aquí, de verdade, de verdade. Non, non se trata nin de presumir, nin de facer cuestións, pero ás veces hai unha lóxica que te obriga á verdade, destas cousas que fai que nos compliquemos un pouco todos, fundamentalmente os que vimos da universidade, dalgún xeito, porque chirría un pouco dicir banalidades, incluso, ¿non?

Pero aquí nós temos un problema de fondo, que é que a economía galega, como o conxunto da economía española, ten unha orixe da crise compartida por todos, sexa Krugman, Stiglitz, todos, todos; que unha crise de desenrolo con endebedamento excesivo non se materializa nunha inversión vendible. Entón, nin sequera tendo moeda propia, se seguimos tendo unha peseta, nin sequera Galicia tendo incluso –por dicilo así– unha moeda autónoma propia, sería eficaz unha política de devaluación interna convencional; nin sequera as políticas económicas fiscais serían axeitadas igual. Porque, imos ver: non podemos facer política internacional máis que a que está facendo a Consellería de Industria. En concreto, en Galicia, ao meu xuízo, que é moi orixinal, saben do 2009, que estaba o señor Guerra, xa sempre con Feijóo, con este conselleiro –tamén outro profesor económico universitario–, tamén nós sempre tivemos un consenso absoluto polo seguinte: sabemos que se non temos posibilidade de manipulación de moeda non nos queda outra oportunidade que facer exportación de iniciativa propia exterior. Hai que buscar a apertura de mercados exteriores indo coa maleta, o que dicía o señor conselleiro da diplomacia: converter a diplomacia –como dicía o señor Francisco Conde– incluso nun factor económico, facer unha diplomacia económica, estar aí incluso como se foran os políticos convertidos en axudantes de inversores. Isto pode parecer dentro dunha teoría de capital unha subordinación, pode parecer unha axuda.

Xa ven vostedes o Partido Socialista cun cambio importante economicamente no ano 2010 –sábeo vostede–. Forzado ¿por que? Pois eu penso que por responsabilidade. Era unha contradición, foi unha contradición ao seu programa, pero se non non había dalgún xeito autorización para a refinanciación da economía española. Sei que, bueno, incluso a Lei de estabilidade que subscribe o Partido Socialista co Partido Popular de equilibrio presupostario non a comparten o resto das opcións políticas, eu penso que é responsable. Eu penso que era responsable porque se non non existía refinanciación da economía de conxunto.

Entón, problema da teoría e práctica, ¿é propaganda ou é responsabilidade? Dalgún xeito entramos nisto. A nós parécenos en todo caso que está axeitado porque o único xeito que temos sen ter os resortes da política monetaria, os resortes da política fiscal, os resortes da política arancelaria é un contexto de globalización. Eu, no eido específico que o

señor Conde veu explicar aquí, que é como conquerimos máis exportación,...

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando.

**O señor ARIAS VEIRA:** ....como internacionalizamos, vostede di que podemos arriscar caer no monocultivo, señor Abel Losada. ¿Podemos realmente?, ¿vostede pénsao realmente? Eu penso que non, porque hai tanta diversificación. Incluso temos agora o tema de que existen moitos outros países que se estaba demostrando hoxe o paradoxo de Hollings como vostedes saben, ¿non? Incluso países co mesmo compoñente e incluso os mesmos niveis de desenrolo de estruturas industriais fan fluxos interindustriais especializados menores cun amplo nivel de comercio, incluso agrario, que é o que están tratando de facer paréceme que a Xunta de Galicia e todos os organismos.

A min paréceme, –repito– parécenos serio, estamos realmente moi identificados con este tema dende unha perspectiva racional, esperamos a presentación dese novo proxecto, loxicamente, que procuraremos axudar, matizar, en calquera caso facer unha defensa sería remando todos nunha dirección que hoxe é imprescindible para Galicia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Réplica do conselleiro de Economía e Industria, don Francisco Conde López.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López):** Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, a verdade é que eu lamento que cada vez que veño comparecer a este Parlamento, facer unha comparecencia, ou ben os grupos dedícanse a ler a prensa ou ben a repetir cualificativos como “autocompracencia” e “propaganda”. Eu laméntoo moitísimo. Eu vin falar aquí de internacionalización e lamento que en moitas das intervencións non se falara en absoluto da internacionalización, nin se fixera ningún tipo de referencia ao contido da propia comparecencia. Pero, bueno, lamento que sexa unha praxe habitual por parte da oposición, que un vén falar dun tema concreto, dar datos concretos, propostas concretas, e fálase de cousas totalmen-

te distintas, das que se pode falar loxicamente tamén en sede parlamentaria. Eu vin falar aquí de se é bo ou non exportar para Galicia, se é bo ou non atraer investimento estranxeiro, se os instrumentos son os adecuados, se hai algunha proposta realista por parte da oposición, e lamento que ningún dos tres grupos parlamentarios –o PSOE, AGE e BNG– dera resposta ao contido da propia comparecencia.

En calquera caso, señorías, efectivamente, a situación económica de Galicia non é doada, a situación que temos en Galicia é unha situación difícil, a situación do paro non é de recibo, por suposto que non, e niso estamos a traballar. Estamos a traballar precisamente en xerar as condicións dende o punto de vista de política económica para que os nosos traballadores e as nosas empresas poidan superar esta situación de crise. E nese sentido a política de internacionalización é un dos eixes de actuación deste Goberno. E iso é precisamente o que esta mañá intentei –loxicamente intentarei seguir, mentres dure a comparecencia– trasladar a esta Cámara. Eu lamento que se poñan en dúbida as diferentes políticas de internacionalización que se están a desenvolver por parte da Xunta de Galicia, e moito máis, loxicamente, que se poña en dúbida a capacidade competitiva que están a ter as nosas empresas. Son datos reais e, loxicamente, as nosas empresas están a facer todo o que está nas súas mans, e o Goberno tamén, para axudar a esa posición competitiva.

Dende logo, cando o señor Losada plantexa cal é a situación do tecido produtivo de Galicia, pois, loxicamente, é unha descrición obxectiva de que é así, non hai ningunha dúbida respecto da importante concentración sectorial que ten Galicia, non a hai; non hai dúbida tampouco do compoñente tecnolóxico das nosas exportacións, do número reducido de empresas e do tamaño medio. Pero, señor Losada, niso estamos a traballar e hai unha mellora clarísima dende o punto de vista dos datos que se reflicten en temas de internacionalización, en temas de competitividade: a diversificación sectorial de Galicia cada vez é maior, o compoñente tecnolóxico que ten a nosa industria cada vez é claramente maior, as empresas están incrementando a súa posición non estranxeiro, e hai un dato real reflectido e de cantos son os incrementos das empresas exportadoras: incrementáronse un 29 % dende o ano 2009; esa é unha realidade, e seguimos a traballar. E, dende logo, o tamaño reducido das empresas é unha limitación que temos, e por iso hai programas para permitir

unha maior colaboración por parte das diferentes empresas cando queren saír ao exterior.

Cando falamos de competitividade, efectivamente, temos que intentar ser os mellores. A economía global nestes momentos non nos permite pensar que a nosa competencia está en Lugo, Ourense, A Coruña ou Pontevedra; nós temos que competir claramente nos mercados internacionais aínda que haxa visións claramente localistas que... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Non se oe nada. Presidenta, non se oe.

**A señora PRESIDENTA:** Mire a ver.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López):** Non, non se escoita isto.

Si, ¿agora si? Si.

Dícialles que, efectivamente, estamos a traballar para que a posición competitiva do noso tecido industrial cada vez sexa maior, e esa competitividade reflíctese na posición que teñen as nosas industrias no exterior. A partir dun determinado umbral de competitividade, loxicamente, adquiren unha maior relevancia aspectos que coñecen perfectamente, como a calidade do produto, os servizos que se proporcionan, o deseño, a diferenciación. E nese eido as nosas empresas están demostrando nos mercados internacionais que son capaces de competir –como lles dicía– nunha economía global e non nunha economía local.

Dende logo, o éxito das exportacións só será real na medida en que a intensidade tecnolóxica das nosas exportacións cada vez sexa maior e tamén na flexibilidade que nos procesos de produción poidan incorporar os nosos empresarios. E estano a facer. E os datos de exportación reflicten que, efectivamente, a nosa industria e as nosas empresas cada vez son máis competitivas.

Eu lamento que tanto a posición do grupo de AGE como a visión que ten o BNG sexa de colonización, de vender Galicia. Eu laméntoo profundamente, porque eu non sei se manteñen ese discurso cando se trata de explicar aos galegos e galegas que traballan, por exemplo, en Pontevedra, en PSA Citroën, en Bosch a situación destas empresas. Tampouco,

entendo perfectamente... (*Aplausos.*) Eu non sei se a oposición cando se reúne cos traballadores de Alcoa tamén lles traslada este tipo de dúbidas sobre o capital estranxeiro, eu non sei se cando van a Pontecesures se reúnen ou non co Comité de Empresa de Nestlé, pero parece que o discurso non o manteñen cando falan con eles que cando están nesta Cámara. Tampouco entendo moi ben a posición de AGE no seu discurso cando fala do capital, porque parece que cando o capital provén de Venezuela non pasa nada. Semella que o problema non é, polo tanto, o capital se é estranxeiro ou non, se o problema pode ser que sexa segundo a nacionalidade dese capital.

Dende logo, nós o que si estamos a apostar é por reforzar a oposición competitiva dos nosos empresarios (*Murmurios.*), por darlles os instrumentos adecuados desde o punto de vista da internacionalización e, loxicamente, instrumentos tamén de financiamento.

A verdade é que como o Grupo Parlamentario de AGE se interesa tanto pola internacionalización, tamén me estraña, porque non se entende moi ben esa visión de levantar muros, ¿non? Parece que a oposición permanentemente pretende levantar muros co resto do mundo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) Hai poucos días a candidata ás eleccións europeas de AGE falaba de que a situación idónea era unha soberanía alimentaria para Galicia. Bueno, eu non sei se realmente o que pretenden é que os alimentos consumidos en Galicia sexan os que producimos e que consuman os galegos, ou ben se pretenden ou non incrementar a posición competitiva das nosas empresas. (*Aplausos.*)

Por certo, señor Losada, México importa leite. México é importador de leite, leite en po en moitas ocasións, e hai unha oportunidade clarísima de captar mercado para o noso sector lácteo, que debería de saber que a eliminación no 2015 das cotas lácteas obriga (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) dalgunha forma...

**A señora PRESIDENTA:** Señor Fajardo.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López):** ...a incrementar a nosa posición competitiva nos mercados internacionais, e, dende logo, é unha responsabilidade do Goberno, tamén no sector lácteo, de incrementar as

nosas exportacións. México pode ser, é perfectamente un obxectivo clarísimo e hai outras moitas máis oportunidades que se poden explorar.

Pero xa digo que eu non sei se a posición da oposición neste sentido consiste en levantar muros no eido alimentario, no eido eléctrico, no eido dos impostos, no eido... Eu non sei se algún día e estou temendo que poidan plantexar poñer fronteiras aduaneiras en Galicia, pero realmente eu creo que temos que falar cun pouco de seriedade. Eu sinceramente, señorías, estou encantado de poder tomar un ribeiro, un rías baixas ou un ribeira sacra aquí, igual que podó respectar perfectamente que poida alguén tomar un ribera del Duero, pero, señorías, eu do que estou orgulloso, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) do que estou orgulloso é de que haxa viños...

**A señora PRESIDENTA:** Estou a piques de chamalo á orde, a piques.

Perdón, conselleiro. (*O señor Fajardo Recouso pronuncia palabras que non se perciben.*)

Faga o favor, non ten vostede a palabra. Xa me estrañaba a min non ter que chamalo á orde, pero faga o favor. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Señor conselleiro, ten a palabra.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López):** Eu estaba intentando trasladarlles desde o punto de vista da internacionalización que do que estou orgulloso é de que haxa viños galegos dende China a Estados Unidos, e creo sinceramente que esa é a riqueza de país, aínda que parece que a moitos, sobre todo na oposición, non lles guste este tipo de posicionamento. (*Aplausos.*)

Señoría, falábame vostede da Rede Pexga. Efectivamente, un convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Confederación de Empresarios de Galicia, que se reflicte en resultados concretos. Estamos a falar de 86 licitacións internacionais en vinte e sete países que acadaron un total de 200 millóns de euros grazas á actuación da Pexga, un total de servizos ofrecidos a máis de cincocentas empresas; o número de empresas incrementouse nun 29 %. E dende o punto de vista orzamentario, señoría, eu entendo que dende o punto



de vista político lle guste falar dos 18 millóns de euros; non é certo, si é certo que o orzamento inicial foron 18 millóns de euros, a execución final acadou un aforro do 60 %. Polo tanto, estamos a falar dunha xestión eficiente e eficaz por parte da Consellería dos recursos públicos, en colaboración loxicamente coa Confederación de Empresarios de Galicia.

Canda falamos da Rede Pexga falamos de resultados concretos, falamos dun balance e, dende logo, nós seguiremos a traballar cunha soa obsesión: en primeiro lugar, utilización dos recursos públicos de forma eficiente e, dende logo, tamén intentar buscar o éxito das empresas galegas da forma máis eficaz posible. Nós estamos dende que se desenvolveu a Rede Pexga, xa lles digo cun aforro orzamentario do 60 % dende eses 18 millóns dos que vostedes falan, e nós dende logo seguiremos traballando, intentando aforrar, intentando levar efectivamente as nosas oficinas ás embaixadas e ás cámaras de comercio de España no estranxeiro se iso nos permite manter a nosa capacidade de actuación e de aforrar, como se ten desenvolvido na lexislatura pasada e seguiremos a traballar nesta.

Fálanme de perda de autonomía e de perda de capacidade de autogoberno por parte da Xunta de Galicia coa Lei de acción exterior. Eu lamento que confundan información coas competencias que ten este Goberno en materia de internacionalización. Non imos perder ningún tipo de competencia en materia de acción exterior. Independentemente de que aínda que non lles guste, ,0'si colaboraremos cos diferentes instrumentos que están ao dispor dos nosos empresarios, tanto dende o punto de vista de financiamento como dende o punto de vista dos servizos que se ofertan por parte do Estado. Colaboraremos con eles, pero manteremos a nosa capacidade de actuación no exterior.

Señor Losada, eu lamento que recorra a penas e recorra á operación Campeón, láméntoo profundamente. Eu aínda estou esperando... Vostede fala de desculpas; eu lamento a posición do seu grupo, en concreto o seu grupo, tamén da oposición loxicamente. Pero xa que me fala vostede do tema de Pemex si lle teño que reflectir que aínda estamos esperando que vostedes se desculpen con Pemex e que vostedes se desculpen con este Goberno despois de poñer en dúbida (*Aplausos.*) o investimento desta cuarta petroleira do mundo. Os compromisos, aínda que non lles guste nin ao Partido Socialista nin tampouco a AGE nin ao BNG, os compromi-

sos de Pemex están perfectamente reflectidos, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) vanse facer eses dous floteis en Ferrol, prodúcese un investimento en Barreras...

**A señora PRESIDENTA:** Señora Díaz.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López):** ...e xa hai un investimento comprometido –aínda que non lles guste– de máis de 600 millóns de euros, que se dedicarán ao sector naval en Galicia grazas á presenza da cuarta petroleira multinacional.

Láméntoo moitísimo. Polo tanto, espero esas desculpas, tanto do seu grupo como de vostede persoalmente, por poñer en dúbida os compromisos de Pemex e por poñer en dúbida en todo momento todas as actuacións. É máis: pregaríalle que se desculpe tamén co sector, porque continuamente coas súas actuacións, tanto en sede parlamentaria como fóra de sede parlamentaria, deterioraron permanentemente ou intentaron polo menos poñer en dúbida a imaxe do noso sector, e iso loxicamente non concorda cunha oposición de responsabilidades por parte dun grupo da oposición. (*Aplausos.*)

Por último, a representante de AGE falaba do programa Primex. Eu lamento que non o coñeza, eu ínsto a que o coñeza polo miúdo. Non se trata de ningún tipo de inversión nin de deslocalización, trátase dunha primeira implantación comercial en países de destino e, polo tanto, da posibilidade de que as nosas empresas poidan colaborar, estano a facer, están gañando mercados grazas a este programa. E, dende logo, nosoutros dende o Goberno seguiremos apoiando este tipo de iniciativas.

Poñer en dúbida –como lles dicía ao comezo– a política de internacionalización é poñer en dúbida datos obxectivos. Señorías, dentro da lóxica tendencia que marcan estes datos é unha realidade que as nosas exportacións están medrando, que presentamos o segundo mellor saldo comercial de España e que somos a cuarta comunidade autónoma onde máis medraron as exportacións. Eu non lle daría moitas máis voltas, salvo que temos que seguir traballando para que os nosos empresarios sigan gañando competitividade, porque dende a innovación, dende a flexibilidade nos procesos de produción, dende a mellora do deseño, da diferenciación de produto, da prestación de servizos, aí é onde temos que gañar competitividade. E insisto: a competitividade está



orientada non a competir en Galicia nin entre os galegos, senón a competir na economía global e, polo tanto, ser os mellores nos mercados internacionais.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, conselleiro.

Rolda especial de aclaracións.

Polo Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Adán Villamarín.

**A señora ADÁN VILLAMARÍN:** Grazas, presidenta.

Señor conselleiro, debemos explicarnos moi mal desde esta tribuna, porque eu sempre o vexo moi atento e, desde logo, non nos dá explicación das cousas que lle preguntamos.

Mire, unha reflexión e catro propostas. Reflexión: leite, Galicia, México. Porque vostede di que nós non estamos colonizados ou que non existe unha neocolonización. Explíqueme unha cousa: se máis do 80 % do leite que as vacas galegas, efectivamente, dan en Galiza é propiedade de marcas francesas desde o primeiro momento, desde o primeiro momento da súa transformación, é dicir, que está en mans de empresas francesas, ¿vostede que vai vender?, ¿vai ser comercial das empresas francesas?, ¿de que nos está falando?, ¿que ganancia é iso para Galiza? Vostede debería ter a obriga de sacar a adiante un grupo lácteo galego e o demais nada, o demais é pois iso, non sei a porta xiratoria... (*Aplausos.*) Que lle gusta a empresa do leite, pois si, busque vostede aí a saída, pero non nos veña dicir que vender leite en México é unha solución para o país, porque non nos pode tomar así o pelo. Iso, colonización; neocolonización na era da globalización se quere, válenos igual. Pero a globalización significa, e poderíamos dar un debate, que un vello dito que dicían os tratantes de vacas: “Amiguiños si, pero a vaquiña polo que vale”. E vostedes venden Galiza.

Catro propostas. Primeira: priorizar mercados. Téñeno moi fácil, hai unha lei recentemente aprobada. Para nós é prioritario a lusofonía, na cal ademais temos valor engadido. Comprobe por certo como as industrias culturais descendéron un 95 % de exportacións nos últimos anos e preguntelle

algo ao conselleiro de Cultura, que o ten moi cerca –digamos– cando están no pleno.

Rede Pexga: recurso de inconstitucionalidade. Nós entendemos que hai unha invasión clarísima de competencias, presente o Goberno o recurso de inconstitucionalidade e non nos recite a nota de prensa. Nós levamos varias polo menos –tres notas de prensa que eu recorde– do Goberno dicindo antes co anterior conselleiro e con vostede que se reducira un 60 %, pero non temos explicacións reais de onde se reduciu e se, efectivamente, eses 18 millóns non foron para a Confederación de Empresarios. Soamente lle pedimos, soamente, conselleiro, que nos dea as explicacións oportunas. Porque nós consideramos que, efectivamente, se debe facer acción exterior dende o Igape ou dende a Consellería de Economía e Industria. Non imos entrar, non, dende a Confederación de Empresarios, sacando moita ganancia e tendo algunhas das oficinas pechadas como ocorría ao principio, pagando ao mesmo tempo alugueiros por outras oficinas.

Terceira proposta. Créditos, préstamos e participacións falou vostede na terceira liña. Xa llo dixen, aquí nós propoñemos a creación dun Instituto de Crédito e Investimento. Vostede nin participou nin estivo no debate, votou en contra o seu grupo. De vostede estar disposto como conselleiro de Economía a entrar ao debate, volvemos rexistrar esa iniciativa de lei, non temos ningún problema. Pero consideramos que un Igape onde foi reducindo ata chegar aos 80 millóns, dende 306 millóns de euros no 2009 ata 82,5 no 2014, é que nin créditos nin préstamos participativos nin nada, señor conselleiro. Non nos conte outra vez esa historia. Vostede, e xa llo volvo dicir, ten aí un Igape zombi e terá que facer con el algo nesta lexislatura. E nós propoñemos claramente que se faga un instituto público, un Instituto Galego de Crédito e Investimento.

E, por último, a respecto do investimento exterior. Nós o que hoxe lle propoñemos vista como para... e para o ministro de Agricultura a aceituna é algo moi importante e o aceite, que vostede asuma a importancia estratéxica de Pescanova, que se asuma para Galiza a importancia estratéxica de Pescanova. Eses son feitos. Cando vostede vén aquí repetir cifras, que o que realmente nos din –como xa se dixo antes– é que ese incremento fundamentalmente das exportacións é debido a un aumento na fabricación de vehículos de motor, e supón case un 60 %, é dicir, os bos resultados de Citroën,

¿que hai do resto das empresas e do resto das industrias? Nada.

Mire, non digan que non temos propostas, díganos que son...

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando.

**A señora ADÁN VILLAMARÍN:** ...completamente diferentes ás de vostede, pero si que as temos. O que pasa é que vostedes teñen un modelo de país que non compartimos, que é gabar-se de que os fondos de inversión, que os fondos voitre ou que empresas que veñen buscar saldos invistan en Galiza. E nós o que queremos é que se produza en Galiza, que se produza para que os galegos e as galegas teñan algo que parece tan antigo pero que é simplemente un traballo digno na súa terra.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señora Martínez.

**A señora MARTÍNEZ GARCÍA:** Señor conselleiro, equivocouse, o que estaba lendo a prensa era o señor Puy, non era a oposición. (*Murmurios.*)

Ben, nós non estabamos falando doutra cousa, falabamos da súa intervención, falabamos de internacionalización, pero o que non lle imos dar é a razón. Vostede o que quere é que a oposición lle aplauda e que lle diga que ben o está facendo a Xunta, esta é a solución para este país, é a solución para Galiza; sigan por ese camiño.

Evidentemente, se non o vemos así non llo imos dicir así, e o que miramos nós é todo o contrario. Nós o que miramos é que no noso país cada vez os galegos e as galegas vivimos peor, os salarios son máis baixos, as xornadas máis explotadoras e máis incompatibles coa vida persoal. E do único que nos falan a Xunta de Galiza e a Consellería de Economía e Industria é de traer capital estranxeiro para que merquen a prezo de saldo as nosas empresas –polo menos, é o único que miramos ata agora–, ou para que veñan explotar o noso terreo abrindo minas e despois deixar a desolación tras de si. Iso é o que miramos, son os únicos plans concretos que a Xunta trouxo a esta Cámara.

Pero ademais di que a internacionalización está xerando condicións para reverter a situación de desemprego en Galicia, explíquemme como. Eu coñezo xa algúns traballadores e traballadoras que tiveron que abandonar a súa casa, que tiveron que abandonar Galiza, porque a súa empresa se trasladou a traballar a Colombia, a Marrocos, a Bolivia, a Brasil, e entón marchan para outros países. Igual é ese o futuro que vostede quere para Galiza. Por iso, este Plan Primex, e non mo invento: 50 proxectos, 250 empresas, 21 países, 8 pemes máis que se marchan para Marrocos. Son vostedes os que están apostando para que as empresas marchen de Galiza, e non deu polo menos contestado a isto, non o deu explicado.

Pode incrementar a facturación da exportación, ¿e que? Beneficios empresariais. Está claro: a brecha salarial cada vez é máis grande neste país, cada vez os pobres son máis pobres e os ricos son máis ricos. Non está dando solución ao pobo galego, e de feito tiña razón o compañeiro do PSOE: só fala de empresas e des beneficios empresariais. Pero ¿cando vai falar da xente que traballa nesas empresas?, ¿cando vai falar do que se dedica o señor presidente a negar en contra da evidencia: a desnutrición infantil neste país, a miseria que están pasando as persoas maiores? Iso non o vai solucionar que vostedes leven as empresas de Galicia para fóra, nin que aumente a exportación se aquí non se mellora.

Fala de competitividade. As empresas galegas só compiten pola miseria do salario, dos salarios máis baratos, as xornadas maiores e a flexibilidade horaria maior de toda Europa e máis louca de toda Europa. ¿Cando imos competir de verdade en investigación, en desenrolo? Porque noméano, pero ata aquí o que miramos é que non hai máis. Bueno, o dos emprendedores exportadores, a min xa me pode vostede, por favor, explicar como unha empresa que empeza, un emprendedor que empeza, empeza xa sendo exportador. É o colmo da propaganda do Partido Popular. Propaganda, propaganda e propaganda.

E mire: nós non levantamos muros, o muro teno levantado sempre o Partido Popular, incapaz de ser e mostrar a máis mínima flexibilidade coas ideas e as iniciativas da oposición. Non lles vale ningunha, rexeitan todo, calquera crítica tómana como un insulto. ¿Sabe quen levanta un muro? O Partido Popular, coa súa falla de liberdades. Cada vez son máis os traballadores e traballadoras que teñen que enfrontarse a xuízos nos que se lles piden cadea simplemente por

participaren en manifestacións e defenderen o seu salario e a súa vida. A falla de emprego ese é un muro, os salarios de fame son un muro, a privatización da sanidade, do ensino, da xustiza, dos servizos sociais,...

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando, por favor.

**A señora MARTÍNEZ GARCÍA:** ...eses son os muros que levanta o Partido Popular contra a sociedade. E nunca, nunca espere de nós que lle demos polo pau fronte a estas políticas que o único que fan é aumentar o beneficio empresarial, pero sen que isto repercuta nunca, xamais... (*Murmurios.*) Si, dixen “dar polo pau”, señores, ¡por Dios!, é que vostedes se poñen todos loucos por calquera cousa; antes dixeron “caca” e a min estrañoume que non dixeran nada, porque é unha cousa así... Ben, pois esas son realmente...

**A señora PRESIDENTA:** Remate, por favor, señora Martínez.

**A señora MARTÍNEZ GARCÍA:** ...-Remato xa.- Antes de falar de soberanía alimentaria saiba de que estamos falando, e estamos falando de ter un mercado xusto, que os nosos produtos poidan ir a un mercado xusto e reverter unha balanza comercial alimentaria de 900 millóns de euros en negativo. Mercamos...

**A señora PRESIDENTA:** Remate, por favor.

**A señora MARTÍNEZ GARCÍA:** ...máis alimentos dos que exportamos. E ese é o fracaso do Goberno galego e de ningún máis.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Grupo Socialista, señor Losada.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Grazas, señora presidenta.

Señor conselleiro, a verdade é que non vou pedir desculpas, sobre todo porque as interpretacións que vostede di que son torticeiras se solucionan con información. Nós queremos saber e preguntamos, e vostedes non nos contestaron, en que se empregou ese en teoría 40 % dos 18 millóns de euros entregado de doazón graciosa, por non dicir cacicada -para que

non se me diga que retire do *Diario de Sesións*-, á Confederación de Empresarios de Galicia, porque ninguén do Goberno galego explicou nin cales eran os obxectivos máis alá de cuestións xerais, nin cal foi o motivo de que se trasladara a xestión do comercio exterior dende o ámbito público do Igape á Confederación de Empresarios de Galicia, máis alá de que o señor Fontela antes das eleccións dixo que o programa electoral económico do Partido Popular era o máis axeitado para sacar a Galicia da crise. (*Aplausos.*) Ese é o prezo desas declaracións. Non me mire con cara estrañado, señor conselleiro, que sabe perfectamente do que estou falando.

En relación con Pemex non imos pedir desculpas, só faltaría que pediramos desculpas nós. Cando o señor Feijóo interrompe a programación para falar de que asina un documento, el está metendo no mercado político e social deste país ese documento. Non o está metendo a oposición, nin o Partido Socialista, nin o BNG, nin ningún outro grupo; é o señor Feijóo quen interrompe a programación e firma non sabemos moi ben que -porque non nos foi proporcionado- para conseguir uns miserables votos de xente desesperada que levaba anos parada no sector naval en Vigo e en Ferrol. Non temos que pedir desculpas, señor conselleiro, pero ¿como imos pedir desculpas?, ¿como imos pedir desculpas?

E claro que falo da operación Campeón, porque volvemos ao mesmo: non se nos deu ningunha información e na axenda do señor presidente da Xunta de Galicia puña “Jorge Dorribo” e o Igape levou os documentos, os informes, que eran claramente subvencións fraudulentas, por moito que o conselleiro naquel momento se indignara. Subvencións cando menos “fraudulentas” -estou sendo elegante e suave-. Pedir desculpas pero é o que nos faltaba, pero ¿sabe do que está falando? Era vostede asesor económico do presidente Feijóo naquel momento, ¡eh!; non sei se vostede fixo a axenda ou levou os documentos. Pero, en todo caso, o señor Dorribo foi ver o señor Feijóo, supoño que para que lle deran fondos para empresas fantasmas que non existían. E esa é a reputación do Igape e esa é a razón pola que o Banco Europeo de Inversións agora non concede créditos ao Igape no Goberno galego. E esa é a razón desa caída escandalosa de 340 millóns de euros ata 84 millóns de euros, señor conselleiro. Diso é do que estamos falando.

E xa que falou vostede tanto de investimento directo estranxeiro, voulle ler a definición oficial da Unión

Europea, a ver se lle parece que isto que vostede trae de México, que está moi ben, se adecua ao que aquí di, definido como “adquisición de máis do 10 % das accións dunha empresa con intención de participar na súa xestión, e é tanto máis positiva se produce e crea postos de traballo desde cero, pero menos se se apodera de empresas locais xa existentes. Tamén é preferible se xera bens con intensidade tecnolóxica alta ou se se concretan en empresas conxuntas que transfiran tecnoloxía e formación para os traballadores do lugar de chegada”. Exactamente o que pasou con Pemex, señor conselleiro, ¿verdade? ¿Verdade que foi isto o que pasou con Pemex? ¿Verdade que este 51 % o que significa son empregos desde cero e transferencia de tecnoloxía desde México ao sector naval galego?, ¿verdade que si?

E se falamos de execución orzamentaria e falamos do que vostede como conselleiro ten que facer, tamén lle quero ler algúns números, ¡home!, porque é que se non dá a sensación de que hai Superman e hai inútiles que len a prensa –por certo, eu leo a prensa e téño moi a gala, mesmo de vez en cando leo novelas e poesía, un que é un pouco *snob*, ¿que quere que lle diga?–. A execución da consellería que vostede preside, a máis baixa de todas as consellerías do Goberno galego, –insisto– a máis baixa de todas as consellerías do Goberno galego, é do 55,3 %. Deixaron sen gastar 113,4 millóns de euros. E o programa 741A –que é precisamente do que vostede empezou falando–, Apoio á modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produción, 30,5 % de execución. O 30,5 %, 86,5 millóns de euros sen gastar. Pero ¿de verdade que pode vir aquí dicirmos que están reactivando o que?...

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando por favor.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** ...¿que están reactivando?

Mire, estamos internacionalizándonos porque estamos baixando os salarios deste país dunha maneira terceiomundista. E a opción entre competir vía innovación e vía salarios témola en dous datos, señor conselleiro: a porcentaxe de I+D+i sobre o PIB, que está neste momento en Galicia no país do Goberno que vostede preside ao nivel de Ucraína e de Turquía –repítollo por se ten algunha dúbida–, porque vostede falou de Alemaña, pero Ucraína e Turquía 0,87 % do PIB, e o nivel salarial, a masa salarial deste país neste

momento é sobre o PIB do 43 %; é do 46 % no conxunto de España e do 50 % no conxunto da Unión Europea.

Señor conselleiro, internacionalizamos, efectivamente, pero tamén é verdade que internacionaliza Vietnam, Tunicia, Marrocos ou Turquía. Eu non quero Galicia internacionalice así. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Grupo Popular, ten a palabra o señor Arias Veira.

**O señor ARIAS VEIRA:** Señor presidente, señorías, señor Conde.

Crispouse un pouco o debate, ¿non? Pero de todos xeitos debe recoñecer, señor Losada, que sacou vostede a operación Campeón, ¿eh? (*O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.*)

**A señora PRESIDENTA:** Non dialoguen.

**O señor ARIAS VEIRA:** De todos xeitos –non é un diálogo, era unha reflexión en voz alta– porque, realmente, hai espazo para todo, en comisións, en pleno, en preguntas ao presidente, etc. Foi –páreceme– unha distorsión inaxeitada. Ademais, que vostede que é lido, que ve *Blade Runner*, a min tamén me gusta Ridley Scott, pero quero dicir que dalgún xeito un tamén se debe un pouco á disciplina argumental das ocasións, tamén o sentido me parece que é axeitado.

Entón estabamos falando dun tema verdadeiramente importante, porque vostede sabe –porque é o partido que gobernou– onde existen unhas discusións importantes entre propios socialistas, dentro do contexto sobre a orixe da crise, o señor Solbes. Existe, é un problema real. Eu non me río de que vostede aínda siga coa teoría da colonización dos anos sesenta, o que teña a señora Consuelo Martínez... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si...

**A señora PRESIDENTA:** Silencio, por favor.

**O señor ARIAS VEIRA:** Pois si, hai que ler máis o periódico. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Tamén, non, aí están Krugman, están Stiglitz, está moita xente. A señora Yolanda realmente le, está moi actualizada en moitas cousas, e páreceme positivo. A min o que non me gusta é a crisp-

ción e a substitución do argumento polo mal xenio, polo mal gusto. Non é galego, non é esteticamente galego, non é poético, señor Losada. (*Murmurios.*)

Entón, aquí o tema fundamental, a señora Adán di: eu pído-lle coherencia como política; un político non é soamente un académico en exercicio, un político é... Di: existe un problema de titularidade francesa no sector lácteo galego. Eu non digo iso así. Cando estamos falando de intervención di: eu propono a expropiación a prezo taxado ou non dese sector. Aquí o que hai é coherente. ¿Di iso ou exclusivamente agora que falamos de internacionalización deixa caer este problema dicindo: vostedes son os...? Porque o señor Conde, efectivamente di: PSA era francesa; moita xente considera que é unha empresa eminentemente viguesa de adopción, de incorporación; cando di tamén Alcoa –norte de Lugo–, igual; cando se di Nestlé, ata saímos a defendela. Non se pode ser na práctica incoherente, non se poden utilizar estas cousas... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, non, si, si. Non fixo propostas políticas, fixo denuncia en contraposición a unha política de acción activa de internacionalización de exportación, que sabe vostede que subscribiría calquera dos seus responsables a nivel político xeral, tanto no PSOE, no BNG, a todos os niveis os economistas.

Igual ocorre coa señora Consuelo Martínez. É evidente que hai dolor, é evidente. É evidente que hai grandes problemas de desigualdades, sabémolo, pero ¿cal é a causa? E, fundamentalmente, máis que a causa, ¿cal é o remedio?, ¿cales son as políticas para facer?, ¿cales? Máis alá das denuncias, ¿cales? Exactamente, non debemos facer interterritorialización, non debemos procurar exportación. ¿Ese é o xeito de intentar volver ao camiño da prosperidade?, ¿está ben feito ou non está ben feito?, ¿están ben elixidos os países?, ¿son as oportunidades?, ¿o círculo que está plantexando?, ¿soa ben esta música?, ¿pódese completar ou non? Imos tratar de facer máis concreto isto. Pero, ¿que ocorre? Sacamos que é unha teima dunha cousa solta, dunha pancartina política sobre... (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*) Si, o tema da financiación do sector exterior foi iso.

A min, a verdade, síntoo; síntoo porque todos somos representantes do pobo. É un pobo intelixente, debemos subir o nivel político, o nivel de debate e a construción de alternativas, porque incluso...

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando, por favor.

**O señor ARIAS VEIRA:** ...non vou dicir, loxicamente cada un sabe máis que ninguén, pero este grupo político incluso dirixindo a crise saca moito máis deputados que toda a oposición, que é unha oposición máis radical e descualificatoria de toda a lexislatura. Pero ¿que pasa?, ¿non existe fundamento no que digo? A min paréceme que se pode discutir. Discutamos a internacionalización, discutamos a política de promoción económica exterior de Galicia, e incluso lle podo dicir: faise con menos recursos. Ao mellor resulta que é o axeitado. Imos ver se si ou se non, ¿como é o estilo?, ¿como pensa?, ¿como se desenrola?

Nada máis, moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Ten a palabra para pechar a comparecencia o conselleiro de Economía e Industria, don Francisco Conde.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López):** Moi ben, moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, a verdade é que me plantexaba a señora Adán cal é o modelo de país, e dalgunha forma tamén a señora Martínez trasladaba esta situación, e incluso tamén o señor Losada deixaba entrever cal é o noso modelo de país. É moi sinxelo: estamos plantexando un modelo de país no que o noso tecido produtivo sexa realmente competitivo, teña capacidade para competir non só en Galicia, senón nos mercados internacionais. Esa competitividade, efectivamente, ten que reflectirse nunha maior intensidade dende o punto de vista tecnolóxico, cunha maior innovación, desenvolvendo procesos de flexibilidade dentro dos procesos de produción, e a partir de aí xerar emprego de calidade, cun salario que cada vez sexa maior –estámonos acercando, estamos converxendo en salarios coa media nacional–, (*Protestas.*) e dende logo esa posición dunha maior competitividade que nos leve aos mercados internacionais.

Eu lamento profundamente a miopía que dende o punto de vista económico intentan trasladar nesta Cámara, lamento profundamente esa visión anacrónica da economía global, pero dende logo a posición que ten este Goberno, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) este grupo, é unha



posición clara de incrementar a posición nos mercados internacionais, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**A señora PRESIDENTA:** Perdón, por favor.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López):** ...incrementando as nosas exportacións e loxicamente... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**A señora PRESIDENTA:** Perdón, eu pido, por favor, que se escoite. Supoño que o conselleiro terá dereito a falar, como todos os grupos tiveron dereito. *(Protestas.)* Entón pido, por favor, que se escoite con tranquilidade o que diga o conselleiro.

Conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López):** Moi ben.

Pois, como lles dicía, unha posición realmente realista dende o punto de vista económico, estamos a competir na economía global, e que esa posición dende o punto de vista do noso tecido industrial nos leve a incrementar as exportacións e, señorías, tamén a exportar innovación. Cando aquí se pon en dúbida a potencialidade que ten a nosa economía de exportar tecnoloxía, eu lamento que teñan esa visión, porque iso é non entender o que son as relacións económicas na economía actual. *(Aplausos.)*

Falaba a representante do Bloque Nacionalista Galego da posición do sector lácteo. Miren, efectivamente, o sector lácteo ten tantas oportunidades de exportación como o conxunto do sector agroalimentario ou o conxunto do tecido industrial. E nós, dende logo, seguiremos traballando co sector lácteo e co sector agroalimentario para que poidan incrementar a súa posición. México e outros países son oportunidades que están aí, estamos a traballar xunto co sector lácteo. E, dende logo, en ningún caso defenderemos posicións colonialistas –xa o trasladei na miña anterior intervención–, e nós o que estamos a defender é precisamente que o noso capital, as nosas industrias, incluídas o sector lácteo, poidan vender máis no exterior.

Fálame de propostas e, efectivamente, a Pexga é un proxecto que está aí. Eu xa reflectín que estamos a falar dunha execu-

ción do 40 %, que foi unha execución non como intentou trasladar o señor Losada, porque non o saibamos executar, señor Losada, o que intentamos é precisamente actuar con eficacia e con eficiencia e, dende o punto de vista dos recursos públicos, gastar o que temos que gastar e punto. E a partir de aí no caso da Pexga estabamos falando dun proxecto novo, que inicialmente se orzamentou en 18 millóns de euros, pero a execución final eu creo que xa quedou reflectida, e loxicamente estou perfectamente aberto a trasladarlle polo miúdo todos os contidos dese convenio, que se reflectiron claramente nunha apertura de oficinas no exterior, onde había loxicamente persoal que estaba ao servizo dos nosos empresarios. Foron 500 empresas as que recibiron asesoramento e información por parte das diferentes oficinas no exterior, desenvolvéronse actividades, organizáronse axendas, déronse servizos moi importantes –como xa lle reflectín– dende o punto de vista do servizo das licitacións internacionais, con resultados moi concretos: 200 millóns de euros, señor Losada, en licitacións internacionais que acadaron as nosas empresas, co apoio tamén deste convenio Pexga. E, dende logo, seguiremos traballando e colaborando coa Confederación de Empresarios de Galicia, igual que o estamos a facer coas cámaras de comercio e o seguiremos a facer tamén con outros interlocutores –como lle trasladei na miña primeira intervención–, como son as asociacións provinciais e sectoriais, incluso tamén a propia Zona Franca de Vigo.

Intentaremos colaborar cos diferentes interlocutores cun único ánimo: que o Igape sexa a ventanilla única e que coordine toda a política de internacionalización deste Goberno. E o Igape ten a responsabilidade de liderar todos os esforzos, en colaboración coas diferentes asociacións e cos diferentes axentes. Iso é o que está a facer, estámolo a facer garantindo a utilización dos recursos públicos, e onde haxa calquera oportunidade de aforro non teña ningunha dúbida que aforraremos; seguramente executaremos menos, pero aforraremos máis. Iso é o que nos están pedindo os nosos cidadáns.

En relación coas diferentes propostas que nos trasladaba a señora Adán, dende o punto de vista do financiamento non concordamos loxicamente, pois este Goberno non defende que o Igape sexa un instituto de crédito. Eu creo que xa quedou perfectamente reflectido en diferentes ocasións nesta Cámara, e nós o que non imos facer do Igape é un instituto que substitúa o sistema financeiro. O que si ten que facer o Igape, e estou a facer –pódollo garantir–, é acompañar as



empresas; está acompañando as empresas nas súas necesidades de servizos e está a acompañar as empresas tamén nas súas necesidades de financiamento, de garantías e de diferentes instrumentos que necesitan para acceder ao crédito. E só lle vou trasladar un dato: no ano 2013 –por non referirme a anos anteriores– nin un só proxecto que requiría financiamento quedou sen apoio por parte do Igape ou por parte de Xesgalicia, nin un só proxecto, señora Adán.

Dende o punto de vista da súa preocupación por Pescanova, eu creo que xa trasladamos dende o primeiro momento non só a preocupación, senón tamén a acción. E nós dende o primeiro momento estamos a colaborar con Pescanova para garantir a súa viabilidade. Recórdolle precisamente que o préstamo que está permitindo e que permitiu que durante todo este ano Pescanova desenvolvese a súa xestión ordinaria foi grazas a un préstamo no que participou a Xunta de Galicia, cunha aportación de 4 millóns de euros dos 57 millóns de euros que se lle prestaron a Pescanova. Estamos a traballar dende o primeiro momento. A preocupación lóxica que pode ter vostede tena este Goberno, pero nós non só estamos preocupados, senón que tamén estamos ocupados e estamos traballando por garantir a viabilidade de Pescanova; unha viabilidade que non ten ningún tipo de dúbida de que non pode ter na situación financeira unha traba, e lóxicamente nese sentido ese Goberno está ocupado e preocupado.

A señora Martínez plantexaba diferentes propostas. O Plan Primex, señora Martínez, é implantación comercial, –insisto– implantación comercial; non é en ningún momento ningún tipo de deslocalización, é axudar as nosas empresas a que efectivamente poidan ter unha primeira oportunidade en destinos que non son coñecidos e que o poidan facer a través de consorcios e coa participación de diferentes empresas. É un instrumento que está a resultar moi útil, que as empresas están valorando enormemente, e nós seguiremos apoiando as necesidades das empresas.

Lamento trasladar: non é o mesmo relocalizar que deslocalizar. Este Goberno está pola relocalización e non pola deslocalización. E, dende logo, esa é a política que temos dende o punto de vista da atracción de investimentos estranxeiros, e nós o que queremos traer é capital a Galicia, que permita unha mellora do emprego e que permita un capital con vocación de permanencia e, lóxicamente, que tamén garanta e axude a mellorar a competitividade das nosas empresas.

E pregaríalle que non minusvalore os emprendedores. Efectivamente, hai moitos emprendedores que polo perfil, pola dimensión da súa empresa cando nacen non teñen unha vocación claramente exportadora, pero pódolle trasladar que hai emprendedores que están a facer ese traballo, e estano a facer moi ben. Datos reais: Esponxas Vexetais, en Pontevedra, levan traballando e xa están establecendo negociacións con Alemaña e con Oriente Medio; están a traballar e son dous emprendedores que están aí, dende Pontevedra, intentando exportar porque o seu produto é competitivo e ten mercado internacional. Polo tanto, non minusvalore nin os emprendedores, nin tampouco a actuación do Goberno en materia de política e de internacionalización. Calquera visión marxinal que vostede poida traer á Cámara, lóxicamente, será marxinal, pero xa lle digo que hai emprendedores que están promovendo a súa posición. E insisto: continuamente parece que a súa visión de internacionalización é levantar muros, a nosa é unha vocación de abrir portas.  
*(Aplausos.)*

Señor Losada, con todo respecto, eu xa non lle pido que pida desculpas, nin ao Goberno, nin ao Grupo Popular, pero si lle pregaría que polo menos respecte os votos de todos os cidadáns galegos; ningún voto é miserable, ningún, ningún voto, ningún é miserable. *(Aplausos.)* Eu si lle pregaría nese sentido que mantivera un pouco de respecto aos cidadáns. E, dende logo, tampouco lle vou pedir que no caso de Pemex lle pida desculpas a este Goberno; si lle insistirei permanentemente, xa que vostede insiste en traer a esta Cámara a situación de Pemex, si lle pregaréi que cando menos lles pida desculpas a Pemex e aos traballadores do sector naval. Porque, señoría, vostedes na campaña electoral –tanto que falan vostedes de campaña electoral– só tiveron dúas preocupacións: en primeiro lugar, minusvalorar a existencia e a realidade de Pemex, e, en segundo lugar, poñer en dúbida que este país ía ser rescatado... *(Pronúncianse palabras que non se percibe.)*

**A señora PRESIDENTA:** Señora Díaz.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López):** ...Ningunha das dúas cousas, señor Losada, ningunha. Pemex aí está, cun investimento en Barreras, cun compromiso claro de fabricar barcos na ría de Vigo por importe de 300 millóns de euros, e aí está... *(Pronúncianse palabras que non se percibe.)*

**A señora PRESIDENTA:** Señor Tellado.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López):** ...e aí está, aínda que non lles guste, o compromiso de Pemex, con contratos asinados e desenvolvéndose eses contratos para a construción de dous floteis: un en Barreras e outro en Navantia. Eu lamento que non lles guste, pero dende logo este Goberno seguirá traballando pola defensa do sector naval, e este país ten en Pemex unha oportunidade que eu lle pregaría que cando menos respecte, porque a posición do seu grupo, tanto nesta Cámara como fóra da Cámara, non é dende logo a máis adecuada.

E lamento tamén que traia a operación Campeón a un tema de internacionalización. Eu non sei se vostede ten mala conciencia das actuacións, (*Murmurios.*) non o sei, do seu grupo ou de compañeiros do seu partido, sinceramente non o sei, non sei se ao mellor quere descargar aquí a súa mala conciencia. Pero en calquera caso si lle podo reflectir que a actuación desta Administración dende o punto de vista da operación Campeón só foi actuar en todo momento con toda profesionalidade; dende logo, dende o Igape así se actuou, non hai ningún tipo de subvención fraudulenta, ningún tipo de subvención que se desembolsara no caso da operación Campeón. E eu o que lle pregaría cando menos é que se informe da situación dese expediente. (*Aplausos.*)

Finalmente, falábame vostede da inversión estranxeira directa. Polo menos conseguimos algo, e estamos de acordo, eu xa lle reflectín que estaba de acordo con vostede nalgúnhas das súas aportacións, porque é certo, e recoñezollo, polo menos levo a satisfacción de que tamén lle parece ben a inversión estranxeira directa, ou polo menos iso foi o que me pareceu que trasladaba. Concordamos loxicamente en que a inversión estranxeira directa, que ten unha vocación de permanencia, que ten unha vocación de xerar emprego estable, é boa para un país, porque axuda a mellorar a súa competitividade. Os grupos parlamentarios como AGE, que insisten en levantar barreiras, en levantar muros, pois loxicamente teñen esa visión –como lles dicía– máis anacrónica e máis miope do funcionamento da economía. (*Interrupcións.*) Pero polo menos concordamos, señor Losada, vostede e mais eu, en que, efectivamente, o investimento estranxeiro directo pode ser bo para o país.

E, dende logo, dende este punto de vista, pese a que temos unha visión seguramente parcialmente distinta –eu creo que

parcialmente–, porque seguro que podemos concordar en que a transferencia da tecnoloxía e, polo tanto, a exportación de tecnoloxía dende Galicia tamén é positiva. No que temos que seguir profundando loxicamente é en seguir innovando, en seguir investindo en tecnoloxía, en seguir mellorando a nosa competitividade, e dende aí exportar bens, mercancías, servizos e tamén –¡como non!– tecnoloxía, porque iso é valor engadido para Galicia, iso é emprego de calidade e, a partir de aí, mellora da posición competitiva.

E, xa para rematar, o señor Arias tamén falou dun aspecto verdadeiramente importante no que nós seguiremos a traballar como Goberno, que é a importancia que ten o labor das institucións no ámbito da diplomacia institucional e da diplomacia empresarial. Dende logo, somos un Goberno que estamos comprometidos co noso sector empresarial, que estamos a traballar dende o punto de vista industrial en mellorar a posición competitiva do noso tecido industrial, pero tamén estamos acompañando, dende o punto de vista da política comercial, os nosos empresarios.

E a iniciativas como a de Pemex, con esa alianza estratéxica coa cuarta petroleira do mundo, que se vai reflectir en beneficios moi importantes para Galicia, darémoslles continuidade con outras iniciativas que permitan, a través dos contactos deste Goberno con gobernos internacionais, en colaboración, por suposto, co Goberno central, seguiremos traballando acompañando as necesidades das nosas empresas. Porque cada vez máis as exixencias, dende un punto de vista de funcionamento da economía internacional, poñen en valor estas aportacións que se poden facer dende o Goberno, neste caso autonómico e tamén central. E nese sentido seguiremos implicados cos nosos empresarios.

En definitiva, señorías, unha aposta pola internacionalización que ten este Goberno cunha visión de futuro, cunha visión de realismo e cunha visión clara de posicionamento das nosas empresas. Seguiremos a traballar, dentro da nosa política económica, impulsando a mellora da innovación, investindo na innovación. Recentemente, como saben –xa que fixo referencia tamén–, tivemos a visita do comisario de Fondos Europeos e gabou con grande intensidade a política de innovación, a estratexia de especialización intelixente que ten Galicia. E, polo tanto, seguiremos nesa dirección.

Seguiremos mellorando a innovación, seguiremos mellorando a competitividade e que todo iso leve, efectivamente, a unha posición relativa mellor nos mercados internacionais favorecendo as exportacións, favorecendo tamén a atracción de investimento, e, dende logo, non levantando muros, senón abrindo portas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Antes de suspender a sesión, comunicar ás súas señorías que as mocións números 21521 e 21544, do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda e do Grupo Socialista, puntos 3.1, 3.2 e 3.3 da orde do día, substanciaranse de xeito acumulado.

Suspendemos a sesión ata esta tarde ás dezaseis... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) É igual, é unha facultade da Presidencia e, polo tanto, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) é unha comunicación que fai a Presidencia.

Suspendemos a sesión ata esta tarde ás dezaseis trinta horas.

Moitas grazas.

*Suspéndese a sesión ás dúas e cincuenta minutos da tarde e retómase a sesión ás catro e media da tarde.*

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Comezamos coa seguinte moción.

**Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Ramón Val Alonso e D. José Luis Méndez Romeu, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acordo para a repartición da cota da xarda e xurelo no sector do cerco para o ano 2014**

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** A esta moción non se presentaron emendas. Para a defensa da mesma ten a palabra o señor Val.

**O señor VAL ALONSO:** Ben, moitas grazas, presidente. Moi boa tarde a todas e a todos.

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Non se oe, espere, espere.

**O señor VAL ALONSO:** Boas tardes.

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Hai un problema técnico.

**O señor VAL ALONSO:** Esperamos, logo, se hai un problema técnico.

Repito, boas tardes a todos e a todas. ¿Escóitase agora? ¿Si?

Hoxe o Grupo Parlamentario Socialista traemos para o seu debate esta moción, que, como todos vostedes saben...

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Non, non, non ten bo son. Perdoe.

Probamos a ver. ¿Agora escóitase? ¿Escóitásemme a min? Ben.

**O señor VAL ALONSO:** Ben, moitas grazas, presidente. Nada, seguimos con problemas...

Ben, moi boas tardes de novo a todos, despois de solventar o problema técnico.

Hoxe o Grupo Parlamentario Socialista traemos para o seu debate esta moción que, como todos vostedes saben, é froito da interpelación do pasado pleno sobre a repartición da cota da xarda e do xurelo para este ano 2014, un tema sobre o que moito levamos debatido nos últimos días e no que se algo quedou claro é que a día de hoxe hai dúas posicións claras e definidas: unha, que é a que defende practicamente o 80 % do sector do cerco galego, que é compartida polo Grupo Socialista e polos demais grupos da oposición; e outra, que, a pesar de todo o que leva acontecido, segue a defender o Goberno galego e o Partido Popular, que está tremendamente afastada de ser unha posición que defenda os intereses da frota galega.

Hai quince días que a conselleira do Medio Rural e do Mar veu comparecer a esta Cámara, entre outras cousas obrigada por unha interpelación deste grupo, xa que podería telo feito a petición propia, pero non foi así. E non foi así porque este

é un tema no que o Partido Popular non se atopa cómodo, un tema co que non quere molestar en Madrid, e porque ademais parece que non lle importa realmente o que pase con este sector e coas preto de mil cincocentas persoas que se dedican a esta actividade.

Hai xa preto de dous meses que dende este grupo vimos alertando do inxusto deste modelo, nunha repartición feita pola Secretaría Xeral do Ministerio. Unha repartición, como digo, a todas luces inxusta cos nosos profesionais do cerco e que o Partido Popular e o Goberno galego defenderon e defenden dende o minuto 1, algo que, a criterio deste grupo, resulta totalmente incomprensible.

Eu creo que deben vostedes ou teñen vostedes que explicar aquí por que tiveron tanto empeño en defender unha proposta que dá o 50 % do total das capturas da xarda, por exemplo, ao País Vasco e o outro 50 % hai que repartilo entre as outras tres comunidades do Cantábrico. A nós, con máis de 150 barcos, correspóndenos escasamente o 25 %, é dicir, 3.400 toneladas, logo de sumar o aumento de cota acadado con ese acordo coas illas Feroe e con Noruega, mentres que outras comunidades, con nada máis e nada menos que 100 embarcacións menos, pois teñen o 50 % do total.

Nós, ao igual que a gran maioría do sector, seguimos sen comprender o porqué da súa defensa deste modelo. Xa sei que o señor Balseiro me dirá que o sector estivo de acordo naquela famosa reunión do pasado 20 de decembro, pero é que iso non é certo, e aínda que así fose, eu imaxino que a súa función, a función do Goberno galego, polo menos debe de ser outra. Canto menos, asesorar e plantexar outras alternativas, xa que esta resulta totalmente lesiva para os intereses da frota, da práctica totalidade, do 80 % dos 150 barcos galegos, que se movían na repartición inicial da proposta da Secretaría Xeral do Mar, nunhas cifras entre 6, 8 ou 10.000 quilogramos de peixe para todo o ano. Vostedes me dirán como pode sobrevivir un barco con dez homes a bordo con estas posibilidades de pesca para todo un ano.

E estamos falando dunha especie moi abundante, dunha especie de alto valor comercial e dunha especie que os propios profesionais definen como un cheque ao portador. Ben, pois o noso Goberno, en lugar de defender a nosa frota, está a entregarlles ese cheque ao portador a outras comunidades. E isto é así porque defender un modelo de repartición onde

os dereitos históricos teñen un peso do 70 % non fai outra cousa máis que iso.

Porque, como todos vostedes saben, nos últimos tempos, os nosos barcos, a frota pesqueira galega, non puido capturar esta especie, e non a puido capturar porque, como tamén vostedes deben coñecer, esta especie trátase dunha especie migratoria que fai a súa migración dende o leste ata o oeste, dende o golfo de Biscaia, polo que, cando chegaba ás nosas costas, a cota xa estaba esgotada, e, polo tanto, non temos os mesmos dereitos históricos que teñen os vascos e os cántabros e algunhas embarcacións galegas que si podían desprazarse ata a zona de pesca.

Por iso, e sabendo que o Goberno galego era coñecedor de todo isto, non chegamos a entender o porqué desta defensa deste modelo de repartición, dándolles un peso e unha importancia tan alta aos dereitos históricos, máis se cabe cando nin o propio artigo 27 da Lei de pesca marítima do Estado, que fala dos criterios a seguir para a repartición, establece ningún tipo de porcentaxe, senón que é algo que se decidiu a posteriori en Madrid nesa reunión do 20 de decembro.

Polo tanto, o argumento que esgrimiu a conselleira no pasado Pleno dicindo que esta especie pois non era unha especie obxectivo da nosa frota, e que só supoñía o 5 % do total das capturas desembarcadas pola frota do cerco galego, eu creo que se invalida completamente co que acabo de explicar. Ou sexa, efectivamente, ata o de agora tiña un escaso peso porque a nosa frota non podía pescala.

Está claro que o Goberno galego non actuou con dilixencia neste tema. Está claro que nin a conselleira nin o propio presidente Feijóo teñen moito peso político dentro do seu propio partido. E digo isto porque con todo o que pasou aquí, co sector na rúa, co sector mobilizado, co sector protestando, non foron quen nin de liderar un cambio de modelo. A nosa frota sofre unha dobre discriminación ante a pasividade do Goberno galego: primeiro, na repartición das posibilidades de pesca, que se fai todos os anos en Bruxelas; e logo tamén na distribución desas posibilidades de pesca por territorios, que se fai dende o Ministerio.

Señores e señoras do Partido Popular, eu creo que están aínda a tempo de mandarlle ao sector unha mensaxe de com-

promiso, e de que van tentar vostedes facer algo por modificar para os próximos anos tanto o modelo de repartición en Bruxelas –ese baseado no principio de estabilidade relativa– como tamén o do propio ministerio, que agora, pola súa obra e graza, tamén consolida unha nova estabilidade relativa.

E digo isto porque non ten sentido defender o modelo actual. Vou poñerlles un exemplo por se aínda non entenden o que significa este modelo. ¿Que farían vostedes, señorías, se hoxe a Mesa do Parlamento decidise que o seu salario como deputados se vai establecer en función dos dereitos históricos de cada un? É dicir, que se van establecer uns dereitos históricos e cada un vai cobrar pois en función de que demostre actividade parlamentaria por exemplo dende o ano 2000 ata o 2011. Daríase o caso no que algúns cobrarían, no que outros cobrarían menos e algúns, incluso, como sería o meu caso, non teríamos salario. Non parece xusto, ¿verdade?, que só puidesen acceder ao salario aqueles que demostrasen dereitos históricos. Bueno, pois iso, señorías, é o que está pasando con esta repartición, e é o que se establece con esta repartición.

¿Como cren vostedes que lles pode sentar aos mariñeiros dun barco que está no mar, no mesmo medio que outro barco, e que está pescando e gañando cartos e que eles non o poidan facer? Pois iso, señores deputados do Partido Popular, é o que está a acontecer con este modelo que acaban de instaurar vostedes dende Madrid, o seu Goberno dende Madrid, co respaldo do Partido Popular en Galicia.

Señores do Partido Popular, tan só lles pedimos un pouco de responsabilidade á hora de defender os intereses de quen os elixiu para que fosen vostedes os representantes, os seus representantes. Estamos a falar dunha repartición xusta, dun modelo non discriminatorio, e por iso lles pedimos que atendan a parte resolutiva desta moción que hoxe lles plantexamos coas seguintes cuestións:

Primeiro, rexeitar o modelo de repartición para a cota da xarda e do xurelo aplicado en Galicia por parte do Goberno do Estado para este ano 2014.

Segundo, defender diante do Goberno do Estado un novo modelo para os vindeiros anos onde preferentemente se teña en conta como criterio fundamental o número de tripulantes por embarcación, de xeito que a distribución da totalidade da

cota asignada pola Unión Europea ao noso Estado se faga de xeito lineal, como se acordou este ano para a frota de arrastre.

Terceiro, que se rexeite o actual modelo de *tax* e cotas da Unión Europea, baseado no principio de estabilidade relativa, por consideralo totalmente prexudicial para os intereses da frota galega, e buscar tamén un modelo no que as posibilidades de pesca da nosa frota se adapten realmente ao estado do recurso.

E un cuarto punto, que é dirixirse ao Goberno do Estado para solicitar a revisión do pagamento da sanción por sobrepesca con excedente doutras especies ou con contrapartida económica, de xeito que permita poñer á disposición do sector 7.000 toneladas adicionais.

Señores do Partido Popular, estas son as reclamacións que fai o propio sector, o mesmo do que falan vostedes sempre nas súas intervencións, ese sector que din vostedes coñecer á perfección e do que vostedes alardean de ser os máximos defensores. Eu creo que non deben deixar de selo e deben atender o que xa dende hai tempo veñen reclamando.

Pola miña parte, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señor Val.

Ten a palabra polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego o señor Rodas Chapela.

**O señor RODAS CHAPELA:** Boa tarde, señorías.

Nós compartimos, no fondo, compartimos totalmente esta iniciativa que xa foi debatida aquí tamén no pleno pasado. E, efectivamente, concordamos con que hai que rexeitar o actual modelo de repartición dentro do propio Estado español, pero antes creo que sería de xustiza pedir que alguén debería explicarlles aos mariñeiros galegos que o Goberno do Partido Popular avala os criterios da Comisión de Pesca da Unión Europea referentes a que sobra frota no Atlántico nororiental, e dicirlles con claridade que a frota que sobra é a nosa, é a galega, e que a nova maneira de eliminar a frota excedente é a través dos dereitos individuais de pesca, a través das ITQ. É dicir, trátase de eliminar frota sen que os fondos da Unión Europea dedicados á pesca se gasten, a pesar



de que agora, hoxe, enterámonos de que os fondos dedicados ao desmantelamento, ao desguace, pasan a manterse ata o 2017.

O que pretende o Goberno galego é xustamente axudar a que sexa por iniciativa do propio sector concentrando nos grandes armadores o dereito de pesca, e así conquistar unha mellora substancial dos seus resultados económicos, a cambio de que desapareza un bo número de embarcacións galegas.

Xa vimos, nesta repartición de xarda recentemente, como se utilizou o criterio de capturas históricas, como os grandes barcos do Cantábrico acapararon o 73 % do total da cota, mentres a frota galega, con 153 embarcacións, acaparaou a reducida, un reducido 24 % do total; unha cantidade absolutamente insuficiente, pero unha cantidade absolutamente ridícula en comparación co que se repartiú dentro da Near.

Polo tanto –digámolo con total claridade–, o Partido Popular e a señora conselleira, Rosa Quintana, está apostando por un modelo que vai reducir a frota galega, que vai ter un custo social altísimo sobre todo para a frota, pero tamén para todos aqueles concellos do litoral que teñen unha vinculación directa coa frota do cerco.

Estamos a falar –¡como non!– de concellos como Redonde-la, concellos como Bueu, como Cambados, como Porto do Son, como Ribeira, como Camariñas, Malpica, Sada ou Burela. Con este novo modelo baseado no dereito individual, o Partido Popular conseguirá que sexa abandonada unha parte importante da actividade por parte de moitos armadores, conseguirá que moitos mozos que se acaban de incorporar vexan fracasada a súa expectativa de vida.

Isto das ITQ non é nada novo, xa hai países que veñen desenvolvendo este modelo, e non é nada positivo, nin para a xestión pesqueira nin para as comunidades costeiras, unicamente o é para o gran capital, os bancos e as posibilidades de especulación.

Tamén compartimos o rexeitamento ao actual modelo de *tax* e cotas que vén condicionado fundamentalmente pola repartición que se establece a partir do principio de estabilidade relativa, pero tamén –¡como non!– a que é un modelo que depende dos criterios científicos e tamén dos criterios políti-

cos. Así, a modo de exemplo, podemos comprobar como na última repartición na xarda se cambiaron os criterios científicos a través dun criterio establecido por Noruega, e vemos e asistimos diariamente como as propostas científicas son cambiadas por criterios absolutamente políticos. Polo tanto, tamén rexeitamos ese modelo.

E con respecto á sobrepesca, pola cal se sancionou toda unha frota e non a quen a pescou, lembrarilles unicamente as propostas de sanción do ano pasado ás illas Feroe e mais a Islandia, e o resultado do último acordo: ás illas Feroe, nada máis e nada menos que o 12,6 %, despois de estar ameazada pola Unión Europea, o 12,6 %, que son 156.000 toneladas. Compárenas vostedes coas 40.000 que recibiu o Estado español.

En definitiva, nós estamos totalmente de acordo en rexeitar o o actual modelo da Unión Europea, avalado polo Goberno español e aplaudido pola Xunta de Galiza, porque condena a frota galega a desaparecer, así literalmente, desaparecer. Galiza precisa ter presenza alí onde se deciden as cousas, pero sobre todo precisa ter unha política centrada nos intereses, no país e non unicamente aplaudir...

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas.

**O señor RODAS CHAPELA:** ...os criterios que establece e que impón a Unión Europea.

**O señor RODAS CHAPELA:** Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señor Rodas.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.  
Señor Fajardo.

**O señor FAJARDO RECOUSO:** Boa tarde a todos e a todas.

Cando estamos a tratar unha situación de inxustiza e discriminación da nosa frota e, polo tanto, dos nosos mariñeiros ao respecto das cotas como é esta, hoxe non podemos esquecer que o Estado policial represor no que vivimos detivo polo menos seis xóvenes por supostamente ter participado nos altercados que tiveron que ver e foron fronte a este Par-

lamento durante o conflito do cerco. Para nós isto é tremendamente grave e a pesar de que hai apenas dez minutos que foron postos en liberdade, nós queremos reclamar desde aquí que non é posible o actual modelo de criminalización da protesta.

Neste país, neste Estado, as forzas da orde pública, que actúan ao ditame dos gobernos de turno, están criminalizando a indignación, están perseguindo determinadas posicións políticas. Porque nun conflito como o do cerco, onde se enfrontaban unha administración incapaz de dotar o noso sector dunha repartición xusta e os traballadores do mar, foron detidos, como no franquismo, seis mozos e mozas que o único que fixeron foi amosar a súa solidariedade cun sector en loita pola defensa dos seus dereitos. Foron detidos nas súas casas, pola noite. Había un dito que dicía que se no franquismo pola noite chamaban á túa porta non era o leiteiro, eran os grises. Parece que volvemos a aquelas épocas, e por iso nós queremos denunciar esa cuestión.

Parece que ao actual Goberno do Partido Popular non lle basta con retroceder en dereitos, con atacar a democracia, senón que queren sementar o virus do medo, e por iso nos queren non só silenciados, quérennos servos, quérennos vasalos, quérennos como a *corderitos* nas nosas casas sen capacidade para a indignación e para a mobilización.

A liberdade, a alternativa de pensamento, debe de estar por encima de todo, e por iso nós queremos solidarizarnos con eses mozos apresados durante o día de hoxe, porque entendemos que o que hai detrás é criminalizar determinadas posicións políticas e ideolóxicas.

Non en van hoxe un membro do Goberno da Xunta de Galicia, o conselleiro da MATI –como lle chaman aquí–, foi quen de dicir que eran perigosos porque eran antisistema e porque eran radicais. Ser radical é ir á raíz dos problemas, polo tanto non é ser perigoso. É ser unha persoa que pon encima da mesa as necesidades dunha sociedade máis xusta e máis igualitaria. Por iso queriamos empezar hoxe solidarizándonos con estes mozos e dicindo que xa está ben de represión, que non se pode reprimir a solidariedade.

Porque estamos falando dun conflito provocado pola incapacidade dun Goberno que deixa o noso sector do mar a expensas de intereses alleos á nosa comunidade, ao noso

país e alleos aos nosos intereses económicos. Porque é capaz de aceptar unha repartición inxusta e discriminatoria, unha repartición que é aceptada porque á xente non lle queda máis remedio que saír a comer, e por iso teñen que saír ao mar, pero que é evidente que non vai solucionar os problemas e que nesa repartición está o máis gordo do problema do conxunto deste sector.

Pero é que, ademais, se di que é unha repartición legal e que non queda máis remedio que facela así, e nós preguntamos –xa o dixemos no último pleno–: ¿como é posible que neste sector, onde é claramente insuficiente e é discriminatorio coa nosa frota o criterio dos históricos, se aplique e non se aplique cando si que nos é beneficioso? Parece que, cando hai que decidir que criterio se aplica á frota galega, dende o Goberno galego e dende o Goberno central se aplica aquel que lle é máis prexudicial ao conxunto da nosa frota.

Nós vimos defendendo neste Parlamento que é necesario que os criterios de repartición teñan que ver co beneficio social da pesca, e teñan que ver con que capacidade lle dá á nosa xente para sobrevivir. E creo que nese sentido hai un dato do noso sector que é fundamental a ter en conta. A pesca no noso país supón máis do 11,22 % do PIB do conxunto do noso país. A pesca no País Vasco, que é beneficiado con esta repartición, apenas chega ao 2,16 %. ¿Que quere dicir isto? Que nese país onde son beneficiados coa repartición non é un sector fundamental, como si é en Galicia a nosa pesca.

Cada decisión que vai en contra do noso sector está criminalizando as nosas xentes do mar e está deixando o noso mar baleiro de postos de traballo. Parece que o Partido Popular ten tomada unha decisión, e a decisión é expulsar os mariñeiros do mar. Fano no cerco, fano no marisqueo e continuarano facendo porque teñen encima da mesa un proxecto distinto, e é un proxecto que non está apostando pola pesca nin polos sectores extractivos. Aposta pola pesca industrial, por acumular capital en poucas empresas, e aposta tamén –hai que dicilo dunha forma clara– por unha acuicultura depredadora de recursos.

E nós non podemos compartir ese modelo. Nós cremos que é necesario que se supere a actual situación, e por iso compartimos a proposta do Partido Socialista, porque é evidente que temos que acabar co principio de historicidade relativa, e

tamén é moi evidente que ten que estarse, teñen que terse en conta outros criterios para a repartición da frota. E nós insistimos en que o criterio debe ser o criterio social, aquela frota que maior valor engadido ten e que máis postos de traballo...

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Remate, por favor.

**O señor FAJARDO RECOUSO:** ...é capaz de acadar. E esa é a frota galega, e non outras frotas que son moito máis depredadoras que a nosa.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señor Fajardo.

Grupo Parlamentario Popular. Señor Balseiro.

**O señor BALSEIRO OROL:** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, é certo que todo é mellorable, pero, señor Val, non se equivoque vostede, que coa proposta que presenta hoxe o Partido Socialista neste tema non mellorariamos nada, senón ao contrario, empeoraríamos moito. E é certo que nos pode gustar máis ou nos pode gustar menos, pero é certo que agora temos un acordo que permite aproveitar 3.400 toneladas fronte ás 1.600 que tiñamos no ano 2013, permite que a campaña se adapte ao ciclo migratorio, que non se esgote antes de que o peixe chegue ás nosas augas.

Acadamos un aumento da cota da xarda do 136 % máis que tiñamos no ano 2013, grazas a un acordo con Noruega que se negociou nos últimos meses. Galicia dispón do 43,2 % da cota do xurelo de todo o Cantábrico, que é o maior interese da frota do cerco –o xurelo, non a xarda–. Galicia ten máis porcentaxe onde máis quilos repartimos e nas zonas máis próximas, por iso chegamos a dispoñer do 97,9 % da cota do xurelo na zona IXa. E, se consideramos a repartición inicial das cotas do cerco, Galicia recibe 1.830 quilogramos por GT, duplicando ao País Vasco, que recibe 811 quilogramos por GT.

Pero o mellor argumento de todos –xa sei que este argumento á oposición non lle gusta–, o mellor argumento de todos é que os profesionais están pescando, están no mar e están facendo a campaña.

E falaba o señor Val, que no ano 2009 era delegado de Pesca, e falaba dos dereitos históricos, e viña asombrado á tribuna do Parlamento porque dicía que na repartición deste momento consideraban os dereitos históricos un 70 %. E ¿onde estaba vostede no ano 2009, no ano 2008, onde estaba o Partido Socialista, onde estaba o Bloque Nacionalista Galego, cando o peso que tiñan os dereitos históricos non era dun 70 %, senón era dun 80 %? Será bo que cando suba vostede á tribuna do Parlamento diga: agora non lles vale o 70 e daquela a vostede, como responsable delegado de Pesca na provincia de Lugo, ao Partido Socialista e ao Bloque Nacionalista Galego, que gobernaban, valíalles o 80; agora o 70 non e antes si valía o 80 %.

E xa lle digo que nós non imos apoiar unha moción repleta, primeiro, de incoherencias, de moito cinismo, pero sobre todo de moito descoñecemento. E ímoslle dicir por que.

Pide vostede rexeitar, no primeiro punto, os criterios de repartición da xarda e do xurelo para o ano 2014. Esta é outra mostra de que nunca a vostedes lles importou o futuro do sector pesqueiro. Aplicala sería perder nada máis e nada menos que a campaña deste ano. Sexan vostedes claros e explíquenlle ao sector que de rexeitar hoxe o actual modelo de repartición isto suporía nada máis e nada menos que perder o 43,2 % da cota do xurelo. Eu supoño que o Partido Socialista isto non o quere. Por iso lle digo que hai un descoñecemento grande pola súa parte á hora de presentar esta iniciativa.

Pide vostede, no punto 2, defende unha repartición por tripulante, e ademais vostede non di a verdade, hai outro descoñecemento grande; porque fala, e pon como exemplo, o arrastre, que acadou unha repartición lineal por tripulante. Non, señoría. O arrastre acadou unha repartición por barco, non unha repartición lineal por tripulante, que hai unha notable diferenza. Pero é que, ademais, se aplicamos a repartición por tripulantes que vostede propón hoxe, empeoraríamos moito a situación. Eu creo que vostede non botou as contas, porque o que sería bo para a xarda podería ser nefasto para o xurelo, que é a principal especie do cerco.

Un exemplo. Coa repartición por tripulante perderíamos nada máis e nada menos que 2.300 toneladas de xurelo na zona IXa. É certo que gañaríamos algunha na zona VIIIb, pero, como sabe vostede ou debera saber, na zona VIIIb non

podemos pescar porque é unha zona que nos queda moi lonxe, é un caladoiro que case é inviable para a frota galega, especialmente para unha maioría deses 150 barcos, que son barcos pequenos.

Pero é que, ademais, vostedes non poden coller o criterio segundo lles interese, porque non podemos aplicar o criterio segundo nos conveña. Porque, por exemplo, ¿que lle parece a vostede e que lles parece a vostedes eliminar os históricos por exemplo en Gran Sol? ¿Que lles parece eliminar os históricos en Gran Sol? ¿Non lles parece que mandaríamos á ruína o 80 % da frota de Galicia se eliminamos os históricos en Gran Sol? Entón, ¿vostedes que queren? ¿Os históricos para o cerco? Non. Os históricos para o Gran Sol, si. ¡Home!, parece que non ten moito sentido.

Piden vostedes, no punto 4...

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando, por favor.

**O señor BALSEIRO OROL:** ...—termino— revisar a sanción por sobrepesca. E como non me dá tempo, simplemente a vostede teño que dicirlle unha cousa. Mire, ¿por que non lle pregunta vostede que lle parece este modelo que propón vostede hoxe aquí na tribuna do Parlamento por exemplo ao sector do cerco na provincia de Lugo, que vostede é deputado por Lugo, igual ca min? ¿Por que non lle pregunta vostede? ¿Sabe por que? Porque non o comparten. Os seus veciños de Foz, os seus veciños da Mariña...

**A señora PRESIDENTA:** Remate, señor Balseiro, por favor.

**O señor BALSEIRO OROL:** ...e os seus veciños da provincia o modelo que trae vostede hoxe aquí á tribuna do Parlamento non o comparten, non o comparten. Por iso vostede lle mete o gol que lle mete ao seu secretario xeral, ao mesmo tempo portavoz, ou ao mesmo tempo presidente da Deputación de Lugo, cando vostedes foron a Madrid pedir algo que a provincia de Lugo non compartía.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señor Balseiro.

**O señor BALSEIRO OROL:** Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Polo grupo autor da moción ten a palabra o señor Val Alonso.

Déanlle voz, por favor. Grazas.

**O señor VAL ALONSO:** Grazas, presidenta.

Señor Balseiro, eu xa lle dixen nalgunha ocasión que eu teño interiorizado que o que máis sabe de pesca en Galicia é vostede; non fai falta que mo veña dicir aquí continuamente.

E o que temos que lamentar é que unha vez máis o Partido Popular quede só nesta votación e que non sexan capaces de ter altura de miras e darse conta de que os grandes prexudicados neste tema non somos nin o PSdeG nin os grupos da oposición, que os grandes prexudicados neste tema son a maioría da frota do cerco en Galicia, que con este modelo de repartición son condenados a non ter en moito tempo unha cantidade xusta de pesca.

Esa é a realidade e isto é o triste: que non sexan capaces vostedes de ver que milleiros de persoas viñeron manifestarse diante do Parlamento, milleiros de persoas saíron á rúa para reclamar xustiza, e aquí parece que o único que pretende ter razón é vostede e os demais están equivocados. Isto é o lamentable: que sigan vostedes mantendo esa actitude altiva e de prepotencia.

E, efectivamente, di vostede que eu non teño coñecemento, que este, o tema de transacción por sobrepesca, non se pode pagar con contrapartida económica. Bueno, pois eu creo que debería explicarme, señor Balseiro, cal é o artigo do Regulamento comunitario de control 1224, no que se establece que non pode ser aboada esa sanción con contrapartida económica, porque eu sinceramente non o encontrei en ningún sitio. Eu case lle recomendaría a vostede que lese o artigo 103 dese mesmo regulamento e despois fálamos, porque o que non pode vir vostede aquí é dicir cousas que non son certas e buscar escusas para votar en contra desta iniciativa.

E, ademais, deben dicir vostedes a verdade, porque utilizan vostedes unha dobre vara de medir. Vostede e a conselleira, nas reunións co sector, dinlle unha cousa, dinlle que van traballar e loitar por cambiar este modelo, e cando veñen ao Parlamento din absolutamente o contrario. E iso é o que non

se pode facer, señor Balseiro; non se pode ter unha dobre vara de medir dependendo de onde se estea.

Igual que fan vostedes co principio de estabilidade relativa, que vostedes din que van reclamar a súa derogación en Europa e acaban de establecer unha nova estabilidade relativa dentro do territorio español, porque gustaríame vostede que definise –vostede, señor Balseiro, e o seu grupo– que significa para vostede este principio, e se encontra algún tipo de diferenza co modelo de repartición que acaban de establecer vostedes para a cota da xarda. Esta é a realidade, e a realidade é esa dobre vara de medir que vostedes utilizan dependendo de onde estean, se están en Bruxelas ou están en Galicia.

Eu remato xa, dicíndolles aos representantes do sector do cerco en Galicia que desgraciadamente este é o Goberno, o Goberno que teñen, e este é o Grupo Popular que sustenta a acción do Goberno, que, ademais, non están realmente respaldando os seus intereses.

Nós, efectivamente, podemos estar equivocados coas nosas propostas, pero xa llo dixen na miña primeira intervención: que esta iniciativa que hoxe traemos aquí son as reivindicacións de máis do 80 % do sector do cerco en Galicia, que, como lle digo, na primeira repartición, aínda despois tamén dese novo aumento de cota, segue totalmente discriminado, cunha cantidade de peixe por ano que non é capaz para manter a súa actividade.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Debate, acumulado, das seguintes mocións:

**Moción do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D.<sup>a</sup> Eva Solla Fernández e D. Xosé Manuel Beiras Torrado, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa privatización de servizos realizada polo Sergas**

**Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D.<sup>a</sup> María Carmen Acuña do Campo, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co anuncio de contratación do servizo de xestión integral do**

**proceso de esterilización do material necesario para o desenvolvemento da actividade asistencial nos centros sanitarios do Sergas**

**A señora PRESIDENTA:** Á moción do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda non se presentaron emendas e á moción do Grupo Socialista presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

*(O G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, a través do seu portavoz e por iniciativa da súa deputada, Eva Solla Fernández, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda de supresión a esta proposición non de lei, doc. número 21544.*

*Emenda de supresión:*

*Debe suprimirse no punto 3 o seguinte:*

*“...dende o ano 2009...”*)

**A señora PRESIDENTA:** Para formular as mocións ten a palabra, en primeiro lugar, polo Grupo Parlamentario da AGE, dona Eva Solla Fernández.

**A señora Solla Fernández:** Grazas.

No pasado pleno voltamos vivir un exercicio de despexe de balón, de balóns fóra, pero explicacións, ningunha. Ante a xeira de privatizacións que estamos a vivir na nosa sanidade pública, o meu grupo decidiu interpelar este Goberno, pero ante as preguntas atopámonos unha vez máis coa típica resposta de quen non ten argumentos: ridiculizar a pregunta, responder con frases feitas, neolinguaxe e respostas trasladadas a unha linguaxe técnica. É así como responden cando non teñen argumentos.

Hai problemas nos servizos privatizados, pero a conselleira decidiu non falar dos mesmos e non responder como vai controlar eses problemas. Hai unha privatización flagrante da nosa sanidade, pero este Goberno prefere utilizar eufemismos e falar de externalizacións, previsións de servizos e a última centralización de contratos. Chámenlles como queiran, pero á fin son privatizacións, e son privatizacións porque eses mesmos servizos poderían a estar a proporcionarse dende o público.



Se agora mesmo a Xunta, como din vostedes, non produce enerxía, pode mercala, pero non ten que privatizar a xestión desa enerxía. Se agora mesmo a Xunta non fabrica, como din vostedes, maquinaria, pode mercar esa maquinaria, pero tampouco ten que privatizar a xestión desa maquinaria. E ese precisamente é o seu engano: intentan convencer a xente de que non hai outra fórmula, de que as privatizacións son inevitables. Pero a xente non é tonta, e aquí vostedes non respostaron o outro día acerca de cales eran as razóns para privatizar os servizos, non dixeron que estudos e cantos estudos e feitos por quen ou por que organismo recomendaban privatizar eses servizos, que estudos económicos dicían que os servizos ían ser máis solventes e que estudos científico-técnicos dicían que estes servizos fosen ter máis calidade. Non, escaparon á pregunta.

Polo tanto, hoxe traemos aquí esta moción exixindo que eses estudos se traian a esta Cámara –os estudos que recomendaban as últimas privatizacións, as privatizacións máis grosas da nosa sanidade– e que demostren aquí quen os fixo, como se fixeron, cales son eses estudos. E supoño que se eses estudos existen, non terán problema vostedes en votar a favor deste punto, porque miren se llelo puxemos doado que incluso dividimos a moción por puntos, así que poden votar a favor traernos aquí eses estudos que din que é necesario privatizar os servizos sanitarios ou externalizar ou centralizar ou como lle queiran chamar.

A xestión enerxética, o mantemento do Hospital da Coruña pode facerse dende o público. A xestión do Hospital de Ourense, o seu mantemento, a seguridade, pode facerse dende o público. O mesmo, enerxía, mantemento nos hospitais de Ferrol pode darse dende o público. As probas de laboratorio poden facerse no público; de feito, algunhas xa se fan no público, xa hai probas que se fan, en menor número poden centralizarse nun laboratorio público, non é necesario privatizar.

Transporte sanitario aéreo, poden mercarse os helicópteros e o servizo ser público; tiveron helicópteros de salvamento que eran públicos e os malvenderon porque así o decidiron.

Radioloxía, radioterapia intervencionista, resonancia, poden e deben ser públicas. Se hai que renovar a maquinaria, a maquinaria mércase, faise un estudo e mércase pouco a pouco, pero o mantemento, a xestión e a formación dos profesionais ten que ser e debe ser pública.

Igual que na esterilización. Se hai que renovar a aparataxe, os equipos mércanse e non é necesario privatizar. Se é preciso homoxeneizar o traballo, faise un protocolo, dende o público, non fai falla privatizar ningún servizo.

No pasado pleno a señora conselleira dixo que buscaba garantir que a esterilización cumpría os requisitos máis exixentes de seguridade. ¿Que pasa? ¿Estaba dicindo que dende o público ata o de agora non se cumprían eses requisitos exixentes de calidade? ¿Estaba dicindo que no público non se dá calidade suficiente e co privado si? ¿Estaba dicindo que o traballo non se fai de maneira adecuada polo persoal público?

Falou incluso de marcaxe, identificación dos produtos esterilizados, algo que xa se fai, e o control, algo que se fai de maneira normal nos hospitais públicos.

Polo tanto, ¿onde está esa xustificación da privatización? Falou, ademais, de que era preciso resolver a variabilidade excesiva que dicía que había. Eu pregúntome: ¿dá a entender a consellería que a esterilización e o seu proceso se estaba a facer de forma distinta en cada centro? Porque para iso, señorías, hai unha cousa moi sinxela, chámase protocolo, e para iso non é necesario privatizar ningún servizo.

E falou tamén de obsolescencia da aparataxe. De acordo, pode haber aparatos que estean vellos, e por iso haberá que iles mudando pouco a pouco; mércanse, comezando polos máis antigos; non é necesario privatizar o servizo nin a súa xestión.

¿Onde están, polo tanto, esas razóns que aducen, eses motivos para a privatización? E ¿que vai pasar, ademais, co persoal público, non de medicina preventiva –que, ademais, sabemos que a maioría están en contra destas privatizacións–, senón que vai pasar co persoal médico, co persoal de enfermería, cos celadores, coas celadoras, todo ese persoal que traballa nos servizos de esterilización?

Queda bastante claro que non é necesario privatizar os servizos para que funcionen mellor. Por iso, solicitamos tamén que se revertan as privatizacións, porque nós consideramos que son un cancro para a nosa sanidade pública, e unha sanidade pública que esmorece é sinónimo de pobreza e de marginación social. Vostedes están a abrir a porta aos *holdings* das grandes empresas, esas que miden a nosa saúde nas moedas que poden gañar.

E para iso son capaces de dicir calquera cousa, con tal de xustificar esas privatizacións, como fixo o outro día a señora conselleira, cando denunciei aquí a privatización das probas de laboratorio, que foi quen de dicir que ningunha desas probas se estaba a facer en hospitais públicos, o cal non é certo. Algunha si é certo que se daban fóra, que non se facían en hospitais públicos, pero outras, desas 638 que se privatizan, sobre todo as de hormonas e varias das bioquímicas urxentes, estanse a facer en hospitais públicos; temos incluso contías á nosa disposición de cantas se fan.

Por certo, ademais, para centralizar unha actividade non hai que privatizar, e se dunha proba se fai menos cantidade, o que se pode é centralizar nun hospital público, non fai falta centralizalo nun hospital privado. Polo tanto, non é necesario privatizar para dar mellores servizos, porque os mellores servizos, señorías, danse no público.

Non é necesario privatizar a xestión dos hospitais, porque para iso está o Goberno, para iso lles pagamos, para xestionar o que é de todas e todos. Non obstante, o que fan é recortar en dereitos en sanidade pública, presumindo, como fixeron aquí, dun orzamento que diminuíu só dende que está o Goberno Feijóo nun 10 % en sanidade, e do que grande parte do que queda vai aos concertos con entidades privadas sanitarias e aos concertos das privatizacións de servizos.

En sanidade non só hai que investir máis, senón que hai que investir mellor, hai que investir ben, porque fíxense vostedes que precisamente no paraíso liberal, nos Estados Unidos, está o sistema máis caro do mundo sanitario, un 16 % do produto interior bruto, que é ao mesmo tempo un dos peores sistemas sanitarios, onde 50 millóns de persoas quedan excluídas da sanidade e onde podes morrer ás portas dun hospital.

Falábase esta mañá aquí de que puñamos barreiras. Pois miren, señorías, o libre mercado non ten barreiras, e ese é o espello onde vostedes queren que nós nos miremos, onde as empresas en libre mercado poidan seguir explotando a nosa saúde para seguir acrecentando as desigualdades sociais.

O índice Gini, que mide a desigualdade, aumenta sen parar no Estado, e só en Galicia, en catro anos, pasou do 0,27 ao 0,28. A desigualdade perpetúase, a deterioración de servizos públicos o único que fai é acrecentala. A deterioración da

sanidade pública incrementa a desigualdade porque, ademais de privatizacións directas de servizos, o financiamento público da sanidade é cada vez menor, aumentando os repagos, o que dificulta obviamente tamén o acceso correcto á sanidade.

E cantos menos sexan os servizos da carteira e máis os repagos, máis mercado para as empresas privadas da sanidade, que poden á súa vez cortar eses servizos sanitarios ofrecéndoo de maneira privada. Esa tamén é unha privatización.

Á fin, resolvemos que o privado non é máis eficiente, non é máis rendible e non é de máis calidade.

E referente aos outros puntos tamén da moción do PSdeG, na reversión das privatizacións estamos de acordo –véñoo expoñendo nestes minutos–, pero presentamos unha emenda, na que pedimos que se retire o de “dende o 2009”, porque nós obviamente estamos en contra de todas as privatizacións, as que se fixeron a partir de 2009 e as que se fixeron antes, que esta privatización vén de décadas incluso.

E en canto á xestión clínica –debatémolo tamén o outro día en comisión–, fíxose cun enorme escurantismo, obstruíndo a participación e as achegas, eliminando o trámite de audiencia, algo que denunciou o propio Consello Consultivo, que denunciou que o proxecto foi modificado a posteriori sen audiencia pública; un montón de irregularidades que se suman ao antidemocrático deste decreto, que vai implicar unhas áreas de xestión cunha dirección de libre designación e cun comité de dirección de área de libre designación, ou sexa, elixido a dedo.

Un decreto que, ademais, como xa dixemos, ataca frontalmente a negociación colectiva, con incentivos distintos en cada área, que se van negociar de maneira particular, que ataca tamén os dereitos laborais e introduce a industrialización de asistencia sanitaria, facendo que se cobren incentivos en función do pouco ou moito gasto efectuado, como se en troques de estar falando de asistencia á saúde e enfermidade falásemos de produción industrial.

Un decreto, ademais, que non explicita que estas áreas nun futuro non poidan ser privatizadas, como xa nos confirmou ademais a Xunta de Galicia nos medios de comunicación, a través do señor Rubial, director de Asistencia Sanitaria, que

non descartou que nun futuro puidese ser así. E, polo tanto, un decreto que obviamente tamén consideramos que debera ser eliminado.

O peor de todo é que, ao final, o que está en entredito e está en perigo é o sistema público de saúde. Señorías, o privado non é máis eficiente. O público é máis eficiente e de máis calidade, está demostrado. Temos resultados, porque estamos vendo os servizos privatizados con resultados peores que antes. O Goberno, señorías, está para xestionar, non para vender a sanidade ao mellor postor. Económica e científica-mente, o sistema público, democrático, universal e gratuito da nosa sanidade é máis eficiente que a empresa privada. O libre mercado debe estar lonxe do servizo público, non se pode aplicar a oferta e a demanda, porque a saúde –señorías– non é ningunha mercadoría. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, ten a palabra a señora Acuña do Campo.

**A señora ACUÑA DO CAMPO:** Grazas, presidenta.

Boa tarde, señorías.

Eu quero comezar este debate sanitario exixindo ao señor Feijóo o cesamento inmediato da señora Mosquera, por reincidir no nepotismo, evidenciado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, manipulando de novo o exame para darlle a xefatura de servizo ao seu marido. Os e as profesionais, señorías desta bancada, alcanzan eses postos –por se non o sabe vostede, señor Román– con gran esforzo e con gran dedicación, polo que se teñen que sentir moi indignados e indignadas ante a falta de respecto amosada pola máxima responsable do sistema sanitario público, que está a xestionar este sistema coma se se tratara da súa finca particular. *(Aplausos.)*

No pleno pasado escoitamos a esa señora tachar o noso discurso de alarmista e catastrofista. Pois ben, señorías, o que realmente alarma é que o 58 % das queixas presentadas ante o Valedor foran precisamente por cuestións sanitarias. Ademais, segundo a señora Mosquera, o Goberno Feijóo non privatiza, non, ¡que va!, só merca máquinas, edificios, enerxía, telefonía... Porque, claro, ata agora eles iso non o fabri-

can. Pero resulta que un recente estudo da Federación de Asociacións en Defensa da Sanidade Pública –fonte que lle gusta tanto ao voceiro de sanidade do Grupo Parlamentario Popular– acaba de publicar, de concluír, que Galicia está entre as comunidades autónomas cun elevado grao de privatización, exactamente no terceiro lugar despois de Madrid e de Cataluña. Mentres que –e isto vai para esa bancada– entre as comunidades autónomas con baixo grao de privatización –fíxense que casualidade–, está Andalucía –case o poderían corear–, Asturias e, por suposto, Estremadura.

Pero é que, ademais, Feijóo, para privatizar inventa estraños contratos que deixan fóra o tecido empresarial galego, contratos que logo ten que anular o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, como por exemplo o da xestión integral de espazos do Hospital de Ourense. Agora resulta que, no colmo do despropósito, o señor Montero ten que saír na defensa das empresas galegas ante o abuso que delas fai precisamente Feijóo, o noso presidente. Ademais, señorías, temo que eses inventos poden poñer en perigo os fondos europeos que temos para a tecnificación do noso plan director pendente do Complexo Hospitalario de Ourense.

Pero o que máis claro quedou no debate da interpelación é que Feijóo non ten argumentos que xustifiquen esta privatización masiva que está a levar a cabo. Chegou con escoitar a responsable da consellería xustificar que xa estean gastando a metade do orzamento en pagar a empresas nos pagos que están a facer ás farmacias, á luz e á auga. Pois ben, se o señor Feijóo só paga facturas de farmacia, luz e auga, entón débenlles todos os cartos a Galaria, a Povisa, os cartos das analíticas privatizadas, os cartos dos privatizados servizos de protección radiolóxica, hemodiálise, os dos institutos biomédicos de investigación, Centro Oncolóxico de Galicia, Axencia de Docencia, Formación, Investigación e Avaliación, Axencia Galega de Sangue e Tecidos, ambulancias, 061, os da oxixenoterapia, os da xestión das historias clínicas, teleasistencia, os da central de chamadas, da empresa que leva os arquivos, os da criticada plataforma loxística, os do mantemento electromédico, lavandería, cátering... É dicir, teñen todo, absolutamente todo, sen pagar.

Tamén me pregunto quen vai pagar as cotas do privatizado novo hospital privado de Vigo, do plan director de Ourense, dos novos centros de saúde por construír, da renovación da alta tecnoloxía e, por suposto, da esterilización.

Por certo, ratifícome en que o novo hospital privado de Vigo é un hospital “PP”, privado e pequeno. Porque é moito máis –sí, si–, é moito máis pequeno para as necesidades sanitarias desa área e, sen dúbida..., (*Murmurios.*)

**A señora PRESIDENTA:** Silencio, por favor.

**A señora ACUÑA DO CAMPO:** ...é moito máis pequeno do que tiña pensado construír con cartos públicos o goberno progresista do señor Touriño. (*Murmurios.*)

Señorías, os socialistas imos seguir reclamando eses estudos económicos e de calidade que demostren o que din vostedes, as vantaxes da privatización do noso sistema público, aínda que polo de agora o único que nos ten presentado o PP son desculpas e mentiras. Mentiras como que privatizan para centralizar e para rematar coa variabilidade. Pois moi ben, señorías, variabilidade si que imos ter cando as persoas sexan atendidas dun proceso na sanidade pública, doutro na privada e doutro na concertada. Iso si que vai ser variabilidade.

Pero a maior mentira é que exista consenso para a privatización da esterilización, e que este proxecto conte coa colaboración dos e das profesionais, pois a súa oposición foi clara, manifesta e, por suposto, pública.

A señora Mosquera asegurounos ademais no debate que nese contrato para privatizar a esterilización vai incluída a reposición do material cirúrxico, pero non aclarou quen vai decidir cando e como se vai efectuar esa reposición. Supoño que será a propia empresa –dado que é a encargada de ir repondo– quen decida cando e en que chino vai mercar o novo material.

Señor Santalices, vostede, que sen dúbida é un bo coñecedor do sistema sanitario, ¿pensa, de verdade pensa, que esa medida vai contar co apoio das e dos cirurxiáns e que van estar de acordo en utilizar para realizar a intervención –da que eles son os responsables últimos– material dun chino que non se axuste á técnica cirúrxica utilizada polo cirurxián porque así o indique unha empresa privada allea ao sistema? ¿De verdade que o pensa? Eu creo que non, eu creo que non.

Talvez vostedes queren que suceda co material cirúrxico o mesmo que está a pasar agora co resto do material que se

serve dende esa marabillosa plataforma loxística. Miren, un día si e outro tamén, desabastecemento. Un día non hai mascarillas para que nebulicen en pediatría, outro día non hai reactivos para facer analíticas... Si, hai uns días non se podían facer os controis de sintrón porque non había reactivos. Pero é que, ademais, cando hai material, ese material é de tan mala calidade que estorba máis que axuda. Os guantes rompen, os sistemas e as vías de soro non van, as gasas non empapan, as vendas provocan isquemias... Miren, se pensan que eu estou esaxerando, eu pediríalles que falaran vostedes co persoal sanitario, a ver o que lles din.

O que tampouco nos explicou a conselleira é como vai privatizar durante doce anos, ¡durante doce anos!, e poñendo o prezo hoxe –no 2014–, toda a esterilización do sistema sanitario público, cando cada día que pasa utilizamos máis material desbotable, non reutilizable, polo cal non podes contratar unha esterilización no 2014 porque ao mellor dentro de cinco anos non se reutiliza e, polo tanto, non se utiliza nin a metade dese material. ¿Como vai contratar por doce anos un goberno? A min isto paréceme eticamente cuestionable, cuestionable porque ese goberno só vai gobernar uns anos. Queda –insisto– atado e ben atado –cousa que deberíamos ter ben esquecida ¿non?– ese sistema, esa privatización, durante doce anos.

Señorías, temos claro que a privatización masiva da sanidade non é por unha cuestión de sustentabilidade e eficiencia, que é simplemente por unha cuestión moi clara de negocio. E precisamente por iso o Goberno non pode presentarnos documentos serios recomendando esas privatizacións, sencillamente porque non os hai, porque esas privatizacións non son recomendables. E alí onde se utilizaron tiveron consecuencias nefastas, diría eu.

Por iso temos que concluír que a xestión sanitaria do tándem Feijóo-Mosquera é un auténtico desastre que está destrozando e privatizando todo o noso sistema público de saúde. E, ademais, non é que o digamos os socialistas, senón que o din tamén os profesionais e as profesionais, dino os sindicatos, a cidadanía na calle, manifestándose na rúa e nas queixas que lle plantexan ao Valedor, pero tamén o di o Consello Consultivo ante as áreas de xestión clínica. E agora dío ata o señor Montero –perdón, o señor Montoro–.

Pero talvez todos esteamos equivocados e resulta que ten razón o Partido Popular. Pois moi ben, pois demóstreno

votando a favor da moción que nós lles presentamos, na que pedimos cousas moi sencillíñas. Se vostedes non están privatizando, non terán ningún inconveniente en votar a favor de que se anule a privatización, a do servizo de esterilización, as feitas ata o de agora e as por facer, que se retire ese decreto das áreas de xestión clínica que condena o Consello Consultivo e que condena todo o mundo sanitario –escoiten, por favor, escoiten–. E, por suposto, non estarán vostedes en contra e votarán a favor do carácter universal, público, gratuito –no momento de recibir a asistencia– e de calidade, que sen dúbida tiña o noso sistema sanitario público e que nunca debeu de perder.

Espero contar co apoio dos grupos.

De momento, máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Intervención dos grupos parlamentarios.

Polo Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Prado Cores.

**A señora PRADO CORES:** Moi boa tarde a todos e a todas.

Eu vou encozecer esta intervención mostrando o escandalizados que estamos no Bloque Nacionalista Galego co modelo de sociedade que está intentando implementar o Partido Popular, un modelo de sociedade de privilexiados e dos que sofren, por outro lado, as decisións dos privilexiados, un modelo de sociedade onde se fomenta e se lle traslada á cidadanía que estar á fronte das institucións, que estar á fronte da Administración galega, dá dereito a todo, dá dereito a colocar a familiares e ser efectivamente reincidente, dá dereito á impunidad total e absoluta, fronte –por ser suave– á criminalización, á represión, ao medo que se usa –un día si e outro tamén– contra o pobo que se atreve a rebelarse contra as decisións que está tomando o Partido Popular nas institucións. Realmente é escandaloso que intenten trasladar que iso é o que nos espera, e que calquera que se atreva a dicir que non ás súas políticas está condenado simplemente a sufrir a represión absoluta.

Non vou repetir o que xa se dixo aquí, pero dende logo di moi pouco do concepto de democracia que ten o partido que

está neste momento gobernando en Galiza, que está neste momento gobernando en España, e que usa os resortes que dá estar nese goberno e no poder, simplemente, contra o pobo e a favor de si propios e dos seus propios familiares.

O Bloque Nacionalista Galego trouxo aquí unha proposición non de lei para pedir a dimisión da conselleira de Sanidade e resulta que non só vostedes non votaron a favor senón que supoño que estarán encantados e aplaudindo coas orellas que volvan repetir a mesma manobra. No BNG simplemente nos parece escandaloso.

Imos votar a favor destas dúas iniciativas que presenta hoxe aquí tanto o Partido Socialista como a Alternativa Galega de Esquerda, e esperamos que teñan máis sorte no que voten vostedes, señores e señoras do Partido Popular, porque moitas destas cuestións que se tratan aquí xa tamén as presentou o BNG, e, dende logo, con moi pouco éxito. Denunciamos xa tamén o BNG que as privatizacións que estaba levando a cabo o Partido Popular non tiñan xustificación técnica e que non había argumentos, que o estaba facendo de costas viradas aos profesionais, mais vostedes seguen na súa. Incluso se atreven a negar a maior, atrévense aquí en sede parlamentaria –a conselleira e o presidente do Goberno– a negar que están privatizando a sanidade pública. E lonxe de dicir que a están privatizando, pois agóchanse, efectivamente, detrás de palabras do tipo de que o que están é intentando solucionar a variabilidade de contratos ou que o contrato centralizado permite unha mellor xestión e eficiencia, e que a homoxeneización da calidade dos servizos é o futuro. O que lles queda, o seguinte que temos no Bloque Nacionalista Galego que van facer, é que directamente lles pasen as competencias a Madrid, que deixen de exercer as competencias en materia de sanidade e que decidan que o fagan directamente en Madrid. Porque así será máis eficiente, máis centralizado e irá na liña do que levan facendo durante todos estes últimos anos, que é renegando de exercer o escaso autogoberno que temos e delegando funcións. Porque o único que fan cada vez que veñen aquí é xustificarse en que esas concentracións son moito máis eficientes.

Queren convencernos da necesidade de ser eficientes e de que é preciso aplicar repagos porque non hai recursos. E resulta que despois nos encontramos con que dilapidan 2 millóns de euros nun contrato de publicidade supoñemos no BNG que para pagar as eleccións europeas, supoñemos que



é para iso. Porque non se pode vir aquí a esta tribuna a dicir que non hai recursos, a dicir que os doentes –os galegos e as galegas– teñen que pagar por servizos e por medicamentos que ata hai ben pouco pagaban vía impostos, e que logo se atrevan a aprobar, un día si e outro tamén, contratos como os que sacaron á licitación onde entregan 2 millóns de euros en pura e dura propaganda. Vostedes saberán como invisten os cartos dos galegos e das galegas.

Eu vou repetir que son vostedes uns liquidadores da sanidade pública galega, que mentres afirman traballar pola sustentabilidade da sanidade pública o único que fan é privatizar, recortar e entregarlles os recursos dos impostos dos galegos e das galegas a empresas privadas. Lémbrolles que a sanidade non é un privilexio, é un dereito que ganamos e que ganaron os que estiveron antes ca nós con moito esforzo, e que vostedes están dilapidando.

Os servizos sanitarios, para que sexan realmente equitativos, para que realmente sexan un elemento de redistribución e aos que teñan acceso a maioría dos galegos e das galegas, só son posible na sanidade pública galega. Está máis que demostrado que todas as experiencias de privatización que se levan feito noutros territorios e aquí na Galiza empeoran a calidade asistencial e que dan moita peor asistencia, e que empeoran a sanidade dos cidadáns. Pero parece que a vostedes iso lles importa ben pouco, teñen unha folla de ruta trazada, teñen marcado que os servizos públicos sexan un negocio para unha serie de empresas. Teñen como folla de ruta e como meta eliminar a sanidade pública para poder facer negocio coa enfermidade dos galegos e das galegas. E non varían un milímetro esa folla de ruta.

Durante os últimos anos o Goberno da Xunta impulsou todo tipo de medidas que afondan no desmantelamento da sanidade pública. Entregoulla a empresas privadas e, o que é máis sangrante, na inmensa maioría a empresas privadas de fóra de Galiza. Non é só que estean privatizando senón que, por encima, estallle entregando o negocio a empresas de fóra de Galiza. E a lista é interminable.

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando, por favor.

**A señora PRADO CORES:** Podíamos falar de construcións de infraestruturas, de alta tecnoloxía, de mantemento..., cuestións nas que o Bloque Nacionalista Galego leva demanda-

do tamén aquí neste Parlamento que se revertan e que non se siga adiante. E hoxe volvemos dicir que imos apoiar estas dúas iniciativas porque van na mesma dirección do que leva demandando o BNG: que o Partido Popular rectifique e deixe de privatizar un ben tan esencial e tan necesario como é a sanidade pública galega.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Polo Grupo Popular, o señor Santalices Vieira.

**O señor SANTALICES VIEIRA:** Grazas, señora presidenta. Boas tardes a todos e a todas.

En primeiro lugar, quero expresar o meu absoluto respecto polos membros do tribunal que acaban de adxudicar a praza de xefe de servizo do Complexo Hospitalario de Santiago, non soamente polos membros deste tribunal senón polos anteriores tamén, profesionais de moito prestixio que foron vilipendiados. Outra vez vostedes acaban de lanzar aquí un ataque aos profesionais, é a súa liña. Eu, absoluto respecto para todos eles. *(Aplausos.)*

Por entrar en varios temas, sobre o hospital público Álvaro Cunqueiro eu teño que expresar, señorías, a miña satisfacción polo acordo acadado en Vigo. Un acordo que volve ao sentido común, un acordo no que, grazas a el e a que o seu alcalde volveu ao sentido común, poderá ser asumido o espírito do que se recollía no convenio do ano 2006. O que recollía o convenio... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non sei se ten que dicir algo, non sei se está de acordo ou non. ¿Non está de acordo? ¿Non existe? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Se non existe, se non está isto recollido, teremos que mandar uns teletipos a outro lado. Porque coidado co que está dicindo, é mellor que cale. Espírito do recollido... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non o estropee vostede, que está arranxado, felicítémonos do acordo acadado, do acordo acadado, e que este convenio non teña que volver esgrimilo desde esta tribuna porque se acaba de recoñecer a necesidade de facer as acometidas do hospital público Álvaro Cunqueiro. *(Aplausos.)* Benvidos a ese consenso. Agora, con toda seguridade, o hospital vai camiñar máis libre, a maior infraestrutura sanitaria que temos en Galicia. E diso, señorías, debémonos de felicitar absolutamente todos.

Nós, señora Acuña, ¿como non imos referendar? Nós referendamos o compromiso co sistema sanitario público, universal e solidario. Nós referendámolo, ¿como non o imos referendar? E tamén o referenda a señora Trinidad, que acaba de facer unha proposta nese sentido sobre un pacto. E nós nese sentido estaríamos de acordo con que iso se puidera falar para chegar a un acordo sobre un tema tan importante como é a sanidade.

Nós seguimos apostando –e demostrámolo– pola non implantación de copagos asistenciais. Non hai copagos asistenciais na nosa comunidade, nin hai copagos asistenciais no Estado español. Somos dos tres únicos países nos que o copago asistencial non o hai, señora Acuña. Somos os únicos tres países que non teñen copago asistencial, xa o dixen moitas veces: Dinamarca, Reino Unido e España.

Nós mantemos a nosa aposta por un servizo de calidade, mantémola. E ademais creo que é obrigación facer unha xestión eficiente de todos os recursos que temos, e penso que o estamos facendo ben. Nós non estamos baixo a ameaza de quebra no noso sistema sanitario, en Galicia non hai esa ameaza. Afortunadamente fomos quen de facer a xestión adecuada para non ter ese problema, e diso debemos de felicitar nos. Nós non temos, afortunadamente, ese problema. E eu, neste sentido, creo que se debería de reflexionar.

Hai unha emenda moi interesante formulada por parte do Grupo da Alternativa Galega de Esquerda. É unha emenda onde lle di que, efectivamente, se hai que falar de externalización-privatización, ¿por que a marca vostede só dende o 2009? ¿Que pasou durante a etapa na que gobernaron vostedes? ¿Por que marca precisamente aí o corte? É unha emenda ben presentada. Eu teño datos de como foi todo aquilo. ¡Home!, é que, se falamos, falamos de todo. Eu creo que a emenda é intelixente e colócaa a vostede nunha situación complexa, imos ver como sae dela. De aceptala... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, eu estoulle suxerindo. De aceptala, estalle facendo vostede unha emenda ao Goberno bipartito –ou sexa, ao seu–, e, de non aceptala, pois veríaselle o plumero. (*Risos.*) ¡Claro! Non, non, de non aceptala, veríaselle o plumero. Porque eu non quero tirar aquí do que se leva feito, pero vostedes derivaban nun 40 % a centros concertados. E eu non quero falar aquí pero vostedes eran un exemplo... Non externalizaban vostedes a lim-

peza, a limpeza do Juan Canalejo –que era como se chamaba naquel momento– vostedes non a externalizaron, pero aquí hai un concurso firmado pola conselleira de 12 millóns de euros. Tampouco externalizaban vostedes a limpeza de Ourense, pero hai un concurso tamén de 12 millóns de euros. Transporte sanitario: vostedes non externalizaban, ¡que va!, facían un concurso de 79 millóns de euros. Iso non era externalización nin era privatización –como o queira chamar–, vostedes a isto chamábanlle “xestión eficiente dos recursos”. Cando o facemos nós, vostedes chámanlle “privatización”. (*Aplausos.*)

E, por certo, señora Solla, no tema do laboratorio eu creo que hai que entender que o que se acaba de firmar é que esas probas que se derivaban dende hai moito tempo a laboratorios como son Reference e Balagué, a Barcelona, probas específicas que non se facían nesta comunidade, e que agora se poden facer, se fagan na Comunidade Autónoma galega. Supoño que vostede estará de acordo en que, se se poden facer na Comunidade Autónoma galega, é mellor darllas a unha empresa que o poida facer en Galicia que non a unha empresa que o poida facer en Cataluña. Eu claramente me decanto pola empresa que o poida facer en Galicia. (*Aplausos.*)

¡Home, claro!, é que, vamos... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Chegou vostede tarde, señor Losada. É unha pena, porque tivemos unha disertación moi importante sobre o hospital público Álvaro Cunqueiro... (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Non dialogue, señor Santalices.

**O señor SANTALICES VIEIRA:** Lamento que chegara tarde, home..., grazas ao acordo acadado en Vigo. Foi unha pena que chegara tarde.

Xestión clínica. Nós temos o decreto propio, e o noso decreto propio, ademais, é froito dun consenso –salvo que me corrixan– acadado durante o debate do estado da Autonomía entre o Grupo Parlamentario Popular –nunha proposta de resolución– e o Bloque Nacionalista Galego, e que foi votado neste Parlamento. E claramente di... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) A min preocupárame o que se fala en Galicia.

**A señora PRESIDENTA:** Remate, señor Santalices.

**O señor SANTALICES VIEIRA:** “Xestión clínica: sen capacidade xurídica propia”. O señor Jorquera foi o que firmou, señora Prado, o señor Jorquera sabe disto porque foi o que o firmou, co señor Puy, que era o portavoz. Xestión clínica..., apoiado por vostedes. Bueno, tampouco é necesario que se bote agora atrás desta cuestión, ¡home!, que é interesante.

**A señora PRESIDENTA:** Remate, por favor, señor Santalices.

**O señor SANTALICES VIEIRA:** E ademais imos debatelos. E o acordo di iso: “Sen capacidade xurídica propia e un marco organizativo que permita unha mellor xestión dos nosos recursos”. Non se arrepinta, señora Prado, ¡non se arrepinta! O decreto de xestión clínica tenlle longo recorrido en Galicia.

Nada máis, señora presidenta, moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señor Santalices.

Polos grupos parlamentarios autores das mocións, en primeiro lugar ten a palabra, polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, a señora Solla.

Dende o escano, por favor, señora Solla.

**A señora Solla FERNÁNDEZ:** Grazas.

Bueno, a min gustárame que tamén o Grupo Popular se posicionase sobre as mocións que acabamos de defender. Eu plantexei na primeira parte que solicitabamos que se trouxeran a esta Cámara os estudos científico-técnicos e os estudos económicos que recomendaban esas privatizacións que segundo o Partido Popular é mellor facer. Non sabemos por que, porque, dende que estamos aquí, todas as veces que preguntamos aínda non se nos respondeu por que se están a privatizar os servizos públicos. Xa lles dixen que, se non lles gusta “privatizar”, digan “externalizar”, “concertar servizos”, “provisión de servizos”, o que lles guste máis, pero contratos con empresas privadas para proporcionar servizos que se podían estar a dar dende o público.

Probablemente o señor Santalices considera que non hai repagos asistenciais, pero para nós son repagos asistenciais os repagos nas próteses, os repagos na farmacia hospitalaria, os repagos nos complementos alimenticios. Porque todos

estes son produtos necesarios para mellorar a calidade da saúde das galegas e galegos que os precisan. E, polo tanto, é á fin un repago e constitúe unha privatización máis do sistema. Pero é que ademais falaba antes da desigualdade social, e hai unha cousa que se chama determinantes de saúde, que son a vivenda, a alimentación e as condicións de vida das galegas e galegos, que desgraciadamente tamén se ven afectados polas súas políticas de recortes e polas súas políticas austericidas. Iso tamén é falar de sanidade, e son determinantes de sanidade de atención primaria. Supoño que iso o saberá ben, e iso tamén incide moito na calidade de vida e na saúde das galegas e galegos.

Pero, voltando ás mocións, non sei —como xa lle expliquei que as dividiamos por puntos— como se van posicionar no resto dos puntos, supoño que en contra, porque a pesar da emenda que lle plantexamos ao PSdG, que a vostede lle gustou tanto, lémbrolle que evidentemente houbo privatizacións antes, pero tamén co Goberno de Fraga. Non sei se a van votar nese sentido a favor, porque ¡como lle pareceu tan ben!

E referente ao laboratorio, por certo, non é certo que todas esas probas se estiveran facendo fóra. Xa dixen, había probas que se estaban facendo fóra, pero tamén había probas que se estaban facendo nos nosos hospitais. No Chuvi, no hospital de Vigo, no Xeral, estábanse facendo varias desas probas, concretamente as de hormonas. Xa lle dixen que temos datos da cantidade de probas que se estaban a facer. Polo tanto, a señora conselleira o outro día aquí mentiu ou descoñecía a realidade, porque falou de algo que non era así.

En resumo, que non teño xa máis tempo, consideramos que o Goberno está para xestionar, non para vender a sanidade ao mellor postor, como xa dixen na anterior intervención. Polo tanto, entendemos que o Goberno actualmente está privatizando e desmantelando toda a nosa sanidade e en troques de gobernar para todas e todos, como dixo o señor Feijóo, vostedes gobernan contra todos e todas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Polo Grupo Socialista ten a palabra a señora Acuña do Campo.

**A señora ACUÑA DO CAMPO:** Grazas, presidenta.

En primeiro lugar, agradecer o apoio dos grupos. Dicar que non imos aceptar a emenda da Alternativa, xa que, como é lóxico, nos queremos centrar na actual xestión.

En canto ao Partido Popular, ¡menudo panorama, señor Santalices! Feijóo e o seu Goberno privatizando con furor (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*), e mentres, o Grupo Parlamentario...

**A señora PRESIDENTA:** Silencio, por favor.

**A señora ACUÑA DO CAMPO:** ...e vostede, que é o voceiro, negando o evidente, xustificando a desfeita, e para despistar, unha vez máis, falando do alcalde de Vigo, da señora Jiménez e, por suposto, do bipartito. Mire, o bipartito privatizaría todo, pero nesa época non estabamos como estamos agora, no terceiro posto do ranking das comunidades autónomas máis privatizadoras.

Mire, reaccione, reaccione porque algo estarán facendo mal cando teñen en contra a todos os profesionais e as profesionais. Os sindicatos, a cidadanía en xeral, os doentes, as asociacións de doentes, os grupos da oposición, o Consello Consultivo, o Valedor do Pobo, e agora, ata o señor Montoro.

Mire, escoiten a profesión sanitaria, que, independentemente de acordos en torno ao debate do estado da Autonomía, está toda unida en contra dese decreto das áreas de xestión clínica, que, por certo, e no colmo dos colmos, ata resulta contrario ao ordenamento xurídico segundo o Consello Consultivo. En vez de tantas gracietas, señor Santalices —dígollo con todo o respecto—, debería vostede de *sonrojarse un poquito*. Miren, escoiten vostedes ao señor Montoro, si, ao señor Montoro, porque resulta que agora vai ter el máis sentido común que o propio señor Feijóo, que xa é dicir.

Eu preguntome que vai votar hoxe, precisamente, o presidente, a quen non vexo aquí. Dende logo, se quere manter a súa palabra de que nunca ía privatizar a bata branca, nin a parte asistencial da sanidade, terá que votar a favor da nosa moción. Se quere seguir presumindo de ser o garante do sistema público, terá que votar a favor. Se quere —e debe, e debería— facer algo ante esta situación tan grave, ¡tan grave!, que ten a nosa sanidade, debería de empezar —insisto— por cesar inmediatamente á señora Mosquera por esa reincidencia intolerable.

Eu preguntome, señorías, que van pensar os galegos e as galegas cando sexan conscientes de que vostedes lles destrozaron e lles venderon o seu magnífico sistema sanitario público. Miren, se de verdade o Partido Popular ten compromiso co sistema sanitario galego, non pode votar en contra de que o noso sistema sexa universal, público, gratuito e de calidade.

**A señora PRESIDENTA:** Remate, por favor.

**A señora ACUÑA DO CAMPO:** Voulle facer unha advertencia ao ausente —remato, señora presidenta— señor Feijóo. Supoño que non vén votar porque, claro, se vota en contra, toda a cidadanía galega saberá que mente, e, polo tanto, perderá a pouca...

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señora Acuña.

**A señora ACUÑA DO CAMPO:** ...credibilidade que lle queda.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

### **Votación das mocións**

**A señora PRESIDENTA:** Pasamos á votación das mocións. Pechamos as portas.

Comezamos pola moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa de don José Ramón Val. Non se presentaron emendas, polo tanto, votámola tal e como foi presentada.

*Votación da moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Ramón Val Alonso e D. José Luis Méndez Romeu, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acordo para a repartición da cota da xarda e xurelo no sector do cerco para o ano 2014.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 39.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*

**A señora PRESIDENTA:** Votamos a moción do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa da señora Solla, á que non se presentaron emendas.

*Votación da moción do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández e D. Xosé Manuel Beiras Torrado, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa privatización de servizos realizada polo Sergas*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 39.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*

**A señora PRESIDENTA:** Votamos, por último, a moción do Grupo Parlamentario Socialista por iniciativa da señora Acuña, que xa dixo que non aceptaba a emenda da Alternativa Galega.

*Votación da moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Carmen Acuña do Campo, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co anuncio de contratación do servizo de xestión integral do proceso de esterilización do material necesario para o desenvolvemento da actividade asistencial nos centros sanitarios do Sergas.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 39.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*

**A señora PRESIDENTA:** Continuamos coa orde do día, co punto 4, de proposicións non de lei.

### **Alteración da orde do día**

**A señora PRESIDENTA:** Antes de comezar co desenvolvemento deste punto, comentar ás súas señorías que, co acordo e coñecemento dos grupos parlamentarios, por petición

do grupo proponente por unha causa sobrevida, a proposición non de lei 4.3 da orde do día, número de rexistro 17.374, se substanciará mañá no último lugar do punto, é dicir, o punto 4.8.

Comezamos, entón, coas proposicións.

**Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Carlos González Santín e dous deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto de calquera tipo de privatización do servizo do Rexistro Civil, e a demanda do Goberno galego ao Goberno central para que se manteña coas características e custo que se viñan ofrecendo**

**A señora PRESIDENTA:** A esta proposición non de lei non se presentaron emendas. Ten a palabra para formular a proposición a señora Sestayo, do Grupo Socialista.

**A señora SESTAYO DOCE:** Señorías.

Hoxe acabamos de falar de privatización e imos continuar a orde do día deste pleno con máis recortes, con máis privatizacións e con máis pasos atrás.

O artigo 117 da Constitución española di que a xustiza emana do pobo, o pobo soberano, ao que debería facilitarse o acceso a este dereito fundamental que é a tutela xudicial efectiva. Certamente, a folla de ruta do Partido Popular, en todas as reformas que ten emprendido na Administración de xustiza, dende o Goberno de Mariano Rajoy, dende ese ministerio que tantos consensos xera como é o do señor Gallardón, e coa complicidade silente do Partido Popular e do Goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia, co interese que espertan no vicepresidente da Xunta e conselleiro de Xustiza as cuestións polas que se está mobilizando toda a xustiza en xeral, en todos os ámbitos e os partidos xudiciais, o certo é que esa folla de ruta leva o camiño de afastar a cidadanía en xeral, e a todas as persoas, do dereito á tutela xudicial efectiva.

En efecto, todas as reformas pasaban pola contestación que se vía na rúa respecto da implantación do taxazo xudicial cun fin exclusivamente recadatorio e disuasorio da acción dos cidadáns para a defensa dos seus dereitos e liberdades, e non é, dende logo, a xustiza a institución por antonomasia



que debe garantir precisamente ese acceso ao exercicio dos dereitos e liberdades dos cidadáns.

Pero ademais continuaban esas reformas xudiciais e xurisdiccionais con outras como a modificación –na que entraremos tamén noutro momento– nas comisións e en Pleno, que tamén se fixeron coa oposición do Partido Popular, respecto do alonxamento e da supresión de partidos xudiciais fóra daqueles sitios onde non estean as capitais de provincia.

Unha vez máis, o Partido Popular intentando afastar a xustiza, o acceso á xustiza da cidadanía, para concentrar o poder o máximo posible –por certo, o mesmo que están facendo na reforma local– en torno ás unidades provinciais como naqueles vellos tempos.

Pero tamén, efectivamente, quedaban máis reformas, e aproveitaron unha lei, incluso xa aprobada con outros presupostos, para conducir ao que se chama por todos os profesionais da xustiza privatización do Rexistro civil. Existen numerosas circulares, numerosos blogs, numerosas plataformas, constituídas para loitar contra esta privatización ou semiprivatización do Rexistro civil que o Partido Popular, o Goberno do Partido Popular de Mariano Rajoy, tamén coa complicidade silente –veremos hoxe– do Goberno do señor Feijóo, leva adiante.

Efectivamente, a Lei do Rexistro civil, a Lei 20/2011, do 21 de xullo, de Rexistro civil, que modificaba a Lei de 1957, perseguía sobre todo, obviamente, modernizar a vella Lei de 1957, que condicionaba os dereitos das persoas ao estado civil, ou á constatación dos lugares onde se producían os feitos susceptibles de ser rexistrados.

Ben, obviamente, tanto a aprobación da Constitución española como a aprobación de diferentes convencións internacionais que debiamos incorporar á lexislación do Rexistro civil no conxunto do Estado e, polo tanto, en Galicia, algo tan perigoso como adaptar ou como que entraran na nosa lexislación a Convención dos dereitos do neno ou a Convención das persoas con discapacidade, facía aprobar a lei de Rexistro civil cunha *vacatio legis* de tres anos que remata, señorías, efectivamente no próximo mes de xullo.

Durante a tramitación desta lei, que contou, por certo, co consenso –nalgúns aspectos como este– do Partido Popular,

consensuouse a necesidade de modernizar os rexistros civís e, polo tanto, de optar á dixitalización dos documentos susceptibles de ser aportados como información rexistral, para o que o Estado, o conxunto dos cidadáns e cidadás, cos seus orzamentos investiu 130 –bueno, cerca de 130– millóns de euros para modernizar os rexistros civís.

Isto que se producía simplemente hai dous anos, nesa terrible herdanza de José Luis Rodríguez Zapatero, o certo é que, unha vez dixitalizados, unha vez investidos cerca de 130 millóns de euros –máis de 128 millóns de euros–, unha vez accedidas as convencións internacionais ao texto da Lei de Rexistro civil, unha vez que se considera, por fin, no conxunto do Estado o estado civil caracterizado pola existencia de dereitos fundamentais, por señas de identidade máis vencelladas a unha sociedade do século XXI, atopamos que o Goberno do Partido Popular ve un nicho de mercado que se lles tiña escapado.

Efectivamente, o director xeral da Administración de Xustiza, comparecendo na Comisión 1ª, contestando a preguntas da oposición afirmaba como razón –sen dúbida, de peso– para as privatizacións do rexistro que había que compensar aos rexistradores da propiedade respecto da perda dese nicho de negocio que tiñan antes coa construción.

Segundo o alto representante dependente directamente da consellería do señor Rueda, o máximo responsable en xustiza despois do señor Rueda, que non sei se comparte esta opinión toda vez que nunca se pronuncia sobre nada que non sexa perseguir á oposición, o certo é que a razón estaba clara, era a mesma que apuntaban os rexistradores: había que compensalos por esa perda de mercado da construción, vese que non tiñan beneficios suficientes. Non hai que compensar os traballadores, non hai que compensar os desafiuizados, non hai que compensar os traballadores públicos, non hai que compensar a tantas e tantas persoas que están a sufrir as consecuencias da crise e duns recortes tremendos. Non hai que compensar os doentes, non hai que compensar os dependentes, hai que compensar os rexistradores da propiedade porque xa se sabe que o señor Mariano Rajoy e a súa familia está profundamente solidarizada con eles.

Ben, o certo é que da proposta de desxudicializar o Rexistro Civil no seu día, que xa plantexaba o Goberno socialista, toda vez que coincidirán todos os que compartimos a profesión da

xustiza, que levamos moito tempo –mesmo os xuíces e xuízas– dicindo que non é lóxico ter que esperar a firma dun maxistrado para obter unha certificación do Rexistro civil, parecía máis lóxico que o levaran os secretarios ou as secretarías xudiciais, que á súa vez estaban de acordo en que esa función do Rexistro civil, unha función administrativa pero con garantías, toda vez que afecta ao estado civil das persoas, que afecta a dereitos fundamentais das persoas e que afecta a datos que son de especial protección, debería estar en mans de funcionarios como os secretarios e secretarías xudiciais. Efectivamente, así o aceptan, e tanto os corpos xudiciais como os secretarios xudiciais están de acordo.

Pero o Partido Popular, unha vez máis, racha os consensos. Como dicíamos, o señor Gallardón e o señor Rajoy tiveron a dubidosa honra de poñer, por primeira vez na historia da democracia, a todo o mundo da xustiza de acordo –iso si, para estar en contra deles–, e adoptan a decisión precisamente contraria: a de outorgar aos rexistradores da propiedade, para compensalos dese caos na construción, os rexistros civís.

Discútiase o outro día esa cuestión. Advirto, señorías, que está –como saben– publicado nas propias revistas especializadas dos rexistradores da propiedade, e unha carta do decano dos rexistradores da propiedade informaba aos rexistradores do conxunto do Estado que se ían facer cargo desta cuestión por mandato e acordo do Ministerio de Xustiza, e simplemente existe un desacordo: o prezo. Efectivamente, o Rexistro civil que antes era, ademais de público, accesible, universal e gratuíto, agora esa compensación para os rexistradores da propiedade tería que producirse dalgunha forma, un prezo, porque non se vai impoñer un sacrificio que supoña ademais carga de traballo. Non, sacrificio non, e máis traballo, traballo gratuíto, a pesar da condición que algúns din de autoridade pública, pois non están polo labor.

Polo tanto, atopámonos con que neste momentos se está a debater, nestes mesmos días antes do pleno, sobre cal sería o prezo das inscricións, cal sería o prezo dos asuntos principais...

**A señora PRESIDENTA:** Remate, por favor, señora Sestayo.

**A señora SESTAYO DOCE:** ...-sí, remato, presidenta- inscribibles e daqueles que serían secundarios.

Agora mesmo estase debatendo, creo que hoxe mesmo hai unha xuntanza, sobre que feitos da vida das persoas son principais e cales secundarios; cales teñen prezo e cales non; cales se someten a mercadeo e cales non.

Pois nós, señorías, pedimos que se inste a Xunta de Galicia para que ese rexistro, o Rexistro Civil...

**A señora PRESIDENTA:** Remate, señora Sestayo.

**A señora SESTAYO DOCE:** ...siga levándose nas mesmas condicións: dentro dos órganos xudiciais, dentro das condicións que establece a Lei de rexistro civil aprobadas por todos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Intervención dos grupos parlamentarios.

Grupo Mixto. Ten a palabra a señora Iglesias Sueiro.

**A señora IGLESIAS SUEIRO:** Boas tardes. Moitas grazas.

As cidadás assistimos impotentes ao desmantelamento do Estado do benestar sen que ninguén tivese votado estas políticas. Polo tanto, son ilexítimas.

Ante todas as reivindicacións urxentes que nos angustian ás cidadás, a cesión-privatización do Rexistro Civil a un corpo xa privilexiado, como son os rexistradores da propiedade, non semella unha prioridade para manifestarse. Sen embargo, é unha obriga das representantes políticas vixiar e condenar estas ocorrencias-conveniencias de favorecer o particular 1 % da poboación en detrimento do 99 % restante para o que din gobernar, con políticas puramente ideolóxicas, do que o lema é: “Socializar as perdas do sector privado e privatizar os posibles beneficios dos servizos públicos”. Será porque os actuais gobernantes se consideran incluídos dentro dese 1 %, xunto cos bancos, as grandes fortunas, a gran patronal, o sector enerxético, as compañías de seguros, a Igrexa, e agora tócalle a un novo grupo de privilexiados, os rexistradores da propiedade, corpo do que forma parte o actual presidente do Goberno, e todo isto, por suposto, a custa da maioría social, non consultada ao respecto.

Desmantelemos o argumento de aforrarlles custos aos cidadáns. Na anterior lexislatura esixiuse por lei a dixitalización do Rexistro Civil, para o que se estimou un custo de 300 millóns de euros aproximadamente. Parece ser que o Colexio de rexistradores ofreceuse a sufragar este custo, polo que o Estado aforraría unha importante cantidade de diñeiro en plena voráxine de redución de gasto público. Argumento trampa, primeiro, porque o Estado xa ten feita unha enorme inversión con este fin, do que se estarían beneficiando os rexistradores, empresa-red.es, no que leva investido máis de cen millóns de euros. Ademais, ¿de onde saca o Colexio de rexistradores 300 millóns de euros? ¿Como é posible que un corpo de funcionarios teña tal cantidade de diñeiro?

Segundo. Porque, como non nos cansaremos de repetir, o Estado somos todos e todas, tamén as cidadás cando pagamos directamente os custos con aranceis ou taxas rexistras, e por moito que o ministerio se farte de repetir que non se vai cobrar polo xa dixitalizado, tal discriminación na práctica é absurda e inviable a todas luces.

E terceiro. Porque o concepto de inversión –300 millóns– é tal porque pretende ser recuperada, noutro caso sería un gasto. ¿Como o recupera? Pois cobrándolles aos usuarios polas inscricións e a publicidade.

Conclusión. Non só non imos aforrar, senón que vai supor un custo millonario, multimillonario.

Con este proxecto, o usuario vai ter que pagar, e bastante. Libéranse partidas dos presupostos a cambio de que as paguen as cidadás; privatización pura e dura ou repago, como prefiran. Obrígase a realizar novas inscricións como as dos poderes persoais, coa previa consulta ao rexistro cada vez que haxa que utilizalo, multiplicando os custos e as consultas. ¡Que casualidade!

Din que non se vai cobrar por inscribir un nacemento ou unha defunción, cousa que non aparece en ningún lado do anteprojecto. Pero cóbrase por todo o demais, como consultar esas mesmas inscricións ou obter certificados delas.

Se hai que incluír unha taxa, ¿por que non o xestiona o Estado directamente, con funcionarios propios, ou por que non se saca a concurso público? Substitúense os funcionarios

xudiciais por outros privilexiados, administrativos. Se se considera que este sistema incentiva ao funcionario, ¿por que non se estende ao funcionamento íntegro da Administración?

Unha vez máis, un ben público pretende ser cedido, sen rubor, a un colectivo especial, alegando mala xestión, ineficiencia pública e custo económico excesivo para as cidadás. Bla, bla, bla. ¡Que non, non o cremos! Non se puxa por xestionar servizos se non aportan beneficios. Se non saben xestionar o público, que é para o que se lles vota e paga, dimítan e déixense de milongas neoliberais. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Paz Franco.

**A señora PAZ FRANCO:** Grazas, señora presidenta.

Boa tarde, señoras e señores deputados.

Señor vicepresidente, a xustiza é un servizo público, pero, sobre todo, é un dereito fundamental que –como xa se dixo aquí– está recollido no artigo 24 da Constitución, o dereito da cidadanía a unha tutela xudicial efectiva.

Se me permiten que fagan unha alusión á miña vida persoal, o día 17 de xuño cumpro 8 trienios como funcionaria da Administración de xustiza e nunca soñei con ver xuntos detrás da mesma pancarta a todas as organizacións sindicais que representan os traballadores e traballadoras, a todas as organizacións de xuíces e maxistrados –que, por certo, cada vez son máis–, a todas as organizacións de fiscais, de secretarios, de usuarios, da cidadanía en xeral. Nunca imaxinei que iso fôr posible, e iso conseguíuno o señor Gallardón.

Conseguíuno porque, primeiro, empezou por cuestionar a universalidade da xustiza e o dereito, en igualdade de condicións, de todos os cidadáns a acceder a esa xustiza pola vía da imposición de taxas que non son asumibles por unha boa parte da cidadanía, e porque en moitos casos se ven impedidos eses cidadáns e esas cidadás de exercer o dereito á tutela xudicial efectiva por razóns única e exclusivamente económicas. Agora vemos como con ese infame Anteprojecto de lei de modificación da Lei orgánica do poder xudicial o

señor Ruíz Gallardón tamén pretende establecer unha segregación no acceso á Administración de xustiza en función do lugar de residencia das persoas, e veremos como iso no noso país vai ter un impacto brutal sobre o exercicio do dereito da cidadanía, e veremos a centos de cidadáns galegos peregrinaren polas respectivas provincias en función de onde por azar lle toque que se teña que tramitar a súa demanda, a súa reclamación ou a súa denuncia.

Pero, á parte de atentar contra a universalidade, o Partido Popular tamén está agora atacando a Administración de xustiza, privatizándoa e atacando a súa gratuidade. Eu aínda recordo cando nos rexistros civís se cobraban unhas taxas por emitir certificacións. Tamén recordo como iso foi eliminado porque se consideraba que iso ía en contra da gratuidade da administración de xustiza. Foi hai moitos anos, cando se aprobou a Lei orgánica do poder xudicial actualmente vixente. E agora estou vendo novamente como un goberno do Partido Popular non só lles vai regalar aos rexistradores da propiedade centos de miles de datos persoais de cidadáns e de cidadás deste país, datos de todo tipo, que atinxen a todo tipo de circunstancias persoais, familiares, mesmo relacionadas coa identidade sexual da que se falaba esta mañá, e de todo tipo, que desde logo nunca deberían de saír da esfera pública.

Vemos como ademais se lles regala porque o consideran un nicho de negocio. Porque non só o recoñeceu o director xeral a preguntas desta deputada nunha comisión, senón que os propios rexistradores da propiedade teñen estudos nos que cifran a perda de negocio que lles produciu a desaparición da burbulla inmobiliaria e como tiñan pensado paliar esa perda de negocio cos ingresos que ían recadar de cobrarlles aos cidadáns polos trámites a realizar ante eles para cumprir coa lexislación en materia de rexistro da propiedade. Polo tanto, estamos ante unha privatización e tamén ante unha perda de dereitos da cidadanía, que a partir de agora vaise ver obrigada a pagar taxas por cumprir en moitos casos mesmo con obrigas legais en relación coa adscrición de situacións reguladas na Lei do Rexistro Civil.

Estamos ademais, señor vicepresidente, nun momento crucial para que desde a Xunta de Galiza nos posicionemos en relación con estas actuacións. Non espere vostede a que o texto articulado estea no Congreso dos Deputados. Aproveite agora que aínda estamos a tempo, tanto nun como noutro

asunto, para dicirlle ao señor Ruíz-Gallardón que nós non imos tragar por aquí, porque vostede, señor Rueda, é quen vai ter que lles facer fronte aos gastos materiais e aos gastos de persoal que conleven estes cambios lexislativos. ¿Que vai facer cos máis de 200 funcionarios que actualmente están traballando nos rexistros civís e que terán que amortizar eses postos de traballo cando se lle ceda os rexistradores da propiedade? ¿Vanlle pagar a vostedes os rexistradores da propiedade as obras que realizamos en infraestruturas para dotar os rexistros civís a dixitalización de todos os expedientes?

Polo tanto, señor vicepresidente, aínda que as competencias directas son do ministerio, indirectamente, coma sempre, quen acaba pagando é Galiza. Alce a súa voz antes de que sexa demasiado tarde, tanto na privatización e eliminación da gratuidade dos rexistros civís, como na eliminación, unha vez máis, da universalidade e da tutela xudicial efectiva a que nos quere someter o señor Ruíz-Gallardón.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.  
Ten a palabra a señora Díaz.

**A señora DÍAZ PÉREZ:** Grazas, señora presidenta.

Boas tardes.

Esta iniciativa foi tamén discutida na pasada Comisión 1ª levada por Alternativa Galega de Esquerda. Si é certo que hai unha centralidade nesta proposta sobre todo pola –digamos– inmediatez que temos neste debate, e seguramente, señor conselleiro, efectivamente, sobre unha discusión que ten sentido, o que pasa é que non nos termos nos que o está a plantexar xustamente o Partido Popular.

Ten sentido centrar a discusión sobre se é necesario que unha institución senlleira como é o Rexistro Civil, que nace xustamente na Francia revolucionaria, particularmente no ano 1791, e na que ademais por primeira vez se lle mandata ao poder lexislativo que lle retire as competencias da inscrición de nacementos, defuncións e demais ao poder eclesiástico, debe seguir sendo ou estando diante do imperio dos maxistrados e maxistradas. É dicir, se o debate que había é certo no

sentido de desxudicializar este instituto. Claro que é lexítimo, e nós podemos concordar que, efectivamente, non é necesario que este estea guiado por un maxistrado ou por unha maxistrada. Este é un debate lexítimo, e o outro é o debate espurio que incorporou, non sabemos por que, o señor Gallardón, nun dislate máis de todos os que está a cometer, provocando disensións mesmo non só na comunidade xurídica, como vostede coñece, senón provocando tamén disensións no propio corpo de rexistradores da propiedade.

Como sabe vostede, esta decisión supuxo a dimisión inmediata do colexio de rexistradores, e mesmo foi rexeitada esta iniciativa do señor Gallardón coa oposición do 85 % dos rexistradores da propiedade nunha asemblea xeral que se celebrou xustamente o pasado ano en Zaragoza. Polo tanto, algo se está a facer mal. Pero non soamente se está a facer mal cando non hai consenso na propia comunidade xurídica, senón que ademais a primeira pregunta que deberíamos facernos –vostede seguro que concorda comigo– é que, se hai unha institución ou un rexistro ou unha administración que funciona perfectamente é xustamente o Rexistro Civil; non hai queixas das tramitacións que temos no Rexistro Civil. E ademais é certo que investimos con recursos públicos, xustamente nesa modernización que precisaban, nada máis e nada menos que 128 millóns de euros para dixitalizar todos os expedientes.

Polo tanto, ¿cal é a razón que concita que o Partido Popular incorpore un debate que está –insisto– provocando o rexeitamento dos rexistradores en primeiro lugar? Pero eu creo que os xuíces e xuízas, secretarios xudiciais e todo o persoal dos xulgados non se están a manifestar porque tolearan, estanse manifestando xustamente en contra desta proposta que combaten, e, ademais, están radicalmente en contra de que se faga un negocio pola expedición dunha certificación que é obrigada. Calquera ser humano sabe –como dicía o gran Saramago– que dende o nacemento ata a vida pois vai pasar nun sinfín de ocasións xustamente polo Rexistro Civil. ¿Por que agora, nun servizo público que é gratuíto e que funciona ben, temos que incorporar un arancel –como se está a traballar– que pode oscilar entre 10 ou 40 euros pola expedición dun certificado? ¿por que razón? Se todo funciona ben, ¿por que estamos incorporando este debate?

Segunda cuestión. É gravísima esta decisión, e vostede sabe que vai ter un impacto brutal na propia extinción dos xulga-

dos de paz. Particularmente no noso país supoñerá a extinción de 141 xulgados de paz, e ademais, como sabe vostede, supoñerá indirectamente un ERE para o 7 % das plantillas dos xulgados que se dedican a esta actividade; particularmente son 200 persoas que poden ser expulsadas por esta decisión do ministro Gallardón. Como sabe vostede, a decisión da xustiza de paz está vulnerando a Carta da xustiza aprobada por todas as formacións políticas no ano 2001, na que se reivindicaba xustamente pular por un modelo de xustiza cercano e próximo aos propios cidadáns.

Vostede sabe que hai dúas accións que levan directamente os xulgados de paz, que son, por unha banda, os xuízos de faltas, que lles van ser retirados xa pola reforma que incorpora o señor Gallardón. Se agora tamén lles retiramos as competencias aos rexistros civís, efectivamente o impacto vai ser na Administración en xeral, pero particularmente vai ter un impacto económico e social en cada un dos concellos do noso país; e non soamente porque alonxemos a Administración da cidadanía, senón porque tamén vai ter consecuencias económicas e sociais.

**A señora PRESIDENTA:** Remate, señora Díaz, por favor.

**A señora DÍAZ PÉREZ:** Polo tanto, nós imos apoiar esta iniciativa. E tamén –remato xa, señora presidenta– máis aló dos intereses económicos que hai respecto da cesión aos rexistradores, hai un proceso destituínte, no que sorprendentemente o Partido Popular nos incorpora e nos leva ao monopolio da provincia, sitúannos no século XIX. É curioso que vostedes volten a unha institución que, desde logo, ten bastante pouco que ver co noso país.

E nada máis. Imos votar a favor da mesma. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señora Díaz.

Grupo Parlamentario Popular. Ten a palabra a señora Prado del Río.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, boas tardes.

En menos dunha semana este é o segundo debate que temos nesta Cámara sobre o futuro do Rexistro Civil. Un futuro



que comezou a escribirse no ano 2011 polo Goberno socialista coa aprobación da Lei 20/2011, do 21 de xullo, do Rexistro Civil, que promovía a desxudicialización da levanza dos rexistros, por iniciativa do entón ministro Francisco Caamaño, hoxe ilustre deputado desta Cámara, que casualmente non se atopa agora aquí. É unha mágoa porque podería axudarnos nunha interpretación auténtica desa lexislación, e ademais, casualmente, tampouco asina esta iniciativa. Eu agardo que na votación desta proposición non de lei sexa coherente co seu posicionamento no ano 2010, cando dicía que en ningún país o sistema de rexistro está en mans dos xuíces, que é o que realmente se está a facer agora mesmo.

Pois ben, a lei socialista establecía unha *vacatio legis* de tres anos para a súa entrada en vigor, por iso agora, e nunca antes, ningún grupo nesta Cámara presentou iniciativa ningunha para rexeitar a reforma socialista, o que amosa unha actitude de oportunismo político máis contra o Partido Popular que contra a reforma en si mesma.

A lei socialista de xullo de 2011 é a única lexislación sobre esta materia que está actualmente en vigor, non hai nin un só anteproxecto de lei, ningún documento oficial, en ningunha cámara de España. O que si hai é, de xeito oficioso, algún borrador circulando por aí, e nós, como comprenderán, sobre borradores non imos hoxe formular ningunha votación nin imos tomar ningunha decisión.

Dende hai tempo xa o Ministerio de Xustiza anunciou a súa vontade de aprobar unha reforma integral de rexistros, que viría deseñar un novo marco organizativo e funcional: o establecemento dun sistema de levanza de rexistros por medios electrónicos, sen desbotar unha desxudicialización, que non privatización, como manifestan os grupos nesta tribuna, e que como manifesta a proposta de resolución que hoxe trae a pleno o Partido Socialista, insisto, non é unha novidade introducida por este Goberno, senón polo Goberno socialista, que tamén mudou a arquitectura territorial deste servizo, na que os xulgados de paz deixan de levalo, xestionándose en cada comunidade autónoma por unha soa oficina xeral de Rexistro Civil, podéndose crear unha por cada 500.000 habitantes; artigo 22.1 da lei socialista do ano 2011.

Pois ben, o actual ministro afirmou en reiteradas ocasións que rexeitaba o Rexistro Civil de pago, pero isto parece que

algúns e algunhas non o teñen escoitado. E tamén manifestou a prioridade de seguir ofrecéndolle ao cidadán un Rexistro Civil como servizo público, gratuito e de calidade. Polo tanto, o Estado está a rexeitar un modelo de privatización que outros hoxe pretenden amosar aquí, por iso o Grupo Parlamentario Popular non vai apoiar esta iniciativa, non vai apoiar isto. E nós ofrecemos na comisión da semana pasada unha emenda cun texto exactamente igual ao que presentou o Bloque Nacionalista Galego nunha moción e foi rexeitado.

Polo tanto, nós cremos que hai dúas opcións. Unha, instalarnos en posicionamentos dogmáticos que distorsionen a visión da realidade. E outra, ceder nos nosos posicionamentos en aras do interese xeral e chegar a acordos, que, en definitiva, é o que nos pide a cidadanía. Vostedes están optando polo camiño do posicionamento dogmático. Vostedes seguen a dicir que hai aranceis, que o ministerio está negociando aranceis. Hai innumerables noticias en prensa que poden ler: *El País*, 12 de marzo de 2014: *Durante meses el ministerio negoció con el Colegio de registradores de la propiedad mercantil para delegar en el la gestión del Registro Civil. El acuerdo parecía cerrado hace unos días, pero esta misma semana se rompió, según Justicia, porque los registradores exigían poder cobrar aranceles por algunos trámites del registro y el ministerio ya se había comprometido a que todo siguiera siendo gratuito.* Como isto, temos moitísimas noticias nos xornais nacionais e galegos. Se vostedes non os queren ler, sigan co seu mantra da privatización, da Troika, do recorte nos servizos públicos, pero non contén con nós para seguir xerando confusión á xente.

**A señora PRESIDENTA:** Remate, por favor.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Nós seguimos avogando por un rexistro civil gratuito, público e de calidade. E tampouco digan que o persoal que traballa a día de hoxe nos rexistros civís vai ser expulsado, porque iso é absolutamente falso. Vostedes están todo o día meténdolle medo á xente de que se vai prescindir de servizos públicos, de que os servizos gratuitos...

**A señora PRESIDENTA:** Remate, señora Prado.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...van deixar de selo, mesmo nalgún Rexistro Civil hai carteis que poñen que deixa de ser gratuito e, cando un vai alí, segue sendo gratuito.

Polo tanto, deixen de meterlle medo á xente...

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señora Prado.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...e traballen a prol do interese xeral, que é o que nos pide a cidadanía.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei ten a palabra a señora Sestayo.

Si, déanlle voz, por favor.

**A señora SESTAYO DOCE:** Si, creo que é bastante doado de ler. Lei 20/2011, do 21 de xullo, do Rexistro Civil, señora Paula Prado –vou traducir ao galego–: A modernización do Rexistro Civil fai pertinente que a súa levanza sexa asumida por funcionarios públicos distintos daqueles que integren o poder xudicial do Estado, cuxo cometido constitucional é xulgar e executar o xulgado. Literal, BOE 22 de xullo de 2011.

Entendo que están tan acostumados á manipulación que ata pensan que a xente non saben ler algo tan evidente como o preámbulo da Lei do Rexistro Civil. Efectivamente, como xa avisamos, como xa anunciabamos, existía un consenso sobre a necesidade ou a posibilidade de desxudicializar o Rexistro Civil e que caía en mans dos secretarios e secretarías xudiciais. E como tamén expuxen, sen moito éxito para convencela, efectivamente, ademais aceptaban os secretarios e secretarías xudiciais e aceptaban os xuíces e xuízas. Pero en ningún momento, señora Paula Prado, se di nesta lei que isto lles corresponderá aos rexistros da propiedade. Quen di que lles corresponderá aos rexistros da propiedade é un señor que se chama Gallardón –efectivamente, o outro día vexo que non estaba informada na Comisión, hoxe si–, que tivo numerosas xuntanzas cos rexistradores da propiedade, e ademais existe unha carta dirixida aos rexistros da propiedade.

Curiosamente, a asociación que apoia que se eleve aos rexistradores da propiedade, a través ademais de cantidades concretas publicadas, señora Paula Prado –lea revistas especializadas se vai ser portavoz de xustiza, porque é tan fácil

como ler *Notarios y Registradores*–, os aranceis que daba esa asociación de rexistradores da propiedade cuxos líderes creo que sabe vostede quen son, o irmán de Mariano Rajoy, ¡o irmán de Mariano Rajoy! ¿Que está tamén nesa asociación de rexistradores da propiedade autores dese pacto e que propoñen aranceis? Pois tamén, señora Paula Prado, familiares do señor Gallardón.

Estas cousas coñéceas todo o mundo, e vostedes non coñecen os borradores do seu propio Goberno. É curioso que se posicionen os xuíces, os secretarios, os oficiais, bueno, todos os profesionais dos xulgados, avogados, procuradores, todo o mundo, pero vostedes non coñecen eses borradores que circulan. Se quere pásollos. Xa llos ofrecín o outro día na comisión para que se poña o día. ¡Lea as leis!

Mire, o certo é que no único no que non se poñen de acordo, señora Paula Prado, é no prezo dos aranceis e no prezo do servizo, iso é o único sobre o que están discrepando. Vostedes están acabando con todo, señorías. Saben que ata o propio señor Gallardón poñía prezo ás vodas. Agora xa nin o amor é gratis, señorías, ¡nin o amor é gratis!, grazas aos recortes do Partido Popular. Salvo os bolsos, efectivamente.

Mire, señora Prado, se vostedes queren que non se privatice o Rexistro Civil...

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señora Sestayo.

**A señora SESTAYO DOCE:** ...–xa remato–, e di que queren que siga sendo gratuíto, público e universal, señora Paula Prado, non o modifiquen, señor Rueda, non o modifiquen. Miren que fácil.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

**Proposición non de lei do G.P. Popular, por iniciativa de D. Román Rodríguez González, sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia de xeito conxunto coas universidades dun novo mapa de titulacións acorde coas demandas da sociedade galega**

**A señora PRESIDENTA:** A esta proposición non de lei presentáronse emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda.

*(O G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Concepción Burgo López, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de modificación.*

*Quedaré redactada co seguinte contido.*

*“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a.*

*1. Iniciar un proceso leal de diálogo e colaboración coas universidades galegas para analizar en profundidade e de forma global o Mapa de Titulacións do Sistema Universitario de Galicia. Neste análise se integrarán valoracións cualitativas sobre as titulacións e as necesidades de Galicia, permitindo que sexan as universidades as que lideren e dean as respostas adecuadas sen interferencias da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.*

*2. Modificar o Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, dando máis peso aos criterios cualitativos e estratéxicos que aos meramente cuantitativos.”)*

*(O G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA), por iniciativa do seu deputado Ramón Vázquez Díaz, a través do seu portavoz Xosé Manuel Beiras Torrado e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda de substitución a esta proposición non de lei.*

*Emenda de substitución.*

*Débase substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:*

*“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galicia a garantir unha oferta de titulacións universitarias de carácter público, ampla e suficiente, que inclúa os diversos campos do saber científico e cultural e evitando as duplicidades provocadas pola autorización de universidades privadas dentro do Sistema Universitaria de Galicia.”)*

**A señora PRESIDENTA:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra don Román Rodríguez.

**O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ:** Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, señor conselleiro.

Galicia conta cun sistema universitario formado por tres universidades; sete campus, un en cada cidade; máis de 120 titulacións, co acceso máis equitativo do conxunto de España; máis de 5.000 profesores (PDI); un sistema público no cal non existe ningunha universidade privada. Por certo, Galicia é a comunidade autónoma que mellor garantiu o esforzo económico público nos últimos anos, segundo ten recoñecido mesmo a Federación de Ensino de Comisións Obreras. É un sistema universitario que foi capaz de dar formación universitaria a practicamente o 40 % dos galegos e galegas entre 25 e 35 anos. Un sistema universitario que, cunha mínima perspectiva histórica, podemos ver e podemos identificar que evolucionou moito nos últimos anos.

Os que estamos aquí temos xa certa idade, e acordámonos cando había unha única universidade; hoxe temos tres universidades. Había un acceso practicamente limitado a uns segmentos sociais moi concretos; hoxe temos un acceso absolutamente democratizado. E temos un número de alumnos que evolucionou ao longo do tempo dun xeito moi parello á evolución demográfica. Falamos aproximadamente, a mediados dos anos oitenta, de en torno a 50.000 alumnos universitarios, que chegaron a ser perto de 100.000 a finais dos anos noventa, coincidindo co *baby boom*, e hoxe estamos en torno a 63.000 estudantes.

Unha oferta educativa que ten medrado moito nos últimos anos, fundamentalmente a raíz da implementación do Plan Bolonia, non tanto en graos, pero si ten medrado moito no que se denominaron os masters oficiais.

Un sistema universitario que ten que evolucionar –creo que todos estaremos de acordo– de xeito conxunto coa sociedade, e que ten que ter en conta o que son as dinámicas demográficas, o que son os cambios tecnolóxicos, o que son as demandas, en definitiva, da sociedade e dos sectores produtivos.

Tamén somos conscientes de que o noso sistema universitario ten debilidades, ten déficits, ten disfuncións –creo que a ninguén se lle esconden–, e que é necesario encauzalos, é

necesario corrixilos, é necesario plantexar reformas para solucionar estas eivas. E un destes déficits no que creo que estaremos todos de acordo é o deseño do actual mapa de titulacións; é dicir, o deseño da oferta educativa que temos hoxe enriba da mesa, tanto de graos como de masters. Unha oferta formativa que nos fala de duplicidades, que nos fala de carreiras de baixísima demanda, que nos fala de pouca especialización, tanto nos campos universitarios como nalgunhas ofertas educativas. Por exemplo, en Galicia temos tres graos de Bioloxía. E na Universidade Autónoma de Barcelona hai tres graos de Bioloxía pero especializados: Bioquímica, Bioxenética e Microbioloxía.

E tamén, en definitiva, unha débil cooperación interuniversitaria.

Temos un reto, temos que afrontar unha reorganización do mapa de titulacións. Xa se está traballando nesta liña. Xa existe unha liña de diálogo aberta entre a consellería e as universidades. E xa existe un marco consensuado entre ambas institucións; un marco que é o Decreto 222/2011, no cal se fixan os criterios para redefinir o novo mapa de oferta do ensino universitario.

Este Decreto 222/2011 está en liña co traballo que se leva facendo xa no ámbito universitario nesta lexislatura, e foi e é consecuencia dunha proposición non de lei que foi aprobada neste Parlamento no ano 2010, precisamente por instancia do Partido Popular.

¿Que nos dicía esta iniciativa? Dicíanos que o Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que afronte a racionalización dos títulos de grao e de máster a través do desenvolvemento normativo necesario. Precisamente esta iniciativa deu lugar á continuación ao que foi o Decreto 222/2011. E é curioso que este texto que acabo de anunciar, un texto absolutamente neutro, pois só fora apoiado polo Partido Popular; naquel momento BNG e PSOE abstivéronse.

Hoxe o PSOE pide cambiar o Decreto 222/2011, un decreto que vostede sabe que foi absolutamente consensuado, practicamente ao cen por cento coas universidades, co sistema universitario. Por certo, na liña que se leva facendo nesta consellería e onde hai dous grandes exemplos: o Plan de financiamento e a Lei de universidades. E demostra que a Xunta de Galicia, o Partido Popular, é capaz de consensuar

grandes acordos co sistema universitario, cos reitores. Obviamente, hai diferenzas de criterio en moitas ocasións, lóxicas e positivas. Pero vemos que é máis fácil consensuar e pactar co sector universitario que coa oposición política, porque un decreto que foi consensuado coa oposición, píde-se que o cambiemos e dísenos que non haxa interferencias. Pero, señorías, se están plantexando que modifiquemos, que cambiemos, un decreto que foi aprobado e que foi consensuado de xeito directo coas propias universidades, estaríamos incorrendo no que vostedes nos piden que non fagamos, interferir no mutuo acordo, neste caso entre a Xunta de Galicia e o que é a Universidade.

Porque, señorías, ¿que nos plantexa este decreto, o Decreto 222/2011? Pois dinos basicamente, e a moi grandes rasgos, que as carreiras deben ter un número mínimo de alumnos, diferenciando entre os campus periféricos e os campus centrais. E, se non acadan ese número mínimo de alumnos, ten que haber unha serie de reformas de reorganización da oferta docente, fusiós, cambios de orientación, etc.

Tamén nos plantexa condicionantes cualitativos, e mesmo se crea un grupo de traballo, ao amparo deste decreto, entre a Xunta de Galicia e os tres vicerreitores ocupados das titulacións nas universidades.

O obxectivo é claro e único: reorganizar o mapa de titulacións universitarias partindo dunha serie de principios cos que creo que estaremos todos de acordo. Evitar duplicidades; avaliar a demanda real de matriculación; ter en conta tamén o papel estratéxico de cada carreira en conxunto co que pode ser a economía ou a sociedade galega; favorecer a coherencia da oferta educativa, etc. Unha serie de cuestións de carácter bastante cualitativo.

Este grupo de traballo está traballando. Ao final do ano pasado houbo unha reunión de traballo onde, por unha parte, as universidades fixeron a súa oferta, a Xunta tamén fixo a súa oferta, e comezou un proceso de diálogo que, como sempre ata o momento, foi un proceso construtivo, un proceso leal, e nese sentido nós entendemos, desde este grupo parlamentario, que é necesario reorganizar o mapa de titulacións do SUG e que haxa uns criterios claros, obxectivos, coñecidos, para reducir a arbitrariedade. E estes criterios están fixados precisamente no Decreto 222/2011, e tamén, por certo, na parte resolutiva da nosa iniciativa.

É preciso avanzar cara a unha especialización dos campus. É preciso axustar a oferta educativa á demanda da sociedade galega, tanto dende o punto de vista puramente social como dende o punto de vista produtivo. É necesario e é preciso evitar duplicidades, evitar desequilibrios, na oferta educativa. E é preciso fomentar a cooperación interuniversitaria. E iso é o que se está a facer e o que queremos impulsar desde este grupo parlamentario.

Nós queremos que se manteña unha colaboración, que se manteña un diálogo, entre a Xunta e o SUG. Obviamente, cada un dentro do seu ámbito competencial e cada un cumprindo coas súas responsabilidades. En definitiva, queremos que se actúe con responsabilidade, porque, nun momento como no que estamos, o máis irresponsable sería non actuar para mellorar a nosa universidade, sería non actuar para mellorar, en definitiva, Galicia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señor Rodríguez.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.  
Señor Vázquez.

**O señor VÁZQUEZ DÍAZ:** Ben, moitas grazas. Boa tarde a todos e a todas.

Realmente, señor Rodríguez, ten vostede unha memoria selectiva no relato que fixo dos feitos e antecedentes en relación coa iniciativa que traen hoxe, porque a realidade é que a proposta que o seu grupo trae a esta Cámara resume perfectamente o seu proceder habitual como partido que sostén o Goberno. Traen unha iniciativa para que o Goberno galego desenvolva un novo mapa de titulacións en colaboración coas universidades. Ata aí, en principio, nada estraño, de non ser porque vostedes xa lle presentaron no mes de decembro do ano pasado un documento para a transformación e mellora dos graos universitarios. Un documento no que plantexaban directamente a fusión de vinte e oito graos universitarios para crear títulos interuniversitarios. Un documento que foi elaborado completamente á marxe das universidades e presentado con data límite para facer propostas o 31 de decembro.

Evidentemente, a comunidade universitaria rechazou a súa proposta. O propio Consello Galego de Universidades obrigou ao conselleiro a retirar o documento e a empezar de cero –como mesmamente se dixo– todo o proceso. Empezar de certo todo o proceso, e nesas estamos. Agora traen ao Parlamento esta iniciativa, non a trouxeron naquel entón.

É, polo tanto, esta iniciativa un segundo intento por suprimir titulacións de acordo con ese decreto que citou vostede, o Decreto 222/2011, e para reestruturar aquelas ensinanzas con moi débil demanda, así o di a súa iniciativa.

Pero ¿que é o que di tamén o Decreto 222/2011 que impulsa esta iniciativa e que vostede non citou? Ben, pois o decreto di que, para poder existir universidades, deberán acreditar a súa viabilidade económica atendendo aos recursos dispoñibles. Claro, recursos sempre minguantes. Di que deberán fomentar o espírito emprendedor e o autoemprego. Di que queda condicionada a existencia das titulacións ás necesidades do mercado laboral e á existencia dunha demanda real na sociedade. Di ademais que o requisito para que un título de grao poida existir é contar con máis de 50 alumnos de novo ingreso. Di que para impartir un programa de doutoramento hai que demostrar, durante catro anos, unha produción de catro teses doutorais e contar cun número non inferior a dez doutorandos. Criterios numéricos, criterios de mercado, para proceder a unha reconversión universitaria, centrada unicamente en reducir titulacións, reducir o número de graos, diminuír custos, en definitiva, recortar. A Universidade reducida á categoría de fábrica de traballadores, como se foran chourizos, carnaza para o mercado laboral. ¿Que foi daquel modelo de universidade ao servizo da difusión dos saberes científicos e culturais? Nada din da universidade como depositaria do coñecemento humano acumulado ao longo de toda a historia. E nunca falan da universidade como servizo público, como servizo público fundamental para a construción da identidade cultural do pobo, da súa misión divulgadora e de investigación da cultura propia, fins da universidade, señor Rodríguez. Pregúntome por que falan tan pouco de educación cando falan de educación. Non se lles escoita, parece que están falando de calquera outra cousa excepto de educación; da educación superior, neste caso.

A Declaración mundial sobre a educación superior para o século XXI di textualmente, artigo 1: “A universidade debe constituírse nun espazo aberto para garantir a realización



persoal e a mobilidade social, de forma que se procuren cidadáns que participen activamente na sociedade, que estean abertos ao mundo; fortalecendo as capacidades propias e consolidando os dereitos humanos, o desenvolvemento sostenible, a democracia e a paz” –nada máis e nada menos–. Fins todos eles moi nobres dos que aquí vostede non falou nada.

E, finalmente –e vou rematando–, falan vostedes de evitar duplicidade de titulacións, mais non lles importou para nada en meses recentes autorizar unha universidade privada, a pesar de que vostede dixo aquí que en Galicia non había universidades privadas. Bueno, existía o Cesuga, ao que agora se adscribiu a Universidade privada San Jorge, católica, por suposto, definitivamente asociada ao OPUS –como queda claramente demostrado–, pertencente á arquidiocese de Zaragoza, que ademais vai impartir titulacións que xa existen en Galicia, que xa existen no Sistema universitario de Galicia, como son publicidade, relacións públicas, tradución e comunicación.

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Remate, por favor.

**O señor VÁZQUEZ DÍAZ:** Polo tanto, títulos que se imparten na Universidade de Vigo. Unha universidade, ademais, que ten un custo de matrícula de 9.000 euros. Ese é o seu modelo de excelencia, é dicir, un modelo centrado en que, se non tes cartos, fai FP. Total, para traballar nun centro comercial, váleche de sobra. Pero se tes cartos e non che dá a nota de corte, non te preocupes que podes ir á universidade privada. Excelencia, todo un himno á excelencia.

Nosoutros presentamos aquí unha iniciativa –e agora si remato, remítome simplemente á emenda que presentamos– que procura garantir unha universidade cunha oferta de titulacións de carácter público, que inclúa os diversos campos do saber científico e cultural, evitando as duplicidades provocadas pola autorización de universidades privadas. Esa é a súa obriga como Goberno, esa é a política que vostedes deben de realizar.

Nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señor Vázquez.

Grupo Parlamentario Socialista. Señora Burgo.

**A señora BURGO LÓPEZ:** Moitas grazas, señor presidente. Moi boas tardes, señorías.

Señor Rodríguez, vostede empezou a súa intervención dicindo unha verdade absoluta: o que creceu e mellorou a universidade pública en Galicia. É certo, totalmente. Todo ese proceso de avance, que ademais deu lugar a un proceso de mobilidade social como nunca este país coñecera, está a punto de rematar. Todo ese avance está a política do Partido Popular rematando con el. E síntoo moito, como o sente vostede –que o sabe coma min–, que queremos a universidade, polo menos unha desas universidades.

Por outra parte, señor Rodríguez, a vostede preocúpanlle moito as duplicidades –xa o dixo en varias ocasións–, e teño que dicirlle varias cousas ao respecto. A primeira –xa o dixo o señor Vázquez– é que lle preocupan as duplicidades nas universidades públicas, porque que estea adscrita ao Cesuga á universidade privada San Jorge, de Aragón, coas titulacións de Dirección e Administración de Empresas e Arquitectura non lle preocupa nada. Non lle preocupa que esas titulacións privadas, que, por certo, non son mellores que as das universidades públicas, estean restando alumnos ao sistema público. Iso non lle preocupa. Loxicamente, segundo a súa ideoloxía, isto é lóxico.

E mire, señor Rodríguez, as duplicidades non son nin boas nin malas per se, son boas e malas en determinados momentos, en determinados territorios e con determinadas áreas. Que haxa duplicidades do título de grao de Dirección e Administración de Empresas nas tres universidades, pero cun nivel de alumnos en torno a 200 alumnos en primeiro, non sei se iso é un problema para o sistema público.

Por outra parte, vostede sabe que trae aquí esta proposición non de lei, vostede mesmo o dixo, están xa traballando niso –con esta frase tan aznariana–. Ben, están traballando niso, entón, ¿que estamos facendo aquí nós? Pero vostede tráea por unha razón moi evidente, está rexistrada esta súa proposición non de lei a finais de decembro do ano 2013, cando resulta que os reitores e toda a comunidade universitaria lle dixeran –ademais do Consello de Universidades– ao señor conselleiro e ao secretario de Universidades que non ían pasar pola interferencia que estaban tendo no mapa de titulacións e que non ían aceptar esa proposta, que non tiña rigor académico, que non tiña análise estratéxica, que non tiña

análise académica, que non tiña análise económica; que por aí non pasaban. E vostede trae inmediatamente esta proposición de lei aquí, ao Parlamento, quere facernos cómplices do que vostede despois utiliza. Resulta que hai unha orde do Parlamento que ordena –¡miren vostedes por onde!– que se faga caso ao Parlamento e, polo tanto, que as universidades teñan en conta esa proposta feita unicamente pola Secretaría de Universidades.

Pois non, señor Rodríguez. Dende logo, o Grupo Socialista non vai ser cómplice desta nova interferencia nas universidades, e tampouco cómplice dun mapa de titulacións que quere impoñer por si soa a consellería, onde de verdade, habendo algunha cousa razoable, a maior parte son insensateces e frivolidades que non sabemos onde se asentan. Vostede mesmo o dixo, non votamos o Decreto 222/2011. ¡Claro que non o votamos!, e non gustou nas universidades. Teño explicado moi ben aquí, creo –non vou volver facelo–, por que as universidades moitas veces se ven obrigadas a aceptar cousas que realmente non queren. Por certo, o que facía sempre o réxime franquista tratando as universidades; e non quero facer unha analoxía, nin moitísimo menos, pero todos sabemos por que se aceptan cousas. Non aceptamos isto porque sabemos que ía pasar o que está pasando, que soamente hai un criterio para manexar o mapa de titulacións, o número de alumnos. E ese é un criterio falaz e un criterio irresponsable.

Vostede, no segundo turno, ¿pódeme dicir por que unha titulación de grao pode manterse con 47 alumnos e non con 50? ¿Vostede considera que a súa propia titulación de Xeografía en Santiago ten que ser suprimida porque non chega a 50 alumnos? Porque non chega, señor Rodríguez. ¿Considera que Xeografía é necesaria no mapa de titulacións universitario? Imaxino que o considerará, como eu considero que Historia e as humanidades teñen que estar. Pero non chegan. Porque ademais resulta que implicar un número nun momento –remato– de demografía á baixa, nun momento en que o acceso á universidade é cada vez máis difícil porque as becas e as axudas –sobre todo do Estado– desaparecen, cando non se pode chegar e non se poden acumular eses alumnos, é un argumento falaz. E, dende logo, nós non imos estar de acordo nin aprobar que se mida un asunto tan grave como o mapa de titulacións tan só comprobando se hai tres alumnos de máis ou tres alumnos de menos. Queremos máis rigor e queremos autonomía nas universidades para facer as

súas propias propostas. Por certo, que son elas as que saben, señor conselleiro, non os administrativos da consellería.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señora Burgo.

Grupo Parlamentario Mixto. Señora Iglesias.

**A señora IGLESIAS SUEIRO:** Moitas grazas, señor presidente.

Falaba o outro día o ministro Wert sobre a necesidade de inculcar nas alumnas universitarias que non pensen só en estudar o que lles gusta ou en seguir as tradicións familiares, senón que pensen –son palabras textuais do ministro– en termos de necesidades e da súa posible empregabilidade. E apostilla: non hai ningunha sociedade que necesite xente preparada nalgunhas áreas e que, pola contra, haxa escaseza noutras. Continuando co seu empeño en desprestixiar as humanidades, na entrega dos premios “Emprendedores”, da Fundación Everis, afirma –palabras textuais–: “o desaxuste que se dá na sociedade é a causa de que o 50 % da oferta educativa universitaria do curso 2012-2013 estea composta polas áreas sociais e xurídicas”.

Temo, polo carácter e discurso deste ministro, que as áreas do saber e da cultura queden relegadas por non seren rendibles para a economía de mercado. Falo da historia, da filosofía, literatura, música, artes plásticas.

O Grupo Mixto é coñecedor da reforma que Wert quere acometer no ensino universitario, e o que vostedes pretenden esconder neste texto ambiguo é preparar o camiño para esas novas coiteladas do ministro.

Somos coñecedoras tamén do rexeitamento de case todos os reitores. Se se aplica ao acceso á facultade vai ser un vía crucis de probas para os estudantes, xa que, logo dunha única proba estatal, deberán pasar outra na facultade ou facultades escollidas, que se elaborará segundo criterios diferentes en cada unha delas. Pasadas todas estas estacións do vía crucis, o proceso rematará nunha entrevista.

O calendario de aplicación –dino os reitores, non o digo eu– é unha auténtica loucura. Wert deixa en mans de cada facul-

tade a súa implantación en tres anos, pero as autoridades académicas falan da imposibilidade real de levala a cabo nese tempo.

O decreto leva a máis especialización, pero non a máis cultura. E a cultura, señoras e señores, que parece que non lles importa nada a estes gobernos, é tan ou máis importante que a economía porque nos fai mellores, máis seguras e máis libres.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señora Iglésias.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señor Pombo.

**O señor POMBO RODRÍGUEZ:** Grazas, señor presidente. Boa tarde, señoras e señores deputados. Boa tarde, señor conselleiro.

Señor Rodríguez, estamos ante unha proposición non de lei que comeza dicindo que o ensino universitario ten experimentado en Galiza un considerable avance en todos os parámetros de referencia. Unha proposición que nos fala de que a Xunta vén de abrir un proceso de diálogo coas universidades tendente a definir un novo mapa de titulacións para o século XXI. E tamén nos fala dun marco de respecto mutuo e cooperación entre Xunta e Sistema universitario galego.

Diante desta PNL, en nome do BNG, eu xa manifesto o noso total desacordo. Pois unha cousa son as verbas que o Partido Popular acostuma poñer nos papeis –como neste caso– e outra ben distinta son os feitos de goberno do propio Partido Popular a respecto do sistema universitario galego. Aquí péchase, detrás, unha auténtica reconversión e un auténtico recorte continuo que xa vén de hai varios anos.

Na PNL afirmase que o ensino universitario experimentou considerable avance en todos os parámetros de referencia. Para o BNG, quen avanza é o Goberno galego, avanza, si, no recorte orzamentario continuo: cinco anos preto do 20 %, grave recorte que implica recortes de empregados no sistema universitario galego, que se contan por centos; avance tamén na non renovación de vacantes, no tope do 10 % a

reposición; avance importantísimo no recorte á investigación, tanto en investimentos, que pasou do 1,1 % do PIB antes de Feijóo a menos do 0,9 % co señor Feijóo á fronte; que, claro, implica milleiros de investigadores menos. Eses avances –para o BNG, desde logo– non lle interesan nada ao sistema universitario galego.

Nesta PNL fálase do grande respecto do Goberno galego polo sistema universitario galego. Non sei se se refire a ese respecto que lle tiveron cando se falou hai unhas semanas do tema da Universidade de San Jorge de Aragón, esa universidade privada, que toda a Universidade estaba en contra. Pero é tal o respecto que vostedes lle teñen que, claro, votan vostedes en sentido contrario. Iso para nós é unha cousa bastante rechamante.

A Xunta parece que vén de abrir un proceso de diálogo coas universidades tendente a evitar a duplicidade de titulacións, de diálogo. Para nós o que está claro é que continúa o recorte continuado desde hai cinco anos, e cada vez máis. Por certo, parece que a duplicidade non vai coa universidade privada. Entón vemos continuamente dúas varas de medir: a da universidade pública, recorte continuado, continuo e seguido; na privada parece que si hai diálogo.

Señoras e señores deputados, o Grupo Parlamentario do BNG sempre foi moi claro na defensa da universidade pública galega, sempre se opuxo á privatización e mercantilización do coñecemento, camiño que, por certo, o PP leva tempo percorrendo mais negando. O BNG defende, desde logo, a universidade como servizo público da educación superior que busca a creación e difusión do coñecemento e da cultura mediante a docencia, o estudo e a investigación en beneficio da sociedade galega. Por todo o exposto, o BNG defende que a Xunta de Galiza deseñe un novo mapa de oferta de titulacións de grao e mestrado do ensino universitario galego respectando a autonomía universitaria e ofertando un mapa completo de titulacións, para que, por certo, os galegos e as galegas non teñan que emigrar para acceder ao ensino superior.

Rematando, o BNG entende que o mapa de titulacións non pode estar presidido pola vontade de seguir recortando o ensino universitario, e debe ter presente a necesidade de salvaguardar as necesidades científicas, culturais e sociais da sociedade galega, que ás veces teñen débil demanda. E

tamén estar conectado coa potencialidade dos seus sectores produtivos. O BNG defende que o mapa de titulacións debe estar acompañado de políticas públicas de emprego, investimento en I+D e de activación do tecido produtivo que favoreza a absorción dos titulados e eviten a emigración dos mozos e mozas formados no sistema universitario galego.

Lamentablemente –rematando– esta PNL só fala de evitar duplicidades e reestruturar. E como estamos fartos de manipulacións da linguaxe, non conte co Grupo Parlamentario do BNG para seguir privatizando, recortando e asfixiando economicamente o sistema universitario galego, porque o que precisa este sistema universitario é máis financiamento, máis investigación e titulacións axeitadas para o desenvolvemento das potencialidades de Galicia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señor Pombo.

Réplica do Grupo Parlamentario Popular, señor Rodríguez.

**O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Bueno, quedame claro, despois de escoitar os portavoces da oposición, que vostedes non queren que se reduzan as duplicidades na oferta educativa, que tampouco queren que se reestruen aquelas que teñen unha baixa demanda de estudantes e que tampouco queren que se deseñe un mapa de ensino universitario acorde coas demandas da sociedade actual. Quedoume absolutamente claro, creo que nos quedou claro a todos.

O Partido Popular e a Xunta de Galicia saben –eu sei que vostedes tamén saben– que existe un problema, un problema que está identificado. E tamén sabemos que se está traballando na solución dese problema, e a Xunta está cumprindo coas súas responsabilidades. Aquí non se trata de suprimir. Isto non se plantexa para suprimir, plantéxase para reorganizar, para axustar a oferta á demanda, a oferta educativa á demanda social e dos sectores produtivos.

O Decreto 222, ¿que nos di? Dinos que hai que axustar a universidade á sociedade. A universidade non pode estar á

marxe das demandas sociais e non pode estar á marxe das demandas dos sectores produtivos. Ese é un error, un absoluto error. E nós entendemos que debe haber un vencellamento directo. Iso non impide que se abandone a cultura, que se abandone o coñecemento humanitario, para nada, para nada, pero debe haber esa conexión.

O señor Vázquez falaba de carnaza, de que os estudantes galegos son carnaza. Eu creo que ás veces vostede ten algunhas expresións que destrúen as súas ás veces pousadas exposicións de motivos. ¿Como pode dicir que case o 40 % dos xóvenes, dos titulados galegos, é carnaza? Creo que iso desacredita parte do seu discurso, que por outra parte non estivo mal orientado.

Mire, tivo unha exposición na cal di que en Galicia hai unha universidade privada. En Galicia non hai ningunha universidade privada, ningunha. Hai un centro adscrito, pero a universidade pública non ten que terlle medo á universidade privada. O que ten que facer a universidade pública é facer ben o seu traballo, e se o sector público é capaz de defender e é capaz de manter o seu nivel e o seu prestixio, pois a universidade privada estará onde estea, sen maior problema.

Respecto do Partido Socialista, bueno, eu téñolle dito moitas veces que eu non creo no determinismo social. A universidade galega é a máis equitativa de España, non creo que a partir de agora vaia deixar de selo. Non o creo para nada.

Mire, nós non queremos facer a ninguén cómplice absolutamente de nada, cada un é dono dos seus actos. E faloume vostede de xeografía. Sabe vostede que o Decreto 222 fala tamén de cuestións cualitativas, como o de titulación única. Pero se me pregunta vostede se eu estaría a favor de que houbera unha carreira de xeografía idéntica na Coruña, outra en Vigo e outra en Santiago e que cada unha tivera 20 alumnos, eu diríalle que iso non é normal, como a vostede, se falara de historia moderna, tampouco lle parecería normal que houbera tres titulacións, unha en cada universidade, cun número pequeno de estudantes.

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Remate.

**O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ:** E xa remato, señor presidente, dicindo que nestes momentos hai que tomar decisións. E, mire, cando hai un problema ás veces a cuestión

que nos xorde é quén lle pon o cascabel ao gato. Porque aquí hai un problema, sabémolo todos. Agora, hai que actuar con responsabilidade e poñerlle ese cascabel ao gato, e ao mellor non lle gusta a todo o mundo. Pero hai que facelo, porque realmente é moito máis custoso, sería moito máis custoso, non actuar que actuar. Porque ao final manter a estrutura tal e como está hoxe, non facer ningunha modificación, non plantexar ningunha reforma, sería pan para hoxe e fame para mañá.

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas.

**O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ:** E un goberno responsable, como é este, non o pode permitir, e nesa liña está traballando.

Nada máis e moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señor Rodríguez.

### **Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Marta Rodríguez Arias e seis deputados/as máis, sobre a estratexia de apoio á poboación xitana**

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** A esta proposición non de lei presentáronse dúas emendas, unha do Grupo Parlamentario Socialista e outra do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

*(O G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Carmen Gallego Calvar, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de adición dun novo punto.*

*“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que a Estratexia Galega de Apoio a Poboación Xitana, que será trasladada ao Parlamento de Galicia para a súa aprobación final, se elabore coa colaboración e previa consulta da comunidade xitana residente en Galicia, de acordo co mandato do Plan Integral para a convivencia e o desenvolvemento social do pobo xitano de Galicia, e conte con indica-*

*dores de avaliación das actuacións realizadas ao seu amparo e cun compromiso orzamentario anual non inferior a 1.000.000 de euros ata o seu remate.”)*

*(O G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada María do Carme Adán Villamarín, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de adición.*

*Débese engadir despois de “educación” o seguinte:*

*“, na igualdade das mulleres,”*

*Emenda de adición.*

*Débese engadir un novo parágrafo co seguinte texto:*

*“Asemade dotarase orzamentariamente a través de programas concretos dita estratexia.”)*

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Para a defensa da proposición non de lei, ten a palabra a señora Rodríguez Arias.

**A señora RODRÍGUEZ ARIAS:** Moitas grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, hoxe é 8 de abril, o Día Mundial do Pobo Xitano. E con motivo desta celebración, o Grupo Parlamentario Popular presenta unha iniciativa instando a Xunta de Galicia a elaborar unha estratexia galega de apoio á poboación xitana para reforzar e afondar na súa inclusión social. Se queremos falar dunha estratexia galega de apoio á poboación xitana, temos que falar da Estratexia para a inclusión social da poboación xitana en España 2012-2020, aprobada en marzo de 2012, considerada unha ferramenta fundamental para a integración e cohesión do pobo xitano.

Esta nova estratexia deriva da Comisión Europea, que en abril de 2011 estableceu un marco de estratexias nacionais para a inclusión social da poboación xitana. A estratexia incide nas catro áreas clave para a inclusión social: a educación, o emprego, a vivenda e a saúde.



Ademais destas catro áreas, a estratexia elaborada polo Goberno central establece tamén cinco liñas de actuación complementarias: o enfoque transversal de xénero, a loita contra a discriminación, a promoción da participación da poboación xitana, o fomento da cultura e o coñecemento, e a atención á poboación xitana procedente doutros países. Na elaboración desta estratexia participaron non só as comunidades autónomas, senón tamén a Federación Española de Municipios e Provincias, as entidades xitanas máis representativas e o Consello Estatal do Pobo Xitano.

Podemos falar da valoración que fixo a Fundación Secretariado Xitano desta estratexia, que considera que o marco europeo das estratexias nacionais para a inclusión social da poboación xitana supón un paso fundamental para a comunidade xitana en Europa e tamén en España; un paso fundamental para a comunidade xitana porque establece, por primeira vez, un marco común para o desenvolvemento de medidas e políticas no ámbito nacional compartido por todos os estados membros. E, ademais, a estratexia española é un referente entre as presentadas polos gobernos europeos, porque incorpora aspectos esenciais para a inclusión da poboación xitana que van máis alá das exigencias da Comisión Europea.

En relación coas actuacións na nosa comunidade, podemos falar de que no período 2007-2013 temos que destacar o Plan integral para a convivencia e o desenvolvemento social do pobo xitano en Galicia, enmarcado dentro do II Plan galego de inclusión social, que incorporou medidas nos ámbitos dos servizos sociais, da vivenda, da educación, do emprego, da saúde, da participación e da imaxe social. Apoiáronse actuacións a través, por exemplo, das ordes anuais de axudas a entidades de iniciativa social para a promoción das actividades de servizos comunitarios e inclusión social; tamén a través de convenios coa Fundación Secretariado Xitano, entre 2007 e 2013, para o desenvolvemento do Programa Acceder, de orientación laboral, formación e acompañamento no acceso ao emprego de minorías étnicas.

Neste período o programa atendeu a un total de 1.344 persoas e acadáronse un total de 1.445 contratos. Tamén a través das ordes de convocatoria de subvencións a corporacións locais para o desenvolvemento de programas dirixidos á inclusión social da poboación xitana, traballo nas áreas de educación, vivenda, saúde e emprego, entre outras, neste período recibiron subvencións un total de 160 concellos,

foron atendidas un total de 8.268 familias e un total de 29.267 persoas.

Agora, neste período 2014-2020, nós consideramos que é fundamental elaborar unha estratexia para a inclusión social da poboación xitana en Galicia, unha estratexia que, como a española, debe integrarse dun xeito transversal na Estratexia de inclusión social de Galicia 2014-2020, aberta a todas as persoas e colectivos que se atopan en risco ou en situación de exclusión social. Desta forma, a poboación xitana será destinataria, por un lado, dos servizos e de medidas de carácter xeral, as dirixidas a persoas en risco ou situación de exclusión social; por outra banda, dos servizos e medidas específicas da Estratexia para a inclusión da poboación xitana en Galicia. Os obxectivos e medidas desta nova estratexia deberán incorporar non só as recomendacións da Unión Europea, senón tamén os obxectivos establecidos na estratexia nacional que acabamos de explicar.

E ante esta iniciativa que presenta o Grupo Parlamentario Popular, temos dúas emendas, unha do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e outra do Grupo Parlamentario dos Socialistas, que nós consideramos que veñen mellorar a iniciativa que hoxe presenta o Grupo Parlamentario Popular. Polo tanto, esperamos chegar a un acordo entre os tres grupos parlamentarios para que esta iniciativa poida ser, se é posible, aprobada por unanimidade. E a min gustárame, sobre todo, destacar que aceptaríamos a emenda de adición do Grupo Parlamentario Popular en relación a engadir a igualdade das mulleres, porque así queda reflectido non só na estratexia europea, senón tamén na estratexia do Goberno do Estado. E engadir tamén a emenda de adición do Grupo Parlamentario Socialista, que solicita que esta estratexia sexa elaborada coa colaboración e, previa consulta, da comunidade xitana residente en Galicia. E engadir tamén a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, en relación co orzamento, co seguinte punto: “Que esta estratexia se integre dun xeito transversal na estratexia de inclusión social de Galicia, garantindo o financiamento suficiente para as medidas previstas dentro desta estratexia galega de apoio á poboación xitana”.

Con esta proposta nós esperamos que por parte dos grupos parlamentarios poidamos chegar a un acordo. Loxicamente, en canto á proposta do Grupo Parlamentario dos Socialistas, cuxa partida orzamentaria concretáramos nun millón de

euros, non a podemos aceptar porque vostedes saben que, por suposto, ten que ter orzamento esta estratexia, pero non é algo que poidamos cuantificar a priori. Polo tanto, vai ter orzamento pero nós consideramos que non podemos concretar, senón que, unha vez redactada e posta en marcha esta estratexia, se poderá avaliar o orzamento destinado, pero non á inversa.

Polo tanto nós queremos aproveitar este 8 de abril, Día Mundial do Pobo Xitano, para reforzar e abondar na súa inclusión social, e esperamos que o resto dos grupos parlamentarios estean de acordo coa nosa iniciativa.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señora Rodríguez Arias.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señora Adán.

**A señora ADÁN VILLAMARÍN:** Grazas, presidente.

Boas tardes, señoras deputadas e señores deputados.

Efectivamente, hoxe estamos diante do Día Mundial do Pobo Xitano. Seguramente todas e todos os portavoces en materia de benestar ou inclusión social terán enriba da súa mesa, como tivo esta voceira, un documento que foi presentado onte no Parlamento galego por parte da Federación Galega de Asociacións da Sociedade Xitana en Galiza e que seguramente xa coñecerán os deputados e deputadas. Nós entendemos que é moi importante que se inclúa a emenda respecto da igualdade de xénero e da igualdade. Aínda que sexa de xeito transversal, cremos que debe quedar explícito, máxime cando dende a propia federación neste momento están levando adiante unha campaña pola necesidade de ter centros, oficinas, ou o que así se considere, respecto do proxecto que denominan “As mulleres cotizamos”.

Eu creo que é un paso importante. Nós temos, por exemplo, a experiencia de programas realizados en concellos. Vou citar, por exemplo, o Concello de Pontevedra, onde existe unha liña de atención ás mozas que rematan ou titulan os seus estudos na educación secundaria para que poidan continuar en bacharelato e incluso na universidade. Sabemos o

difícil que é o acceso destas mozas á educación, por moitas cuestións que non é tal vez nin o espazo nin o momento para comentar, e calquera liña de axuda e de impulso á educación das mozas e das mulleres consideramos, dende logo, que debe ser un obxectivo prioritario e ademais destacable.

Tamén incluímos a emenda orzamentaria por unha cuestión fundamental, pola redución que sufriron ata agora os orzamentos para o plan de apoio que antes existía, reducíndose case ata un 10 %. Iso debe facernos reflexionar sobre que as estratexias non deben ser meramente declarativas, senón que deben ter partidas orzamentarias que permitan, por unha banda, desenvolver servizos propios dende a Xunta de Galiza; desenvolver programas e accións concretas nos concellos en materia de vivenda –como xa se destacou–, en materia educativa, en materia de igualdade e en materia social. E, por último, tamén deben existir orzamentos de cara ao fomento dalgunhas das actividades que a propia federación hoxe nos pon enriba da mesa, que supoño que teremos tempo de debater e de achegar tamén formas de canalizalas, porque algunha delas significa modificacións, por exemplo, sobre a DGT ou cousas polo estilo, que creo que hoxe non é o ámbito.

Nós, dende o Bloque Nacionalista Galego, queremos manifestar a nosa vontade para traballar conxuntamente neste día pola mellora das condicións de vida, pola integración real, e hoxe, que levamos falado moito de estereotipos, tamén pola eliminación de moitos dos estereotipos que existen na sociedade a respecto do pobo xitano, do que creo que somos coñecedores e coñecedoras, pero que iso vaia acompañado de verdadeiras estratexias orzamentarias por parte do Goberno galego en colaboración cos concellos, que desenvolven accións e programas e moitas veces quedan moi sós e sen o acompañamento do Goberno galego. Nese sentido, agradecemos que por parte do Partido Popular sexan aceptadas dúas emendas que presentamos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señora Adán.

Grupo Parlamentario Socialista. Señora Gallego.

**A señora GALLEGO CALVAR:** Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde, señoras e señores deputados.

Efectivamente, hoxe celebramos o Día Internacional do Pobo Xitano, e a esta iniciativa que trae o Partido Popular o Grupo Parlamentario Socialista presentou unha emenda, na que queremos poñer de manifesto algunhas cousas. A primeira é que, se queremos en Galicia facer unha estratexia de apoio á poboación xitana, o primeiro que temos que facer, porque ademais así o mandata o Plan integral para a convivencia e o desenvolvemento social do pobo xitano de Galicia, documento que foi posto en marcha polo Goberno Touriño, é ter en conta a comunidade xitana. Iso é o primeiro que hai que facer nunha estratexia, porque se non se senten cómplices, corresponsables e promotores desa estratexia, é difícil que poida ter éxito a súa implementación.

O segundo é que pensamos que unha estratexia destas características debe de vir ao Parlamento e debe de ser o Parlamento de Galicia o que faga a súa aprobación final. E iso é o que pedimos tamén na nosa emenda, porque entendemos que os grupos políticos que formamos parte do arco parlamentario temos tamén capacidade e dereito de poder aportar as nosas achegas a esta estratexia, que estou segura de que será así máis enriquecida que se fose desenvolta por unha soa das partes; neste caso, polo Goberno galego.

E o terceiro que pedimos é que esta estratexia conte cunha avaliación e con indicadores para avaliála, porque non temos as conclusións deste documento, do Plan integral para a convivencia e o desenvolvemento social do pobo xitano de Galicia, pois o actual Goberno de Galicia non chegou a rematar ese proceso, e, polo tanto, non temos tampouco hoxe capacidade de avaliar se as medidas nel implementadas tiveron éxito, cales tiveron menos éxito, cales foron as eivas ou as dificultades que se atoparon no camiño para poñer en marcha estas medidas, porque a verdade é que xa tiña un amplo abano de iniciativas que tiñan que ver co que falou aquí a señora Adán, por exemplo, coa vivenda, coa educación, co emprego e coas dificultades de inserción laboral e social que teñen as persoas xitanas no noso país; coa súa participación na vida social, na vida política e na vida cultural, e tamén co respecto pola súa cultura e pola súa identidade.

E claro, pedimos un orzamento porque estivemos revisando o que estaba pasando co actual Goberno nesta materia nos últimos anos, e a última orde de axudas que se publicou é do

ano 2012 a través dos concellos, e nela había un investimento de 618.250 euros. Pero nin no 2013 houbo orde de axudas nin no 2014 os orzamentos nos permiten ser moi optimistas, porque hai unha partida orzamentaria, unha única partida singularizada, no programa de servizos sociais comunitarios, tamén como axudas a través dos concellos, pero ten un importe de 93.000 euros. Estamos falando de que as últimas axudas eran de 618.000 euros e pasamos no 2014 a 93.000 euros. E se o comparamos co Goberno anterior, a verdade é que diminuíu moitísimo a porcentaxe, porque estabamos falando daquela de ordes de axudas anuais de en torno aos 700.000 euros, e tamén se facían cos concellos.

E logo hai outra cuestión que nos preocupa, e é que está ben que se faga unha estratexia en Galicia. É certo, como dicía a señora Rodríguez Arias, que xa hai unha estratexia nacional para a inclusión da poboación xitana en España 2012-2020, pero o que non dixó foi que esa estratexia está actualmente paralizada e que temos un grave risco de retroceder en políticas de integración do pobo xitano no noso país. Polo tanto, señoras e señores do Partido Popular, nós estamos dispostos, dende logo, a chegar a acordos, eu agardo que haxa un momento para facer algún tipo de transacción, pero consideramos moi importante o compromiso de traer ao Parlamento esa estratexia para que o Parlamento poida opinar e apoiar esta estratexia e aprobala definitivamente. Que nesa estratexia estean incluídas precisamente as persoas ás que vai dirixida e que conte con indicadores e con orzamentos que permitan levala a cabo. Porque, se non, vainos pasar como nos vén pasando noutras estratexias e noutros plans do Goberno galego, que, cando se fala unicamente de disponibilidades orzamentarias, ao final quedamos en que, deses 700.000 euros que se empregaban no Goberno anterior, pasamos á escasa contía para este ano de 93.000 euros, e non queremos chegar aí, non queremos tampouco ser cómplice deses recortes.

O que cremos é que, se de verdade se aposta por facer unha estratexia para a integración, e se de verdade se aposta pola inclusión social e pola igualdade de todas as persoas, independentemente de cal sexa a súa cultura, hai que comprometer orzamento e hai que comprometer medidas políticas, e non unicamente acordarse deles o día no que se conmemora internacionalmente o pobo xitano.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señora Gallego.

Grupo Parlamentario Mixto. Señora Iglesias.

**A señora IGLESIAS SUEIRO:** Moitas grazas, señor presidente.

O pobo cigano chega á Península no ano 1415. Establecen boas relacións de convivencia co resto da poboación ata que chegan ao poder os Reis Católicos, que, coa súa teima de buscar a unificación de todos os súbditos da Península nunha única lingua, relixión, cultura, e baixo un único poder, a monarquía castelá, son perseguidos como outros grupos étnicos e culturais.

É neste momento cando se conforman como un grupo oprimido e son ameazados coa expulsión ou a escravitude se non renuncian no prazo de tres meses á súa identidade cultural. A partir deste momento, a represión exercida contra este pobo é continua e universal, e prolóngase no tempo ata a actualidade.

Son pois, as ciganas e os ciganos, vítimas da máis continua xenofobia, que fai que a día de hoxe se identifique a este pobo con roubo, droga, narcotráfico, coa única excepción do seu folclore, que deriva na arte flamenca. Un pobo do que non se respectou nunca nin a súa identidade cultural nin lingüística. Son persoas que non son contempladas como cidadáns de pleno dereito, senón que son excluídas sistematicamente pola súa raza.

¿Como lle van dar forma a esta iniciativa? ¿Acabarán coas chabolas e coa marxinação? O meu consello de boa fe é que elaboren un verdadeiro programa consensuado cos colectivos que representan a esta parte das galegas, e aplicar eficazmente os xa elaborados e dos que non se chegan a ver os resultados.

E tamén quero insistir, como os anteriores ponentes aquí, en que este documento que presenta un colectivo de ciganos se teña en conta hoxe polo Parlamento de Galicia.

Máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señora Iglesias.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.  
Señor Ron.

**O señor RON FERNÁNDEZ:** Boa tarde a todos e a todas.

*Gelem, gelem lungone dromensar.* Así iniciábase o himno do pobo xitano que foi creado por Jarko Jovanovic inspirándose na vivencia do pobo xitano recluído nos campos de exterminio nazis. Iso foi en 1971.

Teño que dicir que teño que mudar un pouco a intervención porque tiña feita unha crítica bastante forte porque a iniciativa do Partido Popular, na súa exposición de motivos, polo menos na rexistrada, reflectía unha serie de carencias bastante graves pero que foron solventadas na intervención oral que realizou aquí a voceira do Partido Popular. En efecto, sorprendíanos moitísimo a ausencia da referencia ao marco europeo das estratexias nacionais de integración do pobo xitano, ratificado o 19 de maio de 2011, que se converte, efectivamente, en instrumento de referencia para todos os estados membros da Unión Europea. Tamén si que puido facer algunha referencia a que o 4 de abril de 2014, hai nada, en Bruxelas tivo lugar o terceiro cumio europeo sobre poboación xitana, no que precisamente se procedeu a analizar o nivel de implantación das estratexias para a inclusión social da poboación xitana nos vinte e oito estados membros. E aí quedou constancia da situación da comunidade xitana e da necesidade de que se camiñe con paso decidido na boa dirección para termos unha convivencia intercultural normalizada, porque iso aínda non se produciu.

Tamén nos sorprendía a ausencia da referencia, que si fixo na exposición oral, á Estratexia nacional para a inclusión social da poboación xitana de España 2012-2020, aprobada no Consello de Ministros do 2 de marzo de 2012. Pero hai que dicir que, efectivamente, como dixo a voceira do Partido Socialista, está paralizada. E, ademais, recentemente, a Rede Europea contra o Racismo, a través do informe presentado por Andrea Spitalski, analiza o racismo e as prácticas discriminatorias en materia de emprego en España precisamente vinculadas á poboación xitana, e aí comprobaran vostedes, loxicamente, que a estratexia do Estado é ambiciosa pero que no 2012, nese primeiro ano, non se dera ningún paso de cara á súa efectiva implementación.

Ben, como o tempo corre que dá gusto, vou facer un pouco de memoria dos recortes económicos que practicou o Estado.

En 2011 destinaba máis de 1 millón de euros para o Plan de desenvolvemento do pobo xitano, no 2012 baixou a 550.000 euros, do que Galicia só se beneficiaba de 38.307 euros; e que no 2013 volvía baixar, chegando aos 412.500 euros, dos que Galicia simplemente recibía 28.570 euros. Polo tanto, con estes recortes loxicamente é moi difícil, moi difícil, implementar unha estratexia e poder levar a cabo de forma conveniente, efectivamente, o Plan integral para a convivencia e o desenvolvemento social do pobo xitano en Galicia, cuxa vixencia rematou no 2013. Lembremos, por outra banda, que a Lei de inclusión social, aprobada a finais de 2013 neste Parlamento, menciona no seu artigo 57 que a Xunta de Galicia impulsará e actualizará en colaboración coas entidades locais un plan galego de inclusión social. Polo tanto, é preciso que coñezamos, antes de que se leve a cabo ese plan de inclusión social que debe incorporar esa estratexia, cales son as conclusións do grao de consecución dos obxectivos deseñados no segundo Plan de inclusión social, e no que se refería ao desenvolvemento da poboación xitana. Porque a Fundación Secretariado Xitano, hai pouco, nun informe, denunciaba a existencia de moitas eivas en materia de pobreza e renda, en medidas de protección social, de vivenda, de emprego, de educación, de saúde, de igualdade de xénero, de discriminación directa –a través de programas como “Palabra de gitano”, por exemplo–, de persecución e racismo institucional, por exemplo, sufrindo e padecendo os controis por perfil étnico tal e como a poboación emigrante en estacións, en paradas de buses, en centros de saúde, etc., ou incluso a sospeita permanente que pesa sobre as mulleres, por exemplo, en centros comerciais cando os axentes de seguridade privada lles piden que lles ensinen o bolso porque pensan que inmediatamente cometeron algún acto delictivo. E estas son denuncias reais que se están facendo no día a día, e polo tanto demostran que temos que avanzar.

Nós agardamos que a estratexia... Porque na súa iniciativa hai que recoñecer que dúas liñas definían toda unha estratexia e era moi cativa esa estratexia. Na súa exposición oral fíxoo bastante mellor e quedamos tranquilizados, polo menos, xa que efectivamente teñen intención de que se fundamente no marco europeo –é fundamental– e que teña en conta loxicamente o que di a estratexia nacional, a estratexia do Estado.

Nós, desde logo, estaremos vixiantes. Alternativa Galega de Esquerda tiña intención de apoiar esta iniciativa, pero coa

crítica..., porque sen economía, sen orzamentos económicos... Pero parece ser que vai, efectivamente, introducirse unha emenda nese sentido. Esperemos que sexa realizable. En todo caso, apoiamos tamén a idea de que o Parlamento loxicamente teña unha consideración ao respecto para que esa estratexia nacional galega para a inclusión da poboación xitana sexa o mellor posible, o máis participativa posible, e que conte con todos os obxectivos deseñados nese marco europeo, que debe ser loxicamente a estratexia a seguir.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señor Ron.

Réplica, señora Rodríguez Arias.

**A señora RODRÍGUEZ ARIAS:** Si, moitas grazas, señor presidente.

Primeiro quero aclarar –porque aquí se deron completamente unhas cifras distintas entre os grupos parlamentarios da oposición– que no ano 2013 non foron 93.000 euros destinados en Galicia para a atención á poboación xitana, 93.000 euros foron os destinados polo Goberno do Estado. En total en Galicia destináronse 700.000 euros entre Xunta e Estado. Polo tanto, cando falan vostedes de recortes revisen as cifras e non conten só a transferencia do Estado senón que teñen que contar tamén o orzamento da Xunta de Galicia destinado á poboación xitana.

E, dende logo, cando vostedes falan de que parece ser que só nos acordamos deste colectivo no Día mundial do pobo xitano, pois paréceme unha falla de respecto, porque, dende logo, vostedes poden comprobar que todos os obxectivos recollidos nas súas emendas, tanto a igualdade das mulleres como a participación previa e consulta da comunidade xitana e como a cuestión do orzamento, quedarían recollidos nesta proposta de transacción.

E sobre a valoración da Fundación do Secretariado Xitano, que hoxe mesmo fixeron público un manifesto, vostedes din que esta estratexia non serve ou que quedou paralizada, pero contradí o que eles mesmos dicían nese manifesto hoxe, onde valoraban moi positivamente a Estratexia para a inclusión social da poboación xitana de España 2012-2020, por esas catro áreas clave: pola educación, polo emprego, pola



vivenda e pola saúde. E ademais desas estratexias, establécense cinco liñas de actuacións complementarias en España, que xa as comentamos antes: o enfoque transversal de xénero –por iso aceptamos a emenda do Bloque Nacionalista Galego–, a loita contra a discriminación –da que vostedes tamén falaron–, a promoción da participación da poboación xitana, señora Gallego –por iso aceptamos a súa emenda de adición–, o fomento da cultura e o coñecemento e a atención á poboación xitana procedente doutros países.

Agradezo aos grupos parlamentarios, a todos, a súa intención de chegar a un acordo en relación con este texto, e dende logo non só hai un día no que se conmemora, o Día mundial da poboación xitana, senón que todos os días, e para iso é esta proposta do Grupo Parlamentario Popular, para unha estratexia 2012-2020.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señora Rodríguez Arias.

**Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre a transposición da Directiva da Unión Europea sobre contratos de crédito para bens inmobles de uso residencial**

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

*(O G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do seu deputado Cosme Pombo Rodríguez, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de adición.*

*Débese engadir o seguinte:*

*“O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a:*

*1. Demandar o establecemento dunha quita ás entidades bancarias no importe das hipotecas, que teña en conta a responsabilidade dos bancos na sobrevaloración da vivenda no*

*período da burbulla inmobiliaria, e as axudas públicas que recibiron para sanear eses mesmos activos lixo nos seus balances.*

*2. Demandar do Goberno do Estado a modificación da Lei 1/2013 para reformar os procesos de execución hipotecaria, cando o debedor actuou de boa fe e o inmueble hipotecado é a súa vivenda habitual; a modificación debe admitir a dación en pago como cancelación da totalidade da débeda hipotecaria así como a moratoria no pago dos prazos pactados (acomodándoos á situación económica do debedor), a transformación da hipoteca nun contrato de arrendamento con opción a compra e a condonación parcial da débeda.*

*3. Demandar a inmediata paralización de todos os expedientes de desafiuzamento en trámite no noso país.*

*4. Impulsar un parque de vivendas sociais que faga efectivo o dereito de todo/a cidadán/a a acceder a unha vivenda digna.*

*5. Impulsar, con carácter inmediato, o Fondo Social de Vivenda, cos recursos orzamentarios suficientes para, entre outras medidas, garantir subsidiar as rendas de aluguer ás familias desafiuzadas con menores ao seu cargo, nos casos de risco de desintegración familiar ou perda de custodia por carecer de domicilio familiar.*

*6. Establecer, con carácter inmediato, unha liña de axudas que cubran os impagos temporais, durante un período máximo de tres anos, das cotas derivadas dos préstamos convindos subscritos polos adquirentes de vivendas de protección autonómica para uso propio, así como as promovidas ou rehabilitadas para ese uso, nos casos en que como consecuencia da crise económica os ingresos da unidade familiar teñan experimentado unha redución significativa, o seu importe non exceda de 2,5 veces o IPREM e a cota mensual da hipoteca supere o 50% dos referidos ingresos*

*7. Presentar, no prazo de dous meses, un Plano para a promoción de aloxamentos para colectivos especialmente vulnerábeis nas poboacións galegas de máis de 20.000 habitantes.*

*8. Demandar do Goberno do Estado as medidas necesarias para manter as condicións pactadas en materia de vivenda*

*protexida e anular as resolucións negativas baseadas en criterios interpretativos contrarios a dereito (art.35 do R.D.Lei 20/2012, de 13 de xullo). De ser necesario, o Goberno galego habilitará as partidas orzamentarias necesarias para manter as condicións pactadas cos propietarios/as e que causan dereito para estas persoas.”)*

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Para a defensa da proposición, ten a palabra o señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Boas tardes a todos e a todas.

Quería comezar por amosar a miña solidariedade coas persoas que foron detidas onte a raíz da manifestación dos mariñeiros do cerco, e que foron postas en liberdade esta tarde, nun intento máis, nun intento continuado, de criminalizar calquera protesta social, deliberadamente é a táctica de criminalizar estas protestas. A miña solidariedade con esta xente, que evidentemente non pasa un bo trago cando é detida e levada ao calabozo, ás dependencias xudiciais, etc. Nos ambientes violentos nos que eu me movo sóese escoitar unha frase que a min me parece moi boa, dise que nós non somos antisistema, senón que o sistema é “antinós”. Eu tamén creo iso, que temos un sistema que é anti maioría da poboación deste país.

Tamén se tratou de criminalizar os movementos sociais que reclamaban o dereito das persoas a gozar dunha vivenda, criminalizouse a Ada Colau e a Plataforma de Afectados polas Hipotecas, chegando incluso membros do Partido Popular a comparalos con ETA simplemente por facer o único que nese momento, nun momento de desesperación, podían facer, que é facerse oír onde podían, facerse oír alá onde podían. Xa que lles cerraban as portas que en teoría eran as que levaban á solución democrática dos seus problemas, foron alá onde puideron, simplemente coas súas voces, coas súas mans e cos seus corpos. E foron comparados con ETA.

Ben, nós en xeral defendemos que na política hai que facer cambios radicais e profundos, na política de vivenda tamén. Ten que haber un cambio radical. A vivenda ten que converterse no que di a Constitución, que é un dereito de todas as persoas que viven no Estado español; un dereito, un dereito ao uso dunha vivenda, non un dereito á propiedade necesariamente, senón o dereito ao uso dunha vivenda. E é que as

consecuencias que estamos a vivir agora despois de que estoupou a burbulla inmobiliaria non veñen de hai dous días, veñen dun sistema que está arraigado no franquismo, que fomentou a propiedade sobre o alugueiro, que fomentou a propiedade sobre o dereito á vivenda, e que foi convertendo a vivenda nun dereito fundamentalmente especulativo e un ben económico fronte a un ben de desfrute das persoas. Na democracia continuouse con este modelo, cun punto álxido na Lei do solo do 98, na desregulación constante dos mercados hipotecarios, na falta de control sobre os bancos na concesión de hipotecas. E neste período da burbulla inmobiliaria houbo xente que se enriqueceu indecentemente. Pero a maioría das persoas deste país endebéronse e moitas delas quedaron excluídas deste mercado. Moitas delas, á raíz do estoupido da burbulla inmobiliaria que vén desde Estados Unidos, coas hipotecas subprime, víronse na rúa; máis de 400.000 persoas, desde que estalou a burbulla inmobiliaria, quedaron na rúa sen vivenda. E moitas delas endebidas aínda por riba cunha débeda que normalmente será de por vida. Xente sen vivenda nun país con 3 millóns e medio de vivendas baleiras, nun país onde se tomaron decisións transcendentais para rescatar bancos, para rescatar inmobiliarias, nun país onde a cidadanía vía iso simplemente. Non fai falta máis que mirar: xente na rúa, bancos rescatados.

E nós, como dicimos, non renunciámos a atacar de raíz os problemas. Mais non é a intención desta iniciativa, posto que esta iniciativa simplemente significará, en caso de aprobarse, un pequeno paso, un avance, medidas paliativas. Non propoñemos esta iniciativa como solución definitiva aos problemas de vivenda, pero si que cremos que é un avance, e por iso a propoñemos. Gustaríanos que a directiva europea fose máis alá, garantizase máis os dereitos da cidadanía, atacase máis o que é o mercado das débedas hipotecarias, porque ao final sempre hai unha contradición de intereses. Evidentemente, por un lado, están os intereses da xente de desfrutar dunha vivenda e, por outro lado, están os intereses dos bancos e das grandes inmobiliarias.

A directiva europea, da cal pedimos a transposición inmediata sen máis dilación, aplicarase aos contratos de crédito garantidos por unha hipoteca ou por outra garantía comparable utilizada nun estado membro, así como os contratos cuxa finalidade sexa adquirir ou conservar dereitos de propiedade sobre terreos e edificios. As novas regras adaptaranse aos distintos mercados hipotecarios dos estados membros, aínda

que sobre todo a información ao consumidor terá que presentarse nun formato homoxéneo en toda a Unión Europea.

Dentro das medidas que para nós nos parecen avances está o período obrigatorio de reflexión de sete días antes de asinar un contrato hipotecario, ou ben do mesmo período de sete días para retractarse tras a sinatura, segundo decida cada país. Demórase en relación cos desafuzamentos coa existencia de facilitar a dación en pago evitando o sobreendebemento a longo prazo; é dicir, tomar medias en función da renda das familias para que as economía familiares non queden condicionadas unicamente a un pago da vivenda que poida significar un tanto por cento límite, a flexibilidade, polo tanto, na amortización da débeda. E despois medidas relativas aos préstamos irresponsables, é dicir, garantir o estudo do risco cando se conceden as hipotecas, garantir que non haxa cláusulas abusivas e de prohibición de condicionamento dos préstamos, de garantías e taxacións dos inmobles. Polo tanto, nós pedimos que se empece xa a traballar na transposición, porque, sexan pasos máis importantes ou menos, son pasos adiante que nós cremos que, nun caso tan delicado coma este, se deben de dar. E débense dar, ademais, por outra razón adicional, e é que as medidas que adoptou o Goberno do Estado, que para nós foron máis ben cosméticas e a remolque dos movementos sociais, incluso con algo tan gráfico como tramitar a ILP asinada por 1.400.000 persoas e reducir o seu contido practicamente a unha parodia, esas medidas do Goberno do Estado, non están a ter resultados significativos, pola razón de que non se quere encarar o problema de fondo nin adoptar solucións reais co fin de non afectar negativamente o mercado das cédulas hipotecarias.

Os datos demostran que as medidas do Goberno só foron cosméticas e non solucionan o problema. En 2013 houbo máis desafuzamentos que en 2012. Actualmente hai 600.000 familias neste país atrapadas en hipotecas con máis valor que as súas vivendas. Segundo os datos do Banco de España, no terceiro trimestre de 2013 a morosidade das familias era do 5,6 %, mentres que un ano atrás era do 3,48 %; é dicir, está subindo.

E nós cremos que a solución pasa por tres eixos –para unha solución real–, que é un plan para ter un proceso de reestruturación das débedas hipotecarias das familias, unha lei da segunda oportunidade, que hai en moitos países de Europa,

e poñer o Sareb a traballar como un mercado social da vivenda.

Nós cremos que debe de ser aproveitada a transposición desta directiva para avanzar máis, evidentemente, nos dereitos das persoas, e tendo en conta que é un problema moi sensible e moi importante, e que o tempo aquí tamén é importante. A razón principal da nosa iniciativa, que xa presentamos en comisión –parece ser que demasiado pronto, espero que esta vez non sexa demasiado tarde–, pois é simplemente esa: un día gañado, un mes gañado, é importante para as persoas que están a vivir este problema. E por iso solicitamos, con toda a esperanza do mundo, o apoio de todos os grupos, porque cremos que é de xustiza afrontar con rapidez a solución destes problemas.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señor Sánchez.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Pombo.

**O señor POMBO RODRÍGUEZ:** Grazas, señor presidente.

En nome do BNG, comezo por destacar a coincidencia co ponente da PNL, no sentido de que para nós tampouco supón unha solución definitiva á problemática existente sobre os desafuzamentos nin ás desiguais relacións no mercado hipotecario entre as entidades financeiras e as familias hipotecadas, relación desigual, por suposto, debido a que a lexislación existente ata agora sempre protexeu máis as entidades financeiras que a propia cidadanía hipotecada.

Mais o BNG tamén entende que esta directiva europea si supón un avance significativo respecto da actual normativa española, que representaría unha mellora sobre varios aspectos, como xa enumerou o ponente, referente ao que é a dación en pago, referente ás normas aplicables aos prestamistas, referente a todo o proceso de información, publicidade, comercialización e prácticas previas ao contrato de crédito. Tamén representa melloras no sentido da avaliación da solvencia do consumidor, da taxación dos bens e incluso do asesoramento á cidadanía. Tamén hai mellora nesta directiva sobre as normas para o reembolso anticipado do crédito

que se debe, e incluso sobre a resolución de litixios e as condicións e garantías dos propios créditos.

O BNG entende que esta nova lexislación representa, xa digo, un marco máis transparente, máis seguro e con maior protección do consumidor. Esta nova directiva europea, para nós, é un proceso cunha reforma financeira que se acomete a nivel da Unión Europea por vez primeira sobre un produto, que é a banca minorista e os créditos que ofrece, que ten moita importancia para un 70 %, polo menos, das familias que se atopan hipotecadas. Estamos a falar dunha normativa que exige unha maior tolerancia, unha tolerancia razoable, antes de proceder á execución das propias hipotecas. Estamos a falar dunha normativa que exige impedir aos estados oporse á dación en pago cando hai un acordo entre as partes. Estamos a falar dunha normativa que adopta medidas para facilitar o pago, protexendo máis aos consumidores co fin de evitar o seu sobreendebemento a longo prazo e, no caso de que a débeda aínda persista, garantir, digamos, un mínimo vital para o debedor.

O BNG entende, por suposto, que a inmediata transposición desta directiva europea sobre contratos de crédito para bens inmobles de uso residencial á lexislación do propio Estado representa un aspecto positivo e por iso vai votar a favor. Mais o BNG tamén entende que cada vez son máis os galegos e as galegas que non poden facer fronte aos vencementos dos seus créditos hipotecarios, porque, por causa da crise, moitas veces non teñen nin traballo, nin sequera ás veces ingresos dabondo para manter a súa propia familia. Os datos do ano 2013 son, desde logo, que meten medo: 2.404 desafiuzados na Galiza, case sete desafiuzamentos diarios. E o que é máis grave: 2.576 inicios de expedientes hipotecarios nese propio ano, o que quere dicir que aínda aumenta, que haberá, digamos, un novo problema a maiores.

Ante esta situación, desde logo, o BNG entende que non abonda coa transposición da directiva europea, senón que cómpren máis medidas para tentar defender o dereito á vivenda, que é un dereito fundamental tamén para as galegas e para os galegos. Polo tanto, o BNG propón unha emenda de adición a esta PNL, que contempla medidas que o propio BNG xa ten presentado neste Parlamento e que o único que perseguen é garantir o dereito á vivenda, que é un dereito que o BNG entende, por suposto, como fundamental de calquera. E nese sentido hai varias iniciativas –en concreto

nove– que se plantexan na emenda: establecer unha quita ás entidades bancarias no importe das hipotecas para que se corresponsabilicen nas súas responsabilidades na aparición da burbulla inmobiliaria, a modificación da Lei 1/2013, a inmediata paralización de todos os expedientes de desafiuzamento, o impulso do Fondo Social de Vivenda e presentar un plano de promoción de aloxamentos.

Nada máis. Remato reiterando o apoio á proposición non de lei e agardando que se teña en conta a emenda do BNG, polo dereito a unha vivenda digna de todas as galegas e de todos os galegos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Polo Grupo Socialista, ten a palabra don José Antonio Sánchez Bugallo.

**O señor SÁNCHEZ BUGALLO:** Moi boas tardes, señora presidenta; moi boas tardes, señorías.

Tráese hoxe a este pleno parlamentario unha proposición non de lei que é dun contido semellante a outra que xa debatemos no seo da Comisión 2ª. E esta proposición non de lei está baseada xustamente nunha directiva aprobada pola Unión Europea sobre contratos de crédito para bens inmobles de uso residencial.

O primeiro que temos que facer, e ademais en vésperas dunhas eleccións europeas, é alegrarnos de que empecemos a valorar a importancia da Unión Europea e o carácter positivo da pertenza á Unión Europea, tanto polos que estamos contentos de pertencer como por aqueles que ao mellor tiñan máis dúbidas ao respecto.

O primeiro que vou dicir, señorías, é que nós imos votar favorablemente esta proposición, como non podía ser doutro xeito. O obxectivo desta directiva, que debe de ser trasposta á lexislación dos estados nacionais, xustamente non é outro que unha máis correcta definición dos dereitos e obrigacións das partes, e xustamente a busca dun maior equilibrio entre as partes. Dicia o señor Pombo que non é unha relación equilibrada, e ten razón. É moi difícil que haxa unha relación equilibrada cando un ten e outro non ten, cando un ten e

outro ten que pedir e cando un ten centos de miles, de millóns, de posibilidades e outro, ao mellor, soamente ten unha ou dúas posibilidades de que lle outorguen unha hipoteca.

En calquera caso, señorías, eu creo que, se somos honestos con nós mesmos, reconeceremos que millóns de cidadáns de España, e probablemente unha boa parte dos que integramos este Parlamento, temos unha vivenda, entre outras cuestións, grazas á existencia de hipotecas. Se non existiran hipotecas, pois seguramente todos aqueles que vivimos dunha nómina dificilmente poderíamos ter accedido a unha vivenda en propiedade.

Hoxe España é o segundo país de Europa con maior porcentaxe de vivendas en réxime de propiedade. O primeiro é Romanía, pero non ten nada que ver co noso. Son as circunstancias dun estado socialista, no que esas vivendas que inicialmente eran de titularidade pública foron pasadas á propiedade daqueles que residenciaban nelas, como pasou no seu día tamén na Inglaterra de Margaret Thatcher, desde que foron privatizadas dalgunha maneira. O caso español é un caso bastante excepcional dentro da Unión Europea, no que millóns de cidadáns puidemos acceder á propiedade grazas ás hipotecas.

Tamén é certo que as hipotecas en España tiveron polo menos dúas etapas moi diferenciadas, e non foi culpa da Lei hipotecaria, que a Lei hipotecaria é a mesma desde o século XIX, foi consecuencia da evolución do mercado e doutros factores. Ata 1998, basicamente, coas hipotecas as entidades financeiras eran moi prudentes na súa concesión. Sempre se tiña en conta os ingresos da persoa que as pedía, sempre se outorgaba ata un máximo do 80 % do valor en taxación das vivendas. E a partir do 1998 as cousas cambiaron. Empezáronse a dar hipotecas por riba do cen por cento do valor do propio inmovible partindo dunha previsión de revalorización futura, e sobre todo pasou algo terrible, que foi o outorgamento de créditos masivos ás compras de solo, e sobre todo ás compras de solo rústico que era valorado en función dunha potencialidade de urbanizar. Non vou entrar agora nas causas de por que sucedeu iso a partir do ano 1998, porque soamente me queda un minuto, e polo tanto sería unha perda excesiva de tempo. En todo caso, o que é certo é que a banca española –tal como facía onte público o Tribunal de Contas– recibiu case 108.000 millóns de euros do conxunto dos cida-

dáns de España para regularizar a súa situación, 108.000 millóns de euros que en boa medida foron xustificadas pola necesidade de atender as dificultades derivadas do problema, non tanto das hipotecas, canto da concesión de créditos ao promotor, de créditos para adquisición de solo rústico, pagado ou cotizado como solo urbanizable.

Eu o que si lles quero dicir, señorías, é que tampouco nos enganemos. Eu vexo que o autor da proposición non se engana. Hai que traspoñer a directiva, pero a directiva trasposta terá efectos a partir da transposición, non efectos cara aos contratos anteriores. E, de feito, a segunda proposta é que se modifique a lexislación hipotecaria, a regulación do mercado hipotecario, a lexislación do axuizamento civil, de subrogación e modificación dos préstamos hipotecarios. É dicir, con isto imos poder resolver ou evitar que se reproduzan problemas no futuro, pero resolver os problemas que temos a día de hoxe require doutra serie de medidas. E non me dá xa máis tempo a falar porque xa rematou o tempo. Espero que sigamos falando sobre todo desas medidas, que é o que pode ser útil e positivo.

Anticipo que nós votaremos favorablemente. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Grupo Popular.

Ten a palabra o señor Castiñeira Broz.

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** Señora presidenta, señorías, boas tardes.

Efectivamente, a directiva que trae á cuestión esta proposición é unha directiva que foi aprobada o día 4 de febreiro. E, como saben, foi na Comisión 3ª onde debatemos hai uns días este mesmo asunto, exactamente igual. Falamos da antelación con que vostedes estiveron moi áxiles na presentación, polo cal non sei se felicitálos ou non, pero ao mellor tiñan o obxectivo de colgarse algunha medalla. Nunca está de máis. O feito é que vostedes rexistraron a iniciativa o 30 de xaneiro, e a aprobación foi feita no Parlamento Europeo o día 4 de febreiro, publicada incluso no *Diario Oficial da Unión Europea* o 28 de febreiro. Entrou en vigor hai dezoito días esta directiva. É dicir, que hai que poñernos no espazo de tempo correspondente para saber do que real-



mente falamos. Vostedes mesmos na exposición de motivos din que “o Parlamento Europeo e a Comisión Europea veñen de dar recentemente a súa aprobación final á directiva...”. Non, cando vostedes a presentaron non estaba aprobada aínda. Ao mellor iso foi o que os levou a algúns aspectos que poñen aquí, que realmente –eu xa llo dixen na comisión– non os atopei por ningún lado na directiva. E lina e volvina reler. E, desde logo, o que lles veño dicir é que claramente hai cousas que vostedes poñen aquí que neste momento estou convencido de que a lexislación española –sobre todo coas últimas modificacións introducidas polos gobernos do Partido Popular– sobrepasa con creces na gran maior parte das cuestións que na directiva esta se plantexan; desde logo, sobrepásanas con creces. Estamos a falar dunha directiva europea que loxicamente afecta aos 27 estados membros e, polo tanto, é para harmonizar determinadas normativas a nivel dos distintos estados, incluso con préstamos que ás veces son en distinta moeda ou que poden collerse nun banco de calquera nación europea, de calquera dos estados.

Pero en relación, en concreto, a un dos puntos nos que vostedes fan máis fincapé, e que é o da dación en pago, para que non haxa dúbidas prefiro ler exactamente o único artigo que vin que facía referencia a iso, que é o artigo 28, que fala de “demoras e execución hipotecaria”. Pois nese artigo di no punto 1: *“Los estados miembros adoptarán medidas para alentar a los prestamistas a mostrarse razonablemente tolerantes antes de iniciar un procedimiento de ejecución”*. Oia, isto é unha... –¿como diríamos?–, é un código de boas prácticas, é unha declaración de intencións. Pero con todos os respectos para a directiva europea, queda moi curta en relación co código de boas prácticas, por exemplo, que se aprobou no Real decreto lei 6/2012, de marzo, ou das disposicións establecidas no Real decreto lei 27/2012, do 15 de novembro, e todo isto implementado, incorporado, á Lei 1/2013, de medidas de protección aos debedores hipotecarios. Na lexislación española imos moito máis alá. E eu léolle o apartado 4 dese mesmo artigo, onde di: *“Los estados miembros no impedirán que las partes de un contrato de crédito puedan acordar expresamente que las transferencias de la garantía o los ingresos derivados de la venta de la garantía al prestamista basten para reembolsar el crédito”*. *“No impedirán...”*. Non se impedira na normativa anterior, na lexislación española, e moito menos agora. É dicir, nestes aspectos non nos vai aportar nada. Podemos modificar e

facer a lexislación que sexa, loxicamente somos libres, non nos prohibe ir máis alá. Pero quero dicir que coa transposición desta directiva non imos máis alá.

Si é certo que ten unha parte, baixo o meu punto de vista, interesante para efectos de información, a que plantexa coa ficha europea de información normalizada, onde establece un tipo de información normalizada en todos os países europeos que se debe de dar na concesión dun crédito –que parte dela neste momento se dá, pero, bueno, vén establecida, normalizada, etc.–, onde se fala dese tema e creo, incluso, que da formación dos posibles consumidores dunha hipoteca, sobre todo de bens inmobles de uso residencial, onde fala claramente desa necesidade, desa formación que hai que dar e desa información, o dobre aspecto, por así dicilo. Creo que niso si é positivo e haberá que adaptala.

¡Home!, a directiva –como dixen– acaba de entrar hai dezaioito días en vigor, e ten dous anos o Goberno do Estado para poder traspoñela. ¡Home!, deámoslle a oportunidade, supoño que isto require dun estudo e dunha análise para poder traspoñela. Vostedes aquí din “inmediatamente”. Pero, miren, se dentro dun ano ou algo máis non se fixo nada... Isto loxicamente non se fai en dous días, porque afecta a bastantes normativas que haberá que analizar, e entón podemos falar. Pero vir antes de entrar en vigor xa a dicir “inmediatamente” paréceme que é ter ganas –e perdoe que llo diga, señor Sánchez– de colgarse unha medalla que, desde logo, non a merecen coas aportacións que fan, porque nin moito menos corresponde.

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando, por favor.

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** Si, remato, señora presidenta.

Neste sentido, non por outra cousa senón porque isto é unha obriga que terá que facer o Goberno do Estado, loxicamente, non é unha competencia de aquí nin moito menos, somos conscientes e estamos seguros de que se vai facer en prazo e seguro que bastante antes do prazo establecido do 1 de marzo do ano 2016.

**A señora PRESIDENTA:** Remate, por favor.

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** E, polo tanto, por ese motivo non imos votar a favor.

Moitas grazas, señora presidenta. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Polo grupo autor da proposición, ten a palabra don Antón Sánchez, do Grupo da Alternativa Galega de Esquerda.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Señor Castiñeiras, non pretenda tomarnos o pelo nin tomarnos por parvos. Se vostede sae aí á tribuna a dicir que España é un modelo na lexislación hipotecaria estanos querendo tomar por parvos. E cando nos di que nos queremos colgar medallas, quérenos tomar por parvos ¿verdade? Vostede, ¿que leccións quere dar falando en nome do Partido Popular? ¿De que leccións nos fala vostede coa historia que teñen vostedes? Mire, vostede fala de que a lexislación española vai moito máis alá. Pero vostede ¿en que mundo vive? Hai que ter moita cara para dicir iso.

Mire, voulle ler unhas palabras que dixo o vicepresidente da Comisión Europea, Michel Barnier. Esta directiva europea fíxose para España e para Irlanda ex profeso; que son os países europeos que teñen este problema en maior grao, señor Castiñeira, ¿enténdeme? Pero faise para España e para Irlanda e resulta que a lexislación española vai moito máis alá.

O Tribunal de Xustiza Europeo fala de que dende o ano 1995 neste país se están poñendo cláusulas abusivas aos consumidores. Estase estafando os consumidores desde os bancos. Vostedes gobernaron, teñen órganos de control dos bancos, e non fixeron nada. Vostedes teñen persoas ligadas aos intereses inmobiliarios e eses son os que defenden. E vénme aquí dicir que a lexislación española vai moito máis alá. En 2013 houbo máis desafuzamentos que en 2012 e fáleme de que as medidas están funcionando. E os datos non din iso, señor Castiñeira, ¿entende? Non din iso. Pero ¿que medalla se quere colgar vostede, señor Castiñeira? ¿Cando é o momento de instar a inmediata transposición da directiva? ¿Cando pasen os dous anos, señor Castiñeira? É a política que segue vostede: tranquilidade co drama das persoas. Iso si, moi áxiles para modificar a Constitución para rescatar os bancos, moi áxiles para iso, porque vostedes defenden uns intereses determinados.

Mire, dicía o vicepresidente da Comisión Europea: “A crise financeira empezou co afundimento das *subprime* en Estados Unidos ao concederse hipotecas sen que as entidades verificaran a solvencia dos consumidores, quen, á súa vez, estaban mal informados e frecuentemente os máis vulnerables eran animados a tomar riscos excesivos”. Non sei se lle soa iso, cando gobernou o Partido Popular e cando estaba no Banco de España. “Vimos excesos similares en Europa, por exemplo nos *booms* inmobiliarios e nas inevitables caídas de España e Irlanda”. Ou sexa, é unha directiva que se fai ex profeso para España e para Irlanda, que é onde maiormente se están dando os desafuzamentos e estes dramas, e vostede dime que nós non necesitamos esta directiva, que queda moi atrás. Non nos tome o pelo.

E, señor Bugallo, mire, os dereitos humanos e a Constitución española non fala do dereito á propiedade dunha vivenda, fala do dereito á vivenda, a propiedade non é ningún dereito. E o modelo alemán, onde a maior parte das persoas viven de alugueiro, garante mellor o dereito á vivenda que o modelo de potenciar a propiedade da vivenda, que foi unha idea do réxime franquista e que trouxo as consecuencias que trouxo. E, evidentemente, provocou moita máis exclusión do dereito á vivenda que outros modelos.

**A señora PRESIDENTA:** Remate, señor Sánchez, por favor.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Polo tanto, señor Castiñeira, non somos parvos, a xente non é parva, sabe quen son vostedes e para quen lexislan, ¿entende? Iso é o que está a pasar. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Suspendemos a sesión ata mañá ás dez horas.

Boa noite e moitas grazas.

*Suspéndese a sesión ás oito e dez minutos do serán.*



## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25